



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 31

Sesión plenaria
13 de abril de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Solicitud de creación dunha comisión de investigación, proposta polos 19 deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a participación do PPdeG no financiamento ilegal e na «caixa b» do Partido Popular (doc. 13804, 11/SCI-000005)

Punto 2. Texto lexislativo

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 11910, PPL-000006)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

Punto 3. Comparecencias

3.1 13844 (11/CPP-000049)

Do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da incidencia da pandemia en Galicia no relativo á situación epidemiolóxica e asistencial e aos avances no Plan galego de vacinación fronte á covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021

3.2 13801 (11/CPP-000048)

Do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuacións do seu departamento e actuacións en relación coa evolución da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021

Punto 4. Mocións

4.1 13643 (11/MOC-000034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector eólico en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 8063, publicada no BOPG nº 83, do 27.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 23.03.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118, do 31.03.2021

4.2 13656 (11/MOC-000035)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación con causas seguidas na Audiencia Nacional. (Moción consecuencia da Interpelación nº 2842, publicada no BOPG nº 27, do 07.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 23.03.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118, do 31.03.2021

4.3 13658 (11/MOC-000036)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prezos do alugueiro de vivenda en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 3673, publicada no BOPG nº 33, do 21.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 23.03.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118, do 31.03.2021

Punto 5. Propositions non de lei**5.1 9291 (11/PNP-000930)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e González Albert, María**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia coa finalidade do recoñecemento do Bierzo como provincia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 03.02.2021

5.2 10804 (11/PNP-001062)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

5.3 12381 (11/PNP-001220)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos recoñecementos do grao de discapacidade revisados nos anos 2019 e 2020 e as valoracións telefónicas que se están a realizar para a súa obtención

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

5.4 13553 (11/PNP-001319)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta de eliminación das patentes dos produtos que hai para a loita contra a covid-19 e a adquisición das vacinas que superasen os preceptivos controis sanitarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118, do 31.03.2021

5.5 13599 (11/PNP-001325)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector mar-industria-alimentario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118, do 31.03.2021

5.6 13636 (11/PNP-001332)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e trece deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118, do 31.03.2021

Punto 6. Interpelacións**6.1 13127 (11/INT-000747)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co acoso escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118, do 31.03.2021

6.2 13205 (11/INT-000749)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas novas plantacións de eucalipto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118, do 31.03.2021

6.3 13407 (11/INT-000758)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a política do Goberno galego en relación co encaixe no marco legal do Estado da modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118, do 31.03.2021

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**7.1 13834 (11/POPX-000025)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre a posición do Goberno galego respecto do acordo dun plan de reforzo do sistema de vacinación de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021

7.2 13835 (11/POPX-000026)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a contribución concreta que fai á defensa dos intereses de Galicia a posición do Goberno galego diante do Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021

Punto 8. Preguntas ao Goberno**8.1 12701 (11/POP-001753)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e dous deputados/as máis**

Sobre a distancia mínima entre os muíños e as vivendas reflectida no proxecto eólico promovido pola empresa Green Capital Power en Troitomil, no concellos da Baña e Negreira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 24.03.2021

8.2 12747 (11/POP-001759)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a necesidade de realizar un estudo e unha avaliación conxunta do impacto da construción de vinte e catro parques eólicos nos hábitats e especies de interese comunitario da serra do Suído e Alto Tea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 24.03.2021

8.3 13803 (11/PUP-000169)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas ao impulso dun gran acordo de país respecto dos fondos *Next Generation* baseado na transparencia e no diálogo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021

8.4 12779 (11/POP-001765)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis**

Sobre os obxectivos marcados no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 24.03.2021

8.5 11535 (11/POP-001684)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Suárez Sarmiento, María Elena e sete deputados/as máis**

Sobre os proxectos que vai acometer o Goberno galego para mellorar o saneamento de Vilagarcía de Arousa e apoiar o Concello no desenvolvemento das súas competencias municipais na materia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

8.6 13816 (11/PUP-000171)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes**

Sobre a xestión que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa venda de terreos do porto da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021

8.7 11238 (11/POP-001595)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis**

Sobre o balance que fai o Goberno galego do funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

8.8 8978 (11/POP-001272)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre a alternativa prevista polo Goberno galego para garantir a supervivencia da planta de Alu Ibérica da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 03.02.2021

8.9 13729 (11/PUP-000168)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Puy Fraga, Pedro e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do recurso de inconstitucionalidade anunciado polo Goberno central contra a Lei 8/2021, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Solicitud de creación dunha comisión de investigación proposta polos dezanove deputados e deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a participación do PPdeG no financiamento ilegal e na «caixa b» do Partido Popular. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do grupo proponente: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 10.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 13.) e *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 15.)

Rolda de réplica: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 19.)

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación proposta polos dezanove deputados e deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a participación do PPdeG no financiamento ilegal e na «caixa b» do Partido Popular: *rexeitada por 30 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 20.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 21.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 24.) e *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 27.)

Rolda de réplica: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 30.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero: *aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 31.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da incidencia da pandemia en Galicia no relativo á situación epidemiolóxica e asistencial e aos avances no Plan galego de vacinación fronte á covid-19. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 32.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 41.), Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 44.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 48.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 51.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 56.) Nesta rolda interveñen o señor Torrado Quintela (S) (Páx. 57.), a señora Prado Cores (BNG) (Páx. 59.), o señor Amigo Díaz (P) (Páx. 61.) e o señor conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 63.)

Modificación no desenvolvemento da orde do día

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector eólico en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 69.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Seco García (S) (Páx. 72.) e Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 75.)

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 79.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación con causas seguidas na Audiencia Nacional. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 82.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) (Páx. 85.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 87.)

Nova intervención do señor Arangüena Fernández (S). (Páx. 90.)

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás catro e media da tarde.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a Alexandra Fernández Gómez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prezos do alugueiro de vivenda en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 92.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 92.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 95.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Díaz Moureira (P). (Páx. 98.)

A señora Fernández Gómez (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 102.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en rela-

ción coa situación do sector eólico en Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 104.)

O señor presidente comunica que non se acepta a emenda in voce formulada polo G.P. Popular de Galicia á moción presentada polo señor Arangüena Fernández (S). (Páx. 105.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coas causas seguidas na Audiencia Nacional: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 105.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prezos de alugueiro da vivenda: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 105.)

Declaración institucional

O señor presidente dá lectura e somete á aprobación da Cámara unha declaración institucional, en relación coa celebración do Día Internacional do Pobo Xitano, que se aproba por asentimento. (Páx. 105.)

Comparecencia do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento e actuacións en relación coa evolución da Covid-19. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 107.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 119.), *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 122.) e *Sra. Candia López (P).* (Páx. 125.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 129.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 139.) *Nesta rolda interveñen o señor Seco García (S)* (Páx. 140.), *o señor Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 142.), *a señora Candia López (P)* (Páx. 144.) e *o señor conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 146.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e D^a María González Albert, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia coa finalidade do recoñecemento do Bierzo como provincia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. González Albert (BNG).* (Páx. 152.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 155.) e *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 158.)

Nova intervención da señora González Albert (BNG). (Páx. 161.)

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e sete minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias.

E, sen máis, entramos na orde do día. Punto 1.

Solicitud de creación dunha comisión de investigación proposta polos dezanove deputados e deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a participación do PPdeG no financiamento ilegal e na «caixa b» do Partido Popular

Para iso hai, en primeiro lugar, unha rolda do grupo parlamentario solicitante, que neste caso é o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Esta proposta de creación dunha comisión de investigación parlamentaria sobre o financiamento ilegal do Partido Popular e a participación nese financiamento do Partido Popular de Galicia penso que a estas alturas está máis que coñecido. Despois de 8 anos de investigacións xudiciais, cada vez hai máis evidencias do Partido Popular como un partido corrupto; hai feitos acreditados por sentenza xudicial, por exemplo, a condena ao Partido Popular no xuízo da Gürtel, primeira etapa ata o ano 2005 —aínda faltan sucesivas etapas da Gürtel—. Unha condena de maio de 2018, que foi despois ratificada polo Supremo e que condena o Partido Popular como participante a título lucrativo e se lle pon unha multa de 245.000 euros. E isto é só unha pequena parte da trama corrupta do Partido Popular, podemos dicir que é a punta do iceberg, porque nese xuízo non se xulgaba a financiación ilegal, non se xulgaba a caixa B. Senón que agora estamos vendo que hai un xuízo na Audiencia Nacional precisamente sobre esta materia sobre a suposta financiación coa caixa B, en negro, polo tanto, das obras de reforma da sede de Génova do Partido Popular. Tamén están pendentes outros xuízos, como a Gürtel segunda etapa, ou tamén a operación Kitchen, que non é nada máis e nada menos que a utilización da rede dos sumidoiros do Estado para buscar eses papeis do señor Bárcenas que vostedes din que non son certos. Entón, non sei para que montan desde o Ministerio do Interior estas operacións comandadas por un personaxe sinistro como o comisario Villarejo para buscar eses papeis. Así é como loitan vostedes contra a corrupción, co comisario Villarejo e cos mazos de romper os discos duros, de destrozaren os discos duros. *(Aplausos.)*

Pero a verdade é que —como dicía— isto só é a punta do iceberg e falta moitísimo aínda por saír á luz. E, do investigado e do publicado, unha das conclusións que podemos tirar é que o Partido Popular de Galicia, que, ata o que saibamos nós, non é un partido distinto ao do Par-

tido Popular de España —non sei se vostedes se consideran diferentes—, pois o que se pode deducir é que o Partido Popular de Galicia tivo unha participación absolutamente central na financiación ilegal do Partido Popular de España. Podemos dicir que todos os camiños da corrupción do Partido Popular conducen ao Partido Popular de Galicia, ao Partido Popular de Fraga e ao Partido Popular do señor Feixóo, que era —recordémolo— presidente do Partido Popular no ano 2006 cando se revelan algúns deses documentos dos que falaremos. Por conseguinte, podemos falar de que o Partido Popular de Galiza era unha auténtica mina, unha canteira, unha universidade de formación e de promoción e de proxección de todas esas corruptelas, de todas esas tramas que xa se remontan a un caso moi coñecido do señor Naseiro, que foi —digamos— o primeiro. Unha persoa moi próxima ao señor Fraga que quedou eximida de responsabilidades xa sabemos por que: non por cometer irregularidades, senón por unhas escoitas ilegais; polo tanto, xa as cousas viñan de tan atrás.

E dicía que hai datos apabullantes e contundentes que nos permiten, cando menos, sospeitas e que xustifican polo menos que haxa unha investigación con luz e taquígrafos sobre todas estas cuestións. Primeiro, as declaracións de Pablo Crespo, que fala de que a financiación ilegal do Partido Popular era do 75 % dos ingresos. E Pablo Crespo non era un que pasaba por alí, bueno, por aquí pasou, pasou por estas bancadas do Partido Popular, estivo sentado nesas mesmas bancadas, foi deputado do Partido Popular; non era un calquera, foi secretario de organización do Partido Popular nos anos 90. E foi nomeado polo señor Feixóo, ou polo menos ratificado polo señor Feixóo como conselleiro vogal de Portos de Galicia ata o ano 2005, en que foi cesado polo novo Goberno; polo tanto, non era un calquera. Pois o señor Pablo Crespo, condenado na Gürtel foi un dos grandes artífices de toda esta trama corrupta do Partido Popular e despois na Gürtel.

En segundo lugar, hai un informe do ano 2006 do daquela xerente do Partido Popular, o señor Modesto Fernández, 2006 —non lles teño que lembrar quen era o presidente do Partido Popular de Galicia—, que vén dicir que de 2.600.000 euros ingresados polo Partido Popular, 2 millóns son opacos, son en negro, son pagos de empresas beneficiadas por concesións do Goberno do Partido Popular e do señor Fraga e do señor Feixóo. E está aí a listaxe, podemos dar os datos: 2 millóns de 2,6 millóns en negro; así era como funcionaba daquela cando presidía o señor Feixóo o Partido Popular de Galicia.

E despois están de novo revelacións —hai moitísimas que poderíamos citar aquí, pero por cinxirnos a algunhas— que dan de cheo no Partido Popular de Galicia, as revelacións de Bárcenas cando fala de que no ano 2010 o xerente do Partido Popular de Pontevedra vai a Madrid persoalmente, porque non pode facer unha transferencia en negro, para entregar 50.000 euros en negro para entregarlles uns sobres á señora Cospedal e ao señor M. Rajoy. Así funcionaba o Partido Popular de Galicia á altura de 2010 cando era presidente dese partido o señor Feixóo, cando era presidente da Xunta de Galiza o señor Feixóo, (*Aplausos.*) cando era presidente do Partido Popular de Pontevedra o señor Louzán —que o seguiu sendo por moitos anos máis e foi candidato, por certo, en 2016, en datas recentes—. Pois así funcionaba o Partido Popular e, polo tanto, isto require ser investigado, require ser coñecido.

E estamos, polo tanto, de feitos moi graves, de feitos acumulativos, de feitos recorrentes que poñen de manifesto unha trama organizada. E non estamos a falar —como di algunha

teoría— de mazás podres, dalgunhas persoas corruptas que contaxian o resto da organización e manchan a imaxe da organización. Non, aquí todo o cesto está podre, todo o cesto estaba podre, todo o cesto funcionaba en B; e, polo tanto, se temos que falar dalgunha teoría, teríamos que falar da teoría da corrupción estrutural do Partido Popular e do Partido Popular como partido corrupto. Eu, se houbera que facer algún *ranking* seguro que en Europa estaba no *ranking* dos partidos máis corruptos, máis condenados por corrupción, máis investigados por corrupción, con máis causas e con máis diñeiro a través destas vías. E isto ademais foi recoñecido polo mesmísimo Pablo Casado, é que vostedes mesmos acabaron recoñecendo isto, o señor Pablo Casado fixo unha especie de *accusatio manifesta* cando dixo que se quería desvincular dese pasado escuro, dese pasado negro, dese pasado corrupto e renegou dos anteriores dirixentes do Partido Popular e dixo que había que cambiar de sede porque esa sede estaba manchada polo diñeiro da corrupción en B, (*Aplausos*.) diñeiro negro que se está investigando. (*Aplausos*.) Entón, ¿que máis hai que dicir? Curiosamente o señor Feixóo desmarcouse desa teoría en horario de *prime time* e dixo que, bueno, que esas eran cousas miúdas, *peccata minuta*, que eran algunhas persoas concretas e que polo que fixeron mal algunhas persoas concretas non se podía cuestionar todo o pasado; teorías e explicacións distintas.

Por iso, tendo en conta a gravidade destes feitos, propoñemos a creación dunha comisión de investigación. Pensamos que é a mellor fórmula para que se coñeza desde o principio ao final toda esta corrupción, todos estes datos, todas estas cifras que aparecen, todas estas denuncias, todas estas sospeitas. E vostedes deberían ser os primeiros e os máis interesados en que isto se faga, precisamente para limpar —como dixo o señor Casado— a casa e para desvincularse desas prácticas corruptas do pasado. E a mellor maneira de facelo é cunha comisión de investigación parlamentaria, porque hai —había, desde logo— a vía xudicial que dará lugar ás conseguíntes responsabilidades penais —se as hai—; pero despois está a vía das responsabilidades políticas e públicas e morais, e iso dirímese no ámbito político, no ámbito parlamentario e por iso facemos esta proposta.

Xa sabemos que vostedes teñen os seus argumentos en contra, que xa son coñecidos. Agora puxeron sobre a mesa outro argumento novo, que é o da pandemia, en tempos de pandemia non se pode investigar nada disto porque, claro, hai outras urxencias e outras emerxencias. E nós dicimos que si, que máis ca nunca se debe investigar agora; primeiro, por unha cuestión de saúde e tamén democrática; e, segundo, porque se trata de falar de diñeiro público, de espolio do público e do bo nome do público, que non se pode deixar pasar así. Polo tanto, teñen que...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...tomar unha decisión —remato, presidente—, non vale mirar para outro lado, non valen escusas. Teñen que escoller se seguen defendendo o PP en B, o PP en negro, o saqueo ou a corrupción de todos estes anos; ou se optan por romper con ese pasado escuro e limpar todos os pozos negros que 10 anos despois aínda seguen botando por fóra. Vostedes deciden. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, a comisión da que debatemos hoxe está máis que xustificada tendo en conta sete palabras: «auténtico e eficaz sistema de corrupción institucional». Sete palabras que non son da miña autoría, nin da miña invención, nin da miña creación, senón un feito probado da primeira sentenza do caso Gürtel. E do que se trata aquí é de esclarecer a parte que lle toca ao PP de Galicia no entramado das corrupcións que constitúen os casos Gürtel, Bárcenas, Púnica e un longo etcétera con múltiples tramas e subtramas que se foron enrevesando co paso do tempo ata rematar coa metade do Goberno Aznar, pasando polo xulgado ou directamente condenados e ingresando en prisión. E tendo en conta que hai indicios dabondo que apuntan a que a corrupción do PP a nivel estatal pasa por Galicia e remata en Galicia, e que o PP de Galicia foi dopado ás eleccións durante moito tempo. E, como mínimo, foi dopado tamén ás eleccións do ano 2009 que levaron o señor Feijóo á presidencia da Xunta de Galicia.

E incluso na recente investigación do caso Kitchen, sobre a espionaxe e o roubo de documentación a Bárcenas, a única contabilidade que aparece citada como tal é xustamente a do PP de Galicia. E nós cremos que hai que investigar a corrupción e a corrupción do partido que goberna en Galicia é un asunto da máxima transcendencia. Nós non cremos —como dixo o señor Feijóo o 24 de marzo— que sexa sorprendente falar de corrupción en medio dunha pandemia, porque nós non temos coa corrupción a compracencia que teñen o señor Feijóo e o señor Rueda. E condenamos cada caso de corrupción que se produce en calquera organización política —tamén, por certo, na nosa—, porque non hai organización política nin humana que estea a salvo da corrupción, pero no caso do PP en lugar de ser a excepción hai motivos dabondo para pensar que forma parte do seu ADN. E por iso os únicos aos que se lles descubren millóns en Suíza son sempre e non por casualidade militantes do seu partido, o Partido Popular.

E digo que nós non somos tan compracentes como o señor Feijóo coa corrupción porque para comezar nin Gonzalo Caballero nin eu, nin ningún dos deputados e deputadas do PSdeG aquí presentes tivemos nin teremos nunca relación, por exemplo, con ningún narcotraficante, a diferenza do señor Feijóo, que, segundo dixo Marcial Dorado o ano pasado no programa de Jordi Évole, durmía na súa casa e incluso se lle preparaba o almorzo. E pode talvez ter que ver o feito de que ao señor Feijóo lle resulte sorprendente que se fale de corrupción co feito de que non lle resulte sorprendente que un político se relacione case familiarmente cun narcotraficante, podería ser. Ou será que ao señor Feijóo o sorprende que falemos de corrupción neste Parlamento porque a corrupción é algo tan normal no seu partido que nin merece a pena falar dela. *(Aplausos.)*

En todo caso, aínda que na vida do señor Feijóo relacionarse cuasi familiarmente cun narcotraficante sexa normal e non sorprendente, polo mundo adiante non é nin medio normal. Certamente tense especulado sobre as relacións entre algúns réximes políticos latinoamericanos e africanos co narcotráfico, pero creo que non me equivoco se digo que o señor Feijóo

é o único político do mundo democrático do que se saiba que pernoctaba e almorzaba e navegaba cun destacado narcotraficante e branqueador de capitais.

E o que quero dicir con esta alusión ao señor Dorado é que, a partir do momento en que un político mantén relación cuasi familiar cun narcotraficante, e a el e ao seu partido parécelles normal, a sospeitas respecto de todo o que fai e di ese político e o seu partido resulta do máis natural. O antinatural sería que non sospeitásemos, porque a palabra ética vén do grego *ethos*, que significa comportamento e carácter. E o carácter dunha persoa e o seu comportamento están unidos e entrelazados ata tal punto que Heráclito dicía que o carácter dun home é o seu destino. E, se nos deixásemos levar por Heráclito, diríamos que o carácter do señor Feijóo foi o que o levou a manter amizade cun coñecido e recoñecido contrabandista de tabaco que, segundo as sentenzas que o condenaron posteriormente no tempo no que se relacionaba co señor Feijóo, xa fixera unha fortuna a base de branquear capitais procedentes do contrabando de tabaco e do narcotráfico. E que, cando o señor Feijóo pernoctaba e era tratado familiarmente na casa do señor Dorado, xa fora detido máis dunha vez por ser un coñecido delincuente, amparado —iso si— por esa presunción de inocencia que tanto gustan vostedes de invocar.

Con estes antecedentes, seguindo con Heráclito e a súa afirmación de que o carácter dun home é o seu destino, diríase que sería case inevitable que o carácter dun home como o señor Feijóo, que se relaciona cuasi familiarmente con delinquentes, sexa amparar a delincuencia ou incluso incorrer nela.

E permitan que cite aquí —porque hoxe estou de citas— a Thomas de Quincey, que no seu libro sobre *Do asasinato considerado como unha das belas artes* dicía aquilo de que se un comeza por permitirse un asasinato, pronto non lle dá importancia ao roubo, do roubo pasa de vida e á inobservancia do Día do Señor e remátase por faltar á boa educación e por deixar as cousas para o día seguinte.

E por iso a nós con estes antecedentes non nos sorprende nada o que está pasando na Audiencia Nacional no xuízo do caso Bárcenas. En primeiro lugar, que tanto o ex-xerente do PP Cristóbal Páez como o propio Bárcenas confirmaron que a última operación da caixa B do PP foi un pago en efectivo de 50.000 euros feito no ano 2010 que procedía xustamente do PP de Pontevedra. E o señor Bárcenas e o señor Feijóo teñen avogados distintos, estratexias procesais distintas e ademais lévanse mal, pero aportan detalles perfectamente complementarios e diferentes sobre ese mesmo feito: un pago de 50.000 euros á caixa B procedentes do PP de Pontevedra no ano 2010 cando o señor Feijóo levaba xa 4 anos como máximo responsable do PP de Galicia xunto co señor Rueda.

E fíxense que don Luis Fraga, sobriño do seu fundador e curmán do señor Puy, di que Bárcenas lle merece total credibilidade, total credibilidade, xusto a credibilidade que non lle merece ao señor Feijóo.

E, se isto forma parte da estratexia de defensa do señor Páez e o señor Bárcenas, como din os señores Feijóo e Rueda, eu pregúntolles por que eses dous señores falan dun pago en 2010 procedente de Pontevedra e non dun pago procedente de calquera das outras provincias de España. ¿Tenlle manía o señor Páez ao señor Rueda e ao señor Feijóo?

E, en segundo lugar, resulta que entre os documentos do caso Bárcenas hai unha relación detallada de ingresos de empresas por importe de 2 millóns de euros que era presuntamente a contabilidade B do PP de Galicia cando Feijóo xa era presidente do Partido e o señor Rueda secretario xeral, no ano 2006; 2 millóns de euros en mordidas ao PP 3 anos antes de que o señor Feijóo chegase a presidente da Xunta, o cal implicaría que o señor Feijóo chegou dopado á Presidencia da Xunta, por non falar do feito de que a axencia que levou a campaña do señor Feijóo no ano 2009 se chama Swat, S. L, e está metida de cheo nos casos Gürtel e Púnica.

En conclusión, a creación dunha comisión de investigación sobre a corrupción do partido que goberna Galicia non é un capricho nin unha cuestión partidista, nin algo que saquemos da manga porque toca neste momento, senón un asunto de estrita hixiene democrática e de máximo interese para toda a cidadanía. *(Aplausos.)* Para calquera cidadán que estea preocupado pola saúde da nosa democracia e das nosas institucións en Galicia. Entre outras cousas, para disipar as moito máis que fundadas sospeitas que pesan precisamente sobre o Goberno que ten que contribuír a xestionar a maior riada de fondos europeos que recibiu nunca Galicia, como son os fondos Next Generation, e que debера ofrecer transparencia e garantías de que nin un euro deses fondos vai acabar nunha conta en Suíza ou Panamá, e de que os cartos públicos nunha Galicia que atravesa a maior crise económica das nosas vidas non van formar parte dos circuítos das múltiples corrupcións do Partido Popular, tamén do Partido Popular de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Permítanme que as miñas primeiras palabras neste pleno sexan de solidariedade coa miña compañeira, Elena Candia, que sufriu un lamentable ataque machista por parte do presidente da Deputación de Lugo hai escasos días, no que o señor Tomé demostrou dúas cousas para coñecemento xeral: que se pode ser unha auténtica señora vestida de leopardo e se pode ser un auténtico borrico vestindo de traxe e corbata. É francamente lamentable. *(Aplausos.)* Toda a nosa solidariedade con Elena Candia.

Señorías, eu quixera empezar aclarando cal é a natureza do debate que nos trasladan hoxe aquí, porque non estamos nun debate sobre a conveniencia ou non de constituír unha comisión de investigación que carece de calquera fundamento, porque, se iso fose o que vos tedes pretendesen, señor Bará, señor Arangüena, o único que bastaría é que rexistraran unha solicitude formal e, grazas a unha reforma regulamentaria impulsada polo propio Partido Popular de Galicia, esa comisión quedaría constituída automaticamente. Pero iso non lles interesa, porque ante o que nos atopamos é ante un novo capítulo sobre a superioridade moral da esquerda, que non está interesada en coñecer a verdade, senón en utilizar o Par-

lamento de Galicia como couto de caza e, de paso, desviar a atención dos seus escándalos de corrupción que a xustiza, por certo, acreditou nas últimas semanas.

Miren, nas últimas semanas, non nos últimos 8 anos, jeh!, nas últimas 8 semanas, a xustiza condenou a 5 anos de prisión o señor Liñares por dar mordidas a cambio de obra pública a razón de 20.000 euros por obra. Condenou a xustiza a 26 meses de prisión o alcalde de Bernbrive, o señor Ballesteros, por falsidade, malversación e prevaricación, alcalde que é a man dereita en Vigo do señor Caballero e da señora Silva. ¿Por que?, por idear unha obra fantasma para lucrase, e sumar así a unha nova condena a que xa tiña de inhabilitación de 7 anos e que supuxo, iso si, que o mantivera o secretario de organización do actual PPdeG, 9 meses, na súa alcaldía, a pesar de ter unha condena de 7 anos de inhabilitación.

Mire, tamén coñecemos que a Fiscalía imputou á alcaldesa do Porriño e ao concelleiro de Parques uns delitos de prevaricación continuada e malversación. ¿Por que? Porque, segundo o xuíz do contencioso-administrativo, considerou sumamente grave a actuación irregular do Concello do Porriño por realizar encargos verbais en obras sen procedementos de contratación pública, sospeitando que se encargaron servizos masivamente, de maneira verbal, directa e encuberta, a suxeitos privilexiados por cantidades moi elevadas vulnerando a legalidade vixente. E afirma o mesmo xuíz: este xurado non vai ser cómplice destas prácticas e vese obrigado a [...] senllos testemuños de particulares para que o Tribunal de Contas e xurisdición penal investiguen esixindo responsabilidades. Do Partido Socialista nin mu.

Condena o Concello de Vigo por designar a dedo postos de funcionario. Novamente enchufes en Vigo. Denuncian os sindicatos: É un sistema perverso implantado na estrutura organizativa municipal polo que se veñen asignando postos á marxe do ordenamento constitucional, impedindo as posibilidades de acceso de moitos servidores públicos a determinados cargos, e enchufes en Vigo novamente.

Por certo, podería falar o señor Arangüena da solicitude dun suplicatorio ao Congreso dos Deputados do señor Taibo, o seu sucesor no escano, que segue dando, por suposto, roldas de prensa esta mesma semana.

¿E cal é o corolario de todo isto que aconteceu nas últimas 8 semanas? Que hai que investigar o Partido Popular de Galicia. É que é sorprendente, é realmente sorprendente.

Mire, durante os últimos 8 anos o Partido Popular de Galicia someteuse ao exame microscópico da xustiza. Todos eses documentos dos que falan vostedes, documentos, informes, declaracións e probas que supostamente existían contra o Partido Popular de Galicia foron estudados por 8 xuíces de instrución da Audiencia Nacional, por 3 maxistrados do Tribunal Supremo, por innumerables fiscais e acusacións particulares, e incluso foron examinados en dúas comisións de investigación no Congreso. Resultado: cero requirimentos da xustiza ao Partido Popular de Galicia, cero citacións nin sequera en calidade de testemuña a un só responsable actual do Partido Popular de Galicia, cero imputados e nin un só indicio de relación da Gürtel co actual Partido Popular de Galicia. Nin un, nin un. *(Aplausos.)*

Pero, claro, cabían dúas opcións, que son aceptar o ditame da xustiza e desculparse con aqueles que foron inxustamente agraviados, ou ignorar a xustiza e seguir insultando e mentindo, como se fixo hoxe aquí, por certo.

Aclárolle, señor Bará, o caso dos discos duros foi xulgado e cos responsables do Partido Popular absoltos. E non existe ningunha multa contra o Partido Popular no caso Gürtel, senón un resarcimento civil, civil, non existe multa, non minta. Pero, claro, nin o xuíz Garzón, nin o xuíz Ruz, nin Pedreira, nin Gómez Bermúdez, nin Pedraz, nin Monterde, nin García Castellón, nin o xuíz De la Mata saben investigar e por iso precisamos esta comisión parlamentaria, Mortadelo e Filemón, para poder chegar ás mesmas conclusións que teñen vostedes escritas dende hai 8 anos, señoría; 8 anos de mentira continuada. *(Aplausos.)*

E falábame vostede, señor Arangüena, de compracencia. Teñen vostedes a un secretario xeral do PSdeG imputado, un presidente da Conferencia Hidrográfica do PSdeG condenado, a alcaldesa do Porriño condenada e con novas imputacións, o alcalde de Bembrive condenado e con 3 imputacións pendentes, o alcalde de Camariñas condenado, o alcalde de Cerceda condenado, o alcalde de Verín investigado, a alcaldesa de Vimianzo investigada e, por certo, algunha concelleira en Vigo tamén investigada polos seus papeis en Panamá; pero nin unha soa declaración *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* nin unha soa sospeita. ¡Que sagacidade a dos investigadores da esquerda parlamentaria!

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PAZOS COUÑAGO: Mire, señorías, nós pedir desculpas...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!, agora toca escoitar tamén. Isto vai de ida e volta.

Pero hai que escoitar, hai que saber encaixar tamén, isto é así.

O señor PAZOS COUÑAGO: Se me permiten, as súas señorías, como lle dicía, desculpas polos erros cometidos, si, pedirémolas cantas veces sexa necesario, execucións na praza pública baseadas na mentira e na dobre moral, non, señorías.

Pero eu non quixera, señorías, que se fosen de aquí con mal sabor de boca, nin quixera tampouco que visen frustradas as súas ansias investigadoras. Quero facerlles algunhas suxestións sobre posibles comisións de investigación nas que poden vostedes volcar a súa ansia de transparencia e loita contra a corrupción, porque, se queren investigar a corrupción, señorías, nos seus propios partidos non lles faltan ocasións.

Miren, propóñolle por exemplo, unha comisión estudando o caso do Porriño, no que vostedes bramaban, este concello, contra alcaldes do PP que foron todos absoltos e, por certo, investigaran a trama de corrupción e amiguismo que existe nese concello no que teñen vostedes condenado o último alcalde do BNG e a actual alcaldesa condenada por falsificar escritos xudiciais, por enganar os seus clientes, cuestión que entendemos que si debe ser compatible coa ética socialista.

Poden facer unha comisión de investigación, por exemplo, na Deputación de Pontevedra, onde vostedes gobernan conxuntamente, e estudar como se produce a compra do Goberno do Porriño con fondos públicos da deputación provincial. Seguro que nesa comisión poden explicarnos cales son as calidades que adornan o señor Carrera para, sen ser do seu goberno, ser cargo de confianza, denominado experto en turismo, a pesar de que nin é de confianza nin sabe nada de turismo e o único que fixo foi recibir 140.000 euros a cambio de levantar a man e manter a alcaldesa no Concello do Porriño a pesar das súas condenas.

Teñen vostedes a oportunidade de facer unha investigación en Vigo, por exemplo, estudando o caso dos enchufes, parece que molesta...

O señor PRESIDENTE: Señor Seco, ¡silencio!

O señor PAZOS COUÑAGO: ...parece que molesta que falemos da corrupción de todos, de todos, ¿verdade?, o caso de enchufes en Vigo onde existe un funcionario condenado por enchufar, segundo a sentenza, xunto con outras persoas, a cuñada da señora Silva. ¿Quen será a señora X que mandou enchufar a cuñada da señora Silva, ¿quen será, señorías? ¿Non teñen curiosidade por investigalo? Tamén poderían investigar no Concello de Pontevedra. No Concello de Pontevedra denunciáronse casos de contratación con Sermos Galicia, do que por certo varios deputados do BNG son accionistas, con Galicia Nova, con Galicia Sempre, coa Fundación Bautista Álvarez, contratos co irmá do señor Lores, co noivo da voceira do BNG, contratos co concelleiro de Urbanismo, contratos co número 2 na lista do Senado do BNG, contratos co número 21 da lista municipal do BNG, contratos co delegado do BNG no Salnés e contratos co tenente alcalde de Barros, que os vai sorprender, é do BNG. E vostedes non investigan nada, *(Aplausos.)* é unha cousa fantástica.

Señorías, vostedes levan demasiado tempo, demasiado tempo á caza dun pantasma. Eu vólvolles repetir que eu non teño inconveniente en pedirllas desculpas a todos os afiliados do partido Popular e a calquera que depositara a súa confianza no noso partido polos casos de corrupción nos que teñan incorrido xente da nosa organización. Son lamentables, e condenarémolos no pasado, no presente e cantas veces sexan necesarias.

Pero hai unha diferenza entre vostedes e nós, nós condenamos os nosos casos de corrupción. Vostedes gardan silencio, non din nin mu, manteñen os seus imputados nos postos e os condenados tamén e veñen aquí a dar leccións de loita contra a corrupción e de transparencia.

Señorías, menos consellos e máis aplicar o conto, teñen de sobra lugar onde dar renda solta a estas ansias investigadoras e non onde a xustiza falou, falou con contundencia e acreditou que o Partido Popular de Galicia non ten ningunha relación coa Gürtell, nin nada de que avergonzarse en relación a ese tema.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Lamentable, señor Pazos, la-men-ta-ble. (*Aplausos.*) Pero, bueno, non é nada novo, é o seu estilo habitual. Vén aquí vostede co ventilador para espallar todo o que teñen vostedes nos pozos negros e intenta salferir os demais. Mire, quen pediu esta comisión de investigación foi o BNG e a vostede vaille ben o dito iso de «¡carallo lura, canta borra botas!». Porque, claro, quen pode botar borra é quen a ten, e vostede desde logo ten moita. (*Aplausos.*) Vostedes teñen moita para espallar.

E fixo vostede aquí un relatorio de casos galegos e a min chamoume a atención, porque vostedes teñen unha especie de memoria selectiva, non sei se foi un lapsus. Vostede esqueceuse de citar a condena á delegada da Xunta en Pontevedra, nomeada polo señor Feixóo, Luisa Piñeiro, e ao señor Louzán, que acaban de ser condenados, (*Aplausos.*) condenados a dous anos de prisión e oito de inhabilitación. E podíamos seguir, pero isto é moi recente, e a votades estas cousas esquecénlles. E, miren, alégrome de que me fale de Pontevedra, non esperaba menos.

Vostedes, o problema que teñen en Pontevedra é dunha absoluta falta de credibilidade, dunha absoluta falta de proxecto, dunha absoluta falta de liderado e están nun momento de absoluta desesperación, porque levan 22 anos na oposición, perdendo eleccións e entón non lle queda outra cousa que facer isto. Si, 22 anos, si, si, ¡ah! ¿que vostedes poden dicilo e nós non? Vostedes poden dicilo e nós non.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor BARÁ TORRES: Cinco candidatos do Partido Popular que *hincaron la rodilla delante* de Lores e entón vostedes agora intentan resarcirse. (*Aplausos.*) si, si. E ¿que me está dicindo vostede? Vostedes, como non teñen argumentos, como non teñen proxecto, están xa en tumba aberta, válelles todo e incluso denuncian aquí que facemos contratos con...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor BARÁ TORRES: ...con *Sermos*, pero ¿que me está dicindo, que podemos facer contratos coa *Voz de Galicia* ou con *Correo Galego* ou co *Diario de Pontevedra* e non podemos facer contratos con *Sermos*?, pero ¿que me está dicindo?, ¿que me está dicindo? (*Aplausos.*) Vostedes están na estratexia das listas negras, do linchamento de persoas honestas e de profesionais de primeira fila como Kiko da Silva, e nós contratamos os mellores profesionais deste país e non lle miramos o carné, non lle miramos o carné; seguro que hai moitos que votan a outros partidos, non lles miramos o carné, contratamos os mellores. E, por certo, esqueceulle a vostede aquí, que tivo unha oportunidade tamén para pedir desculpas e facer referencia, por exemplo, a Fernando Blanco. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Si, si, si, si. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Seco.

Señor Seco, chámoo á orde, unha chamada á orde.

O señor BARÁ TORRES: Deben unha desculpa e o primeiro que a debe é o señor presidente da Xunta, aquí ausente, que no Pleno anterior falou do 25 % da nosa parte do Goberno en procesos. (*Aplausos.*) ¿Como se pode ter tanta cara dura, tanta indecencia, tanta inmoralidade cando acaba o propio Consello Xeral do Poder Xudicial recoñecer que foi sometido a un procedemento xudicial inxusto e que debe ser indemnizado polo dano causado? O que fixeron vostedes con Fernando Blanco foi un auténtico linchamento moral... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

O señor BARÁ TORRES: ... (*Aplausos.*) e iso ten a súa causa porque foi un conselleiro que defendeu os intereses do país, que lle plantou cara ás grandes empresas do oligopolio eléctrico e por iso tivo que pagar. Si, si, xa sei que non lles gusta que lles digan isto.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

¡Silencio, por favor! Señor Puy e señora Prado, silencio.

O señor BARÁ TORRES: Miren, están aquí os datos, están aquí as sentenzas. Primeira fase da Gürtell, isto só é o principio, só é o principio. Aínda falta xulgar, investigar a corrupción, a caixa B, as contas de Bárcenas, a Kitchen é suma e segue, e só está empezando.

Polo tanto, o que queremos facer aquí é unha investigación, unha investigación!, e vostedes está claro que non queren porque non lles interesa que saia á luz toda esta corrupción que tivo consecuencias moi graves, hai que dicilo, en primeiro lugar, o saqueo das arcas públicas, fálase de ata 124.000 millóns de euros que leva a corrupción no Estado español, e a metade, aproximadamente, atribúese a causas de corrupción do Partido Popular.

E o segundo é a adulteración de procesos democráticos, porque vostedes foron dopados con este diñeiro negro, con este diñeiro en B ás eleccións de 2005 e 2009, e vostedes escollen se seguen xustificando e tapando ese Partido Popular en negro, ese Partido Popular en B, esas prácticas corruptas, porque non vale só con cambiar de sede ou cambiar de nome, hai que combater esa corrupción con todas as consecuencias, hai que optar pola transparencia, hai que optar pola decencia e hai que optar polas cousas e polas contas claras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Procedemos á votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación solicitada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación proposta polos dezanove deputados e deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a participación do PPdeG no financiamento ilegal e na «caixa b» do Partido Popular

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a creación desta comisión de investigación.

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día. Textos lexislativos.

¡Silencio! Por favor, así é moi difícil seguir co Pleno.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Permítanme, como cuestión previa, que quería trasladarlle á señora Elena Candia, como muller e como portavoz nacional do BNG, todo o noso apoio, porque nos parece inadmisíbel que en pleno ano 2021 ningunha muller teña que ser atacada pola súa maneira de vestir. E hai que denunciado veña de onde veña. (*Aplausos.*) Polo tanto, toda a nosa solidariedade e apoio porque nos parece inadmisíbel, teño que dicilo con toda claridade.

Señorías, a violencia machista atenta cada día contra os dereitos das mulleres en todo o planeta. Polo simple feito de ser mulleres, estamos sometidas a unha violencia de xénero que nos discrimina, que nos agrede e que pretende roubarnos o noso dereito a ser libres e iguais, unha violencia que no caso máis extremo mata. E todo isto, no marco dun sistema administrativo, político, xudicial e policial que a día de hoxe é incapaz de impedir que teñamos que soportar un dos exemplos máis evidentes da violación de dereitos humanos, a violencia machista. O que hoxe me trae a esta tribuna é a forma máis cruenta e máis retorcida de violencia de xénero, aquela que se exerce contra a vida dos fillos e das fillas con intención de facer dano ás mulleres, o que se coñece como violencia vicaria. ¿Pode alguén nesta Cámara imaxinar o sufrimento dunha muller á que a súa parella, a súa exparella, á que o seu maltratador decide facerlle dano arrebatándolle para sempre aquilo que máis quere, os seus fillos e as súas fillas? Eu, desde logo, teño que dicirlles que sinto que o corazón se me para cando vexo este tipo de casos, porque non son capaz de imaxinar a dor que sentiron esas mulleres.

E estou segura de que todos e todas compartimos neste hemiciclo que sentimos abismo, sentimos esa sensación de abismo que pode ver unha muller sometida a unha violencia machista tan devastadora e cruel. Sen embargo, a día de hoxe a lei non recoñece estas mulleres como vítimas de violencia machista. E, noutras palabras e para que se entenda ben o que estou dicindo, as mulleres que perden os seus fillos e fillas asasinados a mans dos seus maltratadores coa intención de facerlles o maior dano posible, esas mulleres a día de hoxe non teñen a consideración legal de vítimas de violencia de machista. E, polo tanto, non teñen os dereitos que dá esa consideración e a maior protección que outorga o estatuto integral de vítima de violencia de xénero.

Polo tanto, a efectos legais non teñen recoñecido ese dereito á axuda económica, laboral, social e psicolóxica e non están amparadas polos protocolos de actuación previstos para as mulleres que sofren violencia machista. Cambiar esta situación para protexer e amparar as mulleres vítimas de violencia vicaria é o obxectivo desta proposición de lei do BNG para a que pido o apoio de todas e todos os deputados e deputadas deste Parlamento. É evidente que sabemos que loitar contra a violencia de xénero é o obxectivo último, eu creo que a razón de ser de todas as leis contra a violencia de xénero é sensibilizar para evitar que esa violencia se produza. Pero tamén sabemos que este non é un camiño fácil e que non se soluciona a golpe de lei, e, polo tanto, tamén é importante que mentres esa violencia siga existindo dotemos dos maiores medios, da maior protección. E que vaíamos cubrindo os baleiros que as leis que foron grandes pasos adiante deixan, porque creo que iso é o que é necesario e esa é tamén a política útil que hoxe nos está reclamando a cidadanía.

Polo tanto, hoxe presentamos unha proposición de lei que o que busca é modificar a actual Lei galega de violencia de xénero e que ten un obxectivo moi concreto e é o recoñecemento como vítimas de violencia de xénero a aquelas mulleres que teñen ou tiveron que padecer o homicidio ou asasinato dos seus fillos e fillas por parte de quen foran as súas parellas.

Con esta proposta lexislativa, o que propoñemos é ampliar o concepto de violencia de xénero que está recollido no artigo 3. E, polo tanto, incrementar o recoñecemento como violencia de xénero cando se produza o homicidio ou asasinato dos fillos ou fillas dunha muller. Unha modificación que ademais cremos que debe ter carácter retroactivo, de xeito que todas as mulleres que sufriron no pasado violencia vicaria poidan estar amparadas por ese estatuto de vítima de violencia de xénero e ter acceso a todas as axudas e a toda a protección recollida neste estatuto.

Quero destacar que esta proposición de lei que traemos á Cámara galega está en consonancia cos informes e coa xurisprudencia dos tribunais que, en aplicación do Convenio de Istambul, recoñecen a violencia vicaria como unha manifestación de violencia de xénero. E tamén resaltar que hai a día de hoxe numerosos estudos que están demostrando que a finalidade dos actos dos que falamos é causar o maior sufrimento, tanto desde o punto de vista psicolóxico como da saúde das mulleres. Polo tanto, con todo o que se leva analizado, con todo o que sabemos, cremos que é incomprensible —e eu mesmo diría que é eticamente intolerable— que estas mulleres non teñan o recoñecemento de vítimas de violencia de xénero, o que significa ter menos recursos e menos mecanismos de protección integral á hora de enfrontarse a unha situación que estou convencida de que todos e todas entendemos que é durísima.

Esta iniciativa lexislativa do BNG tamén está en consonancia co que se ten recollido no Pacto estatal de loita contra a violencia de xénero, concretamente, no punto 139 estableceuse facer extensivos os apoios psicosociais e dereitos laborais ás prestacións da Seguridade Social. Así como os dereitos económicos recollidos na Lei de violencia de xénero a quen padecese violencia vicaria, isto é, o dano máis extremo que pode exercer o maltratador cara a unha muller, danar ou asasinar os seus fillos e fillas.

Señorías, entendemos desde o BNG que sobran os argumentos para que este Parlamento tome en consideración esta iniciativa presentada polo BNG para darlle unha maior protección

ás vítimas de violencia vicaria. Pero non quixera, desde logo, rematar esta exposición sen darlle voz ás mulleres que pasaron por unha experiencia tan dolorosa que mesmo custa imaxinala. Unha voz que nos fixeron chegar a través dun informe que elaboraron a partir das súas propias reflexións, as súas propias vivencias, as súas propias valoracións e opinións. Nese informe estas mulleres resilientes e ás que, desde logo, temos que trasladarlles todo o noso cariño pídennos que actuemos porque —quero citalas textualmente— «abonda xa de tanto desamparo en aspectos tan variados como o xurídico, o psicolóxico ou o económico. Pedímoslles que fagan un exercicio de empatía, que comprendan a devastación que queda anos despois e que tenten dentro das súas competencias crear cambios, educar en igualdade, defender quen o precise e responder con medidas axeitadas que atallen os problemas antes de que se produzan».

Son as palabras de mulleres que pasaron pola peor das experiencias, que se sentiron e que se senten desprotexidas, desamparadas, e que a pesar desta situación teñen a xenerosidade e a capacidade de falarnos dun xeito construtivo, porque moito máis alá do reproche ou da crítica o que nos están pedindo son solucións. Solucións que lles axuden a saír a adiante despois dunha experiencia dramática coa que van ter que aprender a vivir o resto da súa vida. Solucións porque a maioría se ve obrigada a cambiar de lugar de residencia para soportar a carga emocional ou psicolóxica, porque, segundo nos confesan, o anonimato axuda a sobrelevar a voz e evitar a presión social. E solucións tamén para ter un medio de vida, porque sabemos que moitas despois dun *shock* como este perden o seu traballo e teñen unha situación realmente difícil.

En definitiva, o que nos están pedindo é axuda, axuda psicolóxica, axuda económica, axuda laboral, axuda xurídica, axuda para intentar refacer as súas vidas. E desde este Parlamento, desde a acción política temos a obriga de darlles esa axuda, de non quedar no que elas mesmas cualifican neste escrito como as fotos de solidariedade. Temos a obriga de darlles a protección legal que precisan e acabar cun desamparo que esnaquiza, porque sabemos que existen medios pero non se activan. E estas, señorías, non son palabras miñas, son palabras das propias vítimas que nos dan a través dese informe. (*Aplausos.*)

As mulleres vítimas de violencia vicaria teñen a súa terrible experiencia para marcarnos o camiño do que debemos facer, do que esperan de nós como responsables políticos. E desa terrible experiencia sacan conclusións ás que temos a obriga de darlles unha resposta inmediata e urxente, conclusións que eu quería resumir en cinco puntos.

É preciso mellorar a formación específica en violencia de xénero de traballadores e traballadoras, de xulgados, policía, dos servizos sociais, dos centros de información á muller... para que sexan capaces de facer valoracións de risco eficaces e reais.

En segundo lugar, protocolos de actuación ante este tipo de casos onde se deben contemplar cousas tan básicas como cal é o protocolo para comunicar un feito destas características, ¿que tipo de asistencia sanitaria?, ¿cal é a asistencia psicolóxica?, ou ¿cales deben ser as axudas económicas, por exemplo, para algo tan básico como terapias?, que comprenderán que son custosísimas e que a día de hoxe moitas non poden pagar nin teñen un servizo desde o ámbito público.

En terceiro lugar, un protocolo tamén para os medios de comunicación que facilite que se poida dar información sobre os feitos pero preservando sempre a intimidade e a privacidade das vítimas, evitando o sensacionalismo, a sobreexplotación e a presión mediática non buscada nin desexada.

En cuarto lugar, son necesarias axudas no caso de moitas destas mulleres que quedan sen traballo pola situación de *shock* e que logo teñen unha reinserción laboral realmente complicada. Suxírennos que crear bolsas de traballo específicas pode ser unha alternativa. E tamén resaltar que a día de hoxe moitas non teñen acceso ás axudas para vivenda, nin tan sequera cando se ven obrigadas a cambiar de residencia, unha situación que é maioritaria.

Quinto, son precisas axudas para afrontar as cargas económicas derivadas da traxedia, como gastos de xestión, de seguros, avogados, recursos, trámites administrativos e xurídicos. E todo isto faise máis difícil para moitas que teñen unha situación de falta de ingresos importante. E neste momento son familias e amizades as que están suplindo as ausencias e os buratos que deixa a Administración pública. E entendemos que isto non é tolerable nunha sociedade xusta que debe protexer as persoas máis vulnerables xusto cando máis se necesitan.

En definitiva, señorías, remato tomando prestadas as contundentes palabras que as mulleres vítimas de violencia vicaria expresaron no informe que nos fixeron chegar: «Vostedes son as persoas axeitadas para visibilizar e falar. Vostedes son as responsables da creación de políticas, de axudas, de protocolos, de leis. Vostedes son as que aceptaron ser personaxes públicos e traballar para cada un de nós, son as que teñen o poder do que nós carecemos. Nós tan só ofrecemos a nosa información, o que nos pasou nos nosos casos para que sirva de axuda para mudar as cousas».

Señorías, non fai falta que lles diga que ese «vostedes» ao que se refiren somos todos e cada unha das deputadas e deputados que nos sentamos nos escanos deste Parlamento. E non estamos ante unha petición, estamos ante un imperativo ético e moral: protexer e axudar as vítimas de violencia vicaria. Por iso lles pido que, máis aló do que é o habitual neste Parlamento, que son as diferenzas políticas, hoxe poida saír por unanimidade esta proposición de lei, que non é unha proposición de lei do BNG, cremos que é unha proposición de lei do Parlamento de Galiza para darlle ás mulleres que sofren a máis cruenta e retorcida das violencias machistas a resposta que nos piden.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pontón.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Eu quería comezar tamén trasladando todos os nosos respectos á señora Candia e agardando tamén que ela acepte as desculpas que lle foron dadas no día de onte por esas declaracións. *(Aplausos.)*

E, comezando xa para tratar a proposición de lei que hoxe debatemos aquí, habería que contextualizar e eu creo que ninguén vai poñer en dúbida que a violencia de xénero é a manifestación máis cruel e humana da secular desigualdade que existe entre mulleres e homes; que se ten producido ao longo de toda a historia en todos os países e culturas, con independencia do nivel social, cultural e económico das persoas que a exercen e tamén das persoas que a padecen. Entón, combater todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino, que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico, ou un prexuízo económico para a muller, debe ser unha obriga para calquera Administración pública. E o certo é que este Parlamento no que hoxe estamos parece que o está entendendo así e é algo do que creo que debemos congratularnos.

Dende que comezaron a computarse os datos de violencia de xénero de maneira oficial no Estado —e os datos comezaron o 1 de xaneiro de 2013—, foron asasinadas —como digo— no Estado 1.083 mulleres xa e 38 menores polos seus pais ou polas parellas ou exparellas das súas nais, ¡38 menores, oficialmente! Unha desas vítimas oficiais era galega, por certo, que foi asasinada no ano 2017, o que non quere dicir que non botemos man aquí da sororidade e entendamos a violencia machista como un fenómeno global —que o é— e así teñamos que atallalo así desa maneira tamén globalmente.

Como digo, isto é dende 2013, cando comezaron as estatísticas, pero, claro, cando comezaron as estatísticas e tendo en conta tamén que estes menores que forman parte desas estatísticas son aqueles que si se entende que son vítimas de violencia, ben porque foron asasinadas xunto coas súas nais ou ben porque se entendían así o contexto. Pero ¿onde están o resto de vítimas, onde están? Os outros contextos e as anteriores a 2013, porque debemos mirar tamén cara atrás, e a proposición de lei que hoxe se plantexa así o fai tamén, debemos mirar cara atrás e recoñecer moitas outras mulleres asasinadas e moitas outras asasinadas en vida dende o día en que mataron os seus fillos ou as súas fillas. E quero lembrarme aquí por exemplo tamén de Margarita Dopico, esa muller galega a quen no 2010 a súa exparella asasinou o seu fillo de 14 meses e que, xunto con tantas outras mulleres, leva moito tempo loitando de maneira incansable por que se recoñeza que ela tamén é vítima de violencia de xénero.

O artigo 3 do Convenio de Istambul define a violencia contra a muller coma unha violación dos dereitos humanos e unha forma de discriminación contra as mulleres, e designa como tal, e leo textualmente: «Todos os actos de violencia baseados no xénero, que implican ou poden implicar para as mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, incluídas as ameazas de realizar os ditos actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade na vida pública ou privada».

En efecto, temos que, segundo o Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e loita contra a violencia contra a muller, ratificado polo Goberno de España, a coñecida como violencia vicaria é unha forma máis de violencia, e atreveríame a dicir, sen querer aquí establecer comparacións, pero atreveríame a dicir unha das máis atroces. Porque a violencia de

xénero non só se produce no ámbito doméstico, senón en todos os espazos nos que as mulleres interactúan e en todos os seus marcos sociais e de relación. De aí que teñamos que recoñecer, que é de xustiza considerar como vítimas de violencia machista esas mulleres que sufriron violencia vicaria, ou sexa, a que se exerza sobre unha terceira persoa para ferir a muller. ¿E quen son sempre esas terceiras persoas, esas terceiras persoas máis débiles e máis vulnerables? Os fillos, os fillos e as fillas.

Debemos recoñecer como vítimas aquelas mulleres que sufriron violencia de xénero na súa pel e a que van sufrir ao longo de toda a súa vida pola ausencia para sempre dos seus fillos e fillas.

Explicaba a señora Dopico nunha declaración nun medio de comunicación, dicía e creo que o expresa moi ben, dicía que asasinar o teu fillo é o maior dano que che poden facer, isto é matarte en vida.

E así, o maltratador exerce dano a través doutras persoas, en concreto os fillos e fillas, porque sabe perfectamente que danalos ou asasinalos é asegurarse de que a muller non se vai recuperar xamais. É o dano extremo.

Non é o debate hoxe, sabémolo que non é hoxe o debate, pero haberá que falar tamén de forma exhaustiva probablemente neste Parlamento da posibilidade de que os maltratadores continúen a ver os seus fillos ou as súas fillas. Anulando esta posibilidade estaríamos poñendo freo tamén á violencia vicaria, non a toda, pero si á que exercen os maltratadores sobre os fillos e as fillas. Porque, cando os nenos e as nenas pasan a ser un instrumento do maltratador ante a imposibilidade de poder atacar a súa nai pola vixencia por exemplo dunha medida de protección, se repiten condutas case de libro, que son a instrumentalización deses nenos e nenas para facer danos ás nais, pois por exemplo non sendo neglixente nos coidados, atrasando as entregas dos nenos, non sendo neglixente tampouco na hixiene durante as visitas, manipular os nenos e nenas para que vixíen ou controlen as nais, falándolles negativamente delas, con frases como «se a túa nai quixera, estaríamos todos xuntos» ou «a túa nai quere que me metan no cárcere». Insultándoas ou restándolles autoridade e moitas veces atemorizando tamén os nenos e as nenas, e a peor das maneiras: matando eses nenos e nenas.

A violencia vicaria é efectivamente unha forma de maltrato cara á muller que conceptualiza as fillas e os fillos como obxectos para arroxalos contra a muller ao seu antollo, e iso é o que fai o maltratador. Na súa máxima expresión, efectivamente, asasínaos, pero sempre antes o verbaliza, o expresa, ameza facendo xa gala dunha crueldade espeluznante que o que fai é paralizar esas mulleres. «Se me deixas, quítoche os nenos. Non os vas ver máis. Xa verás o que lles vai pasar. Vou facer que te odien». Todas estas son ameazas coas que comeza esa violencia vicaria.

Por certo, bueno, un concepto que agora parece que estamos entendendo ben por esa serie documental que están botando agora, que parece que hai unanimidade en recoñecer a existencia desa violencia vicaria.

Certo que en Galicia, do que estamos a falar hoxe aquí, esa violencia vicaria xa é recoñecida para percibir algunha axuda pública para esas mulleres vítimas, pero do que se trata agora

é de que ese recoñecemento figure na lei oportuna, nesa lei contra a violencia galega, e sexa xa unha cuestión conceptual de maneira que sexa incuestionable.

Por iso, e xa estou rematando, por suposto apoiamos esta proposición de lei, que agardamos que vaia adiante, e se cabe teremos oportunidade de melloralala nese proceso de tramitación, ampliando e actualizando contextos, conceptos, ogallá que fose así.

Tamén queremos deixar clara a necesidade de que esta modificación lexislativa ten que ter carácter retroactivo. É importantísimo, non entenderíamos que non fose así. É unha cuestión de xustiza para todas esas mulleres que seguen, como dixemos, a sufrir ese maltrato que as acompañará lamentablemente o resto das súas vidas.

E tamén queremos rematar dicindo aquí, queremos louvar o que en principio parece que será un acordo, segundo entendemos nos medios de comunicación, súpome ao que dixo a señora Pontón eu tamén, o que será un acordo dos tres grupos parlamentarios, que parece que en materia de violencia machista deixamos fóra a nosa confrontación dialéctica e imos unidos, imos unidas no que sen dúbida será, aínda que insuficiente, un respiro para moitas das nosas mulleres.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Febreiro de 1989, a Audiencia de Lérida considerou probado que o procesado —o empresario Jaime Fontanez— efectuou tocamientos á moza nos peitos e glúteos por riba da roupa e manifestou que, a cambio de acceder aos seus desexos sexuais, lle renovaría o contrato de traballo. Tanto a Audiencia de Lérida como posteriormente un ano despois o Tribunal Supremo —que confirmou a sentenza— sinalaron que a moza de 17 anos, que ía de minifalda, puido provocar, se acaso inocentemente, o empresario Jaime Fontanez pola súa vestimenta. E esta é a coñecida sentenza da minifalda.

Novembro de 2018, a campaña «*Don't tell me how to dress!*» («*No me digas cómo me he de vestir*») xorde como resposta ás recomendacións das autoridades tailandesas para non vestirse de forma provocativa e previr o acoso sexual durante o Songkran, o festival da auga que se celebra en Aninovo en Tailandia.

Abril de 2021, 32 anos despois da sentenza da minifalda e 3 anos despois do «*Don't tell me how to dress!*», José Tomé, presidente da Deputación de Lugo: «A señora Candia, coa súa

vestimenta e o aspecto de leopardo que tiña o xoves, sinceramente daba a imaxe do vaqueiro americano que ocupou o Capitolio». Non é unha expresión espontánea, sen pensar, que se lle quentou a boca, non. Leuno, reflexionouno, escribiuno e despois leuno este individuo en cuestión.

Hoxe todas somos Elena Candia, señorías. Parece mentira que haxa quen siga medindo as mulleres pola súa vestimenta, que non se faga unha crítica das súas ideas, que non se faga unha crítica do que fixo, ou do que dixo, con argumentos políticos ou non. Vaise ao chasarrillo fácil, ao do rol sexista. É tan machista é iso como o da sentenza da minifalda. E o que resulta máis sorprendente, a resposta dos líderes socialistas.

O señor Caballero, lonxe de condenar rotundamente, sen peros nin condicións este tipo de comentarios, dixo que, bueno, máis aló dun comentario pouco afortunado. ¡Iso si que é pouco afortunado!

Pedíalle ao Partido Popular que non manipulara, e o propio señor Tomé tamén falaba de manipulación perversa. Pediron desculpas tarde, mal e a rastro, e a señora Díaz agora tamén —eu agradézolle o seu xesto— pero tamén foi timidamente, puido aproveitar o momento de condena rotunda que fixo a señora Pontón e como fixemos tanto os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular e os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que aplaudimos, e o Partido Socialista baixou a cabeza, señora Díaz. A verdade é que tiñan hoxe unha oportunidade magnífica para mostrar a súa sororidade cunha muller (*Aplausos.*)

Eu botei de menos as mulleres do socialismo, botei de menos a ofendidita Carmela Silva, que tan feminista parece e tan feminista di que é. A verdade é que ese *lobby* feminista do que resumen as mulleres socialistas tamén o botei de menos, pero agradezo a repulsa rotunda e contundente doutras mulleres. Á señora Rodil lina nas redes e ao mellor algunha máis que agora, sinto que non o lin, pero tamén agradezo a repulsa rotunda e contundente da señora Pontón.

Mire, señora Díaz, a verdade é que no Partido Socialista teñen o nivel de compromiso coa igualdade moi baixo, teñen que incrementar o seu nivel de feminismo, polo menos ao nivel do que pregoan. Nesta Cámara mesmo vimos algún deputado cuestionar algunha muller, a súa traxectoria profesional por ser a muller de. A verdade é que de verdade que precisan un pouquiño, igual, de formación nesta materia.

Pero este asunto, señorías, sérvenos para reflexionar sobre o debate que temos agora. Porque o cerne da violencia de xénero está na falta de respecto á muller, na vulneración do principio de igualdade de trato, no desmerecemento da muller polo feito de ser muller, o mecanismo de control sobre a súa forma de actuar, sobre a súa forma de pensar e tamén sobre a súa vestimenta. Ese control que exercen os homes sobre as mulleres, porque non queren que vistan de xeito provocativo para provocar outros homes ou para estar guapas, porque son da súa propiedade, son da súa posesión. Claro que é importante este asunto, claro que é moi importante a forma de vestir, porque as mulleres temos que ter a liberdade de poder pensar, actuar e vestir como queiramos e ninguén pode discriminarnos e ninguén

pode criticarnos por ir como queiramos ir, dun xeito ou doutro. (*Aplausos.*) Ese é o cerne da violencia de xénero.

O BNG propón reformar hoxe a Lei 11/2007, do 27 de xullo, o artigo 3 coas diferentes formas de violencia de xénero, e incorporar a violencia vicaria coma unha forma máis, ademais da violencia psicolóxica, da violencia física, da violencia económica, da sexual, dos abusos sexuais, acoso e o tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación.

Cando un home ameaza unha muller cun «se me abandonas, quitareiche os nenos», xa está exercendo violencia sobre esa muller, é a violencia vicaria, que consiste en provocar dor á muller nas persoas que máis quere; normalmente os fillos e fillas, pero tamén hai outras persoas dou seu contorno familiar ás que a muller quere e que tamén eles saben que son vulnerables nese ámbito, e tamén lles fan dano a esas persoas da familia directa.

E, por tanto, nós estamos a favor e imos apoiar esta iniciativa, por suposto, e ademais creemos que é importante introducir na lexislación galega esta forma de violencia, e unha vez máis Galicia será pioneira, unha vez máis Galicia pois estará á altura do Convenio de Istambul, e xa no ano 2007, cando aprobamos esta lei, xa introduciu formas de violencia de xénero que posteriormente en 2011 incluíu o Convenio de Istambul, e hoxe imos por diante... Non sei por que di a señora Díaz que non; si, señora Díaz, en 2007. Non é unha lei do Partido Popular, é unha lei na que gobernaba o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, non me estou poñendo ningunha medalla, estou poñendo unha medalla a este Parlamento e aos políticos de altura que naquel momento... Pois, mire, nós sempre apoiamos as iniciativas lexislativas que eran un avance cara ás mulleres, a diferenza doutros partidos, que votaban que non porque poñían un cordón sanitario cada vez que facía unha proposta en materia de igualdade o Partido Popular. Eu agradezo moitísimo que agora se actúe doutra maneira. Lévoo dicindo moitos anos.

Pois ben, unha vez admitido a trámite este texto, señora Pontón, creo que é importante que teñamos que facer algunhas modificacións. Vostedes no seu texto piden darlle un carácter retroactivo á lei, piden que eses efectos tamén sexan en todas as cuestións, en todos os recursos que afecten ás mulleres. Creo que é importante facer puntualizacións, porque na práctica as cousas ás veces son diferentes. —Logo direille.—

Este asunto, a pesar de ser acordado no Pacto de Estado, que xa hai 4 anos que se asinou, e xa hai 3 anos, señora Díaz, que está gobernando o Partido Socialista en Madrid, e debería desenvolver o Pacto de Estado, e a lexislación española non recoñece nin as nais dos menores asasinados polos seus proxenitores, nin as persoas familiares directas das mulleres asasinadas por violencia de xénero como vítimas de violencia vicaria. Pero si os menores de idade, fillos e fillas de vítimas de violencia machista dende o ano 2015, a Xunta de Galicia incorpóraos nas ordes de axudas e subvencións para darlles os recursos precisos como vítimas de violencia de xénero. Así que pola vía das ordes da Xunta de Galicia si se lles está dando todo o apoio que precisan como vítimas de violencia de xénero. Por tanto, sen dispoñer dunha lexislación específica autonómica nin dun marco regulador estatal, en Galicia si que garantimos ás vítimas de violencia vicaria dende o ano 2015, consideradas como vítimas de violencia de xénero, todas as axudas e servizos na nosa competencia asociados a esta consideración.

Dícialle, señora Pontón, que nós queremos facer algunha matización. Por exemplo, queremos ir un pouco máis alá; ademais dos fillos e das fillas, nós emendaremos e proporemos que tamén os familiares directos das vítimas mortais por violencia vicaria e relacionados ata o segundo grao de consanguinidade coa vítima de violencia de xénero teñan esa consideración.

E tamén lle dicía que hai que ter coidado con como redactamos isto, porque esta modificación de lei tamén deberá ir suxeita necesariamente á normativa que regule cada recurso ou prestación, dado que non é posible permitir o acceso a calquera familiar a todos os recursos e prestacións ao dispor das vítimas de violencia de xénero. Por exemplo, un home non pode entrar nunha casa de acollida. Creo que é importante que estas cuestións as teñamos en conta.

Por tanto, nós neste sentido —e tamén no ámbito do carácter retroactivo—, cremos importante tamén que valoremos a posibilidade de que estas mulleres e cativos —como se lle dicía— están sendo recoñecidas e beneficiarias de axudas e servizos dende o ano 2015, igual poderíamos contemplar o efecto retroactivo a contar dende a aprobación desta lei no ano 2007.

Ben, nós tamén, señorías do BNG, solicitamos que apoiem e respalden as demandas que facemos ao Executivo central dun marco regulador que ampare as mulleres vítimas de violencia vicaria e as recoñezan como vítimas de violencia de xénero co fin de posibilitarlles o acceso aos recursos estatais que teñen á súa disposición. E aprobalo así na lei galega, tamén dos familiares directos —como dicía— que incorporaremos vía emenda de ata o segundo grao de consanguinidade que as circunstancias os avalen.

Eu quero rematar como rematei outro debate que tivemos recentemente sobre a modificación da lei galega para introducir cuestións importantes que benefician as mulleres e que favorecen a igualdade plena. Creo que é importante seguir dando pasos ata a consecución plena da igualdade. Eses pasos creo que é importante que os deamos todos xuntos, a igualdade ten que ser un punto de encontro e non unha trincheira ideolóxica. E a base dos grandes logros está nos consensos, cantos máis participemos destes consensos máis forza faremos para que ninguén cuestione nunca os avances na materia da igualdade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, pois dunha maneira moi breve eu quero agradecer o apoio unánime de todos os grupos. Agradecer a intervención da portavoz do Grupo Socialista, porque eu creo que coincidimos na visión de que estamos nun momento no que é moi importante que melloremos a protección. E é evidente que hai un debate que xa se ten producido nesta Cámara a respecto de que tratamento teñen que ter os maltratadores en relación cos nenos e coas nenas. De feito, xa hai unhas conclusións que enviamos ao Congreso no sentido de que pensamos que cando hai unha situación de maltrato pois é

evidente que un maltratador non é un bo pai e que, polo tanto, o que se debe primar é o dereito dos menores a que non se vexan agredidos. E nesa dirección pois toda a colaboración e a disposición do BNG a traballar porque, efectivamente, temos aí un debate que eu creo que é moi profundo pero que tamén é necesario. Porque detrás dos casos dos que estamos agora mesmo falando e da situación da que estamos falando pois tamén está o non ter atendido adecuadamente o inicio da violencia e cortado esa relación de raíz. E esa é precisamente unha das cuestións nas que é importante avanzar, aínda que saibamos que este é un debate que vai ter a súa complexidade pero, desde logo, creo que aí tamén temos un punto de unión.

Agradecer tamén a intervención da portavoz do Grupo Parlamentario Popular. Eu creo que a lei é o suficientemente clara, porque é evidente que a quen se está protexendo é ás mulleres que viven esta situación. En todo caso, creo que todas as aportacións que sexan para sumar maior protección benvidas sexan, e esta iniciativa está presentada pois sempre cun ánimo construtivo. Eu sei que hoxe hai moitas mulleres que na inmensa dor que senten van sentirse reconfortadas porque ven que no Parlamento de Galiza atendemos a súa demanda de que escoitemos a situación tan desesperada que teñen, as necesidades que seguen existindo. E que esta lei sexa un paso máis para loitar contra a violencia machista e para tenderlles a man a mulleres que creo que viven unha situación pola que ninguén debería pasar pero que, unha vez que se produce, temos que estar ao seu carón.

Eu quero darlles as grazas por este apoio e creo que é un bo día, porque é importante que sigamos loitando contra a violencia machista.

Moitísimas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Aplausos.)

Procedemos a votar a toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia queda aprobada a toma en consideración desta proposición de lei por unanimidade, e continuará a súa tramitación parlamentaria.

Continuamos coa orde do día, co punto 3, de comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da incidencia da pandemia en Galicia no relativo á situación epidemiolóxica e asistencial e aos avances no Plan galego de vacinación fronte á covid-19

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra o conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moi bo día, presidente, señorías.

Comparezo a petición propia neste Pleno para darlles conta da situación da evolución da pandemia e do proceso de vacinación en Galicia, e continuar así co compromiso do Goberno galego en materia de transparencia na xestión da pandemia. Dende a última comparecencia transcorreron unicamente dous plenos e naquel momento chamabamos á prudencia, cuestión moi manida pero que, aínda así, non debemos deixar de reiterar dende todos os ámbitos políticos e sociais. Daquela xa falabamos de datos positivos: reducíase a incidencia acumulada, a positividade, os ingresados... e agora, tres plenos despois, a situación continúa sendo boa, polo que dende aquí queremos agradecer o esforzo que fixeron todos os galegos e as galegas no cumprimento das medidas de prevención que permite que hoxe se poida falar de datos estables en Galicia con respecto á evolución da pandemia.

A situación en Galicia é mellor que a de case todas as comunidades autónomas, e para que isto poida continuar sendo así debemos continuar co esforzo de prevención, que, como saben, non nos podemos relaxar aínda. E nesta liña quero volver agradecer —como dicía— o comportamento da poboación en xeral, pero tamén dos sanitarios —tanto os de atención primaria como os dos servizos hospitalarios— e, por suposto, os servizos de medicina preventiva e nas xefaturas territoriais toda a estrutura de seguimento dos casos. E, por suposto, tamén aos integrantes do Comité Clínico, que semanalmente, fóra das súas horas de traballo, fan un esforzo por analizar con rigor a situación de Galicia co único fin de protexer os galegos e as galegas, e fannos as propostas nese sentido axeitadas.

Agora mesmo temos unha incidencia acumulada a 14 días que representa menos da metade da media española. A nosa incidencia é de 75,3, cando a última vez que comparecín era de 201, polo que os esforzos dan os seus froitos, como se ve. Estas cifras non serían importantes se non as trasladamos á vida dos galegos; esa menor incidencia tradúcese en menos contaxios, menos enfermos e, polo tanto, menos falecementos.

Unha das cifras máis importantes é a taxa de mortalidade. Aínda que non nos podemos deixar de lamentar de cada unha desas vidas das galegas e galegos que nos deixaron como consecuencia da pandemia, eses case ou exactamente 2.369 galegos e galegas que faleceron, aos que por suposto lles trasladamos o máximo respecto e agarimo aos seus familiares e achegados. Dicía que, a pesar deste número de falecidos, non menos importantes son todas aquelas persoas ás que o traballo dos nosos sanitarios conseguiron salvar. Galicia é a comunidade autónoma con menor taxa de mortalidade dende que dura a pandemia, da península, 85,2 casos por 100.000 habitantes. Hoxe a incidencia acumulada de Galicia a 14 días está en moito menos da metade que a media española, o que dicía antes, 75 fronte a 199 da media española; e a 7 días está case nun terzo, 40 no noso caso, fronte a 112 da media española. E,

por engadir algún dato máis, tamén na taxa de positividade nos últimos 7 días rexistramos un valor do 2,21 % de positividade.

Se collemos os datos dende o xoves 18, xusto antes da ponte de San Xosé, a incidencia acumulada en Galicia era de 74 e 36, respectivamente, a 14 e a 7 días. E hoxe —como dicimos— está neses valores practicamente igual, 75 e 40, mentres que na media nacional a incidencia a 14 días subiu un 55 % e a de 7, un 85,2. Co que dicía que nese sentido parece que o comportamento de Galicia nese sentido foi bo.

Continuamos, por suposto, facendo o seguimento dos contactos dos casos positivos, unido a cribados específicos que se realizan como consecuencia da situación en determinados sectores ou concellos. Así, do 2 ao 8 de abril levamos a cabo máis de 48.000 probas diagnósticas sen contar, como sempre, aquelas que facemos por *pooling* de saliva, que non figura na estatística do ministerio. E entre o 6 e o 9 de abril cribamos un total de 35.139 persoas en concellos onde a incidencia nos preocupaba e onde se teñen detectado gromos, ademais de ter citado para esta mesma semana en curso máis de 47.800 galegos, en concreto, na área da Coruña, nos barrios do Ventorrillo, Castrillón, Matogrande, Os Mallos ou Labañou; ou nos concellos de Boiro, Pantón, Ribadeo, Barreiros, Monterrei, Carballeda, O Grove, a Illa de Arousa, Ribadumia, Catoira, Vilaboa ou Vilanova de Arousa. Repito, son cribados organizados para esta mesma semana en función desa situación epidemiolóxica fundamentalmente do concello.

Continuaremos, por suposto, cos cribados nas residencias, onde, grazas á priorización da vacinación dos seus sanitarios e traballadores e á realización de cribados semanais nestes centros —e incluso dous cribados semanais en ocasións—, hoxe podemos dicir que non temos ningún usuario positivo, o que ten que ser para todos unha moi boa noticia. Neste sentido, fixémonos un novo obxectivo, que é o de poñer unha proba PCR á disposición dos galegos sempre que o precisen. E por iso queremos estender a toda Galicia o convenio que asinamos inicialmente co Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra. Imos renovar ese convenio con eles e tamén imos desenvolve-lo para o colexio da Coruña, e tamén xa están os contactos iniciados co de Ourense e Lugo para estendelo a toda a comunidade autónoma. Deste xeito, os galegos poderán acudir á súa farmacia para solicitar unha proba PCR de saliva, que se procesará despois por método de *pooling*, como xa saben, e levarán ese material ao seu domicilio, farán eles o autorrexistro e entregarano ao día seguinte na mesma oficina de farmacia, onde se tramitará esa recepción e se remitirá ao laboratorio de referencia onde se vai analizar.

Cremos que deste xeito os cidadáns poderán ter unha proba á súa disposición, se así o precisan, e os resultados que se obterán contarán con todas as garantías do sistema sanitario galego.

Hoxe iníciase tamén o cribado nas farmacias de Pontevedra e tamén nos días seguintes na Coruña, para nenos e nenas entre 12 e 17 anos, co obxectivo de detectar casos asintomáticos na volta ás clases despois da Semana Santa.

No que vai dende a posta en marcha destes convenios lévanse feito 41.332 probas, neste caso de PCR, das que se obtiveron 79 resultados positivos.

Ademais, o pasado 26 de marzo comezamos tamén o cribado nos aeroportos galegos, infraestruturas competencia do Goberno central, pero que consideramos imprescindibles para atallar os casos que poidan chegar a Galicia procedentes doutros lugares. Primeiro foi Alvedro, despois Lavacolla e, por último, Peinador.

Dende esa data nas correspondentes áreas sanitarias leváronse a cabo un total de 2.309 tests de antíxenos neste caso, obtendo un resultado de 6 pacientes positivos que despois foron confirmados mediante proba PCR.

Estamos moi satisfeitos, xa que esta detección destes positivos permítenos atallar futuros gromos que, como vemos estes días, [...] os casos poden dar e na detección dun caso provoca a multiplicación dos mesmos coas consecuencias que todos xa coñecemos.

Volvo reiterarlle e a pedirlle de novo á poboación que acudan cando sexan chamados a un destes cribados que acabo de enumerar, por responsabilidade social fundamentalmente, por propio interese asistencial seu, dos seus conviventes, dos seus achegados e, tamén dicía, por esa responsabilidade social que creo que debe ser neste momento algo tamén prioritario. Calquera cidadán pode ver agora as consecuencias ademais das sanitarias que pode carrexar non actuar con esa prudencia.

Vemos como uns poucos casos conlevan o peche perimetral, o peche da hostalaría, os ingresos e, por desgraza, as mortes. Por iso insistimos na pronta detección dos casos e o cumprimento das medidas, ese cumprimento non só interrompe a cadea de transmisión de virus, senón que tamén impide que se teñan que tomar medidas sobre determinados territorios que a ninguén nos gustan.

Os datos de hoxe respecto á situación residencial tamén son mellores, aínda que mentres haxa un ingreso ou un paciente na UCI, ou un falecemento por suposto non estaremos satisfeitos. Aínda así, a finais de febreiro tiñamos 146 persoas nunha unidade de críticos, e hoxe temos 29; isto supón un 88,58 % menos que no pico da terceira ola.

E nas camas de hospitalización agora mesmo temos 156 casos e vimos daqueles 547 que tivemos, un 87,11 % que tivemos nese pico da ola, onde chegamos a ter 1.210 persoas ingresadas nos hospitais galegos.

Somos ademais a comunidade autónoma con menor porcentaxe de camas ocupadas en cuidados críticos, cunha diferenza moi ampla respecto á media española, que é de 21,57, sendo a porcentaxe galega do 3,47 a día de hoxe.

Hoxe Galicia conta cunha situación epidemiolóxica, como vimos de comentar, que nos permite ir rebaixando as restricións, tendo hoxe unicamente 3 concellos con peche perimetral: a Pobra do Caramiñal, Carballeda de Valdeorras e O Grove.

Como dicía, podemos ver semanalmente como eses novos gromos modifican a situación de cada concello galego baixo os criterios establecidos polo comité clínico. A rapidez na toma de decisións —insistir en que tomamos decisións agora mesmo con incidencia acumulada a

14, pero tamén con incidencia acumulada a 7 cando o seu valor multiplicado por 2 pasa aos niveis de actuación— e dicía que esa rápida actuación do equipo de saúde pública, xunto coas áreas sanitarias, permite que esta situación, ou está permitindo ata o de agora que estas situacións se atallen e os concellos, unha vez recuperada a boa situación epidemiolóxica, poidan reabrir as súas instalacións, os seus circuitos sen esas limitacións.

A esta rápida actuación hai que engadir tamén a campaña de reforzo de cumprimento das medidas sanitarias fronte á covid que realiza o persoal da Dirección Xeral de Saúde Pública, do que xa falamos e que, dados os seus resultados, decidimos ampliar máis para mantelos durante este mes de abril.

Como xa avanzamos, a campaña ten por obxectivo comprobar a implantación das medidas de prevención fronte á covid e asesorar os propietarios no seu cumprimento.

Dende febreiro, cando se puxo en funcionamento, realizáronse un total de 11.790 visitas, delas 5.733 corresponden a locais de restauración, 3.950 a tendas de alimentación e 1.647 a instalacións deportivas, entre outras.

Como saben, esta campaña ten un obxectivo meramente informativo e, aínda que se detectaron 3.223 incumprimentos, as medidas que se tomaron na maior parte foron de prazo para poder corrixir estas deficiencias. E tan só nun 11 % dos casos se estableceron outras medidas.

Nestas últimas semanas fíxose un especial esforzo no sector hostaleiro para poder avanzar no Plan de hostalaría segura. Grazas ao compromiso dos seus propietarios, aos que queremos agradecer o seu esforzo por adaptarse ás medidas vixentes, e tamén aos clientes, que co mesmo compromiso colaboran e que permiten que poidamos analizar agora a mellora dos horarios de apertura neste sector, nas reunións que mantemos periodicamente —dicimos— co sector.

Para poder ampliar o horario de apertura dos restaurantes, e falo exclusivamente dos restaurantes, ademais das medidas vixentes relativas ao control dos aforos no interior e no exterior, estanse a valorar nestes momentos a existencia dunha reserva ou unha cita previa, o rexistro dos clientes fomentando o uso da aplicación Passcovid, ademais faremos fincapé na ventilación dos locais, unha vez que as evidencias nos levan a pensar que a maior transmisión de virus se produce, como xa todos saben, a través dos aerosóis. Para isto está previsto a instalación de medidores de CO₂ como un requisito para a apertura dos restaurantes neste sentido.

Deste xeito, dicía, seguimos avanzando na apertura segura de todos os sectores, traballando entre todos para frear a propagación do virus.

Respecto ao proceso da vacinación, o avance do Plan galego de vacinación, os resultados pódenos comprobar vostedes no informe que diariamente publica o Ministerio de Sanidade.

Hoxe Galicia ten unha porcentaxe de doses administradas do 93,2 % das que recibiu. Somos a segunda comunidade autónoma segundo as doses administradas, só por debaixo de Estremadura e a Cidade Autónoma de Ceuta.

A Xunta de Galicia vén, ademais, traballando na posta á disposición de todos os galegos dunha páxina web na que se poidan consultar todos os datos referidos á vacinación na nosa comunidade, e ademais contamos co mandato recente do Parlamento nese sentido. Por iso esta mesma semana a través da web da Consellería de Sanidade estes datos poderán estar a disposición de todo aquel que os queira consultar, incluídas as campañas de vacinación en marcha e os grupos de idade aos que afectan. Estes datos por suposto poderán ser descargables, do mesmo xeito que se pode facer co resto de información que a web da consellería ten respecto á evolución da pandemia.

Hoxe en Galicia podemos dicir que temos rematada a vacinación dos usuarios e traballadores das residencias, administrando tamén aos maiores que se incorporan aos centros esa vacina, e tamén a todo o persoal sanitario. Ademais, tamén se lle administrou a vacina ao persoal do Servizo de Axuda no Fogar, dos centros de menores, dos centros de día e tamén dos centros psiquiátricos. Tamén administramos polo menos a primeira dose ao persoal de Educación Infantil, Primaria e Secundaria, ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Iniciamos tamén a vacinación a domicilio dos grandes dependentes maiores de 80 anos, dos que xa levamos o 92,5 % da nosa poboación diana vacinada. E digo que agora estamos a traballar con aqueles maiores de 80 anos que non puideron achegarse aos centros de saúde —como vostedes saben, foi a nosa aposta no caso da vacinación dos maiores de 80—, así como paralelamente seguimos vacinando os grupos de idade 75-79, nalgún caso xa podemos baixar nalgunha poboación, nalgún caso por un erro e agora xa de xeito intencionado, por debaixo dos 75 anos. E tamén por suposto aos grupos de 60 a 69, adaptando os criterios de vacinación segundo o que vai establecendo por suposto a Estratexia Nacional de Vacinación.

A prioridade do Goberno galego foron en todo momento as persoas máis vulnerables fronte á pandemia, os nosos maiores, especialmente, como saben, os usuarios das residencias e tamén o noso persoal sanitario de primeira liña.

Hoxe temos vacinada, como dicía, a totalidade dos residentes. Hai uns meses, avanzaba nunha pregunta neste Parlamento que os resultados xa se comezaban a ver cando na curva de contaxios e de ingresos hospitalarios se vislumbraba este descenso. Eses resultados definitivos vémoslos dende hai 21 días, cando deixaron de contabilizarse contaxios entre os usuarios dos centros de maiores, resultados que esperamos por suposto seguir mantendo.

O mesmo esperamos que ocorra o máis pronto posible coas galegas e galegos maiores de 80 anos, grupo no que temos vacinado, como xa dicía, o 92,5 % da poboación. Respecto a isto, desde a Consellería de Sanidade asinamos un convenio co Grupo de Investigación en Vacinas e Infeccións da Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, o IDIS, para levar a cabo unha investigación e análise científica da información epidemiolóxica e de aplicación das vacinas en Galicia. E contamos xa coas primeiras conclusións respecto da efectividade das vacinas nas que se aprecia unha redución na positividade do virus nun 47 % coa administración dunha única dose e dun 88 % cando se reciben as dúas doses. Isto son datos nosos das nosas residencias neste caso.

Boas novas cando, como dicía, a nosa prioridade é protexer os grupos máis vulnerables da poboación de pasar esa infección grave.

Para continuar coa vacinación dos maiores de 80 anos, a pasada semana fixéronse de novo chamadas para poder convocar todos aqueles que ou ben rexeitaron a vacina no primeiro momento —hai da orde de 6.000 galegos e galegas de máis de 80 anos que voluntariamente rexeitaron a vacina; repito, volveuse a chamar para volver a ofrecérllela— e tamén algunhas persoas coas que non foi posible contactar por carecer de teléfonos de contacto onde puidéramos contactar co paciente.

A partir de ter contemplada esta vacinación máis de proximidade para este grupo de idade, o Sergas deseñou un dispositivo para poder vacinar os menores de 80. Aprobáronse senllas instrucións relativas aos procesos analizados de vacinación nas que se incluían as normas e protocolos para a conformación e organización dos equipos de vacinación, así como protocolo específico para a vacinación en espazos externos.

Respecto a isto último, incluíronse os requisitos de localización, as características coas que debe contar o local, así como o seu equipamento e tamén o procedemento para levar a cabo, antes, durante e despois da vacinación.

Para poder garantir o bo funcionamento destas grandes vacinacións, realizouse, como vostedes saben, unha proba piloto en primeiro lugar na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela, o día 11 de marzo, para o grupo de idade de 50 a 55 anos, que naquel momento era o grupo ao que estaba indicado a vacina de AstraZeneca, e o 13 de marzo nos 14 puntos de vacinación dispoñibles en toda Galicia.

Estas probas cremos que foron satisfactorias, realizáronse con éxito e fixéronse, por suposto, os correspondentes axustes froito da experiencia. Así, puidemos ensaiar as vacinacións masivas que tiveron lugar entre o 6 e o 11 de abril, a semana pasada, nas que se citou 165.000 galegos e galegas dos grupos de idade de entre 60 e 65 nun caso, e 75-79 noutro caso, e dos que acudiron preto do 83 %. Gustárame destacar a participación en concreto no grupo 75-79 anos, onde esa cifra acadou o 89 % de participación.

Para poñer en marcha os puntos de vacinación masiva, contamos con 109 enfermeiras que atendían unha media de 1 paciente cada 2 minutos. Temos que seguir agradecendo o magnífico labor que levan feito todos os profesionais que conforman os equipos de vacinación, cun grande esforzo dende o primeiro día, aquel 27 de decembro no que iniciamos a vacinación das residencias. A citación para estas vacinacións masivas lévase a cabo a través de mensaxes curtas de texto, SMS, nos que se inclúe a xeolocalización coa localización do punto no que se lle administra a vacina, a hora e o día da cita, así como un código QR para facer máis áxil a súa chegada.

No caso do grupo de idade de entre 60 e 65 anos, dende as áreas sanitarias procedeuse a rechamar ao finalizar a xornada aos non asistentes para poder citalos nos seguintes días. Ademais, para os maiores de 75 anos, xunto co SMS que contaba, tamén se lles fixo unha chamada a través dunha máquina, dun robot na que se lle pedía confirmar a asistencia e, de non obter resposta mediante este procedemento, procedeuse a facer unha chamada persoal por parte dos equipos de citación.

Gustárame recordar e facer un inciso aquí de que se alguén ten dúbidas porque pensa que lle chegou un SMS por erro ou que llo borraron ou calquera situación que puidera haber si-

milar, pode consultar ou ben a través dos teléfonos de citas dos centros de saúde, ou da aplicación Sergas Móbil as citas que teña pendentes, onde aparecerá rexistrada tamén a súa cita para a vacina. Aparece aí localizada. Repito, tanto en atención primaria como na aplicación Sergas Móbil.

A pasada semana, ademais dos teléfonos de incidencias para maiores de 80 que tiñamos en cada área sanitaria, puxemos en marcha o teléfono 881002021, para calquera incidencia que se produza en calquera outro grupo de vacinación, así como para poder trasladar os datos daquelas persoas que residen temporalmente en Galicia e así poder engadilas ás nosas listas de vacinación, pois a nosa intención é, por suposto, vacinalas tamén.

Somos conscientes de que nos primeiros días houbo certas saturacións de teléfono, pero xa se preveu a incorporación de máis persoal para poder subsanar esta situación e poder atender as dúbidas de todos os cidadáns, xa que é fundamental poder facilitar a información que se precisa e ademais garantir o acceso da vacina a todas as persoas.

Quero volver darlle as grazas a todo o equipo de citación especial, a todo o persoal de enfermaría, a todo o persoal de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e tamén a uns profesionais, ás veces pouco visibles, que son os das tecnoloxías de información e comunicación, que permiten estas citacións masivas e os rexistros das vacinas de miles de persoas que reciben esa dose a diario.

E tamén especialmente quero agradecer a colaboración dos concellos onde estamos realizando esas vacinacións masivas, que están colaborando de xeito irreprochable, poñendo á nosa disposición tanto dispositivos de Policía Local como de Protección Civil, para a organización destes espazos. Esta semana temos prevista a vacinación de novo nestes 14 puntos de vacinación de arredor de 50.000 persoas no caso de poboación de 70 a 79 anos coa vacina de Pfizer e, como dicía, continuaremos completando os grupos pendentes, especialmente e como prioridade a administración nos domicilios para maiores de 80 anos e continuar coa vacinación dos grandes dependentes. Deste xeito, destinaremos 34.000 das doses de Pfizer para administrar segundas doses, que por suposto veñen marcadas pola administración da primeira, arredor de 20.000 doses para vacinación a domicilio, dicía para maiores de 80 e para grandes dependentes, coas que completaremos estas 105.000 vacinas de Pfizer que chegaron ao longo da mañá de onte.

Ademais, imos utilizar 35.000 doses de Moderna para comezar a vacinar o grupo 7 da Estratexia Nacional de Vacinación, que é o das persoas con alto risco. Farémolo paralelamente ao grupo de 70-79, tal e como reflicte a estratexia. Deste xeito, vacinaremos fundamentalmente nos hospitais os pacientes que están en diálise, xa se empezou onte mesmo con algún caso, e hoxe estase a facer esa vacinación, e tamén cos usuarios dos hospitais de día.

De Janssen, como saben vostedes tamén, está previsto que recibamos 8.500 doses mañá, que imos destinar inicialmente a vacinar nos domicilios; parécenos que, entrando perfectamente na estratexia do ministerio para este tipo de vacinas, parécenos axeitado aproveitalas, como dicía, nos domicilios neste momento.

E de Astra-Zeneca temos previsto polo momento a chegada de só 7.500 vacinas esta semana, que nos permitirán levar a cabo unha vacinación masiva de 15.000 persoas do grupo 60-65 esta mesma fin de semana.

Neste sentido, temos previsto que todas as áreas sanitarias teñan organizados turnos de enfermaría, cunha programación semanal que, aínda que polo momento a chegada de dose é irregular, se recibimos un maior número de viais, se poida activar e convocar o máis axiña posible esa poboación diana a esa vacinación masiva.

Gustaríame aproveitar para enviar unha mensaxe tranquilizadora, especialmente a aqueles traballadores esenciais que recibiron a primeira dose da vacina de Astra-Zeneca xa que se está traballando para que no marco da Ponencia de Vacinas e no Consello Interterritorial se tome a mellor decisión posible. Neste sentido, tamén revisaremos como proceder cos estudantes de Odontoloxía, que segundo a Estratexia Nacional teñen que ser incluídos no plan de vacinación pero que este cambio no límite de idade de Astra-Zeneca pois nos fai cambiar de momento os prazos.

Sabemos ademais que houbo problemas de citación coas persoas mutualistas, das que o Sergas non tiña informatizados os seus datos e tivo que integrar esa información cos datos proporcionados polas propias mutuas e que nalgunha ocasión nos xerou disfuncións. Pero estamos solucionando e incorporando os datos de todas as incidencias que se detectan e, ademais, recordo a posta en funcionamento dese teléfono que dicía antes, que permite comunicar calquera erro e, se unha persoa nota que se está vacinando o seu grupo de idade e non o convocaron, pois por suposto ten accesible.

Grazas á previsión na organización loxística no desenvolvemento do Plan galego de vacinación, o domingo tiñamos vacinadas 546.630 persoas, o 23,1% da poboación, e esta semana, como dicía, podemos administrar 138.500 vacinas, polo que remataríamos cunha estimación de 685.130 vacinados, evidentemente, coa dúbida da porcentaxe de persoas que acudirán a esa cita.

Se iso fose así, remataríamos a semana co 29 % da poboación xa vacinada, descontando por suposto os menores que non forman parte da poboación diana nestes momentos. Repito, un 29 % da poboación ao rematar esta semana.

Agardando que as cifras de novos contaxios diminúan paulatinamente, debemos pensar na atención dos pacientes que xa teñen superada a infección. Como adiantei na miña anterior comparecencia, creamos as unidades postcovid para poder ofrecerlles a eses 114.168 galegos que teñen superada a enfermidade unha atención específica respecto ás secuelas que lle deixou o virus. Xa está aprobado o seu plan funcional e están constituídas cos coordinadores designados nas sete áreas sanitarias; o seguinte paso é poñelas en contacto con todos os galegos e galegas que pasaron o covid e que non estiveron hospitalizados, porque os hospitalizados normalmente xa están contactados coas unidades.

Por iso, en primeiro lugar, esta semana levarase a cabo unha formación telemática para os profesionais de atención primaria e que estará dispoñible despois en diferido a través da

canle de YouTube da AFIS, que se centrará no funcionamento das unidades e tamén respecto do cuestionario que se lles vai remitir a todos os pacientes en relación ás súas secuelas.

A atención primaria, que formará parte destas unidades, volverá ser o primeiro contacto dos pacientes, que xa seguiron no seu momento, e proporán o seguimento especial daqueles pacientes que precisen ser atendidos por parte deste equipo multidisciplinario.

Aproveito, xa que onte se celebrou o Día da Atención Primaria, para agradecerlles a todos os profesionais que forman parte deste colectivo o seu traballo, o seu esforzo, especialmente nestes últimos meses. Son unha parte fundamental e imprescindible do sistema sanitario e especialmente no manexo do covid.

Outra das consecuencias desta pandemia na saúde vai ter que ver coa saúde mental. Como saben, temos en marcha un plan de saúde mental que incorporou xa a previsión de reforzo postcovid destes servizos en Galicia. Hai ben pouco, houbo acordo unánime deste Parlamento para completar as primeiras 120 prazas deste plan antes de que finalizara o 2021. Pois ben, podo adiantarlles que, antes de rematar este mes, o Consello da Xunta estará en condicións de informar a autorización por parte do Sergas ás sete áreas sanitarias para a convocatoria de todas estas 120 prazas, para completar e permitir que este ano estean en funcionamento o programa de enlace de atención primaria para todas as áreas, os programas de prevención do suicidio para todas as áreas, os programas sociosanitarios de reforzo de atención psiquiátrica en residencias tamén en todas as áreas, os catro hospitais de día infanto-xuvenís (un por provincia), as tres unidades de saúde mental na Coruña, Santiago e Vigo, e a unidade psicoxeriatria en Ourense.

Paralelamente, está en tramitación, xa só pendente do informe da Asesoría Xurídica, un decreto de reforma dos actuais órganos de prevención de suicidio das áreas sanitarias, para proceder a crear un rexistro de tentativas autolíticas que permita contar con datos sobre a incidencia e a prevalencia destas tentativas, así como dos seus factores determinantes e asociados.

Polo tanto, tamén neste tema cumprimos cos mandatos parlamentarios, cumprimos cos plans en vigor e cumprimos coas necesidades que a pandemia vai xerar na atención e coidado da saúde mental da nosa poboación.

Lanzamos tamén xa unha nova aplicación Sergas Móbil, unha APP máis intuitiva para facilitarlles aos cidadáns o acceso á súa información sanitaria, mellorar a solicitude de citas, etc., ademais de poder avanzar na videoconsulta como mellora no eido da atención telefónica.

A APP permite tamén o acceso a É-Saúde, onde a Xunta porá á disposición dos galegos un certificado da súa vacina, coa información da mesma e tamén das probas diagnósticas ás que se teñan sometido. Deste xeito, adiantámonos, estamos preparados antes da emisión do certificado verde dixital, promovido pola Unión Europea, e que será común para todo o territorio europeo. Así, cando exista a posibilidade técnica de substituílos polo certificado verde, dispoñeremos de todas as plataformas e circuítos para poder integrar o noso certificado dun xeito máis doado.

Polo tanto, avanzamos en todas as medidas coas que nos temos comprometido, non só respecto á xestión da pandemia, senón tamén do sistema sanitario na súa totalidade.

En definitiva, Galicia conta agora mesmo cunha boa situación en todos os ámbitos da pandemia, a epidemiolóxica a asistencial e tamén avanzamos positivamente no plan de vacinación. Seguiremos traballando para que Galicia siga mantendo esta situación e pouco a pouco consigamos melloralas, de cara fundamentalmente ao obxectivo común de erradicar as cifras de mortalidade do virus e recuperar a normalidade tanto social como económica.

Por iso, reitero a petición de sentidiño no cumprimento das medidas, da responsabilidade na asistencia aos cribados e do compromiso a acudir e recibir as vacinas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios, Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, señor conselleiro.

Trasladou hoxe vostede aquí algunhas valoracións, é certo que moi polo miúdo nalgúns cousas, moi no detalle. Dende o noso punto de vista, moitas veces ocorre que os detalles dos debates acaban sendo máis protagonistas que o global do asunto. É certo que, de tanto falar das cousas, de tanto falar da pandemia, acabamos falando de cousas sempre case detalles moi pequenos operativos do día a día e é certo que son importantes e están ben, pero, dende o noso punto de vista e ademais como non temos tanto tempo como ten o conselleiro para facer a exposición, queremos simplemente dar unha visión algo máis global.

En termos de datos epidemiolóxicos e de pandemia, é certo que a situación está máis controlada do que estivo non hai moito, é certo que pagamos os erros cometidos durante o Nadal ou aquela campaña de salvar o Nadal, e parece que agora aprendemos e a chegada das vacinas contribúe a que unha posible cuarta ola sexa en todo caso menor; nunca desdeñable, nunca deixa de preocupar pero menor, e iso é un logro.

Para iso tamén é importante ser conscientes de cuestións globais, e permítame que debatamos tamén un pouco de como afrontamos dende o punto de vista da política a sanidade, e a cuestión sanitaria na pandemia. Vostede non fixo ningunha alusión, eu enténdoo, pero voulla facer eu. Vamos non ser talibáns con cuestións tan esenciais como o estado de alarma. E eu pídolle ao Partido Popular que, mentres estivo durante semanas e meses despotricando, dicindo auténticas barbaridades — señor Feijóo incluído — co estado de alarma, non empecen

a facer agora unha campaña a dicir que hai que volver a recuperar o estado de alarma, porque a súa posición co estado de alarma parece ben fácil pero ben triste. Esperan a ver que vai pasar e vostedes o contrario. (*Aplausos.*)

Ogallá non necesitamos prorrogalo; se houbera que prorrogalo, faríase. Por certo, ninguén quere malos datos, ninguén quere que teñamos que volver a ter un novo estado de alarma, pero se tiveramos que telo vostedes estarían en contra, e isto é o que non pode pasar.

En segundo lugar, nós cremos que é importante compartir algúns datos a maiores dos datos menores ou en termos de detalle. Por exemplo, hai comunidades autónomas que comparten datos dunha maneira moito máis clara. Eu aquí escoitei algunha vez: pónname un exemplo dunha comunidade; Asturias, eu podo ver os datos de Asturias a un detalle que non podo ver os de Galicia, podo descargar os datos de Asturias a un detalle que non podo facelo cos de Galicia, podo comparar series a un nivel que non podo facer cos de Galicia. E creo que non hai ningún problema, porque están informatizados, non sería problema.

Terceira cuestión sobre a pandemia: culpabilización. Foi problema dos estudantes —aínda que os cribados logo dixeron que non era así— de que se estenderan os contaxios nas cidades universitarias, non era así. Foi culpabilidade dos hostaleiros, non era así. Agora é culpa das persoas que van aos bares en canto abren, que non é así. Por certo, permítame unha discrepancia, non hai moito abríronse a hostalaría en breve hai xa unhas semanas e tardou este Goberno dúas horas en facer unha crítica a hostalaría en canto se abriu. O día anterior había membros deste Goberno inaugurando bares. Vamos ser sensatos coas cousas. Agora a culpa das aglomeracións é da cidadanía, en Nadal tamén foi das familias. A ver se algunha vez a culpa non é necesariamente que sexa de ninguén, pero polo menos non botárllela aos demais, que nós cremos que é importante.

E unha última cousa que ten que ver xa coa pandemia e tamén co proceso de vacinación: temos un problema coa xestión dos datos; está ben que teñamos persoas, evidentemente é necesario, coas persoas dedicadas ao proceso dos datos porque é complicado. Pero temos problemas, hai 90.000 persoas aproximadamente en Galicia que están fóra dos cribados e que están quedando por agora —non quedarán ao final— fóra das vacinacións, como son os mutualistas. E temos un problema, porque xa non é unha cuestión de estar priorizando uns grupos sobre outros, senón que hai persoas que están quedando fóra dos seus grupos, e iso non o podemos facer.

Sobre a vacinación, e vostede falou menos, aínda que mencionou algunhas cousas importantes. Nós sobre a vacinación o que queremos destacar é que nós si estamos globalmente moi satisfeitos coa vacinación en termos globais, nós si, a pesar de todas as discrepancias que se poidan ter e de todos os ataques que sofre tamén nesta cámara a vacinación. Nós si, señor conselleiro, ¿por que? Pois nesta tendencia a facer unha visión un pouco máis global, permítame ser demasiado abstracto pode ser, que hai un ano, un ano e pouco, nun mercado chinés indefinido apareceu un virus que cambiou a nosa vida por completo. Un ano despois, por poñer un dato, pode ser menos-máis, un ano despois estamos vacinando unha persoa que vive nun lugar remoto das grandes urbes, en calquera punto da montaña galega sen que teña que pagar un custo extra e con todas as garantías e iso é un éxito dun sistema sanitario

que, máis alá do debate diario no que estamos moitas veces discutindo cousas e facendo guerras de regates pequenos, hai que poñelo en valor. E isto é o estado de benestar. Hoxe hai persoas ameazadas na súa vida por un virus que apareceu a milleiros e milleiros de quilómetros e aínda non se sabe que o sistema sanitario lles está poñendo unha vacina, e iso é un éxito colectivo, non noso, non de ninguén dos que estamos aquí, senón de décadas de traballo dun estado de benestar. Valla para cando se fala con alegría de recortes do estado de benestar, isto é o estado de benestar, salvamos vidas hoxe en menos dun ano cunha garantía impresionante. E por iso nós estamos a favor e queremos defender o estado da vacinación, con críticas, con melloras, si, claro que si, pero hai un escenario agora que, sen ciencia, sen sanidade pública e sen investimento en investigación non existiría, e cremos que é importante. Porque aquí discutiuse que se non chegaban as vacinas na medida en que tiñan que chegar, chegaban e chegan, por iso agora temos porcentaxes mellores, pero é que a lectura non é en porcentaxes sobre o total da poboación, porque estamos vacinando os grupos nos que en Galicia é maior, o problema é as vacinas que están sen poñer. Pero vou agora a iso.

Chegan, e chegan na medida en que tiveron que chegar, e chegan con respecto á súa poboación diana, a pesar de que aquí se dixo o contrario moi alegremente. Teremos vacinada, como mínimo o 70 % da poboación a fins do verán, que aquí se discutiu, ás veces con palabras grosas. Teremos moitas vacinas que chegaron en decembro; aquí en Galicia, aquí nesta tribuna o señor Feijóo dixo que non chegarían ata abril, catro meses tarde, segundo a súa previsión. El chega catro meses tarde [...] vacinas; debe de ser que lle molestou que chegaran tan temprano. É que aquí chegouse a criticar que as vacinas a Galicia chegaban por Portugal, como se fora un problema que chegando por unha carreteira ou outra, un aeroporto ou outro foran peores. Ata iso se chegou a discutir, e nós, contra iso e contra esas visións limitadas, contra esas visións frentistas que o único que queren facer é construír un relato contra outros e botarlles a culpa a outros, nós defendemos o proceso de vacinación como un éxito colectivo, un éxito colectivo, e iso é o que. *(Aplausos.)*

Hoxe España é un dos países do mundo que máis vacina, 7 millóns de persoas xa teñen algunha vacina posta, algunha das doses, creo que entornó a 3 millóns completa. Somos un dos países do mundo que mellor está vacinando, con todos os problemas, con todos os problemas. Hoxe temos un nivel de vacinación moito máis alto que outros lugares, moitísimo máis alto e discutiuse moito sobre iso. En Galicia hai que vacinar máis. Están ben os datos que agora se contan e que vostede trasladou aquí, señor conselleiro, de que temos vacinado máis do 90 % utilizadas, máis do 90 % das doses administradas. E entón preguntome: cando, hai menos de dúas semanas, o dato do primeiro trimestre de vacinación dicía que tiñamos máis de 100.000 doses sen administrar, ¿cal era o problema? Porque acabamos o primeiro trimestre de vacinación con máis de 100.000 doses. Chegaron a Galicia un número de doses moito maior dos que se puxeron, había máis de 100.000 doses en neveiras sen poñer. Argumento da Xunta entón: é que gardamos por un problema de stock, por se hai un problema de stock. É curioso, porque debe de ser que podía haber un problema de stock o mércores pasado pero non o hai hoxe, e nós non comparamos iso. Vacinar moito, vacinar rápido, vacinar ben, esta é a única estratexia que hai que seguir, e non vale utilizar unhas excusas un día que non valen ao día seguinte. Se valía a cuestión do problema de stock entón —que nunca é real—, tiña que valer hoxe. Se hoxe están poñendo moitas despois de ter ese dato tan horriblemente negativo que tivemos a finais de marzo —vostedes

aceleraron, ben feito—; se valía entón, tiña que valer hoxe e, como non vale hoxe, é porque non valía entón, mal feito nese primeiro trimestre.

Contra iso o único que si que fixo perfectamente ben, sempre cunha medida fantástica, marabillosa, cunha *finezza* italiana tremenda, foi discutir. Este goberno é coñecido por discutir, discutiron todo; eu, se hai un día que abro os periódicos e non vexo a Feijóo dicindo algo malo do Goberno de España, entón estou empezando a pensar que me escapou algunha páxina. Todos os días están vostedes máis preocupados en buscar problemas que en buscar solucións, e nós cremos que non hai outra cousa que facer que vacinar. As que non estaban postas que se poñan, os enfrontamentos que se deixen para outra ocasión. O persoal, di Satse estes días que están desatendendo eses servizos porque non hai persoal suficiente, e témolo dito dende o principio, máis persoal, ¿por que? porque ía ser máis persoal, eu creo que isto xa nolo discutiron, xa nos dixeron de todo, creo que xa é indiscutible. Evidentemente, e iso é bo, fai falta moito persoal porque hai moitas vacinas e agora mesmo o proceso de vacinación é moi amplo, necesitamos non desvestir un santo para vestir outro, non coller unha manta que nos destape os pés para tapar a cabeza, que poidamos vacinar con persoal dedicado de maneira exclusiva pero que non esteamos desatendendo outros servizos, e por iso necesitamos máis persoal. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINELA: Esta é a cuestión esencial.

En definitiva, menos escusas, menos enfrontamentos, máis vacinar. Isto é o que nós queremos trasladar. E nós si, nós cremos que o éxito da vacinación é un éxito colectivo, profundamente colectivo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINELA: ...e que, a pesar do que agora poidamos discutir día a día, dentro dun tempo miraremos para atrás e sentiremonos orgullosos do estado de benestar e dun sistema sanitario público...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moita grazas, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINELA: ...para aqueles que logo teñen a intención de recortalo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Moi bo día, señor conselleiro.

Levamos máis dun ano coa pandemia do covid-19 e a estas alturas a loita contra a mesma segue sendo unha prioridade. Atraso na vacinación, riscos dunha nova repunta, paralización, caos na administración da vacina de Astra-Zeneca, cambios constantes nos grupos a vacinar. É evidente que, a día de hoxe, a grande esperanza na loita contra o covid é a vacinación masiva, e a campaña de vacinación empezou o 27 de decembro e lévase, polo tanto, máis de tres meses, tres meses e medio e estase desenrolando con bastante máis lentitude do que tiña anunciado tanto o Goberno español como o Goberno da Xunta. O ritmo de inmunización está moi por debaixo do planificado, por razóns diversas, pero está por detrás do planificado. Dígoo porque cada día vaise actualizando o discurso, pero se imos á hemeroteca vemos que cousas que hoxe vostede anunciou que se van facer tiñan anunciado que ían estar feitas hai dous meses, digo que iso é unha realidade.

E vostede hoxe aquí falou dunha serie de cuestións pero esqueceuse dalgunhas outras. O primeiro é que o Goberno do Partido Popular, o presidente da Xunta dixo en repetidas ocasións que estaba preparado para realizar vacinacións masivas, incluso falou de 100.000, só facía falta que chegasen as doses, por iso a primeira pregunta é por que tiveron máis de 100.000 doses durante semanas e semanas e meses sen administrar. Porque hoxe vostede veu aquí a sacar peito dicindo que estaban á cabeza do Estado en número de doses administradas, pero ata hai dous días estaban por debaixo da media e antes estiveron nos últimos postos en administración de vacinas, cando, se se ía cotexando día tras día os datos, había sempre máis de 1.000 vacinas sen administrar, en concreto onte antes da actualización había 128.000 vacinas sen administrar. A pregunta é por que non se foron administrando esas vacinas, porque cada día que se atrasa a vacinación segue contaxiándose e morrendo xente. Entón, a vacinación de todas as doses dispoñibles tiña que ter sido unha prioridade e para o Goberno da Xunta non o foi durante moitísimo tempo, e os datos están aí para contrastalo.

Tampouco falou que as propias administracións están engadindo incerteza ao proceso de vacinación. Eu teño que dicirlle que asistimos atónicas no BNG ao despropósito no que se converteu a xestión da administración da vacina de Astra-Zeneca. Vimos como os gobernos paralizaron a administración sen basearse en ningún dato científico coñecido a día de hoxe. O Consello Interterritorial, no que vostede está, e eu dende logo non vin nos medios de comunicación ningunha discrepancia ao respecto, decidiu paralizar a administración de Astra-Zeneca; polo tanto, decidiu non seguir inmunizando persoas, non seguindo nin a indicación da EMA, nin da Organización Mundial da Saúde, nin da comunidade científica, pero vostedes tomaron esa decisión avivando unha alarma inxustificadamente. E, dende logo, a pregunta é se lle parece que a estratexia de comunicación que levan seguido con este tema se lle aporta algún beneficio á poboación ou se ten algún obxectivo máis que aquel de alarmar e facer que haxa máis persoas que teñan medo de vacinarse. Polo tanto, eu o primeiro que xa lle pido hoxe aquí é que fagan unha campaña de información, de explicación de tranquilidade á poboación a respecto de, ata o de hoxe evidencia coñecida, que esta vacina é tan segura como calquera das outras para sacar ese temor instalado en moitísima poboación, e vostede sabeo perfectamente.

Outra cuestión da que non falou, señor conselleiro, é de que hai unha estratexia estatal de vacinación, hai un plan galego de vacinación onde se establecen prioridades de grupos por prioridades. E vostede hoxe aquí non dixo que o están saltando pois bastante á torera. Dixo

aquí que ían empezar co grupo 7; bueno, pois no grupo 3 está o Servizo de Axuda no Fogar, e vostede hoxe aquí atreveuse a dicir que están vacinadas e eu desmíntolle que estean vacinadas todas as persoas, fundamentalmente mulleres do Servizo de Axuda no Fogar.

Hai uns días, a CIG denunciou que había importantes grupos de persoas do Servizo de Axuda no Fogar que estaban sen vacinar, en concreto no concello de Vigo de 350 traballadoras só están vacinadas o 10 %, onte seguía esta situación. E a información que temos é que nas grandes cidades a situación é moi parecida, co cal eu pídolle que vostede diga que está pasando ou como se atreve a afirmar aquí que están todas vacinadas cando a información que temos é que non é así.

Os grandes dependentes están no punto 4, e están empezando a vacinar hai uns días aos que están nos domicilios, iso si, obrigando o persoal de enfermaría a facerse cargo dunha tarefa máis, de ir aos domicilios a vacinar estes grandes dependentes sen ter posibilidade de reaxustar as súas axendas nin reforzo de persoal, senón a maiores de todo o que xa veñen facendo. Os maiores de 80, señor conselleiro, é que vai estar mañá, imos rematar para a semana. A realidade é que, a día de hoxe, hai case 20.000 sen recibir a primeira dose. E só o 43,5 % teñen as dúas doses, cando era un grupo hiperprioritario. E a día de hoxe a mediados de abril o 43,5 % non recibiron a segunda dose; polo tanto, non están plenamente inmunizados, a pesar de ser maioritarios, igual que as persoas con condicións de moi alto risco, como transplantados, efectivamente diálise, persoas con cancro e dixo vostede que van empezar, o día 30 de marzo actualizouse este grupo na Estratexia Estatal, a Estratexia Galega segue sen actualizar desde o 19 de febreiro, a Estratexia Galega segue sen actualizar; dígoos porque vostede logo vén aquí a sacar peito en aras da transparencia, pero o Plan Galego e a Estratexia Galega segue sen actualizar desde o 19 de febreiro. Logo temos que fiarnos do que vostedes din un día e logo din o contrario ao seguinte, pero está sen actualizar desde hai case dous meses.

No colectivo 3 está o persoal do ámbito sanitario, no que están incluídos estudantes de diferentes ramas sanitarias. Os estudantes de odontoloxía, que fan as prácticas con doentes, que ademais colaboran no convenio que ten o Sergas para atender persoas con dificultades, onte manifestábanse polas rúas de Santiago, estiveron aquí diante do Parlamento porque non foron vacinados, é dicir, grupo 3, van empezar o grupo 7 e resulta que este colectivo importante están sen vacinar.

Entón, a min gustárame que vostede explicara este erratismo á hora de empezar un grupo, logo non sabemos como vai o mesmo, empezar outro... Iso si, o anuncio de cada grupo en titulares e a toda plana, pero a continuación e o seguimento de como van eses grupos, dende logo, logo non sabemos como vai. *(Aplausos.)*

Vostede dixo aquí que está moi agradecido aos galegos e galegas que fixeron un gran esforzo, os profesionais fixeron un grandísimo esforzo. Eu dende logo, aquí en nome do BNG vou dicilo aínda máis, un grandísimo esforzo. O sistema sanitario está dando resposta á situación da pandemia á custa do sobreesforzo continuo e permanente dos profesionais. Todos fixeron un gran esforzo, o que está por saber é onde está o esforzo da Xunta en corresponder a ese esforzo dos e das profesionais. A atención primaria está en cadro, xa estaba en cadro antes da pandemia, levamos un ano de pandemia, e agora as dificultades están multiplicadas.

Uns profesionais que están dando non todo, senón que están dando máis do que sería pedible. Están atendendo a demanda ordinaria, os crónicos, os agudos, facendo o seguimento de todas as persoas que pasan o covid na casa, señor conselleiro, o gran hospital do covid son os domicilios que están atendidos dende atención primaria. ¡Miles de persoas atendidas desde atención primaria! *(Aplausos.)*

E agora teñen que facer fronte tamén ao Plan de Vacinación, á custa dos mesmos, e de que os mesmos fagan máis e máis traballo. Por iso eu lle digo que non se apunte o ben que van as cousas en Galicia, porque o punto non é para vostedes nin para a Xunta, o punto é para os profesionais e para os galegos e as galegas. Para uns profesionais que están traballando a destajo sen ningunha consideración por parte da Xunta de Galiza, que non está aumentando cadros de persoal nin está reforzando.

Mire, chégase ata tal punto, que a instrución ditada polo Sergas o 3 de marzo, algunhas áreas sanitarias trasladáronllas aos profesionais onte, señor conselleiro, ¡onte! Esa instrucións para saber como teñen que vacinar, como teñen que facerse. A algunhas áreas sanitarias trasladáronlla onte e a algunhas hai uns días, onde se establecía como ía ser ese proceso de planificación e organización xeneralizado diante da chegada masiva de vacinas.

É dicir, que habería un momento en que ía chegar un número masivo de vacinas sábese desde hai meses, señor conselleiro. ¿Como están a última hora a salto de mata facendo esta planificación? Gustaríame que llelo explicara aos profesionais que están ao límite e que só a súa implicación extenuante co sistema sanitario público xustifica o que están facendo.

E logo hai unha cuestión, señor conselleiro, que neste momento a ameaza epidemiolóxica, da que vostede non falou nada, son as novas variantes, novas variantes que son máis contaxiosas, que contaxian durante máis tempo e, polo tanto, teñen máis letalidade e máis carga viral.

Diante desta situación, o normal sería a actualización de protocolos. Actualización de protocolos empezando polas corentenas, que as teñen a 10 días cando toda a comunidade científica di que, como mínimo, debían de ser de 14 días ou máis. Esa actualización de protocolos non sabemos que se estea realizando.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...non sabemos, señor conselleiro, que estean facendo ningún cambio nesta cuestión. Nin o tema dos rastrexos, que é flagrantemente mellorable, eu diría que tremendamente deficitario a abril do ano 2021, un ano máis tarde de iniciada a pandemia e o sistema de rastrexo segue sendo unha auténtica asignatura pendente. Co cal me gustaría que nos contestara que actuacións se están realizando con respecto á nova variante, que ten unhas especificidades diferentes e moita máis contaxiosidade, e, polo tanto, necesitaría esa actualización, e, que nós saibamos, non se está realizando.

De momento nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días, señorías.

Moitas grazas, presidente.

En primeiro lugar, parabéns; parabéns, conselleiro, por comparecer, por comparecer a petición propia, e por vir sempre aquí coa máxima transparencia e traer todos os datos e toda a información. Congratulámonos porque, segundo vostede nos acaba de comunicar, na nosa comunidade autónoma a situación de pandemia segue sendo boa, e dende o Grupo Popular sumámonos a eses agradecementos que vostede tamén manifestou, a todos os galegos pola disciplina no cumprimento das medidas de prevención, que son as que hoxe nos permiten ter eses datos de estabilidade en Galicia con respecto á evolución da pandemia. E tamén temos que agradecer á consellería que vostede dirixe, pola xestión que está facendo nesta crise sanitaria, a maior crise sanitaria mundial que se recorda no último século. Como tamén temos unha gratitude infinita á resposta de todo o persoal sanitario, o gran esforzo que teñen feito nestes longos meses, moitas veces en situacións extremas, é certo, pero sen escatimar ningún esforzo, labor que penso que nunca lle imos agradecer o suficiente. E quero comentar aquí unha cuestión para a señora Prado, que está por aí, que facía fincapé neses miles de doentes que se atenden nos seus domicilios, onde mellor se está cando un está enfermo, grazas ao sistema Telea, que o Servizo Galego de Saúde ten implantado desde hai tempo.

Señor conselleiro, a semana pasada tivemos que votar unha iniciativa do BNG que pedía máis información no Parlamento e á cidadanía, e presentaba como se fose haber un problema con isto, e hoxe vostede está aquí no Parlamento dando todos os detalles, explicando polo miúdo e ademais anunciando que xa estaban elaborando esa web específica para dar todos os detalles á cidadanía do proceso de vacinación agora que xa se abriu aos grupos de poboación xeral.

Se cadra, algúns grupos que sosteñen gobernos que son sancionados e reprendidos reiteradamente polo Consello de Transparencia, por negarse a publicar información sobre a súa xestión da pandemia, cren que todos os gobernos funcionan así. Xa sabemos o que di o refrán: pensa o ladrón que todos son da súa condición.

Temos un bigoberno no Estado que, de maneira constante, ignora o Consello de Transparencia. O Goberno de Pedro Sánchez desatende, rebate nos tribunais ou simplemente ignora case a metade das resolucións do Consello de Transparencia e bo Goberno. E vou pór un exemplo de como se actúa nestas cuestións: o pasado 22 de xaneiro o Goberno socialista cesou a subdirectora de Reclamacións, o posto clave para resolver todas as peticións cidadás que afectan ás distintas entidades do Estado. Nese momento ocupaba o cargo Esperanza Zamora, coñecida e respectada polas asociacións a prol do acceso pola implicación no desenvolvemento e aprobación no ano 2013 da primeira Lei de transparencia na España democrática. O cesamento desta profesional produciuse sen xustificación pública ningunha. Casualidade, pode ser que esta se producise xusto despois de que o Consello de Transparencia amparase por exemplo a petición cidadá de que sexan públicos os nomes dos asesores que utilizou o Ministerio de Sa-

nidade nesta pandemia, un dato que o Executivo se negou de forma sistemática a achegar, pero que vén de obrigado cumprimento pola normativa sanitaria española.

Pero, señorías, aquí estamos en Galicia, e esta Xunta de Galicia non ten medo ningún á transparencia, ¿e saben por que? Porque non ten nada que ocultar. Outros gobernos prefiren seguir ocultando, e mesmo cesar os que lles esixen información. Aquí hai un Goberno estable, cohesionado e con maioría, que, como di o presidente Feijóo, só se debe aos galegos. E este Goberno do Partido Popular dá dúas roldas de prensa á semana, e o presidente dá como mínimo unha rolda semanal, namentres que outros presidentes máis do gusto do PSOE e do BNG, poden pasar meses e meses sen responder ante os medios de comunicación, sen que pase nada, e ninguén di nada, nin pío.

Porque, señor conselleiro, a pandemia non vai co Goberno central. Todo o que ten que ver cos gromos, a incidencia acumulada, a presión hospitalaria, as medidas de restricións, todas esas cousas que causan tanto sufrimento e tanto dor, tan desagradables, iso son problema das comunidades autónomas. O Goberno de España non ten nada que ver aquí. Francamente, despois do que ocorreu cando intentou liderar este proceso, pois case lle agradecemos que prefira desentenderse.

O que é curioso é que hai outra parte da pandemia que ao Goberno de España si lle gusta máis; cando hai que falar de vacinas, aínda que non teña nada que ver na súa administración, aí sempre hai unha foto que facer, sempre hai unha rolda de prensa que dar e un titular que colocar.

O señor Sánchez considera, que a enfermidade é responsabilidade dos gobernos autonómicos, pero a cura non, a cura iso si que é cousa del. ¡Imposible máis cinismo!

Afortunadamente en Galicia sabemos perfectamente que isto non é así, e que, igual que a Xunta asume a responsabilidade e o custo das medidas impopulares de restricións, tamén asume a responsabilidade de levar a cabo un proceso de vacinación adaptado á realidade galega, un proceso que, se implica vacinar en centros de saúde de concellos de 2.000 habitantes para facilitar que se chegue aos maiores de oitenta, faise, aínda que supoña a penalización de saír peor nas estatísticas que outras comunidades que optaron por mandar todos os seus maiores a vacinarse a grandes estadios nas cidades.

É un proceso que, se implica ter que ir a miles de domicilios de maiores, que din que non poden desprazarse ao centro de saúde, pois tamén se vai. E o outro día na Comisión 5.^a o voceiro do Partido Socialista preguntáballe estrañado á directora xeral de Saúde Pública se o criterio para ir vacinar un maior era simplemente ese, que o maior dixera que non podía desprazarse. E a resposta foi que si, que aquí non necesitamos ningunha declaración xurada para axudar a unha persoa maior a vacinarse.

Aquí temos un Goberno comprometido con esa poboación, que é dos que antes completou a vacinación das residencias, e que non vai escatimar ningún recurso en levarlle a vacina á casa ao último maior de calquera lugar e parroquia da provincia de Ourense, de Lugo ou de calquera sitio da nosa comunidade.

Por iso, señor conselleiro, este Goberno vai a ter o apoio do Grupo Popular, independentemente de que unha semana saia mellor ou peor no *ranking*. Lamentablemente tamén lle avanzo que á oposición nunca a vai a ter contentan, ¡nunca! Saltaron aos medios desprestixiando a xestión da Xunta de Galicia o primeiro día que viron que Galicia non saía das mellores na foto, pero desde logo non tiveron a mesma rapidez en darlle os parabéns ao Goberno todas as semanas que Galicia saíu nesta mesma foto liderando o proceso.

Agárranse a anécdotas, gústalles o a propósito dun caso, como incidentes totalmente illados, nun día desas catorce vacinacións masivas simultáneas que se celebraron en Galicia, e chegou a dicir a líder do BNG, e cito textualmente: «Implicaban un risco claro para as persoas maiores, que son un dos colectivos máis vulnerables», unha anécdota que se resolveu en poucos minutos.

Iso é unha irresponsabilidade, é alimentar o alarmismo. Eu non sei o que pretendía o Bloque Nacionalista Galego nin a señora Pontón, non sei; o que si sei, señorías, é que a saúde é a preocupación máis importante que ten a cidadanía. É un tema moi serio, e non podemos permitir ese tipo de comentarios nos responsables políticos. Coa saúde non se pode xogar.

Onte sabiamos que a participación nestes procesos de vacinación neste fin de semana, rozaba o 90 %. Afortunadamente a cidadanía galega non escoita nin alarmistas nin negacionistas.

Señorías, somos a segunda comunidade de España con máis vacinas administradas nos centros de saúde, e isto é unha realidade, non é sacar peito, é dicir a verdade, e afortunadamente a nosa sanidade pública responde a esa vontade da poboación.

Eu teño que trasladarlle, conselleiro, o que me contan moitas persoas que se van vacinar, nun proceso ordenado, nun proceso rápido, que chegan, son vacinados, esperan eses 15 minutos e vanse tranquilamente. Con toda axilidade e cunha atención impecable por parte do equipo de enfermeiras, moitas delas especialistas en saúde familiar e comunitaria. Unha especialidade que, por certo, creou este Goberno, e na lexislatura pasada precisamente o señor Almuíña compareceu aquí para dar conta da creación desas prazas desa especialidade. E esa noticia pasou como se non tivera importancia, e nunha comunidade como a nosa estas especialidades de enfermaría teñen moita, moita importancia.

Tamén tivemos unha noticia importante na semana pasada da que tampouco se falou aquí, que foi a oferta pública de emprego, especialmente centrada na enfermaría. Das máis de 1.200 prazas que se ofertaron...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...650 —remato xa— son de enfermaría. Pero ¿sabe por que non se ofertaron máis?, señor Torrado, ¡a taxa de reposición! Apunte, ¡anote! E, polo tanto, o Goberno segue a reforzar a sanidade pública. E esta realidade que a oposición nos conta non tería nada que ver, nin de lonxe, esta pandemia non tería resistido coa realidade que nos intentan trasladar aquí. Galicia ten estes datos que hoxe nos expuxo porque ten un Goberno que xestiona, que toma medidas equilibradas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: ...e sensatas.

E remato xa, señor presidente, dicindo que nós confiamos plenamente no traballo do Goberno e especialmente na Consellería de Sanidade para seguir controlando...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: ...e mellorando a pandemia de cara a ese obxectivo común que é mellorar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: ...as cifras de mortalidade e volver a un estado de normalidade tanto social como sanitaria.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para o turno de réplica, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Presidente, señorías, moitas grazas por darme a oportunidade de poder agora contestar a algunhas das cuestións que se plantexaron aquí. En xeral, agradecer, como sempre, o ton case sempre construtivo das intervencións. E tratarei de aclarar algunhas das dúbidas ou das cuestións que se plantexaron nas distintas intervencións.

Vou comezar por esas cuestións globais que vostede dicía, señor Torrado. E non vou falar do estado de alarma, porque creo que que está todo dito, pero si vou falar das ferramentas. As comunidades autónomas precisan ter ferramentas para xestionar unha situación como esta; non soamente Galicia, Galicia, Asturias, País Vasco e outras comunidades autónomas precisan ferramentas coas que creo que levamos tempo traballando e, sen caer no exceso de triunfalismo, creo que nos permitiron estar onde estamos ata o de agora. Cuestións como o peche perimetral dos concellos, as limitacións dos horarios dos bares, todas as ferramentas que utilizamos neste tempo creo que foron fundamentais para estar no momento no que estamos agora. A cuestión é despois do 9 de maio, ¿que ferramentas imos ter?, esa é a gran pregunta, se vostede sabe a resposta... Nós, dende logo, no Consello Interterritorial información cero sobre este tema a pesar de que o preguntamos reiteradamente. E, como cada vez está máis preto, bueno, pois si que vostede ao mellor ten información, seguramente si, igual lla dan a vostede máis que a nós no Consello Interterritorial. E, dende logo, claro que nos preocupa esta cuestión e claro que discutimos nese sentido co Goberno, discutimos disto, discutimos da recentemente publicada lei que establece o uso das mascarillas, unha lei dun ano atrás, extemporánea, na que o outro día pretendían que asináramos un acordo que di

que en Galicia se pode ir pola rúa sen mascarilla; pois evidentemente niso si que imos discutir, señor Torrado, e noutras cuestións evidentemente non.

Cando se nos pon encima da mesa a situación derivada de información científica e evidencia sobre a vacina da AstraZeneca, si, señora Prado, aportouse á EMA, e leu o seu informe a Axencia Española do Medicamento tamén. E en base a iso por un principio de prudencia —que ao mellor este é un concepto que hai que ensaiar de vez en cando— levounos a considerar non suspender a vacinación con AstraZeneca —que non se suspendeu, polo menos nesta segunda vez— e si a adaptar o grupo de persoas a vacinar a esa nova situación derivada —repito— dese principio de prudencia. Polo tanto, digo que, bueno, falando un pouco do tema das ferramentas, si que sería bo que as teñamos e niso estamos. Desenvolvemos a nosa lei, que contemplaba precisamente esas ferramentas e, bueno, todo o mundo sabe como está agora mesmo esa nosa lei.

E falaba vostede da información. Creo que xa o dixen na miña intervención, totalmente a favor da información. É certo que esperabamos que a páxina web do ministerio cubrira esa situación. Como vostedes ben saben, a páxina web do ministerio a nivel de vacinas incorporou xa hai unhas semanas o número de residentes vacinados en Galicia e en toda España, no que Galicia, por suposto, estivo semanas e semanas no número un —como segue agora— e nunca escoitei —tiña razón, señora Amigo— ningún tipo de comentario sobre esa información, moi positiva, por certo. E froito —como dicía antes— desa aposta do Goberno galego por priorizar os residentes e os traballadores das residencias.

E cando hai unha semana o ministerio pola súa conta e risco decidiu publicar os datos do estado da vacinación —foi a semana do mércores de Semana Santa— xusto nós tiñamos reunión cos grupos parlamentarios, o presidente, e trasladáballe dúas cuestións que, bueno, igual non se entenderon suficientemente ben. Díxoselles aos grupos parlamentarios que iamos vacinar durante toda a Semana Santa nos centros de atención primaria, porque o noso obxectivo era rematar a vacinación dos maiores de 80. Non creo que ningún, nin sequera a señora Prado, poida dicir que en Semana Santa non se vacinou os maiores de 80 anos nos centros de saúde; continuouse o xoves, o venres, o sábado e o domingo vacinando galegos e galegas en atención primaria, que foi o que establecemos de común acordo, por certo, coas sociedades científicas, colexios profesionais, que todo o mundo estivo de acordo en que para ese colectivo, os de máis de 80, o sitio máis axeitado eran os centros de saúde pero matizando, reforzando o persoal. Os centros de saúde de atención primaria tiveron reforzo de persoal para vacinar os maiores de 80 anos absolutamente todos os días, e seguen a telo agora mesmo. Esas 200 enfermeiras que contratamos, que estiveron dedicadas a vacinar a maiores de 80 anos, son a maiores; son un 10 % da plantilla do persoal de atención primaria, da enfermaría de atención primaria. Deixen xa de dicir que non se reforza porque non é certo, reforzamos as enfermeiras de atención primaria e reforzamos os PSX tamén da orde do 10 %. Porque todas esas chamadas aos pacientes para ir aos centros de saúde non as fixo nin a enfermeira nin o PSX ordinario, fixérono PSX adicionais, postos á disposición para este proceso. E parece mentira que vostedes non o saiban, e especialmente vostede, señora Prado; supoño que coñecerá a algún deses PSX que se dedica exclusivamente a chamar por teléfono para que os cidadáns poidan acudir á vacinación nos centros de primaria.

Como dicía, apostamos pola vacinación nos centros de primaria, pola cercanía. E dixémoslles aos grupos parlamentarios que despois da Semana Santa habería dúas vacinacións masivas para o grupo 60-65 e para o grupo 75-79. Non sei que parte deste discurso non entenderon para falar agora de que temos vacinas... Vostede, señora Prado, dicía que ílevamos meses coas vacinas nas neveiras! O único tempo que houbo esas vacinas nas neveiras foi en Semana Santa —repito—, porque priorizamos a vacinación... E ademais é que, fíxese como é de absurdo porque os datos das vacinas que tiñamos na neveira saíron o mércores antes de Semana Santa, curiosamente; pero saíron publicados na páxina web do mércores, non estaban antes, e ademais é que non estaban nin na web nin na neveira. Nós en Galicia levamos moitos meses, moito tempo, dende o 27 de decembro facendo o que nos toca facer; ademais non é mérito deste Goberno é mérito de todo o mundo, das enfermeiras que vostede dicía, dicía da xente de saúde pública, da xente de loxística, de todo o mundo. Por certo, señor Torrado, da xente que facía a loxística porque, se non recorda vostede mal, había un proceso complexísimo que chegaban dende Guadalajara. A primeira vacinación fíxose en Guadalajara porque por aí entraban todas as vacinas de España e, claro, como xa estábamos alí íamos facer a primeira vacinación e ao día seguinte as vacinas entran polo Porto. Se o problema non é que entren polo Porto, señor Torrado, o problema é que chegan ao sitio do almacenamento sen que ninguén saiba delas e preguntando noutra nave, por exemplo. Bueno, pois iso é do que nós nos queixamos para que iso non fora así, e teño que dicir que está arranxado. Agora veñen polo Porto pero en condicións, pero aqueles primeiros días non viñan así, señor Torrado, e ademais esperándoas nós no Padornelo.

Ben, dito isto, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si— falar tamén das culpas. Vostede falaba das culpas. Pois, mire, eu creo que a estas alturas —ao mellor vostede si pero eu creo que ninguén dubida de que a xente xove contaxia os maiores na súa casa —ao mellor vostede cre que non, pero despois podemos discutilo— ou ninguén dubida de que na hostalaría coa mascarilla quitada cando se come se contaxia... isto dixémolo, dicímolo e teremos que seguir dicíndoo; non é cuestión de botarlle culpas a ninguén, e dicir o contrario é negar a realidade. Imos seguir por aí.

E o outro día cando falamos das vacinacións masivas en Compostela, pois ao mellor se algún de vostedes tivera ido ata alí como fomos nós tería visto por que se produciu ese pequeno —que foi pequeno— incremento de xente ao principio. Pois simplemente porque a xente, con todo o bo criterio do mundo e probablemente coa mellor intención, acudía antes da hora. ¿Que fixemos? Pois poñer un filtro previo e non pasaba a esa segunda zona de vacinación aquela xente que non tiña vacina na vindeira hora, algo tan sinxelo como isto. A partir de aí fixémolo en todos os sitios e ese problema, tan culpa nosa e da organización e de ser nefastos na organización, pois, mire, non volveu producirse. Agradecer, por suposto, aos galegos e ás galegas que, ante esa mensaxe que trasladamos de que foran o máis cerca posible da hora da vacinación, pois realmente temos que dicir que se cumpriu.

Despois falaban os dous —creo— dos mutualistas. Xa o dicía tamén na miña intervención, os mutualistas hai que facer dúas separacións. Por unha banda, hai mutualistas que escollen voluntariamente ser atendidos no Sergas cada ano cando escollen. Pois eses mutualistas están vacinados exactamente na mesma proporción que os que teñen dereito ao Sergas, o 92 % agora mesmo. Ou sexa, non hai ningún problema cos mutualistas que escolleron ser-

vizo Sergas. E, respecto aos que non escolleron o servizo Sergas, pois o 80 % están vacinados. É un grupo de xente no que non temos información nas nosas bases de datos que nos remiten esas mutuas correspondentes, que se fai un proceso de carga. Hai veces que ten sido problema noso, que algún teléfono non se traslada aínda que está na casilla cando se fai a translación non aparece e non hai xeito de contactar con el, e outras veces ten sido porque simplemente non había teléfono. Como xa dixen antes, cada incidencia dese tipo trabállase e púxose en marcha ese teléfono para que aquelas persoas que non foron chamadas por este período de idade poidan chamar a ese número que están usando, por suposto, sen ningún tipo de problema.

Falaba vostede do éxito colectivo; totalmente de acordo, súmome a ese éxito non só coas vacinas. Ao mellor vostede non o sabe, pero é que a PCR estivo dispoñible antes dun mes dende o primeiro caso; e antes, practicamente 2 días despois do primeiro caso tivemos a primeira vacina en Galicia. Totalmente de acordo con vostede en que é un éxito colectivo, pero sendo colectivo non o estraguemos con cuestións que probablemente o que van facer é xerar unha mala imaxe dun proceso que efectivamente é colectivo, é de todos, especialmente dos profesionais sanitarios e de todo o mundo que está a facer este traballo. (*Aplausos.*)

Vostede insiste sempre na porcentaxe de poboación, bueno, como vostede insiste eu teño que insistir tamén. Nos primeiros momentos, ata o primeiro de marzo, as vacinas que recibía Galicia non eran proporcionais á súa poboación, son proporcionais á súa poboación maior de 80 anos dende o 1 de marzo, que empezamos a recibir o 8,2 %, pero ata ese momento era do 5,2 %-5,3 %, e esa non é a poboación. Pero, bueno, se vostede dá o dato, eu tamén o vou dar porque non vou deixar de dalo. E, repito, dende o 1 de marzo recibimos o 8,2 %, que é a porcentaxe de poboación que temos no grupo 80, pero nas residencias —que eran o primeiro grupo diana, nos traballadores das residencias— esa proporción non se mantíña. Polo tanto, dixémolo e temos que seguir dicindo que non foi así.

E, bueno, xa —como comentaba antes— respecto ás doses sen vacinar, por dar algún dato, se mo piden, que, por suposto, sempre está á súa disposición, mire, ata o cambio da AstraZeneca da semana pasada nós tiñamos administradas máis de 40.000 doses de AstraZeneca. E teño que facer un inciso aquí, AstraZeneca a semana anterior a esa incidencia anunciou que das doses que tiña previsto enviar a Galicia reducía dous terzos; ou sexa, soamente nos chegaba un terzo e nós tiñamos —repito— máis de 40.000 galegos e galegas coa vacina posta. Pois claro que somos prudentes e gardamos un número importante de vacinas para garantir esa segunda dose, e seguímola gardando; imos deixar de momento 14.000 vacinas ata maio por se acaso —é o que dicía—, esta semana apenas nos chegan 7.000 vacinas de AstraZeneca. Entón si que hai un principio de prudencia tamén neste caso na reserva de vacinas tanto en AstraZeneca como en Moderna, Moderna ata o de agora, igual cambia —e isto dío o propio ministerio e tamén AstraZeneca— non ten un sistema de loxística fiable, case nunca coincide ao que está previsto co que chega. Polo tanto, tamén en Moderna gardamos un número importante, practicamente do 50 % das doses de compromiso, para esa segunda dose. E despois no caso de Pfizer xa lles dicía que o noso obxectivo na Semana Santa foi vacinar en atención primaria; e, rematada a atención primaria, estamos vacinando como estaba previsto en maiores de 80 nos domicilios. Non lle vou dicir a vostede como se organiza a poboación en Galicia e como está de dispersa, e como a aposta de ir vacinar aos centros de saúde nos vai levar si

ou si a ir máis lentos, máxime cando estamos xa traballando —como dicía antes— na vacinación daquelas persoas que, unha vez chamadas para que foran ao centro de saúde, non puideron acudir e temos que ir aos domicilios; e, señora Prado, os domicilios en atención primaria e na enfermaría paréceme que non é nada que saia do seu contorno de traballo habitual. Ou sexa, dicir que unha enfermeira de atención primaria non pode facer a vacinación dos seus pacientes de cupo en domicilio, que lle digo, a media sae a menos de 7 por enfermeira en domicilios, bastante menos. E si cremos que a poden facer pero aínda, por se acaso, seguimos tendo as enfermeiras de reforzo, que no caso da provincia de Ourense son elas as que están indo a domicilio, as de reforzo, non as de atención primaria. E temos, efectivamente, propostas de enfermeiras de atención primaria que nos piden facer ese esforzo.

Falando de atención primaria e da formación, mire, o curso que se deu ás 2.000 enfermeiras de atención primaria, que teño que dicir que foi masivo o seguimento dese curso, foi hai case un mes, un mes no que as enfermeiras de atención primaria, todas, as 2.000 se apuntaron ao curso e o fixeron. Non foi nin onte nin antes de onte. O que puido chegar [...] sanitaria, que non digo que non, onte ou antes de onte foi a instrución que regula algúns aspectos relativos a como ir aos centros de saúde. Pero pódolle dicir exemplos de áreas sanitarias e de hospitais e centros de saúde que esa instrución a teñen, vostede mesmo o dixo, do 3 de marzo. Ou sexa, esa instrución está feita hai máis dun mes. Polo tanto, dicir agora que se improvisa cunha instrución do 3 de marzo non sei a que vén. En todo caso, estamos tranquilos e satisfeitos coa formación da enfermaría de atención primaria e, especialmente, co seu comportamento, como xa dixemos aquí por activa e por pasiva. Non nos vai escoitar dicir a nós que a enfermaría de atención primaria non fixo o que tiña que facer, claro que o fixo e ademais —repito— moitas delas, 200 de xeito voluntario, para formar parte deses equipos de referencia. *(Aplausos.)*

E agora iría nesa parte que menos agradecía no ton. Señora Prado, di vostede que en Galicia saltamos os grupos, que é un caos, unha desorganización a vacinación. Bueno, vou falar do que falaba hai un momentíño, dese espírito colectivo, de suma de recoñecemento, de agradecemento e de reforzo do proceso de vacinación. Non creo que palabras como caos, desorganización ou saltar os grupos sexa o máis axeitado para reforzar o plan de vacinación, que é un éxito de todos, como estamos a dicir.

Mire, eu creo que non houbo nin caos nin desorganización na vacinación, creo que non a houbo. Xa temos comentado un caso puntual, non chegou a unha hora nun punto de vacinación, que se arranxou case ao momento. Non sei de que caos e desorganización fala vostede.

E saltar os grupos, mire: os grandes dependentes, se vostede le polo miúdo o plan, di que se comezarán a vacinar ao mesmo tempo que os maiores de 80. Foi exactamente o que fixemos; nós cando empezamos a vacinar maiores de 80, empezamos a vacinar maiores de 80 e dependentes. Levamos o 50 % dos grandes dependentes vacinados. Teño que dicir coas enfermeiras de atención primaria, que o fan encantadas. Van aos domicilios e ademais son as que os coñecen e os teñen perfectamente localizados.

Xa dixen eu antes o problema derivado do cambio da dose de AstraZeneca, nós tiñamos pensado facer esta semana eses colectivos que nos quedaban, nomeadamente os estudantes de

odontoloxía, aos que lamento que lle coincida, pero non lle imos poñer de momento a vacina de Pfizer, porque unha cousa que si facemos en Galicia, a pesar de todo o que vostedes poidan pensar, é ser leais co que se acorda no Consello Interterritorial. No Consello Interterritorial acadouse, podemos discutir, señor Torrado, podemos votar en contra, pero creo que nunca fomos desleais co que se plantexa no consello. E no consello plantexouse que a vacinación dos esenciais menores de 55 quedaba paralizada, e nós así o fixemos. Cando se determine que se fai, que vacina se utiliza con esenciais menores de 55, aplicarémolo ao día seguinte. Pero, de verdade, creo que é unha falta de respecto, primeiro, á xente que o está a facer e, segundo, ao Goberno e creo que a todos os galegos. Galicia non vai por libre no proceso de vacinación, segue escrupulosamente o que está establecido na estratexia. Pode haber algunha situación puntual. Falaba vostede do SAF; pois si temos un problema co SAF de Vigo, efectivamente, que é coñecido polo Concello de Vigo e por nós, e estamos a arranxalo. Pero creo que maioritariamente todos os SAF en Galicia ou maioritariamente están vacinados.

Tamén é certo que, de novo, falamos de listados que veñen dun xeito ou doutro, sen entrar en detalles, a nosa intención é —se non, despois vostede coméntamo, se quere, ou se non do xeito que queira—, creo que sempre foi vacinar o SAF en tempo e forma, como creo que así está feito, ¿non?

Por rematar xa, agradecer, por suposto —repito— o ton, especialmente en todo aquilo que reforza non o Goberno galego, senón a sociedade galega no seu conxunto, que foi quen de priorizar e, salvo pequenos aspectos, poñer en valor o importante da vacinación, e non só da vacinación, porque hoxe non falei só de vacinación, creo que os datos epidemiolóxicos dos que falamos é unha situación da que podemos sentirnos orgullosos todos; en primeiro lugar, os galegos e as galegas que están a cumprir con esas normas, están sendo responsables, imos aprendendo todos, todo o mundo sabe a importancia dos espazos públicos, a importancia de non facer reunións dun número determinado de persoas, a importancia de levar sempre a mascarilla, creo que nese sentido Galicia é un exemplo. E aí permítame, señor Torrado, non imos ceder en que agora en Galicia se pode correr pola rúa sen mascarilla e imos dicilo por activa e por pasiva, aínda que o Goberno diga que non se pode cambiar a lei. Pero digo que, en xeral, o éxito da situación que temos en Galicia é de todos, pero tamén teño que dicir que, ollo, non hai que confiarse, hai que seguir traballando, hoxe temos Comité Clínico un martes máis e volveremos ver que medidas se poden manter, que medidas hai que reforzar, porque todos sabemos e temos comunidades autónomas cerca e lonxe que, despois de estar moi ben, teñen pasado por ser as de peor situación. Nós, de momento, nunca vivimos iso, pero evidentemente hai que traballar todos os días para que sexa así e, nese sentido, agradecer, repito unha vez máis, o traballo dos sanitarios, da poboación e, por suposto, tamén deste Parlamento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Menos mal que agradeceu o ton. Se non lle chega a gustar..., se non lle chega a gustar... *(Aplausos.)*

Vamos ver, e que é moi difícil discutir incluso cando se intenta, xa non digo terxiversar, pero inventar o que explica alguén. Eu aquí incluso acabei escoitando ou reprochándonos que nos preguntamos pola atención nos domicilios. Cando, lémbrolles aos dous, que o dixeron os dous, a señora Amigo e o señor conselleiro, quen preguntamos e nos interesamos, e creo —está aí para ver o vídeo, está aí para ver o vídeo, jeh!— coa directora xeral de Saúde Pública que lle dixemos que nos parecía ben o que estaban facendo, nos parecía ben, fomos nós. Se é que nós trouxemos á directora xeral de Saúde Pública a que explicara unha situación que cremos importante e dixémoslle que nos parecía ben. E vostedes veñen aquí a reprochárlolo. Por iso dicimos que nós cremos que é un éxito colectivo, porque... Xa co do estado de alarma xa non imos facer nada. Se o estado de alarma é tan bo, ¿por que votaron en contra? *(Murmurios.)* ¿Por que votaron en contra? E, se temos tantos mecanismos —e falaremos mañá—, ¿por que facer o que fixeron coa lei? En fin, é que non vale dar un argumento hoxe e outro mañá en función da cousa.

E non, non é unha cuestión de porcentaxe por poboación a chegada das vacinas. É unha chegada por porcentaxe polo grupo diana e sempre chegaron e chegaron, e chegaron as que tiñan que chegar para maiores de 80 cando vacinamos maiores de 80. Se é que chegaban menos cando vacinabamos en residencias é porque Galicia ten o menor número de prazas de residencias públicas de España por maiores. Se é que ese é o problema. *(Aplausos.)* Se tiñamos menos vacinas, é porque temos menos prazas. Creen máis prazas de residencias públicas. Cero dende que goberna Feijóo.

Menos mal que lle gustou a actitude. Pero ¿saben cal sería a outra actitude? Se nós estamos... Se eu me lembro a min perfectamente dicindo tranquilamente a que vacinación vai ben e que é un éxito de todos. E veñen reprochar iso. Pero se podemos ensinar, poderíamos facelo. Collo o meu teléfono durante a súa intervención da señora Amigo e do señor conselleiro. Digo 10 para quedarme curto, whatsapps de persoas distintas que a están seguindo, que a seguen e que me din: dille que mente, porque isto que está dicindo que está feito a min pásame e non está feito. E ¿sabe que pasa?, que despois se enfadan comigo, que me din: parece que defendes ti máis o Goberno que o Goberno. Porque eu estou pecando, porque o meu grupo está pecando de ser leal. Porque, se non, cando vostedes soben aquí a dicir o que din, a ver se poden a próxima vez entón, xa que me queren criticar en nome do meu grupo que facemos unha crítica esaxerada... Eu xa o do entrar en que aos socialistas non lles importa, non sei que, tal... non vou entrar, pero...

Os mutualistas, que están sendo vacinados en menor taxa. ¿Por que? Porque hai un problema. ¿E víronnos dicir algo exaxerado? Non, plantexámolo como unha cuestión, tamén en privado nas reunións.

¿Víronnos dicir algo sobre os odontólogos, están en prácticas diante dunha boca aberta? ¿Víronnos dicir algo? Non. E teñen razón.

Sobre os logopedas, que traballan con xente falando, diante. ¿Víronnos dicir algo? Non. E teñen razón.

Cos mariñeiros embarcados, ¿víronnos dicir algo?, que teñen un problema porque están convivindo e non poden gardar distancias. Non, e teñen razón.

¿Cos veterinarios? Non, e teñen razón.

¿Co persoal de limpeza dos centros de saúde, que hai moitos aínda non vacinados, moitas persoas? Non, e teñen razón.

¿Co persoal do SAF?, que hai moito e non vacinado, moitas mulleres sobre todo. Non, e teñen razón.

Cos sanitarios de penitenciarias, que vostedes presumían de que estaban todos os sanitarios vacinados e non, eses non. E tiñan razón. ¿Dixemos algo? Non.

Coa contratación, millóns de euros para contratar algo parecido a rastrexadores. ¿Seguimos dicindo algo? Non.

Cos coidadores de persoas maiores nas casas que non se vacinan. ¿Dixemos algo? Non.

Coas acumulacións e aglomeracións nos cribados e despois tamén na vacinación. ¿Víronme dicir algo? Non, e teñen razón. ¿Saben por que? Porque nós dixemos, e eu teño a vantaxe de poder repetir agora que o dixeran numerosas veces aquí, que o proceso é complicado, que os gobernos teñen unha situación difícil e que todas as decisións están feitas con boa vontade, e que todos os gobernos, todos independentemente da súa cor, teñen problemas de situación e de xestión deste escenario tan difícil e tan extraordinario. E nós comprendémolo. Non me pidan ou non nos digan que somos desleais porque non saímos a aplaudir as cousas. Porque, de feito, certo é que moitas veces dicimos que se fan ben, que hai cousas que se fan ben. Xa se o que nos piden é ser palmeros, non, iso permítame que xa non.

E falan de utilización da pandemia. Eu vivín un funeral parecido de país cun número de vítimas, lembrareime sempre: 619. Multiplicámolas por cinco xa. ¿Sabe cal é a diferenza, señora Amigo? Que aquel funeral foi en precampaña. (*Aplausos.*)

Non me veña... e levo meses con isto dentro do corpo, non veña dicir que utilizamos a campaña ou que os socialistas non sei que, ou o pixama que di algún voceiro por aí. ¡Por favor!

Máis persoal. Facía falta, discutimos naquel momento cordialmente sobre o que vostede dicía. Señor Torrado, vostede cre que hai que contratalos xa antes de que veña a vacinación masiva. Ben, nós sempre estamos a favor de contratar persoal, incluso de extra, nunca nos sobra. Pero o caso é que fai falta. E con todo o que temos, que estamos tirando de profesionais do sistema, do sistema ordinario, fantásticos, o que temos é que puidemos desatender as outras áreas, a ver se somos capaces... Nós cremos que é o momento de contratar de maneira estable, xa lle adianto a estratexia, unha vez que as contrate despois dicir, non as cesen.

Xa lle deixo que vou ir por aí, un pouco para ver se... xa sabe, esta cousa galega de «ti vai facendo» e tal. Entón, vostede vaia contratando e a ver se despois conseguimos que as deixin, esa é a nosa cuestión.

Campañas de difusión, unha campaña pública, con persoeiros coñecidos, famosos actores, músicos, periodistas, políticos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...sobre as vantaxes da vacinación, porque é importante que poidamos difundir agora que existen incertezas e que os gobernos están sendo non do todo acertados coa transmisión da idea. Por exemplo en Galicia podíamos facer iso. Conte coa nosa colaboración se iso é así.

A pesar de vostedes, isto vai ben, e a nós alégranos moito, así que todo o mellor que o fagan será bo para todos, pero non me veñan contar as cousas nin facer disto un lodazal, porque por aí non pasamos ata o de agora e no imos pasar máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Só para iniciar, señora Amigo, eu supoño que contando varias veces as prazas que ofertan e sumando as do 2019, que están aínda sen incorporarse, 2019, 2020, 2021 e anunciando as do 2022, danlle números moi bonitos. Se sumaran a isto os vindeiros 10 anos, aínda lle quedaría a cifra bastante máis bonita. Outra cousa é a realidade e cantos profesionais necesita o sistema sanitario público de Galiza, que con estas ofertas de emprego que están facendo vostedes seguen sendo insuficientes, e sábeno, seguen sendo insuficientes e sábeno, aínda que un día e mais outro pareza que están cada día aumentando 1.000 máis. Non vai diso o conto.

Mire unha cousa, señor conselleiro, e tons á parte, porque aquí vimos cada un a mostrar as súas posicións, e vostede pode facer as cousas cun ton moi suave e iso non significa que non sexan prexudiciais ou negativas en moitos dos casos. Non se trata do ton, trátase da intensidade coa que se fan as cousas.

Eu xa lle dixen antes, a ver, os listados de mutualistas. Vostedes sabían dende hai meses que ían a ter que proceder á vacinación, ¿por que agardan á última hora? Logo alporízase todo se lle digo que é improvisación e cuestións a salto de mata e a última hora. ¿Como cando chegan as vacinas póñense a pedir listados? ¿Por que non teñen as cousas organizadas desde hai, porque sabían hai tempo que había que ir a este proceso de vacinación? Non o teñen feito, ¡non o teñen feito!

Mire, eu o tema da enfermaría de atención primaria, por suposto que lle corresponde á atención primaria e o están pelexando para facer o proceso de vacinación, e estano pelexando e

están defendendo o que lle corresponde á atención primaria, por suposto que si, pero non a base dun sobre esforzo inhumano e constante, que é o que lle estou denunciando eu aquí, señor conselleiro, non que teña que facelo a enfermaría, (*Aplausos.*) senón o sobreesforzo permanente ao que os teñen sometidos. Que, sen cambiarlles as axendas, teñan a maiores que ir facer os domicilios de grandes dependentes que lles corresponden, pero cando o teñen planificado, non fóra de planificación e dun día para outro. Iso é o que lle estou aquí denunciando, porque é o que están denunciando. E paréceme bastante sinxelo de entender.

E eu non sei se se trata de lealdade institucional; non, trátase de rigor, e o acordado que se cumpra. E hai unha estratexia e un plan de vacinación que establece os grupos, e vostedes non os están respectando. Vostede na primeira intervención dixo que estaban vacinando todo o persoal do SAF, agora xa dixo que, bueno, que faltan algúns. Pero é que isto é continuo en moitos grupos, e é o que eu aquí hoxe lle veño a denunciar, porque parece que calar e aplaudir é o único que é meritorio, segundo vostedes, e as cousas para que se solucionen hai que saber que existen os problemas, e non dicir que todo está ben cando non está ben, cando non está ben.

E, mire, o tema de cantas vacinas lle administraron a Galiza e cantas estaban administradas iso está non no formato en que está agora, pero dende sempre sabíase cantas chegaban e cantas administraban, e había que sumar e restar. E no BNG iso aínda o sabemos facer, no BNG aínda sabemos facer o de sumar e restar, para ver cal era a situación de que sempre había un número moi importante de vacinas. Agora vostede di que por un principio de prudencia. Bueno, ese principio de prudencia estes últimos días parece que non o están aplicando, en función de se vostede vai vir aquí comparecer para poder dar uns datos ou outros. Digo eu, porque é que, de verdade, ás veces as cousas hai que aplicarse os consellos que se lles dan aos outros, hai tamén que aplicalos.

Mire, vostede falaba hai un momento do tema de que hai que ter ferramentas, e no BNG estamos totalmente de acordo en que hai que ter ferramentas para poder actuar, e por iso defendemos que Galiza teña máis soberanía, máis competencias, máis capacidade para poñer en marcha as cuestións que son necesarias. (*Aplausos.*) E vostedes sistematicamente votan en contra, non queren ter máis competencias para dicir que logo non teñen ferramentas para actuar, e non queren adquirir máis competencias. Entón, unha cousa tería que ir parella coa outra.

Pero, en todo caso, son necesarias ferramentas, pero para actuar e non como confronto exclusivamente político. E hai cousas evidentemente que non ten todos os instrumentos o Goberno galego, pero si ten instrumentos para facer cousas que non está facendo, e eu por iso hoxe lle vou facer unha serie de propostas de cuestións a desenvolver.

Pregunteille pola modificación dos protocolos en aras das novas variantes, porque é necesario que o sistema de rastrexo funcione, e a día de hoxe a vostede pareceralle moi mal que diga caos, pero segue sendo un caos. Hai persoas ás que as chaman tres e catro rastrexadores en versión variada, a outras non as chama ninguén. Hai persoas ás que lles fan PCR cando rematan a corentena e outras ás que non llela fan, podía seguir aquí un tempo que non teño, e iso a día de hoxe a mediados de abril do ano 2021, non en marzo do 2020 cando empezou

a pandemia. Iso segue existindo e vostedes non o están corrixindo, e iso si depende de vostede. *(Aplausos.)* Para iso si que ten ferramentas para poder facelo, por iso unha das propostas que lle digo é que modifiquen os protocolos, que se adapten á nova situación, para que as novas variantes non signifiquen un problema, cando non somos compartimentos estancos, e aquí a Galicia sempre chegaron as ondas con máis atraso que a outros países da Unión Europea e do Estado español. Eu desexo que non cheguen, pero evidentemente se chegan haberá que estar preparados e non ir logo correndo a facer cousas que non se están facendo.

Faga un plan de recursos humanos para a atención primaria xa, tome medidas, poña en marcha ese plan de mellora de atención primaria porque é imprescindible, non pode seguir todo a lombos do sobreesforzo dos profesionais.

Poña en marcha, empece a poñer en marcha un sistema público de alertas epidemiolóxicas e emerxencias, sempre foi a irmá pobre da sanidade, non chega nin ao 1% o que estaba nos orzamentos. Eu o que lle digo é que un ano despois sería hora de que empezaran a vertebrar un sistema coas cuestións que necesita.

E outra cuestión que lle quero demandar é que haxa un pouco de criterio unánime a respecto das áreas sanitarias, porque efectivamente, por moito que vostede diga aquí, é un caso puntual, se nunha área sanitaria non se elaborou un plan funcional...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...temos un grave problema, e hai áreas sanitarias onde non presentaron o plan funcional de vacinación. E vostede sabe que é así, e vostede sabe que hai diferentes ritmos, diferentes criterios en función de quen está á fronte, e iso está creando problemas de iniquidade e problemas á hora de poñer en marcha as cuestións.

E por iso lle pido que, de verdade, coordine e estableza estratexias unificadas en todo o sistema sanitario galego, porque neste momento non está acontecendo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidente.

Bos días de novo, a todos e todas.

Señor conselleiro, de novo parabéns, parabéns e agradecemento; non podemos por menos que agradecerlle o esforzo do Goberno. As respostas claras e transparentes. Eu voume quedar con que a pandemia non está parando o resto dos proxectos, con que, a pesar de ter que xes-

tionar esta pandemia, todo o esforzo e todos os recursos que isto supón, desde a última vez que vostede compareceu, a Consellería de Sanidade avanzou no que se comprometeu nesta Cámara, as unidades postcovid, e hoxe, vostede tamén o dixo aquí, un reforzo para a saúde mental con ese reforzo específico postcovid, tan necesario para a nosa sociedade.

Asinou convenios para a posta en marcha de tres novos centros de saúde, e inaugurou o de Paderne de Allariz. Adxudicou a primeira fase da ampliación do hospital de Montecelo, puxo en marcha un tratamento pioneiro contra os tremores na sanidade pública española, e foi aquí no hospital de Santiago de Compostela, licitáronse tamén 36 equipamentos radio-cirúrxicos. Iniciouse o trámite do decreto que vai permitir ás farmacias galegas dar sistemas personalizados de dosificación. Renovou o Consello de Innovación Sanitaria, e púxoo a traballar na aplicación da impresión 3D na sanidade. Presentou os proxectos Next Generation para a sanidade, con iniciativas, por certo, como ese centro propio de fabricación da CAR-T e outro de terapia de protóns. Puxo en marcha a web Xanela aberta á familia, con consellos de hábitos saudables, reforzáronse as novas tecnoloxías, como esa APP Sergas Móbil. E moitos outros proxectos.

Acaba de crear as primeiras listas de contratación centralizada de persoal médico hospitalario. É importantísimo para Galicia que esta pandemia non signifique tempo perdido nos avances e nas reformas que necesita a nosa sanidade pública, e por iso desde o Grupo Popular valoramos especialmente que a covid non deteña o Goberno nas tarefas que ten pendentes e que ese avance se produza ao mesmo tempo que o combate contra a covid ten moitos mellores resultados que noutras comunidades autónomas.

Se cadra hai algún grupo ao que lle moleste que Galicia se atope nunha das mellores situacións epidemiolóxicas do Estado, sen ter que sufrir ese confinamento domiciliario, ese peche total ao que nos querían someter durante 15 días hai dous meses. E, miren, o cruzamento de datos é suficientemente elocuente como para facer comparativas entre dous gobernos que gobernan de forma diferente.

Eu traio aquí unha nota, falaba o señor Torrado de cuestións globais, esta pode ser unha cuestión global. Este fin de semana, a prensa facíase eco do cruzamento de datos do PIB, que sitúa España como o país que peor xestionou a pandemia na Unión Europea. Isto non o di o Partido Popular, son datos, como di vostede, cuestións globais.

Eu invítoos á prudencia, a confiar en gobernos como o de Galicia, con experiencia, estables, e que teñen demostrado nesta crise máis acertos que erros. Rectificar é de sabios, e a día de hoxe cos datos de que dispoñemos estas solucións que vostedes propoñían e que poñen en marcha desde a Moncloa non parece que sexan as máis axeitadas.

Nós quedamos coa opción dun Goberno que sabe atopar o equilibrio entre manter a actividade e atallar os contaxios, e os datos aválano. O último informe do ministerio, a porcentaxe dos datos con trazabilidade está en Galicia nun 78 %. Nalgunha comunidade, como Cataluña, onde gobernan os socios do BNG, está no 55 %. O sistema de rastrexo, ese do que tanto seguen a falar, que tanto temos que oír desde aquí por parte de vostedes, funciona mellor en Galicia que onde se aplican as súas receitas.

E aquí teño tamén os datos oficiais, que tamén os poden ter vostedes. Datos nos que se indican a clasificación do nivel de alerta entre comunidades, por provincias, datos da incidencia acumulada a 7 días, a 14 días, onde Galicia sae mellor parada, e datos da ocupación das camas, tanto en camas de agudos como en unidades de UCI, onde Galicia segue quedando moito mellor que o resto das comunidades.

E nós iso celebrámolo. Non sei, señor Torrado, se lle escoitei, pareceume que lle escoite que vostede tamén se alegraba polos datos, e alégrome de que vostede se alegre (*Murmurios.*) pero eu quería facerlle dúas matizacións soamente.

Vostede falou de datos precampaña. Compare simplemente os datos de Galicia e do seu candidato estrela en Cataluña cando houbo campañas electorais. E falou tamén desas vacinacións de coidadores non profesionais de persoas maiores en domicilios. Iso saberá que é responsabilidade da estratexia nacional do seu Goberno, que di que non se vacinen.

E, señora Prado, fala de ferramentas, fala de poñer termos claros. Nós aprobamos unha lei precisamente para pode actuar e vostedes votaron en contra.

En definitiva, e xa para rematar, señor conselleiro, fronte a un Goberno central que se esconde, nós temos unha Xunta que dá a cara e, fronte a unha oposición que fai propostas sen criterio, nós temos un Goberno en Galicia, que confía nos expertos.

Conte con este grupo parlamentario para apoialo e para seguir mantendo Galicia en boas mans.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Turno de peche desta comparecencia, señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bos días de novo, señorías.

Eu agradecía o ton e vou seguir facéndoo, tanto no fondo neste caso como na forma, pero evidentemente nalgunha cousa, se me permiten, teño que mostrar a miña opinión, faltaría máis, ¿non?

Ben, falaba vostede, señor Torrado, do estado de alarma, eu dixen que non ía a falar do estado de alarma, porque creo que xa está todo dito; si falaba das ferramentas e vostede non me falou de ningunha ferramenta. Sigo dicindo que a partir do 9 de maio temos certas dúbidas importantes, e non eu, todas as comunidades autónomas. Podería trasladarlle comentarios no Consello Interterritorial doutras comunidades autónomas gobernadas polo Partido Socialista que din exactamente o mesmo: hai dúbidas importantes de que vai pasar coas ferramentas que tiñamos ata o de agora despois do 9 de maio. Repito que, se vostede ten algunha información, agradecereina e ao mellor estou máis tranquilo.

Dicía que a vostede en concreto lle agradezo o ton e seguireillo agradecendo, pero non porque me diga vostede un relatorio de profesionais ou de colectivos que quedaron sen vacinar, claro, estamos dicindo. E eu teño que dicirlle que se vacinaron 732.000 persoas en Galicia ata o de agora, é un número creo que importante, xa dicíamos a porcentaxe que é, e esta semana faremos un esforzo importante para acadar ese case 30 %. É probable e eu acéptoo e, se é así, xa dixeran antes que pido desculpas se nalgún colectivo ou alguén de xeito concreto non foi vacinado. Pois eu agradezo que teña tanta xente que lle mande información, buscaremos o xeito e —como dicía— temos ese teléfono para incidencias, que a idea é a de recibir a chamada e, se é resoluble no momento, se resolva. Porque é certo, eu xa dixeran, non neste Parlamento, pero en moitas ocasións en público, que un dos principais valores do Servizo Galego de Saúde é a súa base de datos [...] poboacional, a tarxeta sanitaria, e creo —vostede agora dirame que tamén ten algún caso— que cando vacinamos por idade, a tarxeta sanitaria, non temos ningún problema, porque é unha información que temos, que funcionamos con ela todos os días para múltiples cuestións e está incorporada aos sistemas. O problema é cando esa información se nutre con ficheiros Excel en correos e correos, utilizando o correo e nova versión do correo, e no campo texto pon o número. Iso todo é moi difícil, non é escusa, tampouco, porque temos que facelo. Efectivamente, levamos meses traballando neste tema cos mutualistas, cos colectivos, cos concellos, con innumerables grupos para que cando chegara o momento da vacinación ter os datos. É certo que esa anticipación que tivemos con algún colectivo xerounos problemas despois, porque nós fomos recuperando os datos bastantes antes de que se afinaran algúns grupos na estratexia e iso xerou unha lóxica inqueda por ver cando se facía a vacinación, pero creo que ao final, repito, en balance xeral deses máis de setecentos mil galegos e galegas vacinadas, a grandes rasgos, non houbo eses problemas.

Eu teño que dicir que entendo perfectamente colectivos como os veterinarios, que vostede comentaba, que consideren que teñen ser vacinados, probablemente eu a nivel persoal tamén o poida pensar, e a xente de saúde pública, pero non están no colectivo de esenciais os veterinarios do ámbito rural privado; efectivamente, si que están no ámbito de saúde pública, que, por certo, non están vacinados moitos deles en saúde pública, aínda.

Os mariñeiros, pois non están, os mariñeiros non están incorporados na estratexia, a pesar de que algunha comunidade autónoma pola súa conta e risco os vacinara. Nós neste sentido xa lle pedimos no mes de febreiro ao ministerio que tivese especial consideración con estes colectivo, que utilizara o ISM para vacinalos, que nos parece que é un órgano, como fixo cos militares, o ministerio non nos preguntou que facía cos militares, decidiu que os vacinaba o ministerio e nós non dixemos absolutamente nada; a Garda Civil vacinámola nós e tamén o facemos encantados.

Pero cos mariños si que lle pedimos ao ministerio que, dadas as características das mareas, da rotación, das tripulacións, que son mixtas (asturianos, galegos, cántabros e vascos no mesmo barco), que o máis práctico era que o fixera o ISM, e así llo trasladamos ao ministerio. E ademais, mire vostede, propuxémoslle a vacina de Janssen, unídose para poder vacinalos. Estamos agardando. Isto mesmo, a semana pasada, no Consello Territorial, volvíno a trasladar ao ministerio, por certo, co apoio dunha comunidade autónoma non gobernada polo Partido Popular.

Polo tanto, nesta liña estamos tamén, e os coidadores non profesionais, pois tamén podon considerar que deberan estar, pero non están; nese sentido, reitero o que dicía antes, que en

Galicia un dos criterios reitores fundamentais na vacinación é o cumprimento máis estrito posible do Plan de vacinación.

Vostede fala dunha campaña de vacinación, que agradezo, e cóllolle o guante, ao mellor temos que saír xuntos nunha promoción, pero tamén teño que dicir que, afortunadamente, a día de hoxe cremos humildemente que non é preciso, a día de hoxe, outra cousa é dentro dun tempo. Decía antes que os datos de adherencia nun colectivo tan especial como é o de 75 a 79 anos, xente maior que pode ter dificultades para acudir aos centros de vacinación, estamos falando de máis do 80 %. E cando facemos logo as rechamadas, porque unha parte deses galegos e galegas non veñen non porque non queiran, senón porque o teléfono móbil ao que lles estamos avisando é un teléfono vello, de tarxeta, que xa non utilizan, bueno, hai múltiples situacións. E eu quero dicir que a porcentaxe de galegos e galegas que están acudindo a vacinarse é ampla e grande, pero repito que, se nalgún momento cremos ou falamos de que é preciso facer esa campaña, por suposto, totalmente a favor.

Respecto a enfermaría e atención primaria, que xa falamos e tamén vostede o comentaba, nós temos que seguir insistindo, a nosa aposta pola atención primaria na vacinación foi clara, e non foi a maiores do seu traballo, señora Prado, foi —volvo a repetilo, non sei se por décima vez, ou doceava vez— que pedimos voluntarias nas enfermeiras de atención primaria para que deran un paso para dedicarse a vacinar, deron ese paso, substituímoslas todas elas e están facendo esa vacinación, fixérona primeiro nas residencias, fixérona cando houbo que vacinar os seus propios compañeiros tanto no hospital como en atención primaria, que están, por suposto, todos vacinados, e estana facendo agora cos maiores de 80 anos. O que si lles pedimos ás enfermeiras de atención primaria, que non son esas voluntarias, é que vaian, primeiro, facendo esa formación que dicía antes e agradezo esa adherencia masiva ao Plan de formación con practicamente o 100 % das enfermeiras facendo esa formación, e pedímoslle agora que, cando esas enfermeiras están vacinando nos centros de saúde, lle bote unha man e vaian collendo un pouco a mecánica da vacinación. Porque si que cremos que na parte de domicilio elas son fundamentais, coñecen os domicilios, coñecen perfectamente os pacientes, poden aproveitar que van para outra cousa para facer esa vacinación. Creemos, de verdade, que é a estratexia.

E sei, señor Torrado, que vostedes agradeceron e recoñeceron esa estratexia na comisión, e nunca a criticamos, parécenos ben que coincidan, ademais. E, respecto aos temas de primaria que vostede dicía xa en xeral, bueno, mire, señor Torrado, é que no Plan galego de atención primaria 2019-2021 analizáronse accións a curto, a medio e a longo prazo. O 100 % das accións a curto prazo están xa finalizadas, perdón, iniciadas, e o 92 % rematadas. E o 88 % das accións a medio prazo están iniciadas e o 32 % rematadas. Fíxose a cobertura do 100 % das 45 prazas creadas en 2019, e fíxose a cobertura do 80 % das 102 prazas de 2020, e estamos en proceso de cubrir as 161 novas prazas creadas en 2021. Bueno, vostede pode insistir que en primaria non se fai nada, bueno, os datos son tercos e están aí. Ten razón que non lle contestei a unha cousa, pero perdoe que non reparei nela cando fixen a resposta primeira.

As novas variantes, ten toda a razón, nós levamos varias semanas pedindo no Consello Territorial, na Ponencia de vacunas e na Comisión de Saúde Pública, que o protocolo se actualice, no Comité Clínico, na Ponencia de vacunas e na Comisión de Saúde Pública, pedindo

que esa corentena pase de 10 a 14 días. Pero, igual que o pedimos, tamén somos conscientes de que non pode ir Galicia por libre, neste sentido, porque estamos a falar de cuestións maiores na duración dunha IT, por exemplo, en ámbitos que non son exclusivamente galegos.

Polo tanto, cremos que, efectivamente, hai que dar ese paso, nós xa o estamos facendo na parte que nos compete a nós e estámolo a facer, señora Prado, porque dende hai moito tempo coñecemos as variantes que circulan por Galicia. Creo que fomos a primeira comunidade autónoma que reportou un 53 % de porcentaxe de variante, porque fixemos un sistema de cribado, non de secuenciación, porque este proceso, no caso concreto da variante británica non é por secuenciación, temos a sorte de que hai unha PCR que a detecta e con ese proceso informamos o 53 %; cando ningunha comunidade autónoma practicamente estaba falando de variante británica, nós dixemos e dimos o 53 %. E levamos semanas dicindo que estamos en máis do 90 %, é certo, é unha realidade que temos en Galicia. Tamén é certo que os resultados, polo menos nestas últimas semanas, dende que empezamos a avisar, dende o 22 de xaneiro, foi menos do esperado, en mortalidade e incidencia, probablemente en estancias hospitalarias si que teña que ver con esta situación. E, como digo, si que estamos preocupados non só polas británicas; tamén, como sabe vostede, temos xa algunha variante brasileira detectada —neste caso si por secuenciación— e seguimos secuenciando e detectando todo o que podemos, porque, efectivamente, nos preocupa e pido desculpas por non telo respondido antes. Estamos nese cambio de protocolo.

Dicía que si que traballamos nós co noso tema de rastrexo, ese do que vostede falaba, eu teño que discrepar con vostede, non funciona tan mal, é que este é un discurso de hai moito tempo, que a chaman ..] e hai outra que non a chaman, non digo que algún caso no poida haber, pero temos indicadores, un cadro de mando que fixemos con este tema e podemos trasladarllo sen ningún problema. Os datos de seguimento dos casos son bos; de feito, toda a dimensión que lle demos ao servizo no pico, o 22 de xaneiro, cando tivemos o maior número de casos, mantense, non o quitamos precisamente porque cremos que temos que actuar nestes casos novos, detectalos canto antes e evitar que se propaguen. Entón, nese sentido si que modificamos o noso protocolo e estamos ampliando o raio, facendo algo a maiores do que di o protocolo —neste caso o ministerial—, ampliando o raio dos contactos tanto en distancia como no tempo. Iso si que se está a facer, precisamente por esa impresión do efecto desas novas variantes.

Bueno, a señora Amigo dáme a oportunidade de refrescar esas cousas que estamos a facer en paralelo coa pandemia, citaba algún exemplo, eu engadiría aos que vostedes comentou, señora Amigo, pois o Plan de reactivación da actividade demorada pola pandemia, esas citas de probas, sobre todo, e consultas que temos que recuperar; está practicamente rematado ese plan e en breve o faremos. Esas obras, tanto en atención primaria con eses centros recentemente incorporados, e todos os que están por vir, e esas obras en atención hospitalaria que seguimos a licitar, a adxudicar, a iniciar, a colocar a primeira pedra, ou incluso nalgún caso a recepcionar.

Importante tamén os aspectos de farmacia, e aquí, xa dixen antes, agradecer a colaboración en xeral de todos os colexios profesionais, absolutamente de todos, pero en particular neste caso aos colexios oficiais de farmacia, que xa sexa co cribado de saliva nas oficinas de far-

macia, que creo que, bueno, tivo un resultado francamente bo, e estase a estender ao resto da comunidade, como dicía antes, como tamén neste esforzo do manexo da medicación dos pacientes crónicos con ese documento dos SPD, que cremos que de verdade vai ser un salto importante na xestión dos crónicos e a súa medicación, sobre todo.

Por suposto, todos os pasos en innovación e, tamén o dicía antes, destacar o traballo das tecnoloxías de información e comunicación no Servizo Galego de Saúde. Permittiunos facernos estas citacións masivas que estamos a ter, practicamente sen ningún atranco, polo menos no que ten que ver coa recepción das mensaxes ou a confirmación, por suposto a citación, esa cita cada dous minutos é posible por unha banda grazas ás enfermeiras, que xa o dixeran antes, pero tamén por ter un sistema moi sinxelo de rexistro co propio código QR, e cunha precarga no sistema que fai que realmente á enfermeira lle leve moi pouquiño tempo facer ese rexistro, que ao mesmo tempo é tan importante. Ou, bueno, toda a estrutura que mantementos permanente en tecnoloxías de comunicación e información. Aí agradecer tanto á Subdirección Xeral dos Servizos Centrais como aos subdirectores de cada das áreas sanitarias e ao persoal que traballa nelas.

Falaba vostede das unidades postcovid, eu creo que é un salto importante. Nós creo que traballamos moi ben, o sistema en xeral, en todo o país traballouse moi ben cos pacientes covid que ingresaban, e faise ese seguimento, pero cremos que hai que traballar cos pacientes covid que non ingresaron, que supostamente non tiveron motivo de complicación, pero que estamos a ver, coa evolución, que si que hai algunha secuela e é importante neste caso que o seu médico de atención primaria, que forma parte dos equipos, detecte estes casos, o incorpore ao sistema e cando sexa preciso —como xa está a pasar— requirir a atención, neste caso, nesa unidade multidisciplinaria.

E, por suposto, todo o que comentaba de saúde mental, que como dixeran antes se segue traballando nela, incorporándose pois a Unidade de Suicidios, recentemente incorporada en Vigo, ou todo o que se está traballando para a unidade infanto-xuvenil tamén de Vigo neste caso, ou das áreas sanitarias cos psicólogos que temos incorporados para o ámbito persoal.

Bueno, remato xa agradecendo novamente o ton, agradecendo a todos os parlamentarios este labor que están a facer no seguimento da pandemia en Galicia. Para nós tamén é un reto ter que vir aquí voluntariamente ou á demanda dos grupos a trasladar a situación da pandemia, forma parte do noso traballo e facémolo de bo gusto, e agradecer tamén sempre a colaboración cando nalgún momento tivemos chamadas no ámbito privado para comentar os detalles que se van producindo.

E, por suposto —repito—, agradecer esa colaboración. Transmitir unha mensaxe de tranquilidade —repito— a todos os que teñen que vacinarse de que van ser vacinados con todas as garantías e toda a seguridade, coas vacinas dispoñibles, que van ser as mellores, temos este fito importante —que dicía antes— da chegada dunha vacina monodose, que para algúns aspectos da poboación galega, dicía pola dispersión, a imos utilizar nos domicilios, ou —tamén comentaba xa— nos barcos, é unha vacina moi fácil de usar no ámbito dos tripulantes, non teñen que volver das mareas para poñela; en fin, creo que é un elemento importante.

E, sobre todo, no caso da vacina de Janssen o máis atractivo é as expectativas de chegada, estamos a falar dunha chegada estimada de 50.000 —é certo que a partir do mes de xuño—

doses á semana. Entre estas 50.000 doses á semana de Janssen e as 100.000 que teño que dicir que si estamos tendo de xeito regular con Pfizer, o cal nos permite ser máis animados, entre comiñas a planificar; nós estamos a planificar para martes e mércores a administración das vacinas que nos chegan o luns, mandando as mensaxes a semana anterior. É certo que, se hai algún problema co envío comprometenos, pero cremos que realmente agora con esa estabilidade dos envíos de Pfizer, polo menos ata o de agora, non así ao principio, podemos arriscarnos e se, finalmente, un martes ou un mércores non temos as doses de Pfizer porque non chegan, supoño que a cidadanía o poderá entender. Pero digo que coas de Pfizer a 100.000 todos os luns e esas 50.000 de Jansen cada luns tamén a partir de xuño, esas 150.000 semanais creo que nos colocan nunha posición francamente boa para seguir o ritmo e o plan de vacinación establecido.

E —dicía—, a esas persoas que lles puxemos a primeira dose e que están coa dúbida da segunda dose, dicía darlles unha mensaxe de tranquilidade. Como dicíamos, aínda que podemos discrepar, estamos no Consello Interterritorial e na Ponencia de Vacunas e na Comisión de Saúde Pública buscando e valorando, vendo os pros e os contras da mellor alternativa posible, que será a que finalmente lle traslademos a eses cidadáns galegos que creo que van ter a mellor solución posible, homoxénea e similar á que se adopte no resto da Unión Europea e, por suposto, no resto do país.

Destacar esa taxa de mortalidade, que é un dato que poucas veces utilizamos, que temos en Galicia o mellor dato a nivel peninsular, que nos coloca...; é o resumo, creo que é corolario da situación epidemiolóxica en Galicia, froito fundamentalmente dos coidados que os sanitarios lles puideron proporcionar aos nosos pacientes e que, repito, nos coloca no primeiro lugar da situación en España.

Falar, valorar —como dicía o señor Torrado é un mérito de todos— esa alta porcentaxe de vacinación que temos acadada. Por suposto, valorar esa incidencia que temos hoxe, pero sempre dende a prudencia de que estes datos poden cambiar por desgraza en calquera momento e, nese sentido, o único xeito de que iso non ocorra é aplicar o noso *sentidiño* tan característico.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Modificación no desenvolvemento da orde do día

Hai unha alteración na orde do día, polo que pasamos agora a debater as mocións do punto 4.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector eólico en Galicia

Non se presentaron emendas e, para formular a moción, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Con esta moción desde o Bloque Nacionalista Galego insistimos unha vez máis, a Galiza non lle está indo ben con este modelo eólico kamikaze do Partido Popular, que está baseado nunha política de arrase e de falta de planificación, que entendemos que desde a Xunta se está non só a consentir, senón tamén a impulsar, e desde o Bloque Nacionalista Galego témolo claro: é urxente cambiar de rumbo antes de que sexa tarde e o dano, irreparable. Porque a día de hoxe o noso país vive un problema que podemos dicir que é triplo ou que ten tres grandes patas: un problema económico, un problema ambiental e tamén un problema social e de control democrático.

E o certo é que cada vez son máis voces as que comparten esta reflexión ou esta diagnose que eu reproduzo hoxe aquí. Podemos ver nas últimas semanas exemplos novos e máis exemplos enriba da mesa de colectivos sociais e medioambientais, da propia comunidade científica, de sindicatos, comunidades de montes, concellos, tamén concellos do Partido Popular. Nos últimos días viamos, por exemplo, comunicados e mocións en Rodeiro ou en Curtis, pero tamén antes en Oia, na Baña e en moitos outros. Temos tamén valoracións que fan os propios administradores de fincas ou mesmo asociacións veciñais.

E hoxe con esta moción desde o Bloque Nacionalista Galego poñemos o foco unha vez máis en que hai un clamor social sobre esta cuestión e trasladamos este clamor social tamén a este Parlamento, presentando unha batería de propostas e de medidas que buscan poñer a enerxía eólica ao servizo deste país e apostar por un modelo propio, por un modelo que sexa galego, sostible, participativo e xusto, e ao servizo do noso pobo e non das grandes eléctricas. *(Aplausos.)*

Tal e como temos analizado noutras ocasións, desde o ano 2019 sobre todo vivimos un auténtico *boom* neste país sen precedentes, acelerado polas necesidades de cambio enerxético e da descarbonización, pero tamén acelerado sen dúbida por todas as modificacións legais que o Partido Popular impulsou nos últimos anos, especialmente esa Lei de implantación empresarial do ano 2017, que constituía unha modificación do marco regulatorio eólico e que foi aprobada sen consenso. Isto alimenta, por así dicilo, unha carreira eólica, unha febre eólica que entendemos que non ten xustificación para desenvolverse dunha maneira tan acelerada, e iso é o que nos din os datos obxectivos.

E volvo poñer enriba da mesa estes datos recentes do avance de Red Eléctrica de España de 2020 para o noso país, no que podemos ver como cumprimos con creces o horizonte de renovables na nosa achega: o 75,6 % da xeración de enerxía no noso país o ano pasado foi renovable. Non batemos récords só en termos de renovables, senón tamén en termos de xeración de enerxía eólica, sendo a segunda comunidade que máis xerou de todo o Estado.

Ao mesmo tempo, vimos datos históricos, no sentido de que por primeira vez a xeración con renovables superou o consumo galego. E é máis, Galiza podemos afirmar que, malia ter dúas centrais térmicas practicamente pechadas, pois continúa sendo excedentaria en produción de enerxía eléctrica en máis dun 29 %.

Polo tanto, a pregunta é doada. ¿Por que tanta présa? ¿Para que tanta présa? ¿A quen beneficia estar facendo as cousas desta maneira? Desde logo, témolo claro, o noso país non, que vive ese problema medioambiental, ese problema económico, ese problema social e de control democrático, isto só beneficia as grandes eléctricas. (*Aplausos.*) E insistimos nestas tres grandes cuestións que queremos desgranar hoxe.

Falamos dun problema ambiental, falamos dun problema ambiental que non lle interesa ao Partido Popular, pero seguimos falando del nesta Cámara, que disfrazado de verde nos trae un modelo que en absoluto está a respectar nin a nosa biodiversidade nin as debidas garantías ambientais. Temos dito noutras ocasións que a enerxía por ser renovable non é inocua, que tamén ten un impacto que hai que avaliar no territorio, e agora mesmo o que vemos en Galicia é unha tormenta perfecta que ten tres grandes patas que a alimenta e que fai que cada vez sexa máis grande.

Por unha banda, esa óptica absolutamente produtivista da Xunta de Galiza; por outra banda, unha práctica evasión do cumprimento da lexislación ambiental, non se están a respectar eses principios de cautela e precaución que arbitran a normativa internacional, estatal e tamén galega; e estamos vendo como premeditadamente e que a Xunta de Galiza atrasara a ampliación de catalogacións de protección como a Rede Natura e tampouco se esforzara en ampliar a outras figuras de protección pois trae moitos problemas. E, por último, unha cuestión da que temos alertado tamén en numerosas ocasións, esa fraude de lei que se comete fragmentando proxectos que son máis grandes, disfrazándoos de proxectos máis pequenos para así evitar unha avaliación conxunta. Unha vez máis, temos que citar nesta Cámara sentenzas recentes, como Sasdónigas ou o Iribio, que atestiguan todo isto que estamos dicindo.

No plano anterior falabamos de varios exemplos, algún deles vén tamén por iniciativa do BNG a este Pleno, pero sen ir máis lonxe onte na prensa todos e todas puidemos ver como a Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo reclamaba precisamente unha cuestión referida a esta fragmentación artificiosa, e reclamaba que se fixese unha avaliación conxunta de ata 15 parques que prevén case 100 aeroxeradores nesta parte do territorio, que máis que duplicarían os que xa son existentes e que serían ademais dun tamaño moito maior. A propia UNESCO interesouse por esta cuestión.

Polo tanto, en materia ambiental propoñemos nesta moción diversas medidas que incrementen a vixilancia, como por exemplo auditar os parques que están en tramitación agora mesmo para detectar en que casos estamos asistindo a fraude de lei por fragmentación, ou continuar coa ampliación da Rede Natura, excluindo —pero de verdade— a implantación nesta parte do territorio, non só na que xa é Rede Natura, tamén na que estaba previsto aumentar, pero tamén ir máis alá, crear novas catalogacións de protección e, en resumidas contas, incrementar esa vixilancia e esa protección.

Pero non podemos deixar tamén desde o BNG de poñer enriba da mesa que os problemas derivados da situación do sector eólico no noso país neste momento é tamén un problema económico, é un problema económico porque a quen beneficia é a estas grandes eléctricas do Ibex 35, que simplemente están facendo unha mudanza de tecnoloxía dunha por outra sen que se atenda tamén a un cambio de modelo para incorporar a pequena e mediana empresa

do noso país. É un problema económico, porque o retorno é practicamente mínimo; por poñer un exemplo, noutras ocasións temos falado dos concellos, pero, se imos ver cal é o retorno para os propietarios e propietarias das terras, vemos que reciben entre un 1% e un 2,4%, que é unha cantidade pírrica tendo en conta os beneficios que xera esta tecnoloxía.

E, por último, tamén argumentar que é un problema económico toda vez que é falaz que este *boom*, este gran desenvolvemento estea acompañado dunha xeración de emprego e de músculo industrial correlativo. A mellor mostra é que esta gran efervescencia dáse nun momento no que estamos vendo tamén o desmantelamento dos postos de traballo técnicos de Naturgy na Coruña, de Iberdrola na bacía do Sil en Valdeorras, pero tamén peches definitivos como Isobat, deslocalizacións clamorosas como Siemens Gamesa, e un longo etcétera que é o exemplo tamén do fracaso non só enerxético, tamén económico e industrial das políticas do Partido Popular, que se resumen en 12 anos de tempo perdido. Nunca tanta xeración renovable houbo en Galiza e nunca tantos problemas laborais e de falta de retorno económico houbo ao mesmo tempo. (*Aplausos.*)

E, por último, o terceiro gran bloque ou gran cuestión que queremos apuntalar nun camiño de saída que ofrecemos nesta moción é que isto é tamén un problema social e de control democrático no noso país, non só porque xa non exista practicamente unha comarca no noso país que non teña un problema social coa instalación ou intento de instalación desta tecnoloxía, senón que é clamorosa a dificultade obxectiva de acceso á información que existe, e o Rexistro Eólico Galego é practicamente ridículo, parece deseñado hai vinte anos, non ofrece unha información accesible e transparente a algo tan elemental como superpoñer mapas máis completos que sigan unha información permeable para a veciñanza non se permite; algo tan elemental como enlazar cos proxectos ou enlazar coas publicacións do *Diario Oficial de Galicia* é algo que a día de hoxe non se permite, e isto vai dentro dun deseño tamén ao que obedece esa última Lei de axilización presuntamente administrativa, pero que en realidade é de axilización eólica, que aprobou unilateralmente tamén hai poucos meses o Goberno do Partido Popular, que vai encamiñado a que a xente teña cada vez menos ferramentas de participación pública e de acceso á información.

Fronte a iso, pois propoñemos mellorar as ferramentas que xa existen, propoñemos que ao abeiro da Administración galega haxa tamén un servizo do Inega de asesoramento técnico-administrativo aos colectivos afectados, e tamén algo tan elemental como buscar un consenso nesas demandas que o Observatorio Eólico Galego, que non as fai o BNG nin as fai unha organización política ou sindical, senón que as fai un observatorio da universidade, un observatorio que ten un traballo moi importante que tamén queremos recoñecer e que ten recomendacións específicas de transparencia, que ten recomendacións específicas de participación pública e de difusión de modelos de contrato, que vén de sacar unha guía que deberá avergoñar o Goberno galego por non facer el mesmo ese traballo, e que, polo tanto, a partir de aí que o Goberno galego mellore todas estas cuestións.

E, finalmente, entendemos que a mellor forma de participación de todos os sectores afectados e de todos os sectores económicos tamén sería facer o que é realmente necesario nestes momentos, que é unha planificación e unha ordenación a través dun novo Plan sectorial eólico galego. Porque era un problema o que existía ata o momento de 1997, por estar caduco

e non corresponderse coas necesidades de hoxe en día, pero é un problema maior, que coas últimas modificacións legais o Goberno galego directamente convertera cada centímetro deste país en susceptible de implantación eólica.

Polo tanto, o que propoñemos é ordenación; definir as nosas necesidades tamén enerxéticas respecto doutras tecnoloxías; ter unha orientación clara; definir áreas de exclusión e áreas de implantación para esta tecnoloxía; e, en resumidas contas, pois facer un cambio de modelo que poña a enerxía eólica ao servizo do noso país e apostar, fronte a un modelo de espolio colonial, por un modelo galego que sexa participativo, xusto e sostible. Tres cuestións que deberan ser innegociables por calquera Goberno que lle tivese un mínimo de amor a este país e que quixese que a tecnoloxía non se volva a repetir a historia, e que coa xeración enerxética e eólica non repitamos os erros que se fixeron neste país coa implantación da hidráulica, e que o beneficio vaia todo para fóra mentres aquí queda o impacto ambiental e non hai un retorno económico, nin se cumpren as garantías mínimas ambientais ou democráticas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Señores do Partido Popular, e señoras, xa son unhas cantas veces que debatemos estas cuestións no Pleno e, mentres, seguimos sen ser capaces de conseguir que dende o Partido Popular se faga algún tipo de reflexión sobre as eivas que existen no proceso de implantación de enerxía eólica no noso país. O malestar —como dicía a voceira do BNG— da cidadanía crece cada día no territorio, cando o lóxico sería que cunha boa planificación e transparencia este proceso fose ben recibido pola cidadanía.

Máis aló de falar do malvado bipartito e do seu concurso eólico —que seguro que sairá por aquí—, señores do Partido Popular, ou criticar o Goberno central —que seguramente que tamén sairá—, gustaríanos que fósemos capaces de centrar o debate nas cuestións que preocupan a cidadanía galega, que ve como en todas as esquinas do noso territorio están a planificar parques eólicos sen ter ningún tipo de información por parte do seu Goberno autonómico. Señores do Partido Popular, abran os ollos e actúen, o noso rural necesita dun Goberno que actúe para fixar poboación e crear actividade económica. Estamos a falar da loita contra o abandono das terras agrarias, falamos dos problemas que temos co despoboamento rural. Pero deberamos aportar solucións e non só ser meros espectadores dun proceso de implantación de enerxía eólica no que as empresas promotoras campan ás súas anchas. Está ben que se implante enerxía eólica, pero esta debe de ser planificada e debe deixar beneficios nun rural que necesita dunha discriminación positiva para poder ter futuro. Non creo que sexa moito pedirllas que sexan aliados do rural, que non se agochen ante o desenvolvemento deste sector cando é o propio rural quen lles pide axuda para darlles información, para

asesoralos, para equilibrar as negociacións, para mellorar a renda que chega aos propietarios ou para que chegue a carga impositiva ás comunidades rurais.

Dende o Partido Socialista non imos facer aquí unha intervención contra o sector eólico e a súa implantación, non estamos nesas que din que non a todo o parque eólico que se quere instalar no noso territorio. Cremos no desenvolvemento eólico, pero este desenvolvemento eólico debe facerse con garantías. O noso partido sempre estivo e apostou decididamente polas enerxías renovables e isto é algo coñecido polo propio sector e pola propia opinión pública. O único que pedimos é que este *boom* de enerxía eólica se faga de cara á cidadanía planificando o noso territorio e que deixe un maior beneficio no noso pobo ademais de respectar o noso medio ambiente e o noso territorio. (*Aplausos.*)

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico nos primeiros anos dende o 97 ata o 2008, grazas a que existía un recurso eólico no noso territorio, o marco regulador que favorecía a implantación de novos parques, e dende o ano 2009 ao 2018, ambos incluídos, con gobernos compartidos do Partido Popular en Galicia e en España só se instalaron 277 megavatios. Iso supuxo unha serie de perdas millonarias en investimento e a imposibilidade de crear miles de postos de traballo e que moitas das iniciativas empresariais do sector fosen desaparecendo e, con elas, moitos postos de traballo.

No ano 2019 volveu o crecemento de potencia instalada en Galicia con 415 megavatios e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos dez anos anteriores. E, xa rematado o 2020, estamos no contorno dos 4.000 megavatios; e, segundo as previsións para o decenio en que estamos, poderíanse construír uns 4.500 megavatios novos, o que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente e debemos acertar en como se instala esta potencia.

Hoxe o BNG presenta esta moción, na que non hai cuestións que poidan causar fortes controversias e diferenzas entre os grupos —iso é o que pensamos nós—. Non vemos que plantexen nada que non sexa necesario para un bo desenvolvemento eólico da nosa terra, con medidas necesarias como son as que plantexamos tamén no noso partido para apoiar o mundo rural, para democratizar o sistema eólico, establecer equilibrios entre propietarios e promotores eólicos, e, por suposto, non poñer en risco a nosa riqueza natural e as actividades primarias do noso territorio que estes días estaban denunciando as organizacións agrarias, o Sindicato Labrego Galego e Unións Agrarias.

É o noso rural o que está denunciando día tras día sentirse desamparado ante a multitude de proxectos eólicos que xorden en todo o noso territorio, sen que a Administración autonómica lles dea información sobre o que lles está a suceder, sen saber a onde teñen que acudir para que aqueles que deberan de ser os seus aliados defendan os seus intereses, e iso é moi grave, señores do Partido Popular.

Todas as semanas algún cidadán de todo o extenso territorio rural chámanos pedindo información sobre a posible implantación de parques eólicos no seu territorio. E esta última semana axentes da contorna de Lalín, Rodeiro, Vila de Cruces, Forcarei, Cerdedo... outras zonas como na comarca de Aranga, Oza-Cesuras, de lugares como Cerceda ou A Laracha, de Coristanco, etc. E todos piden información. ¿Por que non poñen en marcha esa oficina de

asesoramento técnico, administrativo e medioambiental dende a Xunta de Galicia? ¿Cal é o problema? ¿Por que prefiren poñerse de costas aos nosos veciños e veciñas e deixalos totalmente illados e sen información? ¿Por que non aceptan a posta en marcha de mecanismos para fomentar transparencia e colaborar coa nosa veciñanza do rural establecendo un modelo como modelo de contrato tipo para negociar coas empresas promotoras de parques eólicos? ¿Cal é o problema que ten o Partido Popular para facelo? Non o sabemos.

Plantéxolles temas que non paralizan nin atacan o desenrolo eólico, só intentan axudar a cidadanía do noso rural, que é o que nos piden día tras día cando acudimos ao territorio. ¿Por que non aceptan establecer unha base pública de información dos prezos alcanzados nas negociacións entre as partes afectadas na instalación do parque eólico? ¿Cal é o motivo? ¿Por que lle teñen medo á transparencia e ao apoio aos nosos cidadáns? Vostedes que son os grandes defensores da propiedade privada abandonan os concellos e as comunidades rurais que piden auxilio dos seus gobernantes para poder negociar con aqueles que veñen utilizar a súa propiedade. ¿Por que non aceptan introducir mecanismos para equilibrar a negociación entre propietarios e promotores?, ¿tanto pesan as empresas do sector enerxético, señores do Partido Popular?

A realidade é que os propietarios reciben só do en torno dun 2 % do negocio eólico, uns 11 millóns de euros en total, e esta cantidade debera incrementarse e todos deberíamos traballar para iso, se é verdade —como din vostedes— que están fortemente comprometidos co noso rural e facendo políticas contra o seu abandono. ¿Por que non buscan como modificar a lexislación para corrixir o insuficiente retorno que ten o fondo de compensación ambiental e o canon eólico nos concellos afectados pola instalación destes parques? Que o canon sexa establecido pola potencia instalada e, se agora non se pode, habería que modificalo para que así se puidese. Agora que se introducen muíños de moita máis potencia e que a recadación deste fondo establecida polo seu Goberno dun xeito completamente opaco actúe directamente sobre melloras nos concellos e nas comunidades locais afectadas pola instalación dos parques. Algo que é de xustiza cando o Observatorio Eólico de Galicia informa de que as rendas locais para os propietarios das terras onde se instalan os eólicos só supoñen o 5 % de toda a facturación que xeran os ditos parques e a dita facturación —como todos sabemos— é multimillonaria.

¿Por que non reforzan as garantías medioambientais? Hoxe lía todo o que está a suceder co inventario de humidais, que vostedes non queren introducir novos humidais, ¿pode ser que sexa precisamente para que se defendan aqueles territorios que teñen humidais? Para defender o noso territorio e o patrimonio natural e o futuro dos nosos sectores produtivos, son múltiples as denuncias que recibimos de colectivos en toda Galicia sobre como están a aparecer proxectos de parques eólicos en todo o territorio sen ver unha orde e unha planificación por parte da nosa Administración, con proxectos que na maioría dos casos non teñen futuro. Asistimos á presentación de proxectos por toda Galicia fraccionados diante dos ollos da Administración autonómica, vulnerando a lexislación vixente. E xa é a cuarta vez que lles pregunto sobre o que está planificado, por exemplo, na comarca de Outes, Mazaricos, Negreira e A Baña; e daquela non eramos coñecedores dos outros proxectos que están aparecendo actualmente, onde xa hai catro parques e se están a planificar moitos máis coas súas liñas de evacuación —que tamén hai que ter en conta—. E vostedes seguen sen ver fraccionamento.

¿E que lles parecen os proxectos que queren desenrolar entre Ordes, Curtis e Mesía? Catro supostos parques que deberan ser un só, ¿non existe tampouco aí fraccionamento? ¿Tampouco o ven nos planificados do Deza, ou nos que están planificados preto de Betanzos? Señores do Partido Popular, a realidade é que comezan a aparecer sentenzas xudiciais que falan deste fraccionamento.

A protección do territorio é deficiente coa implantación e repotenciación dos parques en lugares demasiado próximos ás vivendas, 500 metros establecidos por un plan sectorial que está obsoleto cando o tamaño dos eólicos aumenta exponencialmente, e outras comunidades autónomas, como Asturias ou Valencia, establecen 1.000 metros de distancia ás súas vivendas. É así, señores do Partido Popular.

En Galicia medran os conflitos sociais e medioambientais e as sentenzas contra os desenrols eólicos, como as que pasaron en Mondoñedo e na montaña de Lugo. E, como lles dicía en debates anteriores, falen con explotacións agrogandeiras, como as de zonas ás que antes facía referencia e que hoxe ou onte denuncian as propias organizacións agrarias. Falen con elas, coas explotacións gandeiras que están a facer un enorme esforzo para desenrolar unha actividade extensiva e ecolóxica, e que ven como a súa actividade está en risco pola instalación de muíños de 200 metros nas portas da súa explotación sen que ninguén na Xunta de Galicia lles abra as portas ante a súa preocupación. E iso está pasando actualmente, e logo falan de abandono da terra agraria.

Só lles pedimos que escoiten as nosas peticións e fagan o esforzo de sentarse a revisar o Plan sectorial eólico de Galicia, que data xa dende hai demasiados anos e puidera ser a base para un novo consenso que vimos os partidos da oposición pedindo de iniciativa en iniciativa. Volvo pedirllas que reflexionen e escoiten os múltiples colectivos que xorden en Galicia pedíndolles axuda ante a indefensión que senten ante as grandes empresas. Que escoiten os concellos rurais e as comunidades locais, incluídos moitos dos gobernados polo Partido Popular, que ven como se explotan os seus recursos sen recibir o beneficio desexable entre a cidadanía; e que escoiten as industrias e explotacións gandeiras.

Están a tempo de pactar un novo modelo eólico para corrixir as deficiencias que o sistema posto en marcha por vostedes deixa encima da mesa. Vostedes deciden, darlle participación á cidadanía ou deixar que as grandes empresas enerxéticas non repartan beneficio co territorio e o noso rural, aínda que estas despois fichen —como dixen en moitas ocasións— os seus compañeiros para os consellos de administración.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas, señorías.

Señora Presas, fracaso o seu. Fracaso a súa convivencia co Partido Socialista, o seu apoio para que gobernase, que foi quen pecha as térmicas na nosa comunidade, que leva tres anos gobernando sen unha solución para Alcoa, e quen agora hai unha semana aproba unha lei que declara o peche de Ence, ademais de moitas industrias en toda a cadea mar-industria. *(Aplausos.)* ¡Fracaso o seu! *(Aplausos.)*

Señoría, vén vostede buscar consenso. Veñen vostedes buscar consenso e nomea a súa iniciativa atacando un Goberno que leva 12 anos gobernando grazas á maioría de todos os galegos e de todas as galegas. Pero, oia, ¿como veñen solicitar un consenso cun discurso falaz, cun discurso falso, señoría? Politicamente e tecnicamente un discurso extemporáneo, anticuado, obsoleto, en relación a unha tecnoloxía como é a enerxía eólica, señorías, que obtivo unha evolución tecnolóxica altísima na que Galicia é líder sobre todo grazas á seguridade xurídica do Goberno da Xunta de Galicia, si, señorías. E non pode vir aquí falar de dúas sentenzas e condenar todo un sector con multitude de proxectos, señoría, que están tendo éxito na nosa comunidade.

Mire, un discurso partidista polo simple feito de que quen goberna en Galicia é o Partido Popular. E non vou falar... si, vou falar do concurso fatídico, falido, o eólico do bipartito; un concurso, señorías, que sometería Galicia nunha ruína económica porque querían, pretendían que a Administración participase como Administración pública de proxectos que sufriron un apancamento propiciado por un Goberno socialista, o Goberno do señor Zapatero, que provocou o déficit de tarifa, un buraco, ese si que é un buraco, no sector enerxético de toda España, señoría; esa é a diferenza.

E nós, cando vostede fala aquí de falta de ordenación, a min gustaríame que, oia, temos un Plan sectorial eólico totalmente vixente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non é do século pasado, señoría; totalmente actual, cunhas áreas e cuns polígonos eólicos onde se desenrolan os parques eólicos. E sabe vostede que é dentro deses polígonos eólicos onde se desenrolan a maioría de parques eólicos, e só se levan a cabo proxectos noutras zonas cando son iniciativas prioritarias ou proxectos de máis de 50 megavatios tramitados polo Estado.

Saben que é totalmente falso, que non se poden instalar parques eólicos en calquera punto, en calquera lugar. Primeiro, porque hai que ter recurso eólico. Segundo, porque hai que cumprir unhas delimitacións, hai que cumprir unhas distancias a un núcleo rural, a un núcleo urbano, a un solo urbanizable. E, terceiro e máis importante, porque hai que garantir a protección de espazos ambientalmente protexidos, como son os espazos de Rede Natura, os de especial protección paisaxística ou mesmo os do Camiño de Santiago, onde non se poden instalar parques eólicos.

E é difícil tomalos en serio, señoría, pois moi difícil, porque nas súas ansias de criticar todo caen na realidade de que ninguén os cre. Ninguén os cre porque critican todos e cada un dos proxectos eólicos que se intentan implantar na nosa comunidade.

Pero a verdade é que cabería preguntarse por que cando vostedes gobernaron mantiveron ese plan sectorial eólico. E non só mantiveron ese plan sectorial eólico, é máis, é que o seu

concurso eólico continúa polígonos eólicos que estaban nese plan sectorial eólico. Eu fágome esa pregunta, ¿por que vostedes cando gobernaron non o cambiaron?, porque vostedes cando gobernan fan a cousa contraria do que din cando están na oposición.

Vostede fala aquí de falta de garantía medioambiental, outra falacia máis. Mire, a lexislación ambiental en España é moi garantista, traspón a directiva comunitaria europea. Hai unha Lei ambiental 21/2013 que é a que se utiliza para tramitar en Galicia e en todas as comunidades de España. Polo tanto, en Galicia non se fai nada diferente ao que non se faga noutra comunidade de España. Unhas regras que non se cambiaron nunca, non se cambiaron nin coa Lei de implantación empresarial —non, señora Presas— nin coa Lei de reactivación á que vostedes se opuxeron.

Os proxectos eólicos agora e igual que antes só se autorizan se son compatibles co resto de actividades económicas e coa defensa da nosa biodiversidade.

E, mire, este Goberno non puxo en funcionamento ningún parque eólico en Rede Natura, e foi este Goberno quen aprobou unha lei, a Lei do sector eólico do ano 2009, que impedía a instalación de parques eólicos en espazos declarados como zonas de especial protección e de valor ambiental, ou que formasen parte da Rede Natura 2000, e só se permitía unha posible repotenciación. E en 2014 esa prohibición referendouse coa aprobación do Decreto do Plan director da Rede Natura 2000, que prohibe expresamente a implantación de novos parques eólicos en Rede Natura.

E na historia deste Goberno, señorías, só hai 3 repotenciacións en Rede Natura que reduciron nun 90% os aeroxeradores neses parques. Porque si, a evolución tecnolóxica, falan aquí de muíños altísimos, pero tampouco falan do que se reduciu: cando antes se instalaban 10 aeroxeradores, agora no seu lugar instálase un; esa é a evolución tecnolóxica que vostedes ocultan tamén.

Pero, claro, é que como vostedes gobernaron, oe, pois eles, señorías, si que instalaron parques en Rede Natura. Seis. ¿E saben a quen? Mire, por vergoña, que ma dá a min, non lle vou nomear as empresas do oligopolio eléctrico, señorías, ás que vostedes lles concederon parques eólicos, por vergoña, porque ma dá a min, señoría. Un pouco de respecto por todo.

Cando fala do tema do fraccionamento. Mire, eu a verdade é que non me dá tempo aquí en 5 minutos para falarlle de como se solicita a implantación dun parque eólico nin como se solicita a comunicación coas redes de evacuación dos parques eólicos, que, por certo, esa conexión de evacuación a dá Red Eléctrica de España, non o Goberno da Xunta. Entendo que comprenderá que hai unha serie de distancias e de parques que se revisan na tramitación ambiental, nun raio de 15 quilómetros e que se revisan todas as conexións destes parques. E estes parques evidentemente teñen que compartir infraestruturas, liñas de evacuación, subestacións eléctricas. E máis que nada... home, señora Presas, eu entendo que non lle vou dar clases disto porque é evidente que non nos entenderíamos, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* falamos un idioma moi distinto. Pero eu polo que estou observando... *(Murmurios.)*

Señor presidente, é moi complicado. Eu estiven calada, non dei unha palabra mentres vostedes interviñeron. Un pouco hai que encaixar, como di o noso presidente. Toca escoitar. *(Aplausos.)* Toca escoitar.

Señoría, a teoría do BNG é que habería só un parque eólico en toda Galicia, porque como todas as redes, as liñas de evacuación e as subestacións están conectadas, pois só teríamos un parque eólico en toda Galicia, esa é a teoría do BNG. Ou, se non, o que pretende o BNG é por outro lado que haxa distintas liñas de evacuación, distintas subestacións aumentando o impacto ambiental. ¿Cal é a súa teoría? E voulle facer algunha pregunta ao longo da miña intervención, señoría, porque levo 5 anos como portavoz de enerxía nesta Cámara e de verdade que aínda non sei cal é a solución de enerxía que propón o BNG á parte da tarifa galega, porque esa é a súa única proposta.

Mire, a Lei de reactivación. A Lei de reactivación non cambia, non muda ningún tipo de garantía xurídica, nin técnica nin medioambiental dos parques eólicos. É máis, a Lei de reactivación reafirma que o que hai que seguir é o plan..., os parques eólicos se teñen que implantar no Plan sectorial eólico de Galicia, nos polígonos e nas áreas definidas no Plan sectorial eólico totalmente vixente, totalmente transparente para todo o mundo que ten acceso a el, señoría. Non permite que se instalen parques que non cumpran as distancias aos núcleos rurais, urbanos ou urbanizables. E tampouco permite esta lei que se instalen parques onde non se poden instalar, como por exemplo en Rede Natura. Que non foron vostedes, fomos nós os que aprobamos que non se puidesen instalar parques en Rede Natura, señoría, esa é a diferenza.

O que me sorprende é que esta lei, á que se opuxeron, que se opoñen a todas as leis que este grupo trae aquí, non sei se para vostede esta lei non lle importa que veña, porque vostede demanda aquí que as iniciativas empresariais traian acompañado emprego, pois esta lei di que como mínimo 25 empregos. Pero vostedes votaron que non a esta lei e tamén votaron que non a que se priorice, por exemplo, as instalacións de autoconsumo, señora Presas. A iso tamén, que entendo que será a tecnoloxía que eles defenden, que vostedes, o Bloque Nacionalista defende, porque de verdade que é moi difícil saber cal é a tecnoloxía, porque non ás térmicas, non á eólica, non á enerxía hidráulica colonial, que esa é a teoría deles. ¿Oia, pero que nos queda? ¿A luz do candil, señora Presas? Porque, de verdade é que é moi complicado tomarlos en serio, porque é totalmente... (*Murmurios.*) Eu rógolle que veña aquí e diga cal é a tecnoloxía e como se debe implantar para que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Oia, non produza ningún tipo de impacto.

Miren, cando din falta de participación cidadá. Pero o Plan sectorial eólico e todos os proxectos pódense consultar na web, pódense consultar nas dependencias da Xunta, nos concellos están totalmente informados, señoría. ¿Cando di que non hai acordo? A maior parte dos propietarios, de feito, trasladábalo o conselleiro, o 85 % dos propietarios, incluso o 100 % en moitos parques están de acordo coa implantación dos parques nos seus montes, e montes nos que ao mellor non habería outra posibilidade, non habería posiblemente ningún porque non medra nin unha árbore, señoría. Esa é a realidade.

Cando vostede fala dos concellos, eu supoño que vostedes, o alcalde de Muras que, por certo, dan conferencias por aí con el, porque hai moitos parques eólicos instalados alí, que lle di, ¿que pensaría se lle retiramos agora os parques eólicos de alí? ¿Estaría contento? Non lle podería rebaixar a factura, como vostedes presumen, aos seus veciños, verdade, ¿a que non?

E vostedes veñen aquí dicir que falan coa xente, ¿pero que cren? ¿Que nós non falamos coa xente? Pero é que estamos gobernando con 42 deputados, señorías, falamos coa xente, ga-

ñamos as eleccións. *(Aplausos.)* ¡Por favor, un pouco de respecto! Xa está ben de vir aquí a darnos leccións de que falan coa xente.

Mire, é que ademais nós é que falamos cos seus alcaldes, é que hai alcaldes na nosa provincia, señora Presas, aos que se lle van instalar parques eólicos alí, alcaldes da súa formación política que están a favor. E pregúntelle cando queira, cando queira reunímonos vostede e eu con el, a ver a quen lle dá a razón. Infórmese, señoría, si que nós falamos coa xente e cos alcaldes. Non me veña aquí dicir os seus mantras. Eu o que me gustaría destacar é que dende logo, que vostedes falaba, dicía, falaba de que Galicia é líder en enerxía renovable. Mire, Galicia é líder en enerxía renovable eólica: Lugo é a segunda provincia de España con máis xeración de enerxía eólica; A Coruña a quinta provincia de España. E queremos que todas as nosas provincias sexan líderes. Sempre, por suposto, cumprindo todas as garantías xurídicas, técnicas e medioambientais. E non cuestionen nin este Goberno nin os funcionarios que tramitan...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...que fan toda a tramitación ambiental, porque están deixando en moi mal lugar, señoría, moi mal lugar, non só Galicia senón todo o persoal da Administración que tramita estes proxectos, que na maior parte dos casos tardan tres anos en saír adiante cunha Lei de reactivación que o que vai facer é activalos e que sexa en menos tempo, porque non pode ser que tardemos anos en sacar os proxectos adiante, e non vai quitar ningún tipo de garantía, señoría, nin medioambiental...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...nin xurídica.

Polo tanto, enténdao, eu rogo que me responda a algunha, sobre todo a tecnoloxía, porque de verdade que me gustaría saber cal é a que defenden. Porque algunha terá que ter vontade, ¿non?, no segundo turno que me responda.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora NÓVOA IGLESIAS: Pola miña parte nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Ben, comezando polo voceiro do Partido Socialista, agradezo o seu ton construtivo. Efectivamente hai moitas cuestións que diferencian o modelo eólico que defende o BNG dalgunhas cuestións que defende o Partido Socialista, pero, efectivamente, a nosa moción puxo o acento

en cuestións concretas para resolver tres problemas graves que hai no noso país e que tampouco foi a declaración da república galega nin a expropiación do sistema eléctrico, (*Aplausos.*) que serían cuestións que, sen renunciar a elas —tamén o digo—, parece que era o central escoitando a señora Nóvoa, que estaba un pouco máis alterada.

Eu intentarei responderlle á súa interpelación, señora Nóvoa, se o noso presidente é flexible no tempo. (*Aplausos.*) Pero, indo ás cuestións que vostede intentou mesturar nese batiburriño, comezando polo final, acúsanos de que non queremos consenso, o grupo que nin sequera se esforzou en presentar unha emenda ou pedir algunha votación por puntos para algunha das cuestións tan elementais que se piden, como mellorar o Rexistro Eólico de Galiza, que nin sequera enlaza a súa documentación coa documentación dos proxectos ou coas publicacións no DOG, pois nin sequera algo tan subversivo como iso está disposto o Partido Popular a negociar. (*Aplausos.*) Ese é o consenso que teñen vostedes, en fin...

E quen se repite é vostede, efectivamente, repítese tanto que incluso quedou co chip da anterior lexislatura cando tiñamos 5 minutos e non 10 para posicionarnos nas iniciativas dos demais. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Pero, de todos os modos, intentareille dar resposta.

Claro, acúsanos de que somos..., repetimos aquí un argumento falaz e falso. Eu pregunto se é falaz ou falso que Isobat foi ao tacho en Galiza e que se salvou en Castela, unha empresa estratéxica para o sector eólico; pregunto aquí se é falaz que Siemens se deslocaliza grazas á política industrial do Partido Popular (*Aplausos.*); se é falaz que Naturgy e Iberdrola van pechar co silencio da Xunta de Galiza.

E di que tamén dicimos cuestións falsas técnica e politicamente. E, comezando polos alcaldes, eu, claro, a que non sei se fala cos seus alcaldes é vostede, señora Nóvoa. (*Aplausos.*) Eu non sei se falou... Efectivamente, como vostedes teñen máis alcaldes hai que recoñecerlle ao César o que é o do César, non vou citar todos os alcaldes que nas últimas semanas do Partido Popular saíron publicamente contra proxectos, pero xa sen ir máis lonxe: (*Aplausos.*) Martes, 13 de abril e xornal de hoxe con declaracións do señor alcalde do Partido Popular de Curtis por un proxecto desta zona. Eu na miña primeira intervención citei tamén as cuestións da Reserva da Biosfera das Mariñas, desta zona do noso país. Fala de fragmentación de proxectos, fala de afectación á zona de ampliación da Rede Natura. Claro, agora enténdese ben por que foi o propio Goberno do Partido Popular quen deixou a ampliación da Rede Natura paralizada, agora vemos cal era a súa intención. (*Aplausos.*)

Logo xa que diga que vostedes son os reis da seguridade xurídica coas sentenzas que están caendo. Que as sentenzas non falan mal do sector enerxético, as sentenzas falan mal do Goberno do Partido Popular, falan das carencias medioambientais (*Aplausos.*) e fala incluso da afectación... Claro, chegou citar aquí o Camiño de Santiago. Nin sequera o Camiño de Santiago, que é a obsesión *number one* do Goberno do Partido Popular, (*Aplausos.*) zafa desta ofensiva eólica, señora Nóvoa.

Por dicir, claro, dixo incluso para falar de inexactitudes, que en 1997 non era o século pasado, era o século pasado, (*Murmurios.*) era outra tecnoloxía, señora Nóvoa, e por iso ese plan sectorial eólico de onte non vale hoxe, de onte non vale hoxe. E nós, efectiva-

mente, desde o Goberno estivemos moi orgullosos do intento de cambio de modelo que impulsamos, señora Marta Nóvoa. Dese intento e ademais desde entón a tecnoloxía transformouse, a día de hoxe un muíño eléctrico non ten a dimensión que tiña onte e, polo tanto, a tramitación ambiental ten que contemplar esa cuestión, señora Nóvoa. E unha cuestión é que se compartan infraestruturas e outra cousa é que eses parques non deban ser sometidos a unha avaliación integral, porque constitúen un mesmo proxecto industrial, non 3, 4, 15 ou 12, para así facer unha tramitación cunha lei ou con outra, señora Nóvoa. *(Aplausos.)* Esa é a cuestión e iso creo que o podería compartir incluso o primo de Rajoy.

En todo caso, por concluír xa. Claro, vostede sacou peito incluso desa Lei de simplificación administrativa, Lei de simplificación administrativa que fundamentalmente cambia a Lei de regulación do sector eólico, que converte todo o país susceptible —señora Nóvoa, é así— de instalación, e por sacar sacou peito incluso de que o circunscribían ao mantemento do emprego, e falou deses 25 empregos. Vostedes o que fixeron nesa lei foi rebaixar por segunda vez, porque xa o fixeron na Lei de implantación empresarial, a cantidade de empregos que ten que ter un proxecto industrial para beneficiarse da consideración de estratéxico e para saltar trámites municipais e para ter a beizón do Consello da Xunta. Estará vostede orgullosa de que agora se esixan 25 cando antes se esixían 50 e cando antes se esixían maiores contías, pero nós desde logo non compartimos ese modelo, porque o que deixa neste país é un problema ambiental, un problema social e de control democrático, pero tamén un problema económico, señora Nóvoa.

E fronte a iso o que propoñemos nesta iniciativa son medidas para ordenar cunha nova regulación e un novo plan sectorial eólico, medidas para protexer avanzando na catalogación medioambiental e excluindo as zonas de ampliación Rede Natura de instalación de novos muíños. Puxen no anterior exemplo, falei...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...de ata 98 aeroxeradores que irían para esa zona que non lle gusta a un dos seus alcaldes; e tamén propoñemos nesta iniciativa varias medidas para afondar na transparencia e na participación cidadá.

Este é outro modelo que non só é posible, senón que é unha oportunidade perdida que non apostemos por el. Entón, poden vir aquí e facer os batiburrillos que queiran, intentar caricaturizar como que os que non dialogamos somos os demais, pero cada vez teñen máis contestación entre os seus propios alcaldes, nas comunidades de montes, nas comunidades de veciños, nas organizacións sociais, ambientais e incluso na comunidade científica. Esa é a realidade e o tempo acabará dándonos a razón.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Que foi? Non me enterei de que pasou. ¿Que xesto? Non sei cal foi ¿Cal foi o xesto? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, ¿de que estamos falando? Bueno, bueno, vamos ir a cousas serias.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación con causas seguidas na Audiencia Nacional.

Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señorías.

Grazas, señor presidente.

Señorías, é a segunda vez que falamos hoxe aquí de corrupción, así que supoño que estamos condenados a repetirnos en certa medida, pero ao que non estamos condenados é a repetir os mesmos erros porque unha das características da especie humana é que é capaz de cambiar, e, se non foi posible hai un rato pola oposición do PP á creación dunha comisión de investigación da corrupción do propio Partido Popular, que é o segundo punto da nosa proposta, si que sería posible en teoría acordar agora que a Xunta rexeite con contundencia calquera forma de corrupción. En particular a asociada ao partido que a sustenta, polo que xa lles anticipo que, se algún grupo quere que se vote por puntos, aceptarémosto.

Señorías, a diferenza das ditaduras, baseadas na forza, ou do antigo réxime, baseado no privilexio hereditario e procedente directamente de Dios padre todopoderoso, a democracia basease e fundaméntase nun certo sentido da ética pública. Por iso é de grande importancia para a saúde da democracia que as persoas que exercen a política, sen deixar de ser persoas e, como tales, falibles e imperfectas —eu o primeiro—, se comporten dun xeito exemplar, especialmente nun tempo marcado por unha crise sanitaria e económica sen precedentes que xera sufrimento na cidadanía, tensiona as estruturas sociais e pon en cuestión as institucións que en última instancia sosteñen o Estado e a democracia mesma.

E, se a ética pública era imprescindible antes da pandemia, no mundo pospandemia vai selo máis aínda, porque, a risco de exercer de Casandra, prognostico que temos por diante tempos moi difíciles nos cales todas e todos deberíamos tratar de estar á altura.

Nesa liña, máis dunha década despois do inicio da investigación do caso Gürtel, que foi derivando nunha auténtica maraña de tramas e subtramas xudiciais, con todo o que sabemos hoxe, que a risco de parecer de perogrullo non é o mesmo que o que sabíamos antes, porque a maraña da corrupción do PP se vai desenredando pouco a pouco, moi pouco a pouco, como mínimo está en cuestión a ética non do PP estatal, senón especificamente do PP de Galicia, como recoñeceu o propio señor Feijóo cando no Pleno do día 24 de marzo dixo: «O señor Bárcenas quere imputar deshonestidades ao PP de Galicia». O señor Bárcenas quere imputar deshonestidades ao PP de Galicia, unha afirmación altamente sorprendente, porque non sa-

biamos que o señor Bárcenas tivese especial animadversión polo PP de Galicia, e por iso eu lles pregunto: ¿por que querería o señor Bárcenas imputar deshonestidades ao PP de Galicia, como di o señor Feijóo? ¿Que motivo pode ter Bárcenas para imputarlle deshonestidades ao PP de Galicia e non ao de Asturias, León, Aragón, Cantabria, Murcia... eu que sei? ¿Que motivo especial ten de animadversión?

Tamén manifestou o señor Feijóo o 24 de marzo a súa sorpresa por que se lle pregunte pola corrupción cando estamos nunha pandemia. Pero realmente o sorprendente sería que non se falase da corrupción do PP cando afecta ao cerne do noso sistema democrático, que é precisamente o que ten que responder a esta pandemia. De feito, se a corrupción é sempre preocupante nun sistema democrático, hoxe é máis preocupante que nunca porque a esperanza económica e social deste país, do noso país, reside nos fondos Next Generation, que, se todo sae ben, van implicar en 13 anos a maior riada de financiamento extraordinario da nosa historia.

E o problema é que o PP está exercendo en Galicia como Administración responsable de xestionar boa parte deses milleiros de millóns dos fondos Next Generation. E, con eses antecedentes de financiamento irregular, de sobres, de pago por parte de empresas a cambio de contratos públicos, ¿como non nos vai preocupar máis que nunca a corrupción do PP de Galicia? ¿Como non nos vai preocupar agora máis que nunca?

E tamén queren limitar os señores Feijóo e Rueda o asunto da corrupción do PP á estratexia de defensa do señor Bárcenas, curiosa estratexia cando na primeira parte do caso Gürtel foi condenado a 33 anos de prisión, así que alguén debería dicirlle que cambie de estratexia, porque evidentemente esa non lle dá un bo resultado.

Porque, señorías, no xuízo do caso Bárcenas que se celebra na Audiencia Nacional, tanto o ex-xerente do Partido Popular Cristóbal Páez como o propio Bárcenas confirmaron que a última operación da caixa B do Partido Popular foi un pago en efectivo de 50.000 euros efectuado no ano 2010, e que procedía do PP de Pontevedra, e que segundo dixo Bárcenas foi repartido en dous sobres que terían sido entregados —segundo o propio Bárcenas— a Rajoy e a Cospedal. Un pago en B, á caixa B do PP, de 50.000 euros procedentes do PP de Pontevedra no ano 2010, cando o señor Feijóo levaba 4 anos. Non 1, nin 2, nin 3. ¡4 anos como máximo responsable do PP de Galicia! E o señor Rueda, o mesmo tempo, como secretario xeral.

E, se isto forma parte da estratexia de defensa, como din vostedes, do señor Páez e do señor Bárcenas, eu en primeiro lugar lémbrolles outra vez, non me queda máis remedio, que don Luis Fraga, sobriño do seu fundador, personaxe de certo peso nesa medida no seu partido, que foi 25 anos senador, creo, do seu partido, dixo no mesmo xuízo que Bárcenas lle merece total credibilidade. ¡Total credibilidade! Luis Fraga confía totalmente en Bárcenas. Feijóo e o señor Pazos, non. Resulta curioso.

E aproveito para preguntarlles outra vez por que eses dous señores falan dun pago en 2010 procedente de Pontevedra, e non dun pago procedente, por exemplo, de Soria, de Badajoz, de Albacete, de León, de Teruel ou de calquera das outras múltiples provincias que hai neste país. ¿Por que sae de Galicia, segundo eles, o último pago? ¿Será porque Galicia, sendo unha

peza fundamental, unha peza política fundamental do Partido Popular, é tamén unha peza fundamental no entramado de corrupción do Partido Popular? ¿Será por iso?

Pero é que ademais resulta que entre os documentos aportados na Audiencia Nacional no caso Bárcenas figura unha relación detallada, detallada e precisa ao céntimo, de ingresos por importe de 2 millóns de euros, que era presuntamente a contabilidade B do PP de Galicia, cando o señor Feijóo xa era presidente do Partido e o señor Rueda, secretario xeral no ano 2006. Mordidas, mordidas por importe de 2 millóns de euros cando Feijóo e Rueda mandaban xa no PP de Galicia, e por certo non mandaban pouco, mandaban e mandaban moito.

Con estes vimbios é obvio que o señor Pazos non cre o que dixo esta mañá de que non hai ningún indicio, como dixo vostede literalmente, que apunte ao PP de Galicia, e de que o PP de Galicia non ten ningunha relación —como dixo vostede tamén literalmente— coa Gürtel. Non o cre, non o cre nin vostede mesmo, señor Pazos. Porque é unha falsidade evidente que choca coa realidade e cos feitos que acabo de relatar. Sobre todo tendo en conta que uns dos máximos protagonistas da Gürtel foi Pablo Crespo, nada menos que exsecretario de organización do PP de Galicia. E o propio Pablo Crespo, exsecretario de organización, como digo, recoñeceu nunha comisión do Congreso que o PP de Galicia estaba implicado ata as cachas, non pouco implicado, estaba completamente implicado no financiamento ilegal do Partido Popular. Igual que o fixo en distintas entrevistas nas que declarou que tamén houbo sobres na súa etapa e que o financiamento ilegal do PP de Galicia era algo coñecido e institucionalizado. E o señor Crespo é un auténtico experto na corrupción do PP que leva xa acumuladas condenas a 52 anos de prisión como consecuencia do caso Gürtel e asociados. Un proceso cunha sentenza que fala como feito probado dun auténtico e eficaz sistema de corrupción institucional, auténtico e eficaz sistema de corrupción institucional. Sete palabras que definen o Partido Popular e que seguen producindo episodios como cando o sindicato CESIF critica, e cito literalmente: «Que o conselleiro de Medio Rural consolida Agader como a oficina pública de emprego do PP» e sitúa unha vez máis no centro do nepotismo administrativo, despois de enchufar descaradamente (*Aplausos.*) o exalcalde de Fisterra e o exdeputado Moisés Blanco. E cando ese mesmo sindicato emite un recente comunicado no que lle esixe ao Goberno da Xunta que «cese na utilización da Administración pública e das entidades instrumentais, como oficina de colocación de amigos afíns e excargos do partido que quedaron descolgados e sen ocupación». Pecho comiñas, porque citaba literalmente.

Ou cando a exdelegada da Xunta e o señor Louzán son condenados por corrupción hai escasos meses. É dicir, a corrupción do PP de Galicia non forma parte do pasado, senón que, lamentable e preocupantemente, está plenamente vixente.

Nada máis e seguimos despois. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Boa tarde, señor presidente, de todo o Parlamento. Espero que non sexa como o presidente da Xunta, que só é presidente dalgunhas deputadas.

Mire, esta moción do Grupo Parlamentario Socialista non é consecuencia dunha interpelación, non só é consecuencia dunha interpelación, senón que é consecuencia dunha preocupación, unha preocupación non só do Bloque, non só do Partido Socialista, senón unha preocupación democrática e política de toda a sociedade. Porque, cando un partido de Goberno como o Partido Popular é condenado por beneficiarse de fondos procedentes dunha organización criminal, é unha preocupación. Cando tesoureiros e xerentes dun Partido Popular —partido no Goberno— é condenado por recibir doazóns relacionadas coa adxudicación de contratos, é unha preocupación. Cando o Partido Popular é requirido por órganos xudiciais para esclarecer feitos e destrúe discos duros, é unha preocupación. Cando o Partido Popular utiliza fondos reservados, fondos públicos para destruír eventuais probas, é unha preocupación. Cando se utilizan caixas B, cando se utilizan sobresoldos, é unha preocupación; por certo, eu, na miña inocencia, cando hai moitos anos un señor cun trombón todos os días das pegadas nos gritaba «*señores del PP, jódete, jódete*» pensei que se refería a outras cousas, non aos sobresoldos. *(Aplausos.)*

Ben, e ante toda esta situación, ¿cal foi a resposta no pasado Pleno do presidente... dunha parte, parece, do país? Pois a resposta foi bochornosa, e o máis triste de que a resposta foi bochornosa é que non foi nin sorprendente nin novidosa, era o que podíamos esperar. ¿E que foi o que fixo? Pois seguir con esa estratexia de tratar de espaxar, de dicir que todos somos iguais, de que á fin e ao cabo a corrupción do PP pois é do PP, pero tamén no Bloque existe corrupción e mesmo mentando o bipartito, mesmo mentando a Fernando Blanco. E a verdade é que é máis bochornosa, máis mesquiña que outras veces porque era perfectamente consciente de que o procedemento contra don Fernando Blanco foi arquivado pola inexistencia de acción penal, de acción criminal ningunha. Sabía perfectamente con esa insidia que don Fernando Blanco era totalmente inocente dos feitos polos que fora imputado. Sabía perfectamente que o Informe do Consello Xeral do Poder Xudicial dicía que había que indemnizar esa persoa inocente e a persoa que non cometera ilícito penal nin administrativo ningún polo sufrimento que tivo que pasar. E, a pesar de todo iso, o presidente da Xunta —dunha parte do país— veu aquí con esa bochornosa resposta ante un problema da cidadanía.

Mire, non todos somos iguais. Pero, á parte, un pouco imbuído dun espírito futbolero despois de ver onte a Iago Aspas, eu recordo —bueno, teño para min— que nin Cristiano Ronaldo nin Mesi di «*todos somos iguais*», quen o di son os centrais que xogan duro, que xogan ao límite da legalidade. E aquí igual, unha persoa honesta, unha persoa respectuosa coa lei non diría «*todos somos iguais*», iso dino os corruptos para pretender que todos somos igual de corruptos. *(Aplausos.)* Non, non todos somos iguais. *(Aplausos.)*

E eu tamén tiña para min unha reflexión sobre esas —xa digo— mesquiña intervención e bochornosa, non novidosa nin sorprendente, contra unha persoa honesta; se ao mellor o que estaba facendo é —e sigo co símil futbolístico— o presidente da Xunta era tratar de que a oposición, de facernos un centro á oposición, para que nós arremetésemos contra unha deputada do Partido Popular que fora imputada e que despois se arquivou. De todas as maneiras, se iso é... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —ben, están contaminando o

ambiente— *(Risos.) (Aplausos.) (Murmurios.)* Ben, de todas as maneiras, ese centro, ese cuestionamento faino o presidente da Xunta, non o fai o Bloque; podería facelo, pero hoxe non toca. Por tanto, as liortas internas que teñan resólvanas na súa casa; pero, desde logo, quen cuestiona a súa decencia, a súa integridade non é este grupo, podería facelo pero foi o presidente da Xunta. *(Murmurios.)* Polo menos non é este grupo hoxe. *(Murmurios.)*

Ben, pero despois as indecencias e as ignominias nesa estratexia incluso de enganar a cidadanía repetírona no día de hoxe. Certo que o Partido Popular non foi condenado criminalmente, foi condenado como partícipe a título lucrativo, pero ¿por que?, porque non podía ser, non existía ese delito no momento no que iso se cometeu das persoas xurídicas. A organización criminal, SA; organización asasina, SA; organización de corruptos, SL, non podía ser condenada porque iso foi a partir de 2012 cando estaba tipificado, non cando se produciron os feitos de Bárcenas. Entón, ¿a quen se condenou?, as persoas físicas: o tesoureiro, o xerente... bueno, moitísima xente máis. Pero non é porque non foran inocentes ou porque non tiveran responsabilidade criminal, senón simplemente porque non estaba tipificado; o 31 bis do Código penal existiu a partir de 2012. Ou sexa, por unha cuestión de mera tipificación.

E na liña en que falaba o interpelante, hoxe autor da moción, entendemos que existe un baileiro de contido entre a responsabilidade política e a responsabilidade criminal. Ben saben que non é o mesmo; unha cousa é a responsabilidade política, moito máis esixente —que debería ser— e escrupulosa, e outra a responsabilidade penal. E pode existir responsabilidade política sen que exista responsabilidade penal. Un caso: imaxinen que hai unhas gravacións onde inequivocamente se ve que un responsábel político cobra doazóns para un partido político a cambio da adxudicación de contratos. Por se non o recordan, estou falando de Naseiro, por exemplo; é dicir, está claro, existen gravacións que atestiguaban a comisión dese ilícito. Ben, por unhas cuestións formais de ilegalidade —que non de ilicitude da proba— non se aportan ao procedemento penal. Esa persoa ¿está ben que sexa responsable político? Esa persoa ¿está ben que eticamente administre recursos públicos? *(Murmurios.)* Ben, vostedes entenden que si, a ética, o sentido común e a cidadanía entende que non. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Ben, pois ¿que fixo despois segundo a Gürtel?, continuar e suceder o mesmo que xa encetara o propio señor Naseiro.

Na mesma liña e por cuestións de tempo, ¿parécelle ben que unha persoa imputada por 104 delitos de prevaricación —dunha prevaricación continuada— poida seguir no exercicio do seu posto no que cometeu eses delitos? É máis, ¿parécelle ben que, sendo firme esa sentenza, esa persoa poida dar mitins electorais, que esa persoa poida negociar gobernos locais? ¿Parécelle que iso é exemplarizante e é edificante? Nós entendemos que non, vós entendedes que si.

En definitiva, e centrándoo no tema da moción, existen indicios dunha contabilidade extracontable do Partido Popular pasada e presente. Existen sospeitas de que empregaron recursos procedentes da caixa B do Partido Popular. Existen sospeitas e indicios de doazóns ilegais na contía e na procedencia. Miren, señorías, estamos falando de democracia. Decote falan de 42 deputados... Bueno, clarexemos se foron dopados ás eleccións

ou non, non permitamos que a nosa democracia poida ter ningún tipo de xénero de dúbidas, porque, como dicía Martin Luther King: «non me preocupa o berro dos violentos, dos corruptos, dos deshonestos ou dos de sen ética; o que máis me preocupa é o silencio dos bos». Señorías do Partido Popular, non encubran esas prácticas corruptas sobre as que existen numerosas sospeitas, non participen, porque máis valen honras sen escanos que escanos sen honra.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

Así, tirando de retranca ourensá, eu tamén lle diría que iso da contaminación do ambiente é como o asunto do colesterol, con iso poucas bromas. Poucas bromas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular. Señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Tabarés, ¡que emocionante discurso nos deu! Que mágoa esa oportunidade perdida para pedirlle desculpas á señora Prado, da que pedía a súa voceira a dimisión; para pedir desculpas ao señor Baltar; para pedirlle desculpas aos altos cargos do Sergas *(Murmurios.)* aos que vostedes botaron polo chan. Que mágoa de oportunidade perdida. *(Aplausos.)*

Por certo, teña coidado ao falar das escoitas que non se utilizan porque igual ten que repasar as do Pokémon e igual entón a dopaxe electoral da que fala a teñen que aplicar a vostedes e non a outros partidos.

Mire, eu quero empezar, señor Arangüena, concordando con vostede, porque en algo teremos que concordar. E quero concordar no que vostede dixo de que, efectivamente, eu e o señor Feijóo non confiamos no señor Fraga nin en outro, nós confiamos na xustiza; o que prefire confiar en delincuentes condenados é vostede, pero iso saberá vostede por que. No anterior Pleno eu escoitei a súa intervención plagada de sectarismo e mentiras, de medias verdades, e rematei convencido de que vostede non sería quen de facer algo máis bochornoso nesta Cámara, pero teño que recoñecer que vostede sempre supera as expectativas. E hoxe somete a votación un texto que aínda me parece máis vergoñento, sinceramente. Pídenos que condenemos a corrupción pero especialmente a corrupción do PP. Porque, claro, vostede distingue entre corruptos de primeira, que son os dos grupos que non apoia vostede, e de segunda, que son o PSOE e os seus socios. E, na miña opinión, isto constata unha certa visión distorsionada un tanto enfermiza de quen fía o seu éxito político ao triunfo do bulo e a esixir aos demais a mesma exemplaridade que se nega a aplicar para si mesmo. ¿Quere vostede condenar a corrupción? Mire, eu propóñolle que aprobemos, seguro que unanimemente esta declaración —a súa—: «O Parlamento de Galicia insta o Goberno a rexeitar con contundencia calquera forma de corrupción», e contará vostede co noso apoio.

Mire, señor Arangüena, permítame facer un breve relatorio non exhaustivo dos casos de corrupción relacionados co PSOE nos últimos anos. Caso ACM, Alhambra, Aljaraque, Aller, Almenas, Almonte, Alonso, Arcos, Asesores, Astafa, Atarfe, Avaes, Ave, Bahía Competitiva, Bajo Guadalquivir, Bankia, Bembrive, Beniferri, Cambil, Campeón, Casa de Rocío, Caja Castilla-La Mancha, Ferru, Cerceda-García Liñares, Civic, Ciempozuelos, Comercio, Contenedores, Contratos de Granada, caso Cudillero, caso Vivalterra, caso Dolores Reyes, caso Pichurri, caso facturas, caso enchufes Vigo, enredadera, estación de autobuses, facturas Baena, facturas falsas UGT, Febal, Filesa, Flic, Flotador, fondos Jeremi, Forcen, fundación, Gal, Grandas de Salime, Guerra, Gustavo, Hacienda, Arrag, Ibiza, Inerelpa, Infoca, Iniba-Gandía, Interligare, Isofotón, Láminas Goya, Lamparti, Limusa, Madeja, Mayén, Mar Blau, Maratón de Santa Pola, Manuel García, Marea, Marismas, Masa Magrel, Margüello, Matsa, Merca Sevilla, Merca Sevilla Escuela de Hostelería, Merca Sevilla Guardería, Mercurio, Método 3, Miraflores, Paraíso, Plaol, Plasencia, Plaszuela, plaza de toros, plaza Cartógromo, plaza Naves, Porcuna, Pretoria, PSPV [...], PTA, Puerto Gallego, Merenguele, Pérez Oria, Porriño, pulpo, relámpago, Renedo, río Manzanares, río Pedre, sabor San Lucas, Sanlúcar, Santa Cruz de Pan y Agua, Edu El Paraíso, Edu Huelva, Sallalonga, Seat, sobresueldos, Sogiese, Somo, Terán, Umax, Uralburro, Valle Gran Rey, vertedero de Nerja, Zarralfalla e —por ir rematando— Inmercara —con varias ducias de causas relacionadas—, Face —outras varias ducias de causas relacionadas— e o caso ERE —con máis de 150 pezas separadas—. (*Murmurios.*) Con estes antecedentes, (*Aplausos.*) señor Arangüena, eu tiven que escoitar aquí, aquí nesta Cámara, que no PSOE non tiñan nada de que avergoñarse. (*Murmurios.*) A miña pregunta é: ¿e non será que o que non hai é vergoña, non será iso? Porque eu preguntolle: destes máis de 300 casos de corrupción que eu lle acabo de relatar, e que volvo a repetir —si, 300, 300, bote a conta—, ¿cales consideran vostedes que non merecen a especial reprobación da Cámara? Porque o problema, señor Arangüena, é que a súa proposta non é un lapsus, nin parte dun erro de redacción. O problema é que isto parte do convencemento profundo que teñen vostedes de que os socialistas corruptos son menos corruptos e son de mellor condición e, polo tanto, non teñen por que avergoñarse. Díxoo o expresidente, e expresidente tamén do Partido Socialista Obreiro Español, o señor Chaves: «*Es que los ERE eran para ayudar a la gente*». ¡Claro! Porque os socialistas son uns modernos Robin Hood que rouban aos traballadores para axudar a afiliados, a amigos e a simpatizantes. E, claro, eu enténdoo, con ese bo corazón, polo camiño pois algúns socialistas intentaron axudar aos máis desfavorecidos comprando substancias prohibidas a pequenos camelos e frecuentando a compañía dalgunhas prostitutas, sen dúbida para axudarlles pagando a través dos seus servizos. Hai que recoñecer que, que piadosos son os corruptos do PSOE, merecen todo o noso aplauso. E digo máis, ¡e aforradores! E aforradores, porque ademais aínda lles sobraron cartos —como dixo a nai dun deles— «*para asar una vaca que tenía dinero guardado mi hijo en casa*».

En fin, é unha cousa certamente curiosa. Eu, señor Arangüena, escoitei como vostede tivo o atrevemento de falar nesta Cámara hai tres semanas e hoxe outra vez de ética pública, e isto ao mesmo tempo que espallaba na súa intervención algúns bulos intolerables e unha dobre vara de medir inasumible para calquera que se considere demócrata.

Estableceu vostede unilateralmente un *ranking* de corrupción, pero creo sinceramente que equivocou o nome do número un. Escolla vostede o baremo que prefira: causas abertas, número de imputados, diñeiro defraudado, ministros imputados ou condenados. En toda e cada unha desas categorías hai un campión: Partido Socialista Obreiro Español.

Atreveuse vostede a cualificar de cova de Alí Babá o Partido Popular porque ten dous ministros condenados, ¡dous ministros! Dous ministros, o señor Mata e o señor Rato, cuxo comportamento a min me abochorna e ao meu grupo tamén, e pedimos excusas públicas polo erro que cometemos en confiar en xente que non mereceu a nosa confianza.

Señor Arangüena, ¿como denominamos un partido —o seu— con cinco ministros condenados por corrupción? Porque eu ademais non vou lanzar ameazas ao aire, eu doulle o nome: o señor Barrionuevo, o señor Chaves, o señor Griñán, a señora Magdalena Álvarez e o señor Virgilio Zapatero. Por certo, Virgilio Zapatero, condenado polo caso Bankia, que a vostedes lles resulta tan escandaloso.

Pide vostede exemplaridade co presidente da Federación Galega de Fútbol, pero, claro, esquécelle que o único presidente da Federación Galega de Fútbol condenado en firme chámase García Liñares, e é do Partido Socialista Obreiro Español. ¿Foi exemplar acaso o seu silencio namentres ese señor se amarraba á cadeira dunha alcaldía nun espectáculo lamentable emitido por todas as televisións nacionais, berrándolle a un secretario municipal: «a calar, que aquí o alcalde son eu»? ¿Onde estaba o secretario de organización dos galegos e o seu altísimo sentido da ética, señor Arangüena? Non dixo vostede nada.

Das mordidas de Liñares, chitón. Da condena (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señora Rumbo, entendo que teñen vostedes un problema co apelido Liñares, pero referíame ao outro Liñares que tamén está condenado. Mordidas de Liñares en Lugo, señora Rumbo, chitón. Condena da alcaldesa do Porriño, chitón. Suplicatorio do seu sucesor no Congreso, chitón. Condena do alcalde de Bembrive, chitón. E todo o resto de imputacións varias que lle nomeei esta mañá, chitón.

Señor Arangüena, ¿é exemplar o seu silencio sobre estes casos? ¿Son exemplares as medidas que vostede tomou? Porque vostede é o número dous do Partido Socialista de Galicia e non lle oímos nin unha soa palabra sobre ningún destes asuntos, algún dos cales tiveron importantes novidades nas últimas catro semanas.

Señor Arangüena, vostede non é exemplar, vostede é un bo exemplar, iso si, de dobre moral, de hipocrisía e de cinismo, e dese bo exemplar vains permitir que non aceptemos ningún tipo de leccións.

Por certo, por certo, hai que ter unha certa caradura, vaimos permitir, para cando nos últimos 15 días, no último mes recibiron vostedes: unha condena en Lugo relacionada cos enchufes de determinados funcionarios e as ilegalidades respecto a algunha funcionaria que botaron, e cando acaban de recibir outra condena por enchufes no caso de Vigo, onde xa hai ademais un funcionario condenado por enchufar a cuñada da presidenta da Deputación de Pontevedra, ¡e vén aquí falar de enchufes! ¿Pero onde está o límite da súa desfachatez? (*Aplausos.*) Que eu non lle estou falando do que aconteceu hai 8 anos, estoulle falando, señor Arangüena, do que aconteceu hai 8 días, e vostede non di nada, e vén aquí dar leccións. Resulta certamente esperpéntico.

Eu, de verdade, ultimamente recibo este subministro de leccións que nos regala vostede cualificando os gobernos do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...permítame, rapidísimo.

Gobierno Sánchez, un presidente con tese doutoral plaxiada, un vicepresidente investigado por financiamento ilegal e por roubo de tarxeta móbil a unha colaboradora, dous ministros con sociedades opacas, unha ministra que oculta unha vivenda de luxo, tres ministros relacionados co caso Isofotón, un ministro que cesa un coronel por non revelarlle segredos sumariais, tres ministros consejeros de la Junta andaluza de los ERE, un ministro vinculado ao Delcy Gate, o mesmo vinculado ademais ao caso Plus Ultra.

O señor PRESIDENTE: Remate, xa chega.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...unha ministra que nomea directora xeral a súa nai, un exministro dimitido por elusión fiscal, unha exministra que falseou a súa tese doutoral, e unha ministra que aplaudía a espionaxe de carácter sexual.

Bravo. Grazas por non compartir con nós o seu sentido da ética, señores socialistas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos. Rematou o seu tempo.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Pazos, falou vostede, di que citou 300 casos. Eu creo que non foron tantos, creo que esaxera vostede, porque non lle daría tempo. Pero si que dentro desa relación, que me pareceu francamente interesante, falou vostede do caso Menguele; e eu púxenme a buscar a ver se había un caso Menguele, non atopei máis que o propio Menguele. Non sei se vostede quere dicir que nós temos algo que ver con Menguele, que refuxiamos a Menguele, que somos descendentes de Menguele ou calquera cousa semellante, pero xa lle digo que non.

E falou tamén vostede entre toda esa retahíla, de Grandas de Salime, bueno pois eu en Grandas de Salime unha vez fun de pesca; á parte diso, a verdade é que non coñezo o que posou en Grandas de Salime, creo que excede da miña capacidade non só de comprensión, senón tamén de responsabilidade, por suposto da de Gonzalo Caballero. Porque, claro, vostede mencionou aquí todo o que se lle ocorreu, unhas cousas non digo que non sexan certas, algunha cousas desas que dixo pode ser certa, pero en todo caso —insisto— non forman parte do ámbito nin da miña responsabilidade, nin da de Gonzalo Caballero, nin da actual dirección do PSdeG.

E dixo vostede que eu emitín aquí bulos intolerables, bulos intolerables. Non dixo cales foron os bulos intolerables, estaría ben que vostede, cando di que alguén emite bulos, e son intolerables, diga cales son. E con todo o que largou vostede aquí hai un momento, di que eu

larguei bulos intolerables. Dígame vostede, outro día, hoxe non vai ter ocasión, pero dígame vostede algún bulo intolerable que eu largase aquí hoxe.

E sorpréndeo a vostede que propoñamos que se rexeite a corrupción, toda a corrupción, pero sinaladamente a do partido que sustenta o Goberno de Galicia. Home, non imos propoñer que se rexeite sinaladamente a do partido que sustenta o Goberno de Transilvania, ¿verdade?, porque estamos en Galicia, e, por tanto, se a vostede lle sorprende a nosa proposición, pois vostede terá que facelo mirar.

En todo caso, como vostede non cre o que eu lle digo e non me di en que minto eu ou emito bulos, pero vostede non cre o que eu lle digo en forma de relato de feitos, pois voulle dicir en forma de siloxismos.

Siloxismo número 1. Se o señor Luis Fraga, testemuña do caso Bárcenas, que ten a obriga de dicir a verdade como testemuña —é sobriño do fundador do seu partido, e iso supoño que valerá algo no seu partido, é curmán do señor Puy—, di que Bárcenas lle merece total credibilidade, e o señor Feijóo di que Bárcenas mente, con total probabilidade quen mente é o señor Feijóo, cousa que, por outra parte, creo que non sorprendería ningúen a estas alturas en Galicia.

Siloxismo número 2. Se dúas persoas que se levan recoñecidamente mal din nun xuízo, dando detalles diferentes e perfectamente complementarios, que o último pago da caixa B do PP procedeu de Pontevedra no ano 2010, entón o máis probable é que o PP de Pontevedra tivese unha caixa B no ano 2010, 4 anos despois de que o señor Feijóo e o señor Rueda tomasen as rendas e fosen designados como máximos dirixentes do PP de Galicia.

Siloxismo número 3. Se o PP de Galicia tiña unha caixa B no ano 2010 e considerando que a caixa B dun partido se utiliza, entre outras cousas, polo que sabemos, para pagar campañas, é obvio que o PP foi dopado ás eleccións do ano 2009. Eu non estaba aquí, creo que vostede andaba por aí, e dende logo moitos dos aquí presentes... Ah, vostede non, pois os señores que están por ese lado si que andaban por aquí, nas que o señor Feijóo chegou á Xunta de Galicia. E no ano 2006, tamén.

Siloxismo número 4. Se un sindicato, que non é un partido político nin ten relación con partido político, di que o PP usa a Administración —o PP, non o PSdeG— pública como axencia de colocación de amigos e practica o nepotismo, e vemos como o PP mete por enchufe, descaradamente, e sen cortarse un pelo dous destacados militantes na Agader nun prazo de tres meses, o máis probable é que o PP practique hoxe descaradamente e sistematicamente o nepotismo a grande escala na Administración de Galicia.

E remato cos siloxismos, para dicirlle que toda organización humana, evidentemente, é susceptible de ter membros corruptos. Decía Kant que «do fuste torcido da humanidade non pode saír nada recto», e por tanto é estatisticamente normal que haxa persoas corruptas en calquera organización suficientemente numerosa, incluíndo o señor Liñares da Confederación Hidrográfica, a quen eu por certo non teño nin sequera o gusto de coñecer, non sei se Gonzalo Caballero o coñece —pero apostó a que non, porque non coinciden nas súas eta-

pas —, eu non teño nin o gusto de coñecelo. O problema é cando a corrupción se converte na norma e non na excepción, e o problema é cando a corrupción non é algo alleo e lonxano como vostedes pretenden facernos crer, senón algo que pasa por Galicia e que remata en Galicia, e segue a producirse hoxe no seu partido en Galicia, por moito que vostede veña falarnos de Menguele e de Grandas de Salilme.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás catro e media da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a sesión.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prezos do alugueiro de vivenda en Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de modificación

A parte propositiva da iniciativa debe substituírse por:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a colaborar activamente co Goberno do Estado no desenvolvemento dunha lei de vivenda coa finalidade de garantir:

- 1. O establecemento de mecanismos para frear as subidas de alugueiro abusivas e de medidas para favorecer a oferta de vivenda en condicións alcanzables para as persoas con menor renda e especialmente á poboación nova e os colectivos máis vulnerables.*
- 2. Establecer un novo mecanismo de contención e baixada de prezos, a través da mellora do marco fiscal, a declaración de zonas de mercado residencial tensionado e a definición de vivenda baleira na regulación da recarga existente no Imposto sobre Bens Inmóveis.»*

Para formular a moción, ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señores e señoras deputadas.

Hai unha gran pregunta respecto deste tema e é ¿canto máis teñen que subir os prezos do alugueiro para que digamos basta dunha vez? Porque en tan só seis anos os fogares das cidades galegas viron como pagaban máis dun 20, ata un 31 % máis por unha vivenda en alugueiro. En cidades como Vigo ou A Coruña iso supón pagar 3.000 euros máis ao ano que hai seis anos. E o que parece máis preocupante aínda é que o prezo do alugueiro non se detén ante nada, nin sequera ante unha pandemia. En Galiza xa se paga hoxe un 5 % máis que hai un ano e isto é a demostración clara de que a inercia do mercado é a de seguir espremendo as rendas, a de seguir espremendo os aforros dos fogares ata que non aguanten máis.

E, fronte a esta inercia destrutiva do mercado, temos a inacción dun Goberno que mira para outro lado. ¿Canto máis teñen que seguir subindo para que este Goberno asuma que este é un problema de extrema urxencia? ¿Cantos cartos máis? ¿Cantos aforros máis cren que pode soportar a xente seguindo pagando por un ben tan básico como é a vivenda? Respóndolles eu, hai milleiros de fogares que non poden aguantar máis. Hoxe hai 30.000 fogares en Galiza que adican máis dun 30 % das súas rendas ao pago do alugueiro, e deses case unha terceira parte, case 10.000 fogares, adican máis dun 50 % da renda para poder ter un teito. Hai milleiros de mozos e mozas que nin sequera aparecen nestes datos, son invisibles porque seguen vivindo na casa dos pais, porque é imposible facer encaixar os salarios precarios cos prezos abusivos do aluguer. E logo están os que conseguen emanciparse, pero cando a vivenda che come tanta parte do salario, un ve imposible emprender calquera proxecto vital. É difícil soste a vida neste mar de precariedade económica. E, se cabe, a situación é aínda máis dramática para aquelas familias nas que hai nenos e nenas, e pagar o alugueiro significa quitarte de pagar outras cousas básicas; ou cando directamente non chegas, cando non es capaz de pagar. E en 2019 en Galiza houbo máis de 1.800 fogares que sufriron un desaloxo polo impago das rendas porque non podían facer fronte. E canto máis aumenta o prezo da vivenda máis persoas están nesta situación; canto máis medra a burbulla, máis se estrangulan os aforros dos fogares e as expectativas vitais máis simples: emanciparse, poder formar unha familia, garantirlle á túa familia unha vivenda digna... As cousas máis básicas e esenciais.

E o Goberno da Xunta ten as competencias en materia de vivenda, e un Goberno decente non pode permitirse que continúe esta escalada de prezos, porque a economía de milleiros de fogares non soportan máis esta burbulla. Pero tamén polo ben de todos, porque sabemos que un modelo económico que se asenta e depende do carácter especulativo da vivenda é un modelo económico que trae catástrofes sociais, económicas e ambientais. E a estas alturas, despois de tanta crise sistemática, deberíamos ter xa claro que tomar medidas hoxe, mudar o modelo é tamén evitar as crises do mañá. Por iso traemos esta iniciativa que ten como obxectivo lograr un acordo de todos os grupos desta Cámara para fixarse como obxectivo común pórllles límite a estes prezos abusivos e comezar a camiñar cara á transformación do modelo inmobiliario.

E aí temos tamén o exemplo doutros países europeos que pasaron pola experiencia de fortes crises ligadas ao sector inmobiliario e que decidiron cambiar o rumbo, que decidiron protexerse reducindo o carácter especulativo da vivenda. E da experiencia deses países tamén podemos tirar outra lección importante, porque nos permite comprobar que, naqueles países nos que a vivenda privada ocupa unha porcentaxe moi alta respecto do total da vivenda, ese modelo é un fracaso. E que, pola contra, cando o sistema de provedores de vivenda se reparte

de forma máis equilibrada entre o sector privado, o sector público e incluso un sector intermedio, unha terceira pata de carácter privado pero sen ánimo de lucro, cando o modelo inmobiliario se asenta nestas tres patas de forma máis equilibrada, ese modelo ten unha dobre virtualidade: por un lado, garántese o acceso á vivenda a rendas máis baixas mediante a vivenda pública, pero tamén, por outro, ao mesmo tempo o prezo da vivenda privada está máis contido, porque o resto de provedores actúan como un mecanismo de contrapeso e de contención dos prezos da vivenda libre.

Pero volvamos a Galiza, ¿que modelo temos aquí? ¿A onde nos levaron as políticas do Partido Popular? En Galiza o 99 % das vivendas en alugueiro son vivendas privadas, temos un dos peores escenarios de toda Europa. E ese monopolio do sector privado é o que permite que poidan seguir subindo os prezos ata espremernos as rendas sen considerar as consecuencias sociais porque non hai alternativa. Por iso é fundamental aumentar a porcentaxe de vivenda pública, para que haxa alternativa habitacional non especulativa que actúe de contrapeso ao mercado libre. (*Aplausos.*)

Señores do Partido Popular, é irrefutable que transformar a composición e a distribución dos provedores da vivenda en aluguer é un factor decisivo para garantir a vivenda, para frear os prezos e para achegarnos ao contexto europeo. Aumentar o parque de vivenda pública debe ser o horizonte estratéxico de todos os grupos desta Cámara. Pero, alén desta medida, hai outras moitas medidas que tamén poden contribuír a facer o alugueiro accesible e que cómpre tamén activar. E ademais porque no noso contexto cobra unha especial relevancia, e explícamente, ¿por que esta especial relevancia? Porque temos un parque de vivenda pública moi, moi baixo, con menos de 4.000 vivendas, de forma que, por moito que a Xunta se decidira a ampliar o parque de vivenda pública para chegar a unhas porcentaxes significativas que permitisen realmente ver resultados de fondo, tardaríamos anos en chegar a esas cifras. E a vida da xente non pode agardar, a vida da xente non pode seguir en *stand by*; non podemos seguir permitindo que a xente adique a metade do salario a pagar unha vivenda. (*Aplausos.*) Por iso é igual de urxente, igual de necesario comezar a ampliar o parque de vivenda pública como adoptar respostas tácticas que sexan rápidas, eficaces e adaptadas á nosa realidade.

Hai medidas que nos permitirían actuar xa, como, por exemplo, medidas que provoquen a mobilización da vivenda baleira, esa vivenda que está sen uso e que se mobilízase cara ao mercado do alugueiro, de forma que aumentase a oferta da vivenda e axudase a caer os prezos. Temos o récord de vivenda baleira do Estado con 300.000 vivendas baleiras, e só entre Vigo e A Coruña suman preto de 40.000 vivendas, segundo o último censo. Podemos converter este problema da vivenda baleira nunha oportunidade para colocar no mercado vivenda en alugueiro de forma rápida. Obviamente con medidas que teñan en conta o tipo de propietario, porque non poden ser as mesmas medidas nos casos nos que esteamos falando dun banco, dun gran fondo de investimento que utiliza a vivenda para especular que no caso dun traballador que meteu todos os aforros da súa vida nunha vivenda para deixárllela aos seus fillos. Non son o mesmo tipo de propietario.

Tamén podemos impulsar medidas que axuden a incrementar as axudas de alugueiro que lles permita ás rendas máis baixas poder chegar a fin de mes. Vostedes fixeron algo absolutamente indecente, que é eliminar as axudas do aluguer no ano 2020 en plena pandemia.

Eliminaron as axudas ao aluguer xeral e as axudas de alugueiro a menores de 35 anos. Hai que aumentar os investimentos en axudas porque hai moita xente que depende delas.

Tamén é necesario estudar medidas puntuais específicas para controlar os prezos en zonas con presión turística. Este tipo de presión no caso galego é moi puntual pero debe analizarse, por iso tamén na nosa iniciativa pedimos que o Observatorio da Vivenda de Galiza faga un informe, un estudo no que se faga un diagnóstico pormenorizado e territorializado das variacións dos prezos e das súas causas. E tamén é necesario poñer en marcha medidas de protección dos inquilinos fronte aos abusos dos propietarios, que por desgraza son cada vez máis habituais. En lugar de poñer só teléfonos para asesorar contra a ocupación, tamén podían poñer teléfonos para axudar contra os abusos que se fan aos inquilinos. *(Aplausos.)*

E estas son as grandes liñas polas que nós entendemos que debe camiñar o Goberno, que servisen para dar unha resposta táctica inmediata aos problemas dos prezos do aluguer en Galiza. Agora ben, dito isto, é tan urxente, é tan necesario un gran acordo sobre este tema que a proposta que lle traemos nesta moción é unha proposta de mínimos. O que pretende esta moción é tan simple como importante, que o Goberno asuma que a escalada de prezos é un problema; e que, por tanto, que o Goberno asuma que pór lle freos ten que ser un obxectivo estratéxico que sirva para orientar as políticas de vivenda. Pero, para que o debate sobre o como non sexa un impedimento para que esta iniciativa saia adiante, estamos dispostos a que sexa o propio Goberno galego quen traia a proposta a esta Cámara. O único que lles exiximos é que se comprometan a traer nun prazo de seis meses un plan galego por un alugueiro accesible onde fagan as propostas concretas, as medidas e as previsións no tocante á redución dos prezos, aumento da vivenda pública e das axudas. Por tanto, que sexa o propio Goberno galego quen propoña o como.

Queremos que isto quede claro. Hoxe non imos votar sobre unhas medidas concretas, senón sobre se vostedes se comprometen ou non a frear a escalada de prezos, se vostedes se comprometen ou non con cambiar dunha vez o modelo inmobiliario. Iso é o que imos votar con esta moción.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Fernández, evidentemente existe un problema que ninguén nega, creo que nin o Goberno da Xunta de Galicia nin o Goberno do Estado.

Compartimos o diagnóstico do problema, que é común en Galicia, é común a outras comunidades autónomas e tamén noutros países. Compartimos que é necesario ser capaces de desenvolver políticas eficaces, políticas públicas eficaces, e que, polo tanto, reduzan o problema adoptando medidas acertadas. E é aí precisamente na adopción desas medidas onde se debe acertar.

E consideramos que se debe camiñar cara a un marco ben deseñado, seguro non só xuridicamente, senón na garantía de éxito das medidas que se propoñan. E ese marco ao que estou a facer referencia debe contar coa colaboración do Goberno do Estado, dos gobernos autonómicos, que son e serán os responsables últimos da aplicación das medidas que se deseñen, e tamén coa colaboración decidida e imprescindible da Administración local.

Deu vostede uns datos o suficientemente elocuentes que xa comentou na súa interpelación no pasado Pleno, pero tamén entendemos que por parte do Goberno do Estado se está a traballar nunha nova Lei de vivenda que vai dar resposta —entendemos— ao obxectivo de facer posible o acceso á vivenda pública ás persoas con menor renda, especialmente á poboación nova e colectivos máis vulnerables, poñendo coto ás subidas abusivas de prezos, o que se traduce —como vostede dixo con precisión— en alugueiros por encima da capacidade económica das familias e que se concentra ademais en determinadas poboacións.

Débense establecer mecanismos para frear as subidas do alugueiro abusivas e un conxunto de medidas para favorecer a oferta de vivenda en condicións alcanzables para as persoas con menor renda, especialmente a poboación nova e os colectivos máis vulnerables —creo que isto é algo fóra de toda discusión—. E tamén que esas medidas se deben centrar na mellora do marco fiscal, na declaración de zonas de mercado residencial tensionado e na modificación da definición de vivenda baleira para a aplicación da recarga existente no imposto de bens inmoables. E todo isto debe estimular necesariamente a oferta de vivenda en alugueiro, que na actualidade se concentra moi maioritariamente —e tamén o dixo vostede— en mans de pequenos propietarios para os que o alugueiro non é unha actividade económica principal, e, por tanto, contribuír a conter e baixar os prezos do alugueiro.

Nesta proposta na que se está a traballar e que entendemos —como xa dixeran— que é o marco adecuado, tívose en conta a regulación existente en sistemas de renda ensaiados noutros países, como o caso de Alemaña e Francia, mesmo Estados Unidos, que non demostraron eficacia en canto á contención de prezos e que si apuntan a provocar a curto prazo un efecto de contracción na oferta, o que supón xustamente, como é lóxico, o efecto contrario de facer máis difícil o acceso á vivenda en alugueiro, especialmente para os máis vulnerables.

E esta proposta non está feita sobre algo baleiro, senón sobre un informe que publicou o Banco de España no ano 2020 titulado *A intervención pública no mercado do alugueiro da vivenda, unha revisión da experiencia internacional*, que expón que nos últimos anos se produciu un incremento nos prezos do alugueiro precisamente en zonas residenciais que experimentaron crecementos moi notables, fundamentalmente en áreas metropolitanas das economías máis avanzadas. Incremento que está asociado a unha escaseza relativa da oferta de vivenda en alugueiro fronte a un notable incremento da demanda, entre os que destacan lamentablemente fogares con menor nivel de renda e os encabezados por adultos novos, e que se

localiza fundamentalmente en cidades e áreas xeográficas onde a actividade económica é máis preponderante. Todos estes factores explican ese incremento do prezo do alugueiro como consecuencia desa oferta.

E ese informe tamén analiza, como dicía, o resultado das medidas de limitación. Polo tanto, as medidas fiscais para incentivar a oferta de alugueiro parten do feito de que a propiedade da vivenda corresponde moi maioritariamente, como xa dixeran, a pequenos propietarios, na súa maior parte particulares, para os que o alugueiro non é a actividade principal, como xa dixeran. E estes propietarios son evidentemente máis propicios a responder a medidas fiscais de incentivos no ámbito do imposto da renda das persoas físicas que a medidas de contención do aluguer. E para iso plantéxanse 5 mecanismos:

Primeiro, a declaración de zonas de mercado residencial tensionado, que será a través das comunidades autónomas e concellos, que poderán declarar no seu ámbito, de acordo coa súa normativa reguladora, zonas de mercado residencial tensionado nas que exista un especial risco dunha certa insuficiente vivenda para a poboación en condicións alcanzables. E esa declaración de mercado tensionado prevese en principio no proxecto que teña unha duración de tres anos e que se pode prorrogar anualmente. Esa declaración levará consigo necesariamente a posta en marcha por parte da Administración competente, porque se non carecería totalmente de sentido esa declaración, dun plan de acción específico para a corrección dos desequilibrios que se evidencian na súa declaración.

Tamén será necesario, e é un debate repetido, é un debate sobre o que é necesario un gran acordo político para ver que consideramos un gran tenedor de vivenda en zonas tensionadas, porque a única definición que hai neste momento está feita con carácter, se queren, de urxencia no Real decreto lei 11/2020, que adopta medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á Covid-19, sobre a aplicación automática da moratoria da débeda arrendaticia en caso de grandes tenedores e empresas públicas. E aí defínese como gran tenedor para estes efectos exclusivamente a persoa físico-xurídica que sexa titular de máis de 10 inmobles urbanos, excluindo garaxes e trasteiros, e cunha superficie construída de máis de 1.500 metros.

En canto ás medidas de carácter fiscal, saben vostedes que actualmente hai unha redución do 60 % no rendemento neto do alugueiro de vivenda habitual, o que é equivalente loxicamente a tributar polo 40 %. E esa medida no seu momento supuxo un incremento significativo da oferta do alugueiro declarado, o que proba evidentemente a eficacia desta medida. Polo tanto, proponse introducir modificacións na súa regulación para favorecer a moderación e a baixada dos prezos do alugueiro concentrando o seu efecto nas zonas con maiores problemas de oferta. E esa proposta chega a ter un 90 % de bonificación, o que, evidentemente, equivale a declarar soamente o 10 % dos beneficios, en casos taxados e relativos precisamente ao alugueiro limitado, ou incluso rebaixar o prezo para a poboación desfavorecida.

Non é menos importante a definición da vivenda baleira a efectos de recarga do IBI. Eu, na miña experiencia na anterior lexislatura, asistín en varias ocasións a debates sobre gravar adicionalmente a vivenda baleira, pero evidentemente calquera Administración necesita un marco legal que defina con precisión cando unha vivenda se pode considerar ou non se pode considerar baleira, e, a partir desa regulación clara, sería cando se podería aplicar ese gravame adicional.

E medidas complementarias de reforzo do dereito á vivenda en zonas tensionadas con plans de aplicación prioritaria, con programas de axudas a vivenda ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables, ademais de incrementar de forma significativa a posta á disposición dun parque suficiente de vivendas de alugueiro a un prezo alcanzable, que vai na liña do que vostedes propoñen na súa moción.

Por iso o noso grupo parlamentario presentou unha moción que podo entender que, á luz da súa explicación, podemos chegar incluso a retirala, porque vostede di que na súa moción non hai ningunha proposta en concreto. O que ocorre é que cando vostedes falan de rebaixar os prezos do alugueiro da vivenda principal no mercado libre, facilitando o acceso á vivenda a un maior número de fogares galegos, cabe entender que, evidentemente, a interpretación é a que vostede explicou, pero tamén cabería entender que estaban vostedes falando dunha limitación do prezo, o cal iría en sentido contrario ao resultado, á eficacia desas políticas públicas, como dixeran antes, baseado nese informe internacional comparado.

E, polo tanto, se vostede o que está dicindo é que o que pretenden é que o Goberno plantexe unha batería de medidas que presente neste Parlamento cuxa finalidade sexa rebaixar eses prezos no sentido de que esa rebaixa non vai sobre o aluguer que cobran os propietarios, senón sobre o que paga finalmente a persoa arrendataria, creo que poderíamos chegar a un acordo porque, efectivamente, creo que esa é a finalidade.

En canto á declaración de obxectivo estratéxico que vostedes pretenden con respecto á redución do prezo do alugueiro dentro do Plan de vivenda 2021-2025, estamos de acordo.

E, con respecto ao punto 3, de elaborar por parte do Observatorio da Vivenda ese estudo e diagnóstico pormenorizado, non podemos estar máis de acordo, porque evidentemente calquera que mire un pouco como se toman determinadas medidas a efectos de políticas de contención de prezos e acceso á vivenda comproba como, lamentablemente, todos os informes aos que se pode recorrer corresponden ou ben a datos claramente desfasados temporalmente, no sentido de que son informes de hai anos, ou a portais inmobiliarios cuxa información pode ser dubidosa toda vez que toman como referencia o que piden os propietarios para alugar unha determinada vivenda.

Polo tanto, nese sentido, repítolles, creo que, se vostede aclara con precisión ao que se refire, nós retirariamos esa emenda e votariamos a favor da súa proposta.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señora Fernández, a verdade é que xa estamos a perder a conta das veces que vimos falar tanto en comisión como neste pleno desa particular teima que ten coa vivenda e con esa teoría de agora chamámoslle redución pero é intervención. Dándolle voltas unha e outra vez a unha cuestión que dende o Grupo Parlamentario Popular e dende o propio Goberno galego xa temos explicado e detallado por activa e por pasiva.

Fala vostede de consenso, non sei que máis consenso quere que un pacto social pola vivenda que se traballou con todos os axentes sociais. Iso é consenso. E o seu é teima e cerrazón, esa é a diferenza. Porque é cuestionar sempre o traballo dos demais, pero sen presentar novas iniciativas e, sobre todo, tendo en conta o novo escenario económico e social que se abre ante nós, ante esta situación da pandemia.

¿Saben o que fan vostedes? Tirar do argumentario do libro nacionalista, iso é o que fan. Insisten agora en intervención do mercado inmobiliario, a través da redución dos prezos do alugueiro. Chámelle como queira, señora deputada, pero ao fin e ao cabo estamos falando de intervención. Toda unha gran idea para tensionar un mercado que máis que nunca necesita de certeza e seguridade xurídica, sexan propietarios ou inquilinos. Por iso este Grupo Parlamentario Popular vai aproveitar a súa moción para dicirlles de novo aos galegos e ás galegas que a Xunta de Galicia é contraria á intervención do mercado do alugueiro polos efectos negativos que tería. Un posicionamento contrario a calquera regulamento dos prezos do alugueiro que tamén manteñen os expertos. O señor Álvarez facía referencia a ese informe do Banco de España, que me estraña ben, señora Fernández, que vostede non coñeza, e sas consecuencias da regulación dos prezos naqueles países onde se aplicou. Seguro que os coñece, pero as conclusións seguro que non lle interesan, pero eu tamén llas vou contar aos galegos e ás galegas.

O informe do Banco de España di que o control sobre os prezos do alugueiro ten negativas consecuencias sobre a oferta de alugueiro, entre elas: a redución das vivendas dispoñibles no mercado; a redución por parte dos propietarios dos gastos de mantemento, co que se vai crear unha bolsa de vivendas —e así está corroborado— en deficientes condicións de habitabilidade; modificación da composición das vivendas para escapar do regulamento; segmentación da poboación de determinados colectivos e zonas das cidades segundo as condicións socioeconómicas dos seus habitantes; redución da mobilidade dos traballadores que non desexan perder un alugueiro inferior ao prezo do mercado; e mesmo aumento de prezos no mercado naquelas zonas ou vivendas que quedan excluídas do regulamento.

¿Que ocorreu, señora Fernández, en París ou en Berlín? Creo que llo recordei na última comisión que tivemos no mes de marzo. En Berlín un de cada catro propietarios retirou os seus pisos do mercado; e en París evaporouse o 15 % da oferta de vivenda do aluguer.

Pero non hai que ir a Europa, podemos ir a Cataluña, que dende a entrada en vigor en setembro de 2020 da lei autonómica que regula o prezo do alugueiro, a oferta deste tipo de vivenda afundiuse nun 10 %, aumentando a presión da demanda.

Pode ser que lle faga gracia, porque é algo moi típico na bancada do grupo nacionalista esas risas, pero as experiencias son negativas e aí están os datos.

Pero agora non só son as experiencias de Europa, senón tamén ese tira e puxa que hai agora entre os socios do Goberno sobre a futura lei estatal, no que, á vista desta moción, tamén están vostedes a participar.

E, sobre todo, quérolle recordar, que é importante, Unidas Podemos e tamén vostedes queren regular os prezos do alugueiro, mentres o PSOE vai pola liña das deducións fiscais. Así, creo que esquecen algo, que nos fai falta esa lei estatal de vivenda, claro que nos fai falta, pero tamén creo que... ao mellor esquecéenos, señores da oposición, que o principal punto de fricción e de falta de entendemento despois dos acordos que vostedes firmaron é precisamente o alugueiro. Non sei se lle custará un pouco chegar a ese acordo.

E despois tamén onte á tarde cando chegou a emenda do Grupo Socialista, señor Álvarez, con respecto a cando falan de declaración de mercados tensionados, por si mesma entendemos que ten transcendencia, pero o que hai que saber é que consecuencias ten esa declaración. Se é para limitar os prezos, non o consideramos evidentemente oportuno.

Sen embargo a Xunta de Galicia, e esperemos que pronto chegue esa lei estatal porque nos vai solucionar moitos problemas, que se defina por exemplo o concepto de vivenda baleira, do que vimos falar seguido, porque en base a esa definición e en aplicación á Lei de facendas locais, os concellos poderán aplicar as recargas nos impostos de bens inmo- bles. E, en todo caso, consideramos dende o Grupo Parlamentario Popular que dende a Xunta de Galicia, se consideran como máis efectivas esas políticas de incentivos para fa- vorecer a posta en marcha desas vivenda baleiras, pero hai que saber o que se entende por vivenda baleira.

Tamén queremos esa seguridade xurídica para os propietarios, claro que a queremos. Que- remos ter confianza de que se cobre puntualmente o aluguer, queremos ter confianza de que se devolvan as vivendas no estado en que foron alugadas.

Señorías, malia que teñen competencia exclusiva en materia de vivenda, o mercado inmo- biliario en España é un mercado libre que non regula a Xunta. A dinámica depende da evo- lución da oferta e da demanda en cada zona e momento.

¿Realmente cren vostedes que se poden formular estas medidas nas vivendas xa alugadas ou libremente asignadas polo arrendador e o inquilino? Ao mellor pensan que si porque á fin e ao cabo o seu discurso é que sempre é o mesmo, e ás veces, señora Fernández, incluso incoherente. Non sei desde aquí, apenas o vexo eu e probablemente..., pero eu dígollo. In- coherente porque veñen vostedes aquí a exixir o incremento do parque público de vivenda cando o Concello, por exemplo, de Pontevedra, creo que gobernado polo BNG, creo, converteu un aparcadoiro ou parcela, a parcela de Valdecorvos, cedida gratuitamente por Xestur, para construír vivenda protexida. Aquí está. Puideron vostedes aumentar ese parque público mu- nicipal do que tanto falan, pero entenderon que o problema eran neste caso os coches e pre- feriron facer nesta parcela un aparcadoiro. *(Aplausos.)*

Así que, señora Fernández, un Goberno decente, como é o Goberno da Xunta de Galicia, como é o Goberno galego, vive a realidade, sendo plenamente consciente de que o acceso á vivenda é unha das principais preocupacións dos cidadáns e, en particular, dos colectivos máis vulnerables e da mocidade.

O Goberno galego traballa, fala facendo con programas específicos para garantir o acceso á vivenda en alugueiro, 10 millóns de euros en catro programas dirixidos a persoas cunha situación económica difícil e, sobre todo, a aquelas que están especialmente afectadas pola Covid.

Dende o 31 de marzo temos as axudas ao alugueiro dirixidas a facilitar o acceso ao mantemento á súa vivenda habitual. En dúas liñas: para a poboación en xeral, de ata 200 euros ou 250 se teñen máis de 65 anos; e para menores de 35, de ata 250 euros. E na actualidade —mire se é decente— que a cobran máis de 5.000 persoas, que están a recibir estas axudas.

E como tamén o Goberno galego non é alleo ao impacto da pandemia, estase a facer un esforzo especial para aquelas persoas que teñen dificultades á hora de facer o pago das rendas. Dende o 6 de abril tamén se poden solicitar as axudas para aquelas que están en situación de especial vulnerabilidade pola Covid, chegando neste momento a máis dun milleiro de beneficiarios. E para o 2021 o programa ten máis de 2 millóns de euros con dúas novidades: simplificación —ben necesaria— e axilización do procedemento. E, por outro lado, o modo de pagamento; en vez de mes a mes, pásase a un pago anticipado e con pago único.

Ademais destas dúas novas liñas, seguro que coñece tamén vostede, porque o temos falado en moitas ocasións, das axudas directas ao alugueiro, como é o Bono de alugueiro social e o Bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero.

Destacar tamén que durante o ano 2021 os bonos de alugueiro se verán complementados ata chegar ao 100 % do custo das rendas dos beneficiarios, cunha axuda extraordinaria de preto de 2 millóns de euros.

Aquí falamos de particulares, pero a Xunta tamén axuda os concellos con menos de 20.000 habitantes: a rehabilitar vivendas para o alugueiro, a fomentar a construción de novas vivendas para o alugueiro. E a Xunta adquire e rehabilita vivendas en conxuntos históricos tamén con destino ao alugueiro, e tamén se ofrecen axudas a promotores públicos e privados para alugueiro. Polo tanto, incrementarase ese parque público de vivenda composto hoxe de máis de 3.700 vivendas, con novas vivendas rehabilitadas, con vivendas de nova construción e ofrecendo solo residencial sobre todo nas contornas urbanas como A Coruña, Ferrol, Lugo ou Pontevedra, se para o caso que deixe de lado o aparcadoiro. E en Vigo con San Paio de Navia e 62 vivendas de promoción pública que serán entregadas este ano.

Mentres o Goberno de España vai e vén e vostedes veñen e van, a Xunta de Galicia ten moi clara a súa política de vivenda en alugueiro: non á intervención no mercado, que só procuraría máis tensións e problemas, xusto cando menos o necesitamos con experimentos sobre todo xa falidos. E si queremos certeza e seguridade, e si queremos medidas que promovan o alugueiro de vivendas, que incrementen o parque autonómico e municipal, e que faciliten o

acceso á vivenda dos cidadáns en xeral. E todo isto xa en marcha, señora Fernández, sen necesidade de esperar a elaborar ningún plan de alugueiro asequible porque os cidadáns non poden esperar.

Visto o que vostedes propoñen na súa moción, ata parece que a vostedes lles sobra o tempo, pero aos galegos e ás galegas que representa este partido, este Grupo Parlamentario Popular e a Xunta de Galicia non poden esperar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Señora Díaz, eu creo que vostede non é consciente dos quebradeiras de cabeza, da tensión, da dor que está creando na sociedade o aumento dos prezos do alugueiro. *(Aplausos.)* Creo que vostede non é consciente, porque dicir aquí que están fartos de que traíamos este tema é de vergonza. Díganllo aos rapaces que non poden emanciparse, díganllo á xente da miña xeración que non pode decidir se... proxectos vitais tan básicos como ter fillos, porque non sabes en que momento te vas ter que marchar para á casa con este mercado laboral, que non sabes como vas ter a túa vida a cinco anos vista, *(Aplausos.)* que non o sabes. Porque os prezos non paran de subir e non hai límite.

E díganllo ás familias desafiuzadas ás que vostedes as obrigan a pasar por todo o proceso de desaloxo para darlles unha mísera axuda. É unha vergoña que vostedes digan que están fartos de que traíamos este tema.

Despois vostedes traen aquí o mantra de debates importados, porque este non é o debate que estamos abrindo nesta Cámara. O debate sobre a limitación de prezos en Berlín e en cidades europeas, ou incluso a que se dá no Estado non é o centro do debate en Galiza, porque hai outro modelo inmobiliario, porque hai outro tipo de parque inmobiliario que require de medidas concretas e específicas para o noso caso e iso é o que queríamos poñer enriba da mesa. A cuestión da limitación dos prezos está pensada especialmente para os contextos de mercados inmobiliarios onde están tan tensionados e que non hai oferta, como poden ser os centros de grandes metrópoles, como Madrid, Barcelona ou outras cidades europeas, onde aí si que existe un problema de oferta e a única forma de intervir é mediante a limitación de prezos. Pero é que no caso de Galiza temos un parque de vivenda baleira que, como dicía na miña intervención, é un problema pero tamén pode ser unha oportunidade para intervir aí e tratar de rebaixar os prezos do alugueiro. *(Aplausos.)*

A vivenda baleira, temos en Galiza o récord de vivenda baleira. E o caso da vivenda baleira en Galiza non é só un fenómeno que se dea nas contornas rurais, porque incluso nas cidades máis poboadas, en Vigo, A Coruña, as dúas cidades suman 40.000 vivendas baleiras; polo tanto, aínda hai capacidade nos espazos urbanos de intervir mediante a vivenda baleira.

¿Que podemos facer aí? Intervir con medidas de presión fiscal a aqueles grandes propietarios que se dedican a especular coa vivenda baleira. E aí hai un censo de vivenda baleira que non me cansarei de repetirlle, un censo de vivenda baleira que impulsou a consellería onde están os grandes propietarios vinculados ao sector financeiro, aos que lles podemos exixir que poñan esa vivenda baleira no mercado, de forma que aumentemos a oferta e axudemos a baixar os prezos.

Hai outras medidas que se poden facer, como axudas á rehabilitación, pero que distingan tamén por tipo de propietario, porque vostedes dan axudas á rehabilitación universais sen ter en conta quen é a persoa que está do outro lado. Porque non será o mesmo un propietario pequeno, que non é capaz de reformar a súa vivenda porque non lle chega, que darlles, como van facer vostedes, 8.000 euros aos bancos para que fagan reformas. *(Aplausos.)* Hai que distinguir por tipo de propietario.

A medida de intervención dos prezos pode ter sentido nalgúns casos puntuais onde haxa unha presión turística, pero, explicábao na miña primeira intervención, que no caso galego son casos moi puntuais. En todo caso habería que estudar, é que o problema é que vostedes saben mellor cales son os datos de Berlín que os datos do parque inmobiliario de Galiza, porque non fan informes dende o Observatorio de Vivenda de Galiza. *(Aplausos.)*

E eu xa sabía que vostede ía vir aquí coas excusas todas importadas dun debate que non é o debate real que temos en Galiza. Eu xa sabía que vostede ía ampararse nesas excusas, por iso llo puxen fácil; propuxen que vostedes fagan as propostas para axudar a rebaixar o prezo. Se non lles gustan as que temos nós, fagan unha proposta. A cuestión é que vostedes non teñen propostas. Porque a pregunta que non queren responder é ¿ata canto van *(Aplausos.)* seguir aceptando que sigan subindo os prezos para intervenir? Ata cando para que vostedes digan si a frear os prezos, para que vostedes digan si a cambiar o modelo. A miña pregunta é: ¿No Partido Popular teñen vostedes un tope? ¿Cando lles vai parecer que xa foi suficiente a subida dos prezos do alugueiro? Porque cada décima, cada punto porcentual que sobe o prezo son máis persoas que quedan fóra do sistema. Dígollo así, xente que queda fóra do sistema. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Porque cando non podes acceder á vivenda en alugamento dun provedor privado, en Galiza non tes alternativas. Unha persoa que non poida pagar a vivenda no prezo da vivenda libre, ¿cales son as opcións que ten en Galiza? Pode intentar buscar unha vivenda pública, unha auténtica odisea, porque hai 4.000 vivendas públicas e un rexistro de demandantes de vivenda con 15.000 persoas colapsado ano tras ano. Vivenda pública podes esperar anos e anos a esa alternativa.

Poderías optar a unha axuda ao alugueiro, pero, claro, a Xunta en 2020 decidiu cargarse as axudas do alugueiro. En 2019 tan só chegaron a 600 mozos e 1.400 persoas, cando estamos falando de que 10.000 fogares galegos pagan máis do 50 % das súas rendas para alugueiro. *(Aplausos.)*

E no extremo dos casos podería optar a un Bono de alugueiro social, pero para optar a ese Bono de alugueiro social unha das condicións é que se teña executado o desaloxo. É dicir, que

a condición que lle pon o Partido Popular a unha persoa que non pode facer fronte ao alugueiro é que pase polo proceso de desafiuzamento e pase por todo ese proceso traumático para recibir unha mísera axuda de 200 euros, mentres vostedes lles están dando 8.000 euros aos grandes propietarios por un contrato de alugueiro con opción a compra. *(Aplausos.)* É indecente.

Estas son as opcións que ten unha persoa que non é capaz de facer fronte ao alugueiro, ou pagas o prezo da vivenda libre ou busca a vida.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Busca a vida porque poden imaxinar que ninguén quere pasar por un proceso de desafiuzamento.

Vostedes confunden, de verdade, a medida que nós lle propuñamos cos obxectivos xerais que nós temos, que é reducir os prezos do alugueiro coas medidas concretas; e é unha confusión interesada, porque vostedes están tratando de buscar escusas para dicir non.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Para dicir non a algo tan necesario. Eu quero preguntarlles: ¿cantas crises cren vostedes que hai que pasar para que decidan dunha vez por todas mudar un modelo...

O señor PRESIDENTE: Grazas... grazas, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...económico e inmobiliario que afoga as familias ao máximo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Procedemos á votación das mocións.

Votación das mocións

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de D^a Noa Presas.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector eólico en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de D. Pablo Arangüena.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coas causas seguidas na Audiencia Nacional.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Perdón, ¿si, señor Pazos?

O señor PAZOS COUÑAGO: Fixemos unha proposta de emenda *in voce* para facer unha condena xeral de todo tipo de corrupción na Cámara e non sabemos se se acepta ou non.

O señor PRESIDENTE: Non a acepta o señor Arangüena. Entón, votamos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de D^a Alexandra Fernández.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prezos de alugueiro da vivenda.

Comunicoume o señor Álvarez que retira a súa emenda; polo tanto, votamos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Declaración institucional

Paso a lerlles unha declaración institucional que me fan chegar os grupos polo Día Internacional do Pobo Xitano.

E que di que:

«Celebramos máis un ano o 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano, unha celebración marcada este ano polo 50 aniversario do I Congreso Mundial Xitano, celebrado en Londres,

no que se adoptaron os símbolos propios do Pobo Xitano: a bandeira azul e verde cunha roda vermella, e o himno *Gelem, Gelem*.

En España tivemos que esperar moitos anos para avanzar no recoñecemento institucional. A pedimento do Congreso dos Deputados, o Goberno de España recoñeceu o 2018, o 8 de abril, como Día do Pobo Xitano, así como o uso da bandeira e o himno xitanos.

Afortunadamente, cada vez máis institucións e persoas se suman ano a ano a esta celebración nun xesto simbólico de recoñecemento a unha identidade cultural e a unha historia e cultura apenas coñecida pola maioría da nosa sociedade. Unha historia de resistencia marcada polas persecucións, o rexeitamento e a discriminación, pero tamén por xitanos e xitanas que contribuíron desde distintos ámbitos ao desenvolvemento cultural, artístico, social e económico do noso país.

Un motivo de celebración é que por fin veremos a historia e a cultura do Pobo Xitano nas escolas como parte do currículo educativo. A nova Lei de educación, aínda que tarde, vén reparar dalgunha maneira unha inxustiza secular: a invisibilidade do Pobo Xitano na traxectoria histórica do noso país.

Esta celebración do 50 aniversario chega tras máis dun ano de pandemia, e este Día do Pobo Xitano queremos que sexa tamén unha sentida homenaxe para todas aquelas persoas que perdemos neste último ano, moi especialmente unha homenaxe ás persoas xitanas maiores, pilar fundamental das familias, homes e mulleres de respecto, que souberon transmitir ás distintas xeracións os valores e o orgullo da identidade xitana.

Mais a crise sanitaria que vivimos neste último ano non só levou moitos dos nosos seres máis queridos, senón que trouxo consigo un agravamento das condicións sociais e económicas para aquelas familias xitanas que xa estaban en situación de pobreza e exclusión social. Impediulles gañaren a vida a través da venda ambulante ou víronse expulsados dun mercado laboral que viven desde a precariedade. O alumnado xitano, xa por detrás da media, viuse en gran medida relegado pola dixitalización do ensino. A crise foi especialmente dura para aqueles que aínda viven en asentamentos en barrios moi vulnerables. E non podemos esquecer que o rexeitamento e a discriminación, e especialmente o discurso de odio en redes, cebouse coa comunidade xitana durante a pandemia, sinalándoa moitas veces como foco de transmisión ou como non cumpridora das normas.

Nisto pouco cambiaron as cousas e, a pesar dos avances, os xitanos e xitanas seguen a estar por detrás e a gran distancia do resto da sociedade no gozo de dereitos fundamentais como o emprego decente, a educación de calidade, unha vivenda digna ou un dereito á non discriminación.

O recoñecemento institucional do Pobo Xitano, mais tamén a garantía da igualdade de oportunidades e de traballo para os xitanos e xitanas, debe ser un compromiso efectivo dos poderes públicos na celebración deste 50 aniversario da instauración do Día do Pobo Xitano. Un compromiso que nesta etapa de reconstrución e recuperación do país tras a crise provocada polo coronavirus debe traducirse en medidas concretas para reducir a desigualdade,

loitar contra a discriminación e avanzar en dereitos e cidadanía do Pobo Xitano. Non espere-
remos outros 50 anos para repararmos esta xustiza histórica.

Abril do 2021».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*Apróbase por asentimento.*)

Continuamos coa orde do día, neste caso agora comparecencias.

**Comparecencia do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar das pre-
visións e liñas xerais de actuación do seu departamento e actuacións en relación coa evo-
lución da Covid-19**

Ten a palabra o señor conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Presidente, señorías.

Moi boa tarde a todos e a todas.

É para min toda unha honra estar hoxe aquí, na casa de todos os galegos e galegas, para dar
conta do traballo que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural nesta nova lexislatura.

Vivimos nunha época única e histórica, unha época difícil e preocupante, e xa levamos máis
dun ano convivindo cunha pandemia mundial, con todo o que isto implica. E quero deixar
claro que hoxe, aínda que sexa a miña comparecencia, tamén veño a escoitar, a observar
cales son as actitudes e propostas dos outros grupos parlamentarios. Quero, e dígoo con toda
a sinceridade e honestidade, que sexa útil o tempo que estamos a investir todos esta tarde.

E, chegados a este momento, lanzo unha primeira pregunta: ¿Podemos poñernos de acordo
ou é obrigatorio para a oposición estar sempre por costume en contra das accións da Xunta
de Galicia? Porque, poderíamos chegar a acordos de lexislatura, poderíamos —como xa se
propuxo nesta Cámara— entender a lacra dos incendios dun xeito no que poidamos com-
partir medidas, e pregúntome se neste caso sumaremos algún día esforzos na loita contra
esta problemática ou volveremos á tónica habitual da oposición.

Tamén poderíamos entender que é necesario o apoio ao rural con propostas na Lei de recu-
peración da terra agraria de Galicia ou as estratexias sectoriais que están en marcha. Coa
Lei de recuperación quero trasladar o meu agradecemento aos parlamentarios que están tra-
ballando nela, porque sei que se está facendo un esforzo grande para tratar de mellorar esta
lei a través das emendas.

Poderíamos entender tamén que a defensa dos intereses dos nosos agricultores e gandeiros
require que todos os que estamos nesta Cámara adoptemos unha posición común cara á ne-
gociación para a futura PAC, con anteproxectos que todos sabemos que farán ou deberían

facer máis grande Galicia, como os presentados con motivo dos fondos europeos Next Generation, e logo eu trasladareilles os que ten presentada a Consellería do Medio Rural en relación co sector primario galego.

Pero, ademais de escoitar, tamén temos aquí a vontade de trasladar, coa transparencia que caracteriza o Goberno galego, as liñas de actuación desta consellería. Esas liñas de traballo non van cambiar nesta lexislatura, porque nós, a nosa estratexia para o Medio Rural de Galicia é clara, concisa e a longo prazo. Agora ben, son liñas adaptadas, liñas flexibles, que poden ser plásticas para asumir os imprevistos que xurdan e xurdirán, ou seguirán xurdindo, nos próximos anos, ou para asumir —por que non— os cambios que dirimen de pactos de lexislatura cos grupos da oposición. En todo caso, son liñas que responden sempre a unha planificación previa.

E por iso, e falando deste ámbito, vou comezar a miña exposición desas liñas de traballo pola planificación. E quero referirme ás estratexias que temos planificadas por diferentes sectores máis importantes do noso ámbito primario.

En primeiro lugar, como saben, xa foi publicada e trasladada ao sector, a Estratexia de dinamización do sector lácteo, que busca consolidar Galicia como unha das principais rexións lácteas da Unión Europea con carácter competitivo, sustentable e con capacidade de resiliencia. Redobramos os esforzos para mellorar a rendibilidade do sector co aumento da base territorial, xunto cos procesos de concentración parcelaria e os que traerá consigo a nova Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. E este incremento da base territorial das nosas explotacións ten que permitir tamén garantir a súa rendibilidade.

Pero tamén traballamos no ámbito da estratexia na regulación da marca Leite de Pastoreo, que actuará como elemento de diferenciación para abordar novos nichos de mercado; estará antes de que remate o primeiro semestre deste ano o que é a regulación desta marca que, como digo, vén recollida na estratexia.

Traballamos para fortalecer a profesionalidade do sector, e así temos tamén próxima a poñer en funcionamento unha aplicación informática para que os gandeiros poidan calcular os seus custos de produción, facer estudos comparativos con respecto ao sector e ter a maior capacidade para negociar os contratos coas industrias á hora de vender o leite. Porque nós, desde logo, cremos na Lei da cadea alimentaria, que di que os prezos nunca poden baixar por debaixo do custo de produción, e eu engadiría ademais a correspondente marxe de beneficio. Polo tanto, o que lles temos que dar é ferramentas aos nosos gandeiros para que poidan defender de forma obxectiva ese custo de produción.

Tamén outra das liñas estratéxicas que se están empezando a implantar é aquela que defende que nos ámbitos da transformación dos produtos lácteos participen nas empresas os nosos gandeiros. E quero, polo tanto, recoñecer o bo traballo e a recente noticia que tivemos respecto desa sociedade que se fai entre os gandeiros de Leite Noso e o grupo chinés Oviganic para ter participación entre os dous nunha queixaría. Quérolles trasladar tamén que nestes momentos se están traballando outros proxectos de características similares que implican no accionariado das empresas de transformación os nosos gandeiros.

Unha estratexia tamén que vén polo eixo da formación e a innovación. E tamén lle quero trasladar que, cumprindo esa estratexia, a vindeira semana comezaremos cunha formación especializada para os nosos gandeiros de leite, fundamentalmente referida a coñecementos contables, financeiros e fiscais, como empresarios que son.

E avogamos, como non pode ser doutro xeito, na estratexia pola diversificación do produto que xere valor engadido e que supoña a transformación aquí en Galicia. Esta estratexia fíxose coa Xunta á fronte, pero traballando en estreita colaboración co sector. E aquí tendémoslle a man a produtores, industria, distribución, en definitiva para consolidar un sector leiteiro de referencia dentro e fóra da nosa comunidade.

Estratexia sectorial, a segunda que me interesa destacar hoxe aquí, a do sector vitivinícola. Falamos dun sector estratéxico da economía galega, do rural galego, un eido dinámico e internacionalizado. Só lles dou un dato, unha de cada catro botellas galegas véndese fóra de España. Falamos, señorías, de máis de 13.000 viticultores e de case 500 adegas que facturan no seu conxunto 200 millóns de euros. E imos impulsar este sector coa Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia, que xa está falada e traballada co sector, e que vai ser presentada na primeira quincena do mes de maio.

Tamén unha estratexia á medida do sector, colaborando co sector, e que supón o compromiso do Goberno galego co posicionamento dos nosos viños. Buscamos aquí manter os estándares de calidade, impulsar a internacionalización, e afrontar eses retos que derivan da remuda xeracional ou o cambio climático. Unha estratexia cun orzamento de 700.000 euros que contou coa participación das dúas vicepresidencias —a Vicepresidencia Primeira e a Vicepresidencia Segunda da Xunta— e a Consellería do Medio Rural, e que busca reforzar a dimensión internacional, turística e territorial dos viños galegos. Porque, señorías, non se pode falar de viños en Galicia sen falar do territorio das comarcas vitivinícolas.

Tamén quero resaltar que ese compromiso co sector vitivinícola afectado pola Covid-19 está tanxible tamén nas achegas para a reestruturación e reconversión de viñado, a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, a promoción en terceiros países ou, claramente tamén, o constante apoio aos consellos reguladores.

Axudas que a Consellería do Medio Rural leva poñendo á disposición do sector estes anos e que se complementou o pasado ano co préstamo Vendimia no ano 2020, que eu xa anunciei que se renovará en 2021, e todos os anos que sexan necesarios para que as nosas bodegas poidan absorber os efectos da Covid-19.

E, dentro desta estratexia, e xa rematando co sector vitivinícola, dúas cuestións fulcrais para o noso sector. En primeiro lugar, a actualización do rexistro vitícola galego e a necesaria remuda xeracional dos nosos viticultores pola vía de implantación de polígonos de viñado a partir da aplicación da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Dirixinme aos consellos reguladores das cinco denominacións de orixe pedíndolles a cada un propostas de polígonos de ata 200 hectáreas por denominación de orixe para podelos ini-

ciar en canto teñamos aprobada a lei e teñamos eses perímetros determinados polas denominacións de orixe.

E gustaríame rematar, no que se refire ás estratexias sectoriais, cunha que imos comezar en breve tamén, está licitándose a súa posta en marcha, que é a estratexia sectorial do sector cárnico, un sector moi importante para Galicia e que, evidentemente, ten moito que mellorar no seu ámbito de actuación.

En definitiva, tres sectores claves do noso agro que contarán cunha planificación a longo prazo, antes de que remate este ano 2021.

Hai outra cuestión esencial para o noso agro dentro do ámbito da planificación da que me gustaría falar hoxe con todos vostedes e trasladarlles con precisión cal é a posición que temos nestes momentos no Goberno galego, que é o modelo da PAC para o próximo período de execución 2021-2027.

Nós seguimos avanzando nos traballos, na configuración da PAC con lealdade ao Goberno central, pero tamén coa máxima firmeza na defensa dos intereses dos nosos agricultores e gandeiros. E gustaríame tamén trasladarlles que aquí temos puntos de apoio, porque temos unha postura común da cornixa cantábrica, é dicir, firmada por Galicia, Asturias, Cantabria e o País Vasco, pero tamén consensuada coas principais organizacións agrarias galegas, e cito o Sindicato Labrego Galego e Unións Agrarias.

A semana pasada tivemos unha reunión bilateral co ministro de Agricultura onde nós lle deixamos clara cal era a nosa folla de ruta, digo como, repito, postura consensuada previamente con quen lle trasladei. Puxemos de manifesto que os nosos territorios de España húmida teñen unhas características peculiares que hai que contemplar na PAC. Hai unha maioría de explotacións de pequeno e mediano tamaño de carácter profesional, pero que son eminentemente familiares. Ademais, o ministro di que é o tipo de agricultura e gandaría que temos que defender en España.

E ademais temos unha clara orientación produtiva cara a sectores gandeiros como o lácteo, e iso fainos ser dende logo diferentes ao resto de España, polo menos a outras partes que non sexa a cornixa cantábrica.

Por todo iso, esiximos que se teñan en conta esas peculiaridades no deseño e na aplicación da futura PAC. Pero quero advertir a esta Cámara, hoxe aquí en Galicia, que nestes momentos da negociación a PAC ten unha clara orientación mediterránea, e vouno argumentar.

En primeiro lugar, o ministerio —seguro que o saben— defende a ampliación de novas superficies, é dicir, que se abra a posibilidade de que se paguen axudas da PAC a outros cultivos, que ata o de agora non estaban contemplados, como viñado, froiteiras e hortalizas, fundamentalmente do Levante, sen ningún tipo de contrapartida para as comunidades cantábricas.

Dende Galicia esixímoslle ao ministerio na reunión da semana pasada que, antes de abrir a PAC a novos cultivos, se regularice a situación actual, que se dá en moitos dos nosos agri-

cultores e gandeiros, que non perciben as axudas do primeiro piar pola totalidade da súa explotación. Polo tanto, haberá que regularizar a situación dos que, como Galicia, que é a que ten dende logo os peores datos en canto a superficie elixible, antes de estar abrindo a novos cultivos. Penso que aquí non hai ningunha dificultade en que todos asumamos esta posición e ademais tamén é a posición da cornixa cantábrica.

En segundo lugar, os ecoesquemas que van supoñer unha parte importante das axudas do primeiro piar, que nós non nos opoñemos, por suposto, aos ecoesquemas, pero nestes momentos teñen un deseño que non favorece os agricultores e gandeiros do noroeste peninsular; de nove esquemas só dous serían aplicables, e un que pedimos nós para fomentar o silvopastoreo polo de agora non está contemplado.

En terceiro lugar, o límite de axudas por explotación non se adoptou coa intensidade que beneficiaba Galicia. Nós demandabamos un *capping*, un límite de axudas por explotación de 60.000 euros, e na negociación europea que foi avalada polo Goberno central quedou en 100.000. É certo que hai outras comunidades autónomas ás que isto non lles afecta, pero a nós si que nos afecta.

E por último o pago redistributivo, que é que dediquemos máis cartos ás primeiras hectáreas; nós iso defendémolo, o ministro dixo que o ía aplicar de xeito intenso ata un 20 %, pero debe quedar claro, e isto creo que é unha postura que debemos consensuar todos, que haberá que tomar a superficie atendendo á superficie media de España. É dicir, apoiar as pequenas e medianas explotacións considerando a superficie media de España; doutro xeito, non vai favorecer para nada os agricultores e gandeiros galegos.

Aquí, dende logo pediríalle —podemos no turno de réplica falar longo e tendido se queren disto— un posicionamento dos grupos parlamentarios ante esta cuestión, porque penso que nos daría forza de cara á negociación ulterior, que, xa lles digo, vai ser no mes de maio, alá por finais do mes de maio teremos a conferencia sectorial na que se determinen estas cuestións.

Tamén, falando de planificación, non me vou estender moito con el porque xa falamos hai pouco máis dun mes, o Plan forestal de Galicia para o período 2021-2040, xa debatido neste Parlamento, e que debería, e eu sígollo pedindo, ter o apoio desta Cámara e dos representantes da cidadanía galega, con asentarse nos compromisos de transición verde, biodiversidade, neutralidade climática e consumo responsable.

Tamén me gustaría referirme, dende o eido da planificación, ao que se refire os proxectos que presentamos os fondos Next Generation. En primeiro lugar, quero facer referencia a que a Consellería do Medio Rural vén de presentar ou de publicar unha convocatoria de manifestación de interese para proxectos autonómicos que busca a implicación do propio sector primario e agroalimentario galego co fin de que presenten iniciativas que poidamos subir ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia deseñado polo Goberno central.

Quero aproveitar tamén para trasladar que se ampliou, dado que hai moito interese por parte das empresas do sector, ampliouse o prazo desta manifestación ata o 30 de abril.

Aquí pretendemos non só poder presentar máis proxectos aos fondos Next Generation, senón tamén definir, que nos axude a definir o coñecemento destes proxectos das nosas empresas, as liñas estratéxicas de actuación no rural galego nos vindeiros anos. Buscamos, en definitiva, a reactivación económica a curto e medio prazo, e a transición cara a unha economía sostible e resistente a longo prazo.

E eu quérome referir, aínda que sexa brevemente, ao polo para a transformación de Galicia; está presentado pola Xunta como un dos candidatos a formar parte dos PERTE que terían acceso aos fondos Next Generation, ten catro proxectos transversais e outros catro proxectos tractores que afrontan os grandes retos que marcou o Goberno central, e cito: a transición ecolóxica, a transición xusta, a transición dixital e a loita contra o despoboamento e o reto demográfico.

Pois ben, neste ámbito de proxectos tractores, vou mencionar tres, especificamente referidos ao ámbito do sector primario galego, e porque ademais son proxectos tractores e supoñen unha aposta pola colaboración público-privada.

En primeiro lugar e no ámbito forestal, nós apostamos por pechar o ciclo de produción da madeira en Galicia a través da posta en marcha dunha biofábrica de fibras téxtiles de carácter sostible. Vou remarcar moito e explicar isto de carácter sostible.

A través desa xeración de valor engadido, buscamos mellorar máis se cabe a xestión dos nosos montes, apostando pola multifuncionalidade e tamén pola biodiversidade forestal, porque ese é un dos requirimentos —a biodiversidade— da madeira que logo poderá ser utilizada na xeración desa fibra para que a fibra sexa sostible.

O investimento total entre a biofábrica e os proxectos complementarios, relativos todos eles á mellora da xestión forestal, está arredor dos 1.200 millóns de euros. A biofábrica suporá un investimento de entre 800 e 900 millóns de euros, e eses outros proxectos que van reforzar a xestión forestal sostible supoñen 300 millóns de euros a maiores.

A biofábrica tería unha capacidade de produción de ata 150.000 toneladas anuais, que viría pola vía de producir, como dixen antes, fibras celulósicas sostibles que xa existen no mercado e que están mundialmente recoñecidas. E cito algún exemplo desas fibras, o oliocel ou o modal, que repito que son fibras que teñen que ter encaixe nesa sostibilidade, e que ademais requiren sempre de madeira certificada e que acredite a sostibilidade pola vía da biodiversidade dos montes dos que procede esa madeira, o que ten que ver claramente tamén coa orientación do Plan forestal 2021-2040.

Estas fibras é certo que terán como materia prima principal a madeira dos nosos montes, pero tamén se van poder combinar con certos residuos como os téxtiles, os agrícolas, o papel ou o cartón, para aportarlle un concepto de circularidade ao proxecto, que tamén o reforza moito de cara a poder optar aos fondos Next Generation.

En definitiva, unha iniciativa moi importante que se enmarca dentro da bioeconomía, emprega os procedementos máis avanzados, sempre garantindo a sostibilidade. Repito, tanto

no que se refire ao proceso de obtención de fibra, buscando o menor consumo de auga posible, como tamén na xestión nos nosos montes, de onde vai proceder a madeira.

O segundo proxecto tractor que opta aos fondos Next Generation dentro do polo para a transformación de Galicia e que ten que ver co sector primario é a procura da posta en valor dun importante volume de terra hoxe abandonada en Galicia, ata 18.000 hectáreas, a través dos instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria en Galicia, que actualmente se está a tramitar neste Parlamento. Estas ferramentas permitirán o impulso da bioeconomía e tamén o fomento da calidade de vida no rural galego. Neste proxecto, que mobilizará en investimento público-privado ao redor de 600 millóns de euros, procuramos apoiar os axentes do sector agrario pola vía desa recuperación da terra agraria para que poidan ter unha transición cara a prácticas máis sustentables, garantindo a súa viabilidade económica e, sobre todo, a dispoñibilidade de base territorial tan necesaria e tan demandada, que por certo é a base da nova Lei de recuperación.

Pretendemos poñer en valor esa terra, poñela a producir, mellorar a resiliencia do territorio rural ante o cambio climático e os incendios forestais, e contribuír tamén a mellorar a calidade de vida no rural galego. O proxecto, ademais das 18.000 hectáreas, tamén contempla un forte impulso das aldeas modelo ata un número de 200, como mecanismo de recuperación de poboación e loita contra o reto demográfico. Polo tanto, dentro da negociación da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia podemos entre todos traballar para que haxa acceso aos fondos Next Generation na parte que lle corresponde en investimento público a este proxecto tractor.

E cito un proxecto que ten que ver con máis cousas que o sector primario, que é o Centro de Impulso de Economía Circular, que busca asegurar o principio da xestión de residuos para a súa transformación e valorización en produtos de máxima calidade.

Neste centro, trataríase, no que se refire ao sector primario, os puríns sobrantos co obxecto de obter como produtos finais biogás e fertilizantes de máxima calidade, e eses fertilizantes volverían a ter como principal destinatario o sector primario galego.

Faleilles antes do primeiro pilar da PAC, pero tamén estamos traballando no Plan estratéxico para a execución dos fondos Feader, o segundo pilar en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, como base fundamental sobre a que se vai asentar o deseño dos instrumentos de apoio que poida ter esta Administración nese período 2021-2027 para o noso sector primario e tendo en conta tamén que utilizamos a manifestación de interese que lle dixen antes para recibir os proxectos que nos poidan axudar ao deseño desas liñas de traballo, desas liñas en definitiva de axuda ás nosas empresas.

E todo isto, señorías, toda esta planificación complementase cun corpo lexislativo de diferentes normas que temos nestes momentos en traballo, en vía de anteprojectos, ou xa no Parlamento, sen ningunha dúbida a máis importante para min, e seguro que para os que estamos debatendo dela, a futura Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Esta lei lévame ao eixo da recuperación. E sabemos que hai partes do territorio nas que o principal problema, ou un dos principais problemas, é o abandono. Podemos falar moito das causas,

pero fundamentalmente ese abandono vén dado polo parcelamento da nosa comunidade, que historicamente foi atallado por medio das concentracións parcelarias.

Preto do 75 % da superficie rústica galega está composta por pequenas parcelas dispersas e pertencentes a propietarios que na súa maioría están desligados do rural. Este é un gran crebacabezas que explica que unha parte importante dese solo extraordinario en produtividade, porque non está abandonado ou peor, senón que en moitas ocasións está abandonado o solo dunha capacidade agronómica, como digo, extraordinaria, explica que estea abandonado e sen aproveitar.

Dende a Consellería do medio Rural cremos que hai que traballar para reverter esta situación e, xunto co que xa estaba facendo, apoiamos claramente esta recuperación a través da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que, como saben tamén, ten prevista a súa aprobación neste mes de maio. Eu, xa o dixen antes, volvo a repetir, estase facendo moito traballo, cónstame, na ponencia, e eu estou moi satisfeito das aportacións que se están facendo de cara a mellorar o texto da lei, porque aquí, señorías, non temos outra finalidade que acertar e, se acertamos, pensamos que podemos dende logo poñer as bases dunha boa recuperación de boa parte do noso territorio.

Como dicía, é unha lei cuxas ferramentas eu penso que van sendo coñecidas, están probadas na práctica a través de proxectos piloto, e que ten como ambición diminuír o grao de parcelamento, poñer á disposición de todos aqueles agricultores e gandeiros que así o demanden terra produtiva, ou permitir, por que non, que novos emprendedores dispostos a investir no rural teñan onde e como facelo.

Unha reforma lexislativa que favoreza a mobilización de terras infrautilizadas, buscando reducir o grao de abandono e aumentar a base territorial das nosas explotacións, que, como digo, é unha das principais preocupacións da Consellería do Medio Rural.

Estamos fronte a unha aposta por accións que permitan recuperar áreas de terra en desuso, coas garantías de que nelas vai desenvolverse actividade agrogandeira e forestal con valor engadido, porque nós ademais apoiamos e respectamos os tres usos: agrícola, gandeiro e forestal, e queremos facelo —recuperar o rural— con actividade económica rendible, porque só así, ademais de poñer o noso rural en valor e sacar rendibilidade ás terras abandonadas, axudaremos a previr os incendios.

Falamos, en definitiva, de eixos transversais, dunha visión de conxunto, na que este instrumento normativo é unha peza clave na recuperación de solo produtivo abandonado e na posta en valor da terra agraria de Galicia. Pero esta lei, señorías, tamén quere traballar na ordenación territorial do rural galego e para iso levamos o catálogo de usos do solo, que pretende levar a cabo unha planificación integral do territorio rural e dos seus usos. Demandamos e apostamos por un uso ordenado dos ámbitos agrícolas gandeiro-forestal desde o punto de vista económico, ambiental e social, que ademais tamén é unha demanda da xente do rural e tamén de todos os grupos parlamentarios. Isto viuse claramente na comisión que tivemos con ocasión dos incendios de outubro de 2017, era unha demanda unánime a posta en marcha desta ferramenta do catálogo.

Pero tamén queremos traballar na investigación da propiedade rústica e a conseguinte actualización do catastro, que é outra demanda unánime da xente que vive no rural.

E temos que seguir dando esa importancia fundamental á mobilización das terras abandonadas, sempre —e isto para min é moi importante— de forma que se garanta a seguridade xurídica e a rendibilidade económica tanto para os propietarios que teñen que cobrar polo arrendamento ou pola venda das súas terras como para os destinatarios; e aquí, sempre coa intermediación do Banco de Terras.

E buscamos, en definitiva, apoiar a xestión conxunta das terras coas agrupacións de xestión conxunta; o desenvolvemento deses mecanismos públicos de intermediación, como pode ser o Banco de Terras ou o Banco de Explotacións, que busca a transmisión de explotacións agrarias rendibles que vaian quedar sen actividade; as aldeas modelo; ou os polígonos agroforestais, que van poñerse inmediateamente en marcha en canto estea aprobada a lei, como dixen antes, en canto teñamos esas propostas de perímetros e algunhas que nós xa estamos acollendo.

En definitiva, a lei trae consigo a percepción tamén de que as actuacións no territorio deben contribuír a facelo resistente fronte aos incendios forestais, pola vía dos polígonos cortallumes, e logo se queren podemos incidir neles, pero tamén con calquera outra actuación de posta en valor da terra, que se fará sempre que sexa posible con criterios técnicos de prevención de incendios forestais. Un bo exemplo disto que lle estou dicindo é o Plan de pastoreo de Galicia, que vai chegar ás 2.250 hectáreas, e no cal ao mesmo tempo que seguimos incidindo para fomentar a ordenación e posta en valor dos nosos pastos, tamén para que estes pastos actúen como devasa natural no territorio.

Buscamos acadar o obxectivo de que a xente que habita o rural poida tamén vivir del, porque desde esta consellería queremos que o rural sexa o motor do crecemento da Galicia que vén.

E, chegados a este punto, sigo con outras das liñas fundamentais da Consellería do Medio Rural para esta nova lexislatura, e que vostedes coñecen porque son as que nós traemos a este Parlamento e seguimos a desenvolver. E refírome á calidade. Neste ámbito quérolles falar hoxe, de xeito fundamental, do traballo de actualización da Lei de calidade alimentaria do ano 2005, que virá como un proxecto de lei este mesmo ano 2021 a esta Cámara e que proximamente poremos xa a tramitar o seu anteproxecto.

A futura Lei de calidade alimentaria será a norma que rexa a calidade alimentaria diferenciada en Galicia, mellorando, integrando e desenvolvendo a súa regulación, e reforzando a posta en valor dos produtos de calidade a través do apoio ás denominacións de orixe, ás indicacións xeográficas protexidas, pero tamén a outras figuras de protección. Logo falarei dalgunha delas. Con ela fomentarase o desenvolvemento local, a creación de emprego e a diversidade produtiva, e ao tempo será garante para os consumidores de que o produto que se ofrece pasou rigorosos controis de calidade e estivo sometido a un especial coidado no proceso de produción e comercialización.

Ademais, será obxecto desta norma determinar as obrigas dos operadores en Galicia, así como regular a actuación de inspección e control da Administración autonómica, entre outros obxectivos.

Eu quero poñer en valor que somos a comunidade autónoma con máis denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas que dan conta da posición dos nosos produtos e actúan como referente desa calidade. E tamén somos a primeira comunidade autónoma que regulou a artesanía alimentaria de Galicia, o marco de referencia onde se atopan os principios que permiten chamar a algo artesán e protexer o artesán. Porque naquilo que é verdadeiramente artesán, atópase unha longa tradición, unha gran dedicación e un incansable ímpeto. Por iso, a Xunta aposta pola arte, polo san e, por suposto, polo galego, pola artesanía alimentaria de Galicia, un eixo máis de Galicia, desa Galicia calidade agroalimentaria que tamén veremos este mesmo ano na súa fase de promoción conxunta de todos os produtos galegos de calidade.

E quériame referir tamén a Mercaproximidade, como un mecanismo que durante a Covid foi un éxito, sen dúbida, para o consumo de proximidade. Porque o consumo de proximidade é o consumo de calidade, e nós como galegos sabémolo ben.

E, por último, voume referir dentro desta miña primeira intervención a outra das liñas de traballo fundamentais da consellería, que é a prevención. Onte mesmo presentabamos en Verín o Proxecto de defensa contra incendios forestais na fronteira hispano lusa, un proxecto para min referente e expoñente da colaboración institucional, municipal, provincial, autonómica, nacional e internacional, porque contamos coa colaboración das autoridades portuguesas tamén.

Estamos diante dun proxecto sen precedentes, probablemente dentro dos PodTec que se teñen concedido para a Península Ibérica dos máis potentes desde o punto de vista orzamentario. Supón 9 millóns de euros que permitirán levar a cabo a construción da primeira base de medios aéreos fronteirizos. Unha mellora de recursos á medida dun servizo público único e versátil, á altura da actitude, da profesionalidade e tamén da coordinación dos profesionais que nos protexen dos lumes.

Ao respecto afondamos nunha cuestión fundamental porque a prevención é anticiparse, pero tamén é contar cos medios necesarios para cada lugar en cada momento. E falamos do distrito 14, que saben vostedes que é un distrito, se non o máis afectado polos incendios de toda Galicia. E, como digo, sempre prevención, prevención e máis prevención.

Pero prevención e tamén formación. Este ano aprobamos, consensuado cos representantes dos traballadores, o Plan de formación cun orzamento de 400.000 euros. Pero tamén investimos en formación especializada e estamos comezando os traballos para o futuro Centro Integral de Formación, para o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais, que está situado en Toén, tamén na provincia de Ourense, como digo, pola súa afectación pola lacra dos incendios.

E a posta inmediata, vai comezar en breve, en canto se produza tamén a incorporación do persoal fixo discontinuo, do Plan de prevención 2021, coa participación e implicación —e quero agradecer esa implicación a todos os membros do servizo— de todo o seu persoal.

E, aproveitando esta comparecencia, tamén quero expoñer hoxe os datos dos incendios no ano 2020, que por mor, primeiro, da pandemia e pola Covid-19 e, segundo, pola convocatoria

electoral, foi imposible trasladar. E non quero deixar pasar a oportunidade de facelos públicos aquí no Parlamento de Galicia.

En canto a datos de medios, para a campaña do pasado ano 2020 mantivéronse os esforzos investidos en medios humanos e materiais cun dispositivo moi semellante aos dos anos anteriores. Falamos de máis de 7.000 persoas en total, 360 motobombas, entre outros medios terrestres; efectivos, entre os que hai que contar tamén o persoal de Protección Civil, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e o Exército.

E neste sentido quero lembrar tamén que o mes pasado entregamos outras 11 motobombas máis para o parque móbil da Xunta, que foron xa repartidas entre os diferentes distritos.

No tocante ao despregamento do persoal de terra, reforzouse a permanencia cun mes máis dos efectivos fixos descontinuos, pasamos de 5 a 6 meses, cumprindo o compromiso que asumimos no ano 2018. Así, case un milleiro de empregados fixos descontinuos reforzaron aínda máis o excelente Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia. Duplicamos, señorías, o seu tempo de traballo desde 2017, cando só permanecían activos un trimestre.

E ademais seguimos apostando pola colaboración con outras administracións, porque a loita contra os incendios é responsabilidade de todos. E eu quero facer referencia, e paréceme tamén moi importante, que xa son 269 —dos 313 que temos en Galicia— os concellos adheridos ao coñecido como Convenio de protección das aldeas, que busca —e está subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e a Seaga— facilitarlles a xestión aos concellos, aos municipios, da biomasa das franxas secundarias; como saben, é unha competencia dos municipios, pero a Xunta colabora aí con 7,75 millóns de euros, para poñer á disposición dos concellos un servizo público de limpeza das franxas secundarias a cambio de 350 euros por hectárea para os propietarios, pero tamén lle dá ferramentas adicionais, como pode ser unha aplicación informática para o control do cumprimento dos labores de limpeza das franxas subsidiarias, o SESVIO; ou un visor que permite comprobar o estado das mesmas e que, polo tanto, lle facilita tamén moito a súa xestión.

Un dato moi relevante, señorías: a través deste convenio levamos tramitados plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais de 232 concellos sen custo ningún para eles. É dicir, o 86 % dos municipios adheridos ao convenio xa contan cun plan cando antes deste convenio practicamente non tiñamos ningún concello que tivera o plan de prevención municipal. E hoxe —xa digo— estamos en 232 e dos que forman parte do convenio o 86 %. Eu agardo que neste ano rematemos os plans dos 269 concellos.

Tamén aproveito neste punto —e falando de todo isto— para facer unha chamada á cooperación, porque neste ámbito é fundamental que as administracións todas —autonómica, as provinciais e as municipais— se dean a man para evitar que se dupliquen custos para os cidadáns.

E, referíndome ao balance da evolución dos incendios forestais, teño que dicir —no tocante ao número de incendios forestais e nos datos da campaña 2020— que se rexistraron 1.538 lumes forestais en total, incendios que supuxeron 14.837 hectáreas queimadas, das que 1.964

foron superficie arborada e 12.872, monte raso. Os datos son claros, observando a serie histórica dende o ano 1989 vemos claramente unha rebaixa tanto no número de incendios como tamén no que se refire ás hectáreas medias. E eu quero trasladar con claridade que calquera hectárea que arde en Galicia é, dende logo, para nós un drama, é preocupante. Pero, en todo caso, os datos son os que son, e aquí trasladar que no trienio 2018-2020 baixamos o número de incendios a unha cuarta parte desa media histórica que antes lles trasladaba, e as hectáreas ardidadas a un terzo da media histórica. E gustaríame tamén trasladar como moi importante tamén o dato da baixada que se está producindo na porcentaxe que supón a superficie arborada no que se queima. Repito, sempre é unha desgraza que arda unha soa hectárea, pero os datos son os que estamos trasladando.

Tamén me gustaría poñer aquí de manifesto, xa que estamos hoxe nesta comparecencia, os datos que levamos no ano 2021. E no período que vai dende o 1 de xaneiro sucederon un total de 255 incendios, cunha superficie afectada de 1.032 hectáreas, das cales 294 son arboradas e 737 son monte raso. Gustaríame dar un dato transcendental, no 2021 dos 255 incendios 81 foron producidos dentro da franxa horaria na que non poden actuar os medios aéreos, case o 32% do total, nada novidoso. E diso dedúcese o de sempre, unha clara intencionalidade, feito que se vén repetindo con asiduidade e que determina, como en anos precedentes, que a principal causa dos lumes na nosa comunidade, señorías, son os incendiarios, persoas que de xeito indiscriminado saen a prenderlle lume aos nosos montes, sen conciencia, sen remordemento. E hoxe aquí, como tantas outras veces fixen —e teño por seguro que seguirei facendo— condeno totalmente todas e cada unha destas persoas. Desde o Goberno galego queremos trasladar que tolerancia cero cos incendiarios, tolerancia cero ante estes delincuentes contra os cales loitamos non só nós, senón o conxunto da cidadanía. E aproveito para dicirlles tamén que serán postos á disposición xudicial, xulgados e condenados; e pagarán estes feitos co que teñan, non quedarán baixo ningún concepto impunes. *(Aplausos.)*

Penso, señorías, que non hai debate cando disto se trata. Claro que hai que falar de moitas cousas, porque, xunto coa condena dos incendiarios, hai que levar da man as propostas que permitan unha prevención estrutural mediante a planificación e a ordenación da nosa superficie forestal a través do Plan 2021-2040; a recuperación da actividade agrícola e gandeira nas terras abandonadas, coa Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, de xeito tal que se xeren —e isto é transcendente— discontinuidades no territorio que sexan capaces de parar os incendios ou, cando menos, evitar que a afectación dos lumes sexa maior. Isto é unha cuestión na que todos, estou seguro, estamos de acordo.

Vou rematando, dicíndolles que é un longo percorrido este que queremos avanzar nesta configuración dun territorio resistente fronte aos incendios forestais, pero que temos que sumar entre todos os esforzos necesarios.

E non quero acabar esta intervención sen trasladar —como lles dixen— o firme compromiso do Goberno galego na loita contra os incendios forestais, que se materializa nas actuacións, entre elas, que lles contei en prazos, en orzamentos, como xa dixen e como tiveron tamén ocasión de trasladar na miña comparecencia dos orzamentos deste ano, onde saben que fixemos un importante reforzo deste eido. Un compromiso no que damos, señorías, prioridade á prevención sobre calquera outra planificación; e dentro destas tarefas dando un paso máis

e reforzando aínda máis estes traballos mediante a planificación estratéxica e integral que virá pola vía de todas esas liñas que lles veño de debullar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, lástima que algúns destes datos non nos foran facilitados en momentos anteriores, pero, bueno, teremos tempo nas dúas intervencións de falar deste tipo de cuestións.

Hoxe comparece para explicar as liñas de traballo do seu departamento. É un dos últimos conselleiros que comparece para isto nove meses despois das eleccións autonómicas. Espero que o seu departamento non sexa tamén o derradeiro que o presidente Feijóo coloca na preferencia das súas políticas, algo que despois de observar os 12 anos de Goberno non sería nada novo, cun rural que sofre, cuns preocupantes índices de despoboamento e pobreza debido á falla de políticas efectivas e a unha preocupante falla de xestión da súa consellería.

Cada día que pasa observamos como as comunidades rurais perden algún tipo de servizo básico o ven minorados os que teñen, tanto os servizos públicos sanitarios, servizos sociais ou educativos como os servizos que prestan entidades privadas, como poden ser servizos bancarios, de transporte público, de conexión á banda ancha, de cobertura de telefonía, etc., que fan pouco atractiva a vida no noso rural e o asentamento das familias neste ámbito. Un dos datos máis evidentes sobre esa falla de xestión que lle comentaba da súa consellería, da Administración galega, son os 56 millóns de euros da política agrícola común do anterior PDR destinados por Bruxelas aos gandeiros e labregos galegos que se deixaron de investir por non ser quen de xestionalos en prazo polo seu Goberno, señor González Vázquez. Ou os máis de 178 millóns de euros que deixan sen executar do período 2016-2020 nas súas partidas de financiación de poboación no medio rural e modernización e diversificación do tecido produtivo.

Os sucesivos gobernos do Partido Popular de Feijóo dedicáronse e dedícanse a xerar unha lexislación profusa, difusa e confusa —sempre utilizo estas tres palabras— para non ter que cumprila, elaborando plans sen obxectivos co fin de presentalos publicamente e crear estatísticas con realidades virtuais para a cidadanía.

Fai falla unha política activa de estruturas e de ordenación do territorio que apoie o aumento da base territorial das explotacións con respecto ao abandono de terras e a limitación das plantacións de eucaliptos en terras agrarias. Máis de dous terzos do territorio galego están en estado de abandono, temos soamente o 21% do noso territorio de superficie agraria útil,

mentres que Galicia ten máis do dobre, o 46 %, e cada ano en Galicia pechan unha media de 600 explotacións, ¿quen o diría escoitándoo con anterioridade?

Temos comarcas enteiras desmanteladas e, mentres tanto, invístese máis de 14 millóns de euros de todos os galegos en crear unha finca escaparate en Sergude. Galicia recibiu inxentes cantidades de diñeiro da Unión Europea, do 14 ao 20 tiveron á súa disposición 890 millóns de euros do PDR para Galicia, sen contar aquilo que cofinanciaba os fondos da Administración xeral do Estado, sendo das cinco rexións de España que máis fondos recibiu; en total en 12 anos xestionaron preto de 1.600 millóns de euros de fondos europeos do PDR para non ter uns resultados positivos.

O desmantelamento de todos os instrumentos de apoio aos sectores agrarios produtivos foi total nestes anos, dende os centros de recoñecido prestixio internacionalmente como o CIAM de Mabegondo ou o CIF de Lourizán, que eles mesmos os profesionais son os que o poñen de manifesto, pasando polos centros de formación agraria nun estado lamentable, pola rede de oficinas de extensión agraria —que tamén as teñen como as teñen—, a Finca de Bos, Xenética Fontao, etc. E todo isto, señor conselleiro, deriva nunha enorme debilidade do noso tecido produtivo.

O Goberno galego vén incumprindo sistematicamente as súas propias propostas, como, por exemplo, as 30 medidas estrela de Feijóo como resposta á vaga de lumes do ano 2017. Non desenrolou nin unha soa sociedade de fomento forestal, teñen case todas as concentracións parcelarias paralizadas —a pesar de que Feijóo se comprometera a rematalas na anterior lexislatura— e paralizado ata o propio Regulamento da Metaga, e nin un só plan de ordenación forestal desenrolado, e nada no desenrolo da mobilidade de terras que deberían ter aplicado dende 2011.

Nese ano, en 2011, a balanza comercial e alimentaria en Galicia estaba practicamente en equilibrio; e na actualidade esa mesma balanza comercial alimentaria para Galicia está en negativo nuns 586 millóns de euros, cando fala vostede de calidade. Todo isto nun contexto no que a balanza comercial alimentaria española está nun saldo positivo de 11.376 millóns de euros. É dicir, unha comunidade como Galicia, potencia no ámbito da produción alimentaria, ten unha balanza comercial alimentaria negativa de preto de 600 millóns de euros.

Na derradeira década a política da Consellería de Medio Rural baseárona no síndrome do DOG e da Radio-Televisión galega, con continuos anuncios e contratacións sen publicidade nin concorrència competitiva. No ano 2020 adxudicaron directamente sen ningún tipo de publicidade nin concorrència nada máis e nada menos que 1.478 contratos menores, adxudicacións directas impropias dunha Administración moderna e contrarias ás esixencias do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

O noso forestal é o mellor reflexo destas políticas erráticas que se poñen de manifesto na falla de planificación cunha ampla zona en toda a franxa costeira de Galicia cun monocultivo ao servizo dun oligopolio industrial, cunha gran zona en toda a zona da montaña oriental e suroriental de abandono total, e a gran diagonal central de Galicia onde o monte está sometido a unha enorme conflitividade e inseguridade que desincentiva calquera tipo de actuación e converte os propietarios en xestores forestais sospeitosos.

A xestión forestal do PP consistiu en perpetuar os problemas xa existentes, como os lumes, o abandono das comunidades de montes veciñais ou a desaparición da industria local e comarcal, e incentivar novos conflitos entre os gandeiros e os propietarios forestais, e tamén entre a sociedade urbana e rural, como consecuencia do incumprimento flagrante da lexislación ou autorización perversa da Administración forestal.

Mentres que a superficie forestal ou a monte en Galicia non parou de medrar nos últimos 20 anos en Galicia ocupando máis das 2/3 partes do noso territorio, a súa contribución ao PIB galego ou mesmo ao emprego é inferior ao da última década do século XX. Isto ponse de manifesto no Informe da economía galega 2019-2020, no apartado de dinámica do complexo agroalimentario e da madeira, que di que en termos de aportación económica o sector forestal pasou de ser do 2,7 % no ano 1995 a un 2 % en 2018. É dicir, un 25 % menos de aportación á economía galega nos últimos 25 anos.

As comunidades de montes veciñais en man común están abandonadas pola Administración autonómica e as que puideran ser novas fontes de riqueza para o rural, como son os aproveitamentos enerxéticos, como son parques eólicos ou aproveitamentos hidroeléctricos, non afectan substancialmente nas rendas das comunidades rurais e dos seus concellos, como debatemos pola mañá.

A inmensa oportunidade xerada pola consecución dos fondos europeos para a reconstrución por parte do Goberno do Estado debera de ser un revulsivo para acometer unha transformación da nosa economía, despois destes 12 anos sen un estudo e posta en valor das nosas capacidades, sendo Galicia a rexión europea cun peor nivel de aproveitamento dos seus recursos cunhas 900.000 hectáreas de terra cultivable sen explotar.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista cremos que, se tivésenos unha política económica integradora do noso territorio, recuperadora do noso medio rural, de fomento do comercio de proximidade, que fose respectuosa co medio natural e conducente a un incremento da nosa competitividade, poderíamos camiñar cara a un futuro mellor. Vemos como un día tras outro os axentes do rural nos falan da necesidade de implementar medidas de apoio aos produtores agrogandeiros, da necesidade de mobilizar terras, de fomentar a incorporación de xente nova ao dito sector. Galicia necesita incrementar a superficie dedicada a cereais, non podemos seguir importando forraxe dende o outro lado do Atlántico coas inmensas posibilidades do noso territorio. Debemos incrementar a superficie agraria de hortalizas, tubérculos e legumes, apostando pola nosa horta. Apostar polos centros de investigación públicos que están abandonados e que son a base da competitividade dos nosos sistemas de produción. Apostar por unha industria alimentaria de calidade, por mellores fórmulas de comercialización e posta en valor da excelencia dos nosos produtos, pola produción ecolóxica, pola gandaría extensiva e os pequenos e medianos produtores coa utilización dos pagos agroambientais e outras axudas para estimular a orientación dos sistemas produtivos, cunha Administración autonómica que estableza mecanismos que sexan reais e produtivos para que os produtores poidan asegurar que venden por encima dos custes de produción.

Son múltiples as cuestións que se deben abordar. Señor conselleiro, estamos abertos a falar, a chegar a acordos, sempre que se fale en serio dos temas e non se consiga xerar un problema

maior con certas ocorrencias que vemos ultimamente, como sucedeu co Plan forestal. Un documento que non planificaba absolutamente nada e que vostedes mesmos terminan emendando cunha moratoria de plantación de eucalipto en diferido que está a conseguir que se estean plantando masivamente eucaliptos por toda Galicia, interferindo gravemente nun mercado como o da madeira e o prezo que deberan recibir os produtores.

A Lei de recuperación de terras é unha gran caixa de ferramentas, na que dende o Grupo Socialista estamos dispostos a colaborar para facela mellor, e así o estamos facendo na ponencia, pero deben asegurarnos a legalidade dunha norma que non pasou polo Consello Consultivo nin a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia ao non tela tramitado como un proxecto de lei. E temos serias dúbidas de que algunhas medidas sexan legais e constitucionalmente adaptables, como pode ser a investigación da propiedade, que pode chegar a que unha propiedade na que non se coñeza o seu propietario quede incautada cunha expropiación encuberta da Consellería de Medio Rural; ou a apropiación de competencias que ata agora son dos concellos. Deben darnos seguridade legal a aqueles que imos lexislar e, posteriormente, darnos seguridade de que esta lei non quedará só en papel mollado no seu desenrolo, porque a existencia dun orzamento axeitado, dun plantel de persoal que faga posible a súa aplicación e un cronograma de actuacións nesta lexislatura poden determinar se a lei é un documento útil ou simplemente un novo mecanismo de publicidade para a súa consellería, e a iso está moi acostumado. *(Aplausos.)*

Simplemente volver ofrecerlle a nosa colaboración leal en todas as materias e todas as cuestións que poidamos ser de utilidade para o medio rural galego. E posteriormente na segunda quenda dedicareime tamén a analizar varias cuestións que plantexou aquí, que son interesantes. Por exemplo nos fondos Next Generation que seguimos e nos imos guiando polas cuestións pequenas que nos vai poñendo aquí encima da mesa, pero son incapaces de buscar a lealdade e o compromiso dos grupos da oposición para explicarlles realmente que son estes proxectos, ou tamén con relación ao que está pasando coa negociación da PAC, na cal o Goberno español conseguiu un axeitado acordo en Europa e non sabemos cales están sendo as liñas de actuación do Goberno galego, que sabemos que está colaborando e actuando co resto da cornixa cantábrica, pero necesitaríamos saber cales están sendo as liñas de actuación que non lle puxo de manifesto a consellería aos grupos parlamentarios e, polo tanto, non sabemos se está sendo bo o seu traballo para conseguir que exista unha boa PAC tamén para a cornixa cantábrica e para o noso territorio galego.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Señor conselleiro, a covid amosounos o noso rural en toda a súa crueza. Un rural de esperanza e resistencia á pandemia e tamén un rural desestruturado e necesitado de políticas que lle dean un aquel de esperanza. E as cabezas de vacún, cabrún e ovino quedaron nas explotacións dando gasto e pasándose de tempo e peso, e a flor ornamental e a flor cortada murcharon nos invernadoiros e nos viveiros e ninguén se lembrou da súa existencia. E os viveiros de planta de froito e hortalizas de tempada viron cerrados os seus mercados e tivemos que nos apañar entre veciños para que a vida seguise e a terra frutificase. Porque as feiras e mercados locais ao aire libre e en espazos abertos e amplos foron cerrados a cal e canto, e no canto floreceron os supermercados con papel hixiénico e libres, pola graza de Deus, de perigo. Resultou patético.

Do mesmo xeito que vostedes, recuperados todos do susto da improvisación de primeira hora, seguiron improvisando e non se preocuparon de facer unha campaña de apoio ás feiras e aos mercados locais. Claro, xa se sabe, son aspectos terceiromundistas do noso rural. No veciño Portugal son prestixio, aquí non.

E así os produtos de horta integrada, ecolóxica ou excedentes de autoconsumo comémolos na casa porque na oficialidade non existen; claro, non pasan por Mercamadrid, Mercadona... eu que sei.

E no tempo de confinamentos de autoconsumo non podíamos ir ás leiras situadas a máis de 500 metros da casa, e os que tiñan leiras noutro concello se os gardas eran coñecedores do territorio non pasaba nada, e se non... E resistimos estes e outros embates, e ninguén se lembrou de lles dar as grazas aos servizos de bombeiros forestais que desinfectaron residencias en todo canto se lles mandou. O seu uniforme non loce tanto como o da UME. E moitos deles non tiñan protocolos nin instalacións para se cambiaren cun mínimo de seguridade. E apareceu Mercaproximidade. Era a única idea para afirmar que había sectores da alimentación que tiñan produto almacenado sen saída. E, sabe, quedou patente que un país que non produce alimentos para a súa poboación está vendido. E, se este país ten potencialidades de luxo, esa dependencia convértese nunha burla.

E saiban dunha vez que o rural non pode ser gobernado baixo parámetros urbanos, son realidades distintas e non opostas, pero si diferentes.

Porque, señor conselleiro, do que vostede non falou nin fala é de que o que está en xogo é o futuro deste país, concibido como continuidade dun facer de séculos. A interacción do humano co territorio. Fómoslle nós, galegos e galegas, quen, a través de séculos de conversa coa terra e coa paisaxe, fixemos e escollemos xestionar o territorio así nese coñecemento mutuo. Por iso o do poboamento disperso, a pé de leira, por iso o da xestión directa do territorio, por iso o das pequenas explotacións de carácter familiar.

E vostedes non, vostedes a ler un país que vén nos libros doutras latitudes, escrito noutra fala, xurdido doutra realidade. No fondo acontece como co idioma, *<<soy de aquí pero lo del gallego...>>*.

E, claro, o monte de Galicia non admite esa forestación que vostedes proclaman e lanza berros de lume esixindo un tratamento multifuncional e biodiverso. Pero Ence necesita, exige

o caos e os lumes, e veña *nitens* onde o *globulus* non aguanta, e veña lumes e veña cartos dilapidados en queroseno e auga de manguera, un ano si e outro tamén.

¿E que dicirlle da terra agropecuaria que vostede non saiba? Abandono. ¿Cantas son? 200.000, 300.000 hectáreas, ¡que máis ten! A poboación do centro e oriente de Galicia e case todo Ourense baleirados de xente cara ao eixe —disque— vertebrador atlántico.

Mire, Filomena colapsou Mercamadrid e aos 4 días nos supermercados alimentarios de Galicia xa comezaban a escasear os alimentos, mesmo os producidos aquí, que viaxan a Madrid e volven nun turismo de subordinación ao centro, o embigo do mundo. 400 millóns de euros mensuais de déficit alimentario nesta terra que posúe as mellores calidades agrícolas do mundo, as mellores.

De tolos, señor conselleiro. Si, xa sei, esa lei, esa lei de recuperación da terra, ¿que terra?, ¿canta terra? Ten que nos aclarar algo importante, señor conselleiro, ¿esta proposición de lei de recuperación da terra —disque— agraria, nace na diagnose de que o campo ten problemas estruturais serios? É dicir, que unha boa parte do seu territorio con potencial produtivo está abandonado a mercé do lume. ¿E como foi esa caída do cabalo? Porque o último silencio do Goberno co rural durou 12 anos, tras unha conversa breve e interrompida con saña por aquilo do roubo das terras que seica propoñía o BNG. ¿E agora? ¿Ou do que se trata é dunha lei que ampara a forestación do territorio? Aquí temos que aclararnos. Dende o BNG afirmamos que a dinamización do rural virá da mobilización da terra agropecuaria en formato familiar ben dimensionado, acorde coa actividade das explotacións que as faga sostíbles económica e ambientalmente. ¿E vostedes que opinan?

Teñen que saber, aínda que hoxe falou con propiedade e deu prioridade á terra agropecuaria, imos avanzando. Pero teñen que saber, señorías dun e doutro lado, que se nos está negando a posibilidade de situar no articulado a prioridade da terra agropecuaria, porque todos e todas entendemos que debера ser así, a prioridade para a terra que produce alimentos e así con ela, coa terra abandonada, recuperar poboación, dinamismo económico, valor engadido na transformación, fixación de poboación e xestión directa do territorio.

Pois non, o texto da proposición de lei usando a linguaxe da confusión non é unicamente o agro forestal que tanto pode ser agrícola como forestal. E a vostedes vailles o forestal, ¿non si? E para iso fixeron a lei, para ter cobertura legal na macrooperación na que están inmersos.

Macrooperación. Hai 70 anos expropiaron a auga, a auga dos nosos ríos para as eléctricas e o recurso foi para fóra, aquí non quedou nada, nadiña. Que tardou anos en vir a luz decente a moitas parroquias. En pleno 1990 na parroquia onde eu vivo para poder muxir na corte do veciño da casa da escola tiñamos que apagar a tele e a neveira. Como lles conto, 1990 e pico.

Pois agora expropian o vento, veña muíños, e son xigantes. E non deixan nada da riqueza que xeran, nin as migallas. Como no Congo no século pasado. E isto acontece hoxe no noso rural, son os voíres pousados no noso cadáver.

Lembra, señor conselleiro, do plan aquel de 2017, vostede era deputado coma min, era como agora, por este tempo, á saída das eleccións do 2016, estaba dotado con 230 millóns de euros

de fondos europeos, dicían; 23 medidas e a posta en valor de 330.000 hectáreas. ¿Sóubose algo daquel cacarexado plan? Propaganda, pura propaganda. Eran 330.000 hectáreas. Si, son esas e máis, moitas máis que poderían estar en produción xerando riqueza e xestión do territorio e están a toxo e a matogueira agardando polo lume.

E seica temos que facer plantas de biodigestión para tratar os fertilizantes de orixe animal, un proxecto tractor para facer que se fai algo fronte á barbaridade da Limia ou do Deza. Barbaridade consentida e alimentada polo *laissez faire* dos seus gobernos, pero queda ben.

E a poboación das cidades pensará que se está beneficiando o rural, porque vostedes administran o campo con mentalidade de cidade.

¿Do proxecto viscosa? Máis eucalipto. Xa se sabe, fibra curta que aforra procesos. ¿Canto imos aumentar a corta anual? Tres millóns de metros cúbicos, pasar de 9 a 12 millóns. ¿Cantas celulosas máis? ¿E o sistema vai ser o austríaco, o máis caro?

¿E Inditex, que fixo o seu imperio daquela maneira, vai comprar a materia prima aquí máis cara que no mercado internacional? ¿E que quere que lle diga? Que, mentres vostedes forestan e permiten e ata inducen o abandono, a xente ten medo, moita xente ten medo. Ten medo da prepotencia con que actúan, medo porque sempre van acompañados dos que ostentan o poder económico. Medo que nace das noites dos fascismos e que esta cativa democracia non permitiu superar. Medo que terá que trocarse en ilusión, señor conselleiro, para podermos acometer a dinamización necesaria do noso rural. A pregunta é: ¿chegaremos a tempo? Se cadra si ou, se cadra, non.

Vostede sabe, señor conselleiro, que no máis fondo do BNG aniña a esperanza de que algún día poidamos facer algo por este rural, algo serio. Algo serio que se plantexe (*Aplausos.*) como nos plantexamos en dous mil e pico, naquel Goberno bipartito que tanto deostan, aquel banco de terras que vostedes puideron usar durante 12 anos, puideron usar para mobilizar terra e para que a situación do noso rural non fose tan agónica como é. Estamos a tempo aínda, a nosa man está tendida pero con seriedade.

Señor conselleiro, priorice a terra agropecuaria, a mobilidade desa terra, porque é o cerne da nosa economía. Priorice iso e déixese de chamadas á plantación de eucalipto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Popular, señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Boa tarde, señorías.

Boa tarde, conselleiro.

Permítanme que consuma menos dun minuto desta intervención tendo en conta as circunstancias desta semana, dando un sincero e profundo agradecemento a todo o apoio recibido nestes últimos días, especialmente aos meus compañeiros, pero tamén de maneira moi destacada a compañeiros doutras forzas políticas, como Olalla Rodil, Ana Pontón, a alcaldesa de Lugo, o concelleiro Álvaro Santos ou tamén pola mesma orde a Gonzalo Caballero.

Fago esta reflexión ademais cun desexo de que nunca a cor dun fular ou dunha bufanda sexa noticia nun medio de comunicación ou nunha institución pública, e cunha forza que inspira, esta semana recordaredes, mesmo o luns o Congreso facía un acto homenaxe a unha muller na que moitas mulleres nos inspiramos aínda que non teñamos a mesma ideoloxía, como é Clara Campoamor. E permítanme ademais que lea un fragmento dun libro que narra a súa historia, que seguramente nos dea forza cando nos cruzamos con capítulos tan desacertados como os que pasaron a semana pasada.

«Era o primeiro de outubro e chega un momento crucial, a radical socialista Victoria Kent sacrificando as súas conviccións á disciplina do seu partido pide o aprazamento do dereito ao voto da muller. Replícalle Campoamor. Por 161 votos contra os 121 a muller adquire o dereito ao voto. O socialista Prieto abandona a Cámara afirmando que era unha puñalada trampa para a República». Ás veces a historia inspíranos e, sen dúbida, dános forza». *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, comparece hoxe para dar conta da liña de traballo da súa consellería. Eu agradézolle a súa presenza aquí e o seu traballo, non só a vostede, senón a todo o seu equipo. E tamén agradezo o traballo coordinado e o bo ambiente que hai na Comisión 7.^a, da que son voceira, e moi nomeadamente tamén dos meus compañeiros que me precederon no uso da palabra, que estamos ademais nun momento creo que moi importante para Galicia, intentando chegar a un consenso nun instrumento que, como os dous compañeiros apuntaron, aporta ferramentas para corrixir e para mellorar o noso rural, e gustaríame que todo o que diga non solivante as nosas negociacións e, dende logo, o noso bo entendemento, porque, de corazón, así o sinto e así estou aprendendo con todos vós.

O conselleiro empezou dicindo que viña escoitar, ese compromiso ademais reflectiu e expresou ese compromiso de seguir actuando con transparencia e, o máis importante, a seguir tendendo pontes para un obxectivo común que repetiron tanto o señor Seco como o señor Rivas, por seguir construíndo un rural multifuncional, un rural vivo, un rural dinámico e, sobre todo, un rural sostible.

Eu quero recoñecer tamén ese traballo de todos os acertos que axudan a construír todos os funcionarios de Medio Rural, tamén moi especialmente, eu que veño de provincias, aos funcionarios que desempeñan o seu traballo nas delegacións provinciais, pero —e aquí o señor Rivas algo apuntaba— tamén moi especialmente o traballo dos nosos gandeiros, dos nosos agricultores; que eu aí discrepo un pouco, creo que todos os puxemos moitísimo en valor nesta pandemia, que nos obrigou ao mellor a replantexarnos a nosa escala de valores e que nos obrigou a mirar ás veces á nosa neveira e a darnos conta de que, se o noso rural para, se os nosos gandeiros e agricultores paran, o noso urbano non come. E iso, sen dúbida, tennos que servir a todos para aprender e, dende logo, para poñelos en valor os que non o fixeran.

É unha consellería que está en cuarto lugar no investimento. Gustaríame destacar isto, porque tamén parece que os meus compañeiros o cuestionaban. Creo que dotar de orzamento en cuarto lugar, despois de Sanidade, Educación e Servizos Sociais, é, dende logo, un dato ben matemático para poder saber a importancia que o Goberno galego lle está dando á nosa Consellería de Medio Rural.

Señor conselleiro, vostede e o seu equipo teñen unha enorme responsabilidade. Dicía Castelao que o verdadeiro heroísmo estaba en transformar os desexos e as realidades... en realidades as ideas. E realmente vostede ten esa responsabilidade de converter en realidade os desexos dos galegos. Dos galegos que nos votaron, que todos sabedes que foron moitos, pero tamén dos galegos que non nos votaron, que votaron ás forzas que agora mesmo se encontran na oposición, e tamén a aquelas que incluso non sacaron representación parlamentaria.

O importante de toda a intervención que fixo o conselleiro, que a min me gustaría resumir, porque creo que foi o suficientemente clara como para que non necesite repetir moitas das ideas, é que sabe claramente a onde quere ir. Empezou coa importancia da planificación, a importancia desas estratexias sectoriais, algunhas xa as coñecemos; e falou da estratexia do sector lácteo xa aprobada, que ten ese obxectivo de aumentar a base territorial das nosas explotacións, por certo, que o repetiron tanto o voceiro do BNG como o voceiro do Partido Socialista como unha das necesidades de corrixir nese medio rural para sobredimensionar as nosas explotacións e para aumentar a súa rendibilidade.

O impulso á marca de Leite de Pastoreo e a profesionalización do sector con eses instrumentos tan imprescindibles, e citou —que tamén me gustaría destacar aquí— esa aplicación informática que permitirá aplicar os custos de produción, xa non só para mellorar a rendibilidade da explotación, senón tamén para poder aumentar a capacidade de negociación nos prezos dos contratos. Fortalecer a formación, a investigación e a innovación e apostar pola calidade. Todos sabemos que Galicia é calidade, pero saberedes tamén que, se non hai unha correcta promoción, evidentemente non chega así ao noso consumidor.

Dar valor engadido ao produto, á diversificación. Destacou, e ademais é un sector que o coñece ben, a importancia do noso mundo do viño, do noso sector vitivinícola. Comprome-teuse, e así tamén saíu xa aprobado por unanimidade na comisión, a aprobar en breve a Estratexia do sector cárnico, un sector que me consta que neste momento necesita ese impulso e que o está pasando mal.

Citou dúas estratexias, dúas ferramentas que se empregaron na pandemia, e eu tamén, con toda humildade, creo que non se valoraron correctamente polos voceiros nin do BNG nin do Partido Socialista. Creo que Mercaproximidade foi un instrumento moi valorado nesta pandemia e eu persoalmente recibín moitas felicitacións, e non das grandes empresas nin todo ese mundo que sempre cita o Bloque Nacionalista Galego, senón de pequenos produtores, de pequenos agricultores e gandeiros que viron a oportunidade única de tender pontes e de ver o seu produto nos grandes lineais das grandes marcas e no supermercado.

Non o personalizo no conselleiro, que tamén, que indubidablemente é o responsable para o bo e para o malo, pero eu creo sinceramente que foi un éxito colectivo.

Estase nun momento histórico importantísimo. Por un lado, toda a crise económica que nos está marcando esta crise sanitaria, pero tamén o momento de negociación da Política Agraria Común. E eu poño en valor esa capacidade de chegar a acordos con comunidades autónomas gobernadas polo Partido Socialista, como pode ser a Comunidade Autónoma de Asturias, Cantabria ou o País Vasco, que evidentemente con esforzos, con estratexias conxuntas esta consejería, este Goberno galego está sendo quen de poder facer unha fronte común que defenda as peculiaridades e a idiosincrasia do noso rural. É un momento histórico por iso, pero, sen dúbida, tamén é un momento histórico pola posibilidade que imos ter de captar fondos europeos.

E eu neste ton construtivo e conciliador botei de menos ese ofrecemento por parte especialmente do Partido Socialista, que entendo que evidentemente terá máis capacidade de influír no Goberno de España, aínda que ás veces parece que ten máis capacidade o Bloque Nacionalista Galego, pero, bueno, sexa un ou sexa outro, creo que é moi importante que en intervencións como estas e neste Parlamento quedara ese compromiso explícito de apoiar o Goberno da Xunta de Galicia, de apoiar os nosos agricultores e gandeiros, porque sen dúbida neste eido van ser os principais beneficiarios, e dicirlle ao conselleiro que serán tamén unha ponte de comunicación co Goberno de Sánchez para que Galicia non digamos que teña máis, pero, polo menos, e tendo en conta ao que nos veñen acostumando, non teña menos do que merece.

Falouse de proxectos. Eu non sei por que non gusta a biofábrica de fibras, creo que é un proxecto absolutamente innovador, que pode xerar moito emprego e que pode xerar valor engadido na nosa comunidade autónoma.

Falouse dun compromiso da posta en funcionamento dun volume de terra importantísimo, 18.000 hectáreas. A loita contra o abandono, que tamén todo o mundo coincidiu en que é, sen dúbida, algo que hai que atallar, púxoselle enriba da mesa proxectos concretos e compromisos concretos. Ese impulso das aldeas modelo, que eu recoñezo que..., neste país cando alguén sae por primeira vez cun proxecto e ao lado lle coloca o cualificativo de modelo ou piloto, pois a oposición de turno no seu momento sempre tende a criticalo, a criminalizalo ou a identificalo como un exceso de promoción.

Nun momento inicial ata o podo entender, porque, se non se esforzaba un en estudar ben o que era, pois podía non entendelo. Pero agora xa están funcionando, agora poden visitarse aldeas modelo cunha actividade agraria e xa son unha realidade.

Tamén hai outro elemento moi importante, dende logo, que necesita consensos, que necesita aportacións, que é un instrumento imprescindible; estoume a referir á preparación do Plan estratéxico para a execución dos Fondos FEDER 2023-2027. Galicia vive neste momento un momento importantísimo. O escenario que probablemente poida permitir que teñamos máis ferramentas é esa aprobación da Lei de terras. Eu tamén quero agradecer ao meu compañeiro Armada, que está comigo na ponencia desta lei; estou aprendendo constantemente dos dous voceiros e eu creo que se está chegando a moitos acordos e, dende logo, dende o principio explicitouse moitísimo, moitísimo afán construtivo.

Eu non lle vou dicir ao voceiro do Partido Socialista que, se quere aprender de contratos menores, que pode ir á cidade de Lugo, que por exemplo recentemente nos daban un dato de...,

pois nun curto período de tempo máis de 1.343 contratos. Ou non lle vou recordar ao señor Seco que parece realmente que vive aínda instalado nese ano 1990, de cando a luz non podía ou de cando vostede tiña que esperar para que o seu veciño ordeñara as vacas. Díxenllo moitas veces e dígollo con moito cariño porque ademais sempre é un momento temporal e unhas persoas as que xa non están connosco, e todo o mundo, os que somos xente de ben e que queremos os nosos antepasados, pois agradecemos, pero segue instaurado na Galicia precisamente de 1990.

A Galicia de hoxe, e viamos recentemente nun xornal como unha granxa de Cospeito, o seu leite era empregado nunha marca que todos coñecemos, como é McDonalds, e iso non o está inventando nin Elena Candia nin o Grupo Popular. E ese éxito tampouco é do Partido Popular; en parte seguro que si, porque sabe que levamos gobernando esta comunidade autónoma moitos anos, pero iso tampouco é por casualidade, iso é porque gañamos a confianza dos galegos.

Eu prégolles que ese ton conciliador siga inspirando as nosas reunións e prégolles que vexan que moitos dos problemas que hoxe identificaron do noso rural, implicitamente na súa propia exposición recoñecían que a ferramenta podía estar na Lei da recuperación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CANDIA LÓPEZ: E simplemente trasládolle, conselleiro, que dende logo é unha exposición cuns compromisos valentes, xa llo dixen en máis ocasións, pero dende logo moi necesarios e indubidablemente este grupo parlamentario que eu represento estará traballando, porque construíndo un rural mellor construímos unha Galicia mellor.

Neste turno nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Eu vou comezar a miña segunda intervención, dende logo, agradecéndolles o ton das súas intervencións aos voceiros dos grupos da oposición, porque, máis aló de circunloquios e poesía, que sempre se dá cando intervén o señor Rivas, o certo é que entendo que están de acordo con moitas das liñas de traballo da consellería. Non llo digo e ningún mal sentido, xa o sabe, que sabe que me gusta moito a súa forma de expresarse, aínda que non comparta o fondo, e xa o sabe ademais.

Gustoume especialmente, teño que dicilo tamén, a posición do señor Seco porque, efectivamente, eu penso que ao primeiro cando eu empecei a miña primeira intervención puido haber algún malentendido. Eu viña aquí a falar de cousas penso que bastante importantes,

recollo ben as súas palabras, señor Seco, e hai certas cuestións que logo falarei en relación coa PAC, vanme entender se lle traslado cal é o posicionamento da cornixa cantábrica, porque é certo que nós nese posicionamento da cornixa cantábrica temos unha postura nalgúns casos que beneficia máis Galicia e que iso llo podo trasladar dende logo nun ámbito de máis..., non neste ámbito público, pero si, dende logo, fixar esa posición, de máis confidencialidade, quería dicir.

Dende logo xa lle traslado dende aquí que ao remate desta comparecencia vou pedir unha comparecencia específica para falar da PAC recollendo tamén a súa proposta, e gustaríame, se é posible, que esa comparecencia fose antes incluso da negociación de Madrid. Porque, se hai puntos de acordo, e penso que debería habelos porque a postura que nós temos está consensuada, como dixer, coas principais organizacións agrarias galegas, supoño tamén que poderemos levar unha postura unánime, incluso unha proposta de resolución deste Parlamento, para que nos dea forza nesa negociación e posterior.

Eu —e enténdame ben— teño unha relación magnífica co ministro de Agricultura, pero ten que entender, e xa llo dixer, que eu defendo dentro da lealdade os intereses dos agricultores e gandeiros galegos. E o que temos polo de agora, e xa llo dixer antes e pódolle repetir os datos, é unha PAC mediterránea, sen ningunha dúbida. E logo referireime nalgunha destas cuestións recollendo os datos do señor Seco e por se queren acoller algunhas das cuestións ou pódollelas aclarar na última intervención.

Simplemente, señor Seco, por poñerlle un pouco en condicións, vamos ver: en canto ao PDR deste ano, eu téñolle que dicir, con datos oficiais da Comisión Europea, que Galicia está nestes momentos no grao de execución 10 puntos por encima da media do resto das comunidades autónomas. Non se preocupen que o PDR está prorrogado ata o 2023, pero, sen dúbida, imos gastar todos os cartos, ogallá tiveramos máis cartos para poder gastar.

Tamén recollo e fago autocrítica, e comparto con vostede a crítica de que temos que incidir máis nos nosos centros de investigación. A min é unha cuestión que me preocupa especialmente, se tiveron ocasión e escoitaron ou recordan a miña comparecencia dos orzamentos, saben que hai unha cantidade moi importante posta enriba da mesa para apostar ou para investir nos nosos centros de investigación, tanto en Mabegondo como tamén na Estación de Viticultura e Etnoloxía de Galicia; ben, en definitiva, todos os centros de investigación.

E, señor Seco, de verdade, eu non entendo por que protestamos tanto dos escaparates, se ao final os escaparates son tamén para vender. Sergude vai ser un centro de formación e de investigación tamén, e, de feito, sabe vostede e, se non, podémolo consultar e pódolle dar eu eses datos, non están orzados eses 14 millóns de euros, senón que están orzados por fases. E a primeira fase de Sergude, que, por certo, vén de fallarse o concurso e gañaron ese concurso arquitectos de moitísimo prestixio galego —e a min cáusame moita ledicia precisamente poder trasladar que temos aí un proxecto fantástico—, a primeira fase vai ir destinada a investir no centro de formación, no que temos 90 rapaces, e vaise facer ese primeiro investimento. E, polo tanto, todo o traballo que se vai facer nesa finca é precisamente cara á súa orientación produtiva.

Pero asumo esa crítica, dígolle que, evidentemente, a investigación agraria para nós é un elemento fulcral e que a temos que reforzar, estamos traballando niso. Eu nestes momentos, contrariamente ao que vostedes din moitas veces, non me gusta anunciar cousas se non creo que as vou poder executar. Teño bastante ou temos bastante avanzado que é o que queremos facer, estaba tamén no noso programa electoral o que queremos facer coa investigación agraria de Galicia e diríalle que neste ano 2021 se vai ver ese reforzo que xa está nos orzamentos para poder facer os investimentos.

Falou das 30 medidas de Feijóo, eu non lle vou entrar no detalle. Máis do 75 % das medidas cumpridas. Falou de que non hai nin unha SOFOR, bueno, hai 18. Pero aquí gustárame facer unha reflexión, que ten que ver coa Lei de recuperación, porque vostedes xa coñecen a Lei de recuperación.

Intuitivamente todos poderíamos entender que probablemente o mecanismo para facer xestión conxunta, que é o que necesitamos no forestal galego, o máis acaído deberían ser as sociedades mercantís. E xustifícome ou explícome. Porque limitan a responsabilidade, porque teñen regras de funcionamento interno que poden favorecer ese investimento dos propios propietarios. Non estamos aquí falando de que veña Ence a constituír SOFOR, que non é o caso, senón de que os propios propietarios se agrupen para a xestión conxunta, que é o principal problema do noso monte e do noso rural. Esa dispersión nas fincas, esa desordenación de usos que poderíamos falar longo e tendido das súas causas, pero que son sen dúbida causas estruturais, e a xente que está na ponencia sabe perfectamente que esas causas estruturais están analizadas máis que de sobra na exposición de motivos da Lei de recuperación e na propia comisión de estudo que tivemos no ano 2017.

Pero, entendendo que a SOFOR sería a cúspide á que todos deberíamos aspirar no seu momento que os propietarios galegos tiveran para facer esa xestión conxunta, nós asumimos —isto é unha autocrítica— asumimos que as SOFOR, as sociedades limitadas, as sociedades mercantís son difíciles de entender para boa parte da cidadanía que vive no rural. ¿E que fixemos? No artigo 16 da proposición de lei, da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, propoñemos como entidades de xestión conxunta calquera figura, dende unha comunidade de propietarios, ata unha sociedade civil, unha cooperativa ou entidade asociativa, calquera figura nos vale. Poderíamos incluso falar de referencias ou de cuestións que están afectadas polas UXFOR, que tamén se volveron recoller nas emendas do Bloque. Que eu lle digo que estamos mirando con todo o caríño do mundo, porque nós non temos ningún impedimento en aceptar aquelas cousas que contribúan a que a xestión do noso monte se faga, ademais de de maneira sostible, de maneira conxunta, que é a clave disto. Non se trata de quitarlle a terra a ninguén, trátase de que se agrupen para xestionar.

E no ámbito forestal iso é especialmente acaído e sabémolo todos. E ademais é o que nos pode permitir dar esa biodiversidade. É moi difícil dicirlle a un propietario de finchugas de 3.000 ou 4.000 metros que teña esa variabilidade nas súas fincas, nas plantacións forestais, pero se agrupamos 40 ou 50 hectáreas —repito— respectando a propiedade, dende logo podemos falar claramente desa diversificación forestal que está recollida no Plan forestal 2021-2040, que apoia este Goberno e que, sen ningunha dúbida, nós imos a por el. E boa parte do que estamos a facer ten que ver precisamente con esa diversificación do noso monte.

Aínda que entenderan, e pode ser, que é unha cuestión económica, porque o Partido Popular é o partido da actividade económica, ou polo menos na súa consideración, eu dígolle que claramente, incluso tamén dende un punto de vista económico, esa diversificación é moi acaída; tamén dende o punto de vista social e dende un punto de vista medioambiental.

Falou tamén o señor Seco das concentracións parcelarias. Eu tamén lle digo, señor Seco, a min é das cuestións que máis me revolven por dentro a dificultade que estamos tendo na entrega dos títulos das concentracións parcelarias. Porque é unha cuestión fulcral tamén para a nosa xente. Todos sabemos que, aínda que é certo que 2/3 partes das 96 concentracións parcelarias que temos abertas en Galicia nestes momentos xa os propietarios teñen á disposición os terreos, que é o primeiro paso das fincas de substitución, é o primeiro paso para poder desenvolver a súa actividade económica, ou o paso máis importante, é certo que moita xente non sente que son deles as fincas mentres non teñen os títulos.

Aí —sábeno todos, pero eu aclárollelo tamén— no ano 2015 hai unha modificación da Lei hipotecaria estatal que nos dificulta moitísimo o acceso ao rexistro dos títulos das concentracións parcelarias. Isto non é unha cuestión de que non teñamos ganas de dar títulos. Entenderán que, como conselleiro de Medio Rural, probablemente das cousas que máis me satisfagan —estou vendo incluso para algún deputado que leva moito tempo pedindo que lle poidamos entregar os títulos nas súas zonas— é unha das cousas que máis satisfán. Pero non fomos capaces de conseguir esa adecuación dos títulos ata que empezamos no ano 2020. Nestes momentos pódolle afirmar con bastante forza que estamos entregando xa con regularidade títulos.

No ano 2020 entregamos 4 concentracións parcelarias, recorden que naquel momento por mor da Covid non se fixo de forma pública, pero entregáronse Pousada e Ramil, Pousada en Baleira e Ramil en Castro de Rei; en Ourense entregamos os títulos de San Millán en Cualedro e Vilar de Lebres en Trasmiras.

No que vai do ano 2021 entregamos títulos en seis zonas: En Touro Foxáns, en Riotorto, en Coristanco, en Baltar, en Castro de Rei e no Pino. E imos entregar este mesmo venres —penso— O Valadouro e proximamente o 23 de abril Abadín, en Melide, e na parroquia de Maceda, Orois, o 30 de abril.

Eu quero poñer en valor que levamos feito entregas en 10 concentracións, máis de 3.300 propietarios e arredor de 9.000 títulos entregados. Pero tamén temos parcelarias que xa se está conseguindo ou acadando o obxectivo de poder entregar os títulos, e son un total de 21 zonas, teñen firmeza de acordo, que afectan a 15.000 propietarios e arredor de 33.000 fincas. É dicir, estamos dende logo traballando, quérolle trasladar que no resto de concentracións parcelarias, desas 96 que lle dicía, 21 xa teñen firmeza de acordo, pero no resto estamos ao 93 % do investimento; xa están practicamente feitas en todos os casos, os camiños principais e secundarios e agora o que nos interesa, e de verdade llo digo, o que máis me interesa a min é poder axilizar esa entrega de títulos.

Polo tanto, eu pediría aí que teñamos en conta o enorme esforzo que facemos todos os que estamos aquí como galegos e galegas en canto ao investimento que se fai nas concentracións par-

celarias, 120 millóns de euros dende o ano 2009, e que rematemos xa este debate, porque eu penso que é un debate estéril. E, por suposto, imos seguir facendo concentracións parcelarias.

Dicía... Chámase reestruturación parcelaria como saben coa Metaga, pero eu sigo utilizando a denominación tradicional. Dicía o señor Seco, e ten razón, que a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia é unha boa ferramenta ou unha caixa de ferramentas adicionais ás concentracións. As concentracións teñen funcionado moi ben en zonas que, entre outras cousas, soportaron as explotacións gandeiras galegas e, polo tanto, temos que seguir facéndoo. Pero hai zonas do territorio nas que entregamos os títulos das concentracións parcelarias e a terra vai quedar abandonada polos motivos que sexan, fundamentalmente porque xa non hai explotacións. Aí temos que utilizar os mecanismos da Lei de recuperación.

Pero tamén lle digo, nesta fase pediríalle que as vexan con cariño a través das emendas e das modificacións que estamos propoñendo neste momento co Grupo Parlamentario Popular. Podemos incluso utilizar os polígonos para facer unha cuestión que nos está demandando a xente do territorio que ten moitísima importancia: reconcentracións. Os gandeiros estannos pedindo que se faga ordenación de usos nas concentracións parcelarias, e veñen moitos dos problemas por esa falta de ordenación, e que se fagan reconcentracións.

E os polígonos, se tocamos un pouquiño a nomenclatura da lei, o texto da lei nas emendas, que podemos perfectamente transaccionar, pódense utilizar para facer esas reconcentracións, que penso que serán moi beneficiosas sobre todo para os nosos gandeiros nas zonas nas que hai esas concentracións parcelarias, que xa lle digo que teñen a problemática, por un lado, da desordenación de usos e, por outro lado tamén, da pequena superficie, que algún día era unha superficie moi grande, sempre dicimos que practicamente multiplicamos por 4 ou 5 a superficie inicial nas concentracións parcelarias, pero é certo que hoxe aos nosos gandeiros non lles chegan esas superficies. E non estou falando de darlle concentracións parcelarias a ningunha empresa, aínda que para min eses gandeiros son empresas, estou falando de dotar de máis base territorial as nosas explotacións, as que xa están agora traballando.

Preocúpame unha cuestión, señor Seco, e faleino coa portavoz de Medio Rural do Partido Popular, ao remate desta comparecencia ímoslle dar xa o informe sobre o artigo 19 da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia feito pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e ademais tamén ao señor Rivas ímoslle dar tamén o ditame da Comisión de Dereito Civil que nos avala para dicir que hai unha facultade de investigación, que non me falen por favor de expropiación encuberta, porque é simplemente... non estamos a falar de expropiarlle a ninguén, estamos falando de que hai fincas sen dono coñecido que a día de hoxe, señorías, coa Lei de patrimonio do Estado, cando finaliza o procedemento de investigación, lle corresponden ao Goberno central. Nós non temos nada en contra do Goberno central, pero entendemos que esa facultade de investigación se lle pode dar á Administración autonómica, no solo rústico, porque a Administración autonómica é a que ten as competencias para mobilizar esa terra, polo tanto entendemos que a facultade de investigación, en lugar de estar como suxeito activo o Goberno central, que a teña o Goberno central. Ese é o primeiro paso. E, se ten a facultade de investigación, a consecuencia é que lle ten que corresponder o mesmo que ao Goberno central. E, do mesmo xeito que a Lei de patrimonio do Estado di que, se non hai propietario coñecido, a finca pasa a ser do Goberno central, e

saben todos vostedes que hai no catastro máis de 300.000 parcelas a nome de propietario descoñecido que son do Goberno central, pois agora o que dicimos nós —e penso que, por exemplo, estou seguro de que tamén os outros dous grupos parlamentarios— é que se inscriban ao nome do Banco de Terras de Galicia. Puxemos ademais a condición de que durante cinco anos esas terras non se puideran vender, senón que se puideran arrendar á espera de que puidera aparecer un propietario, porque nós aquí non temos ningún interese en quedarnos con ningunha terra. Ogallá aparezan todos os propietarios, ademais sábeno tamén vostedes, no artigo 19, que hai moita facilidade para eses propietarios que acrediten a súa titularidade. A nós o que nos interesa é que esa xente apareza e poña en valor a súa terra, pero é certo, e esta é a diagnose, e esta é a realidade do rural galego, que, se non somos capaces de ter esa facultade de investigación, non somos capaces de mobilizar a terra.

Isto, señorías, igual non o entenden nas zonas gandeiras de Lugo ou da Coruña, porque aí todo o mundo sabe de quen son as fincas, pero é que hai zonas en Ourense nas que máis dun 30 % das parcelas non se sabe de que son. ¿Como facemos a mobilización aí se non temos a facultade de investigación?

Polo tanto, eu espero que con esta aclaración, señor Seco, non a de hoxe, a que fago eu aquí, senón co informe da Asesoría Xurídica Xeral, e co ditame da Comisión de Dereito Civil, pois disipemos esas dúbidas, pero, se ten algunha máis, seguiremos traballando, dende logo, para convencelo.

Falou tamén de que cre na norma, máis aló deste tema de constitucionalidade desta, e xa lle digo que o tema do artigo 19 témolo aí recollido e que non quedará en papel mollado. Bueno, eu non teño ningunha dúbida, pero trasládolle claramente o que temos que facer entre os tres grupos: imos pedirlle ao ministerio, á Vicepresidencia de Transición Ecolóxica, que apoie dentro dos proxectos Next Generation desa vicepresidencia, que por certo non os acolle claramente, o noso, que pretende mobilizar cos instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria en Galicia 18.000 hectáreas en polígonos e 200 aldeas modelo. É dicir, estamos falando dun volume moi importante de investimento, eu dicía 600 millóns de euros; por suposto, non lle estamos pedindo nos fondos Next Generation 600 millóns de euros, os 600 millóns de euros é o impacto estimado que terían estes investimentos co investimento público privado. Necesitamos moito menos de cartos públicos, pero aí dende logo, se somos capaces, sobre todo o Partido Socialista de Galicia, non é unha cuestión baladí, porque vostedes dende logo o Partido Socialista está gobernando a nivel central; polo tanto, poderíamos forzar. Eu pídolle esa axuda, porque tamén lla pedín ao ministro de Agricultura, mandeille a carta explicando estes proxectos, e pedíndolle precisamente que puidera apoiarnos xunto cos demais ministerios que poidan estar implicados coa Vicepresidencia de Transición Ecolóxica.

Téñolle que dicir, señor Seco, basicamente porque é o mesmo partido, que polo de agora non recollen especificamente este proxecto nas liñas que vai levar a Europa e que hoxe mesmo estaban debatendo no Consello de Ministros no que se refire ao Plan de resiliencia da Vicepresidencia de Transición Ecolóxica. Pero aínda estamos a tempo, porque teñen que presentalo neste mes e, polo tanto, podemos forzar esta cuestión. Eu ánimoos a que, se temos unha reunión, se queren que lles explique máis en detalle eses proxectos e este en concreto,

aínda que penso que todos os que estamos traballando na lei entendemos perfectamente de que vai o tema, bueno, pois aí estamos para podelo facer.

Señor Rivas, aí entrou dentro diso que dicía antes de apoio ás feiras e mercados locais, eu tampouco vou entrar hoxe en debates estériles e ademais penso que tratamos temas moi importantes, pero simplemente unha matización: en Galicia durante a Covid o Goberno da Xunta posicionouse claramente a favor da apertura dos mercados, en contra da postura do Goberno central, e vostede sabe que foi así porque ademais tivemos o apoio e defendemos a postura do Sindicato Labrego Galego. Houbo un momento no que non se podía abrir porque estábamos totalmente confinados, pero, en canto se deron as condicións, nós defendemos a apertura.

E eu entendo que chirríe un pouquiño isto de Mercaproximidade, porque, claro se sempre estamos indo en contra dos supermercados ou das grandes cadeas e de repente, todo pechado, o único mercado que temos son esas grandes cadeas ou as cadeas de distribución, eu non lles vou a chamar grandes cadeas, e todas elas de común acordo e case sen pedirlle nada, se poñen á disposición da Xunta de Galicia para que todos eses pequenos produtores que tiñan dificultades para sacar a súa mercancía se poida utilizar as súas tendas, home, eu penso que como mínimo é para sentirnos satisfeitos dese compromiso.

Téñolle que dicir, que en Mercaproximidade entraron 450 produtores, pero quedaron uns cantos, eh, quedaron uns cantos que están moi satisfeitos. Eu quérome referir, por non falar de moitos máis, a Soporcel e o porco celta, que recoñeceu expresamente que o incremento de vendas no ano 2020, cando era un ano para acabar con esas explotacións de porco celta en extensivo, incrementou as súas vendas un 30 %. Polo tanto, non son datos da consellería, senón que é un recoñecemento de que iso funcionou ben.

Mire, cando di vostede que non cremos nos mercados e non cremos na posibilidade de poñer neses mercados os produtos de calidade, eu quérolle facer unha pregunta, ou dúas. ¿Está en contra do Decreto de artesanía alimentaria? Porque iso foi lexislado por esta Consellería do Medio Rural, e somos a única comunidade autónoma que regula o Decreto de artesanía alimentaria, ou regula a actividade de artesanía alimentaria. Nós cremos no artesán e no pequeno, e defendémolo. O que si cremos é que ten que ter un distintivo de calidade que o diferencie e que o protexa fronte ao que non é artesán.

E, se está a favor del, o que lle digo tamén é que nós estamos nestes momentos elaborando as normas de funcionamento das 14 tipoloxías de artesáns alimentarios que temos, pero aí podemos tamén colaborar, porque igual temos que meterlle algunha mellora, e aí estamos tamén á disposición de falar, tanto cos sindicatos no Consello Agrario como tamén cos grupos parlamentarios para mellorar, porque queremos acertar coa artesanía alimentaria, porque é unha parte importantísima de Galicia Calidade Agroalimentaria. Imos apostar por ela sen ningunha dúbida.

E a segunda pregunta que lle quero facer é se está en contra tamén dos mercados singulares, que foron anunciados na comparecencia de orzamentos deste ano e que teñen precisamente por obxecto facer mercados específicos en lugares paradigmáticos do territorio galego —e todos podemos pensar en cada comarca onde están eses lugares paradigmáticos— para poñer en valor eses produtos de proximidade e eses produtos artesáns

Por tanto, eu pediríalle, se ás veces... Non sei se recorda ao principio da miña comparecencia, dicía todo o que veña do PP por sistema témolo que criticar. Pero eu penso que aquí hai cousas que, dende logo, ás veces as falo, e me van desculpar os meus compañeiros, parece que estou falando en nome dalgún dos grupos da oposición, porque son cousas nas que estamos todos de acordo, é cuestión de sentido común.

Fala de caída do cabalo, bueno, eu caín unhas cantas veces si, do cabalo (*Risos.*) pero sigo a facelo. Di que ampara a forestación do territorio. Fixo aí unha afirmación que, se ma volve ler, lle volverei dicir que estou totalmente de acordo co apoio ás pequenas e medianas explotacións, pero por unha cuestión de intelixencia e de puro sentido común, porque son as nosas. Aquí non hai grandes explotacións, por iso na postura da PAC é fácil que nos poñamos de acordo, como nos puxemos de acordo co Sindicato Labrego Galego e con Unións Agrarias, porque defendemos todos o mesmo.

O que non lle admito é que diga que non imos dar prioridade á terra agropecuaria, porque vos- tede está no traballo da ponencia e sabe perfectamente que hai unha emenda, a emenda 23 da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que acolle no 25.2, hai unha primeira emenda no 2 h), descúlpenme todas estas matizacións, pero é para que nos quede claro, que di claramente, que hai que priorizar a superficie agraria útil, no artigo 2 h). E hai unha emenda, a 23, que espero que logo disto poidamos transaccionala, que recolle o punto 2 do artigo 25 e di o seguinte: «O catálogo de solos agropecuarios e forestais procurará unha distribución axeitada dos usos agrogandeiros e forestais —fíxense a cuestións esta importante, porque este é realmente o noso inimigo— favorecendo o desenvolvemento destes usos fronte ao abandono da terra agroforestal. —E inmediatamente aclara.— De xeito particular o catálogo buscará garantir unha superficie agraria útil, próxima á media nacional e europea», que é maior que o que demandaban vostedes na súa emenda. E, por certo, señorías, postura totalmente consensuada coas organizacións agrarias, que por suposto escoitamos, e que consensuamos tanto co Sindicato Labrego Galego como con Unións Agrarias. Eu non sei exactamente se o Sindicato Labrego Galego explicitará o seu apoio, pero Unións Agrarias si o fixo, e eu quéro lle agradecer moito á organización agraria o traballo que fixo para mellorar a lei, porque efectivamente traballou xunto co Grupo Parlamentario Popular para facer esa mellora.

Falou tamén de que a nós os vai o forestal. Si, si, e aos seus 30.000 propietarios que cada ano facturan 300 millóns de euros en Galicia co sector forestal. Mire, podemos falar de que é necesario ordenar os usos, podemos falar de que hai que poñer un pouco de orde neses usos, a través do catálogo de usos, pero o que non podemos impedir é que os propietarios —e aquí hai xente, hai deputados que entenderán o que estamos trasladando—, que haxa zonas de Galicia nas que esa árbore ou explotación forestal dá plans de pensións, dá cartos para os fillos, dá estudos para os nenos, dá cociñas. É dicir, estamos a falar dunha cuestión moi importante nunha parte tamén moi importante do territorio. E a partir de aí podemos falar entre todos, pero a resposta e a solución ás dificultades que podemos ter no sector forestal están na Lei de recuperación.

Falou de que hai que asegurar o cumprimento da lei, igual que dixo o señor Seco, e eu estou totalmente de acordo, e agardo o seu apoio para que poidamos acadar eses fondos Next Generation. Tamén lles quero dicir, señorías, que nos orzamentos, no que se refire ao próximo

Feader, van ir fondos suficientes, tanto para dotar de medios persoais como tamén de medios, de capacidade para poder facer o desenvolvemento dos instrumentos de recuperación da lei. Pero vaime permitir unha *boutade*, vaime permitir a anécdota de que, home, eu, como sabe, son un home ao que lle gusta ler e, cando me falaron de que non tiñamos memoria económica desta lei, busquei a lei, a memoria económica da Lei 7/2007, que como sabe é a que crea o Banco de Terras. E, bueno, falando de barbaridades quérolle recordar que alí se dicía que había que mobilizar 100.000 hectáreas en 5 anos, a razón de 20.000, e o conxunto dos anos despois da aprobación —e preocupeime tamén de miralo— non chegaron ás 1.000. Polo tanto, faltáronlle 99.000 respecto do que proxectaban.

Polo tanto, vamos ser realistas, nós fixemos os números de 18.000 hectáreas, podémolo defender, son uns cartos que nos poden dar dende Europea e con 18.000 hectáreas ben colocadas, e ademais con criterios de prevención de incendios, montamos unha boa no territorio; actividade agrícola, gandeira e forestal, todo o máis ordenado posible, tratando de trasladarlles aos veciños e veciñas do rural que ese é o mecanismo no que temos que incidir.

No tema da biofábrica, señor Rivas, hai unha contradición evidente no Bloque, e deberían reflexionar ao respecto. Si. Primeiro, nós levamos moitos anos, vostedes levan moitos anos —e eu entendo a crítica— criticando que non pechamos o ciclo de produción en Galicia. É certo, facemos pasta de papel e faise ese papel fóra de Galicia; incluso entendo que moitas veces falan da posibilidade de que ademais dunha pasteira houbera unha papeleira. Nós estamos poñendo enriba da mesa un proxecto que pecha o ciclo. Estamos falando de fibra téxtil, o único que lle falta a esa fibra, para que teñamos claro, é que se fíe, pero hai industria para fiala, pero sae a fibra para ser vendida. Estamos falando de que dos 100 millóns de toneladas a nivel mundial que hai de mercado, estas fibras téxtiles de carácter sostible teñen un mercado do 6% e poden ter un incremento bastante importante. Estamos falando do produto de máis valor engadido que se pode ter na produción a partir da madeira e neste ámbito de fabricación deste tipo de produtos. E estamos dicindo —e xa llo trasladei penso que ao señor Seco, pero aproveito nesta Cámara, que eu neste momento estou atado tamén por cuestións de confidencialidade— porque se está falando evidentemente con operadores de moitísimo nivel, pero pódolle dicir que as fibras que nós imos argumentar e permitir que se produzan en Galicia teñen que ter o requirimento da sostibilidade, porque, se non, non valen nada. Cando falaba do oliocel e do modal, é certo que é o máis caro, pero é que hoxe non teñen capacidade de produción para o que lle querren comprar as empresas téxtiles. Polo tanto, ese valor engadido vénlle dado pola sostibilidade, e a sostibilidade vén marcada por dúas cuestións: a sostibilidade na xestión dos montes de onde provén a madeira, que ten que estar certificada e ten que garantir biodiversidade, e por iso traballamos no Plan forestal; e a sostibilidade no proceso de fabricación, basicamente ligado ao consumo de auga, que ten que cumprir as mellores prácticas internacionais. Se non, non hai fibra sostible e, polo tanto, non hai proxecto.

Dicía o señor Seco que necesitaba máis información, eu tamén estou aberto e dígollo, non aquí, hoxe non busco e non lle vou dar a razón en todo, pero evidentemente estou aberto a dar todos os datos que poida dentro dos compromisos de confidencialidade que eu teño asumidos neste ámbito.

Vou rematando, que foron bastantes cuestións.

Si me gustaría rematar coa postura da PAC. Reitero o que dixen antes, señor Seco, vou pedir unha comparecencia nesta Cámara para falar da postura da PAC, pero gustárame, para que todos teñamos claro, aínda que é público, trasladar a toda a Cámara cal é a posición da cornixa cantábrica, na que hai algunhas cuestións nas que nós podemos ser máis incisivos, pero iso deixáremolo para a negociación final.

Preocúpanos moito a definición do agricultor xenuíno, aí hai unha postura consensuada tamén co Sindicato Labrego Galego e con Unións Agrarias que determina que Galicia pide que o agricultor xenuíno sexa aquel que teña unha porcentaxe mínima do 30 % de ingresos agrarios respecto dos ingresos totais. Bueno, probablemente o ministerio fixe esta liña por debaixo, arredor do 20 %, e dígolle probablemente tamén porque ten que amparar a entrada de agricultores. Eles din a tempo parcial, a nós non nos saen os números, porque o tempo parcial debería conlevar algún tipo de dedicación á agricultura dende o punto de vista de ingresos, pero penso que teñen bastantes, señor Seco, porque teñen que dar entrada a todos os propietarios das fincas de froiteiras e de hortalizas que van abrir a PAC en novas superficies e que vai ser un número moi importante de hectáreas. E non se olviden de que isto é un fondo común, os cartos que vaian para o Levante, que os están quitando a outras partes de España; e nós aí, dende logo ímonos plantar. ¿E como nos plantamos? E aí pediría o seu apoio. Plantámonos demandando ao Goberno central que non se fale de novas superficies, de novas orientacións de cultivo, mentres non corrixan un déficit histórico que ten Galicia. Miren, Galicia —é certo— ten moi pouca superficie agraria útil respecto da superficie total, ten o 21 %, cando a media é o 45 % a nivel nacional; é dicir, todas as comunidades autónomas, as demais teñen o dobre de superficie agraria útil de Galicia, e isto é o que temos que traballar coa Lei de recuperación. Pero outro dato relevante é que, mentres que nas demais, que teñen moita máis superficie agraria útil, o 80 % desa superficie é elixible a efectos da PAC, ¿saben cal é a nosa porcentaxe? 58. Ou sexa, estamos 23 puntos por debaixo da superficie elixible. Polo tanto, nós aí —e demando neste sentido o apoio dos grupos da oposición— xa lle trasladamos ao ministro que nós non imos negociar nada de posibles aperturas, e ímonos opoñer radicalmente se non se abre a esa superficie elixible.

Cando estou falando de superficie elixible —para que nos entendamos, dicíao na miña primeira intervención—, aquí temos explotacións gandeiras que teñen base territorial na que parte da súa superficie non é elixible, non cobra PAC por motivos históricos. E sempre o defendemos cos dereitos históricos, que son máis altos —como saben todos vostedes— que no resto das comunidades autónomas. Se agora nos van baixar os dereitos históricos —que é o que vén dentro da reforma da PAC—, terán que subir as hectáreas; eu penso que aí temos que estar todos de acordo.

Outro dos posicionamentos que tamén me interesaría deixar aquí claro é que Galicia apoia as axudas asociadas a determinados sectores sempre que sexan os que tiñamos ata agora, que saben que son fundamentalmente o gandeiro de leite; a nós é o que nos interesa. ¿Saben que é o que está proponendo o ministerio? Un plan sectorial para o olivar. ¿Saben o que lles dixo este conselleiro? Que entón tiña que traer tamén un plan sectorial para o castiñeiro, porque nós aquí non temos olivares, xa os teremos, pero polo de agora non temos ningún. Volvo repetir que todos estes cartos saen do primeiro piar, isto é unha bolsa común, e, se van para o olivar, saen dalgún sitio, e dende logo van saír dos gandeiros da cornixa cantábrica.

Outra cuestión, simplemente para o debate, o *capping*. Vamos ver, nós temos que apoiar un *capping* — isto do *capping* é que se limite a cantidade máxima de axudas que pode cobrar unha explotación —, nós temos que apoiar 60.000 porque defendemos as pequenas e medianas explotacións. Doulle os datos de memoria, señor Rivas, pero penso que en Galicia só hai tres explotacións que cobren máis de 60.000 euros de axudas do primeiro piar; polo tanto, nós a favor totalmente dese límite de 60.000. O certo é que na negociación en Europa se puxo o límite dos 100.000 e ademais dedúcense os custos salariais, co cal isto é un pouquiño unha broma, porque realmente vai haber moi pouca aplicación do *capping*. Pero o que si demandamos nós, porque nos interesa — e vamos ver como se define isto — é o pago redistributivo; é dicir, hai que dedicar unha parte importante do primeiro piar ás pequenas e medianas explotacións; oia, si, pero tomando a media de España, vamos ver cal é a media da superficie agraria útil das explotacións españolas e, a partir de aí, máis cartos para as que teñan superficie inferior á media, que son todas as galegas, porque estamos moi por debaixo — como lles dixen antes — en superficie agraria útil, tanto a nivel global como tamén a nivel de cada unha das explotacións.

Polo tanto, si que me parece unha parte importante da miña intervención. Repito, penso que aquí debemos adoptar unha postura común, non sei agora mesmo tamén como o poderíamos articular, pero penso que sería bo levar un posicionamento común deste Parlamento se estamos todos de acordo. Repito, nós aquí asumimos a necesidade de traballar coa cornixa cantábrica porque podemos facer máis forza. Poderíalle dicir que algún efecto está causando no ministerio, así nos chegou e algunhas das liñas que eles dicían que non se podían mover estanse movendo grazas a que viron ese posicionamento de comunidades autónomas, que ademais non están gobernadas polo mesmo partido político; e tamén temos o apoio das organizacións agrarias, ás que eu de novo lles agradezo moito ese apoio. Se temos tamén o posicionamento deste Parlamento ou dos grupos que están neste Parlamento, pois penso que podemos ir moito máis alá.

Polo tanto — e pecho xa este turno de réplica —, penso que esta comparecencia está sendo moi proveitosa en canto a falar destas liñas principais. Non estamos perdendo enerxía, estámonos centrando claramente no importante; e, polo tanto, eu vou escoitar — dígollo de certo — con moita atención as próximas intervencións buscando nelas ese lugar común no que compartamos unha visión do rural na que estou seguro que podemos traballar todos xuntos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Aplausos.)

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario Socialista, Señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

É de agradecer sempre o ton. E tómeno como chascarrillo, pero sempre lle digo á Dirección do meu grupo que ten que buscar un aplaudidor como o señor Daniel Vega, que necesitamos un aplaudidor con ese nivel de intensidade do aplauso que ten o noso compañeiro deputado. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, varias cuestións que me deixou encima da mesa. Unha en relación co que é a Lei de recuperación de terra agraria e todo o que estamos discutindo, que certamente está sendo moi enriquecedor. Pero o que dicía con respecto á investigación, nós seguimos na mesma liña, nós non temos prefixado ningún tipo de cuestión con respecto a este artigo, pero si evidentemente o que buscamos son garantías xurídicas que nos fagan asegurar que esta norma non poida ter logo problemas legais. E certamente por iso no seu momento presentamos unha emenda na liña de que nós, evidentemente, estamos a favor de que se mobilice terra, pero do que temos certas dúbidas é sobre se se pode chegar tan aló como pretende o Grupo Parlamentario Popular ou hai que quedar, como outras comunidades autónomas, nun paso previo. Eu creo que este é un tema esencial e tamén outras cuestións que plantexamos, á parte do control e doutro tipo de cuestións.

E logo si que me chama a atención unha cuestión. Podemos estar de acordo en que se poden utilizar ou non os fondos europeos para este tipo de actuacións, que pode ser moi positivo e non temos nada en contra e, evidentemente, parécenos positiva a proposta, pero estráñanos que cando fala sempre de mobilizar terra agraria fala só desa posibilidade, e a lei en si ten que mobilizar terreo agrario haxa ou non haxa eses fondos europeos. Refírome, o orzamento propio da Xunta de Galicia e os fondos que xa son adaptables e que veñan da Unión Europea pois deben de ser utilizados para iso. E nós falamos diso, que independentemente chegue unha dose de cartos suficiente como para mobilizar máis terreo por vía dos proxectos Next Generation, pois parécenos positivo. Pero o que nós dicimos é que a lei debe vir acompañada dun orzamento, dun persoal —que iso xa non entra dentro do orzamento— que é esencial para a posta en marcha da lei; que non é só o que ten o Agader, senón tamén o persoal da propia consellería que está no territorio, nas oficinas comarcais agrarias, nos distritos forestais e este tipo de cuestións para que se poida facer ese traballo de campo. E tamén un cronograma, sobre todo, que é o que lle dixemos no seu momento, mentres non teñamos tamén ese mapa e ese catálogo de usos do solo, para ir vendo onde se pode actuar e facelo ademais en coordinación con outras entidades e tamén co mundo municipal, que vai ser esencial para o desenrolo desta lei.

E dicía a señora Candia que o conselleiro viña escoitar, eu máis ben creo que nós viñemos a escoitar. E, refírome, é o conselleiro o que pide unha comparecencia para mostrarnos as súas liñas de actuación e nós vimos escoitalo con moito gusto. E, evidentemente, tomamos nota precisamente para poder facer esa fiscalización dun Goberno que ten que facer o seu traballo. Refírome: cando vostede di que vai defender os intereses de Galicia ante o ministerio para unha PAC que sexa axeitada, non é que o queira facer, é que debe facelo, refírome. Igual que o ministerio no seu momento, o ministro estivo pelexando en Europa para uns fondos axeitados da PAC nun momento complicadísimo co tema do Brexit e ao final conseguiu un acordo razoablemente beneficioso para España, agora tócalles ás comunidades autónomas

pelexar cada unha polos intereses dos seus propios cidadáns e dos seus propios gandeiros. E, polo tanto, non me cabería outra cuestión que que vostede ten que facer ese labor, e o ministerio terá que facer o enxuague de todo iso para intentar atender os intereses de Galicia e tamén outros intereses.

Diciame aí atrás o ministro, un día que estaba falando con el, que en Andalucía algún o consideraba como persoa non grata, e el é andaluz. Polo tanto, refírome a que toda esa presión chega por parte dos diferentes intereses segundo o tipo de explotacións e o tipo de actividades que teñen no seu territorio. E, polo tanto, eu creo que consiste agora por parte do Goberno galego e tamén doutras comunidades que teñen unha idiosincrasia similar levar a cabo toda a presión e ter unha posición común para intentar conseguir todas esas cuestións, que somos conscientes delas, tanto con respecto ao *capping*, que si que é certo que a nós nos beneficiaba que fose máis inferior e que a outros lles interesaba máis superior; ou como vai ser a redistributiva e este tipo de cuestións; como vai ser a aplicación do agricultor xenuíno. Todo este tipo de cuestións que xa lle escoitamos e xa falamos en numerosas ocasións tanto co ministerio como coas entidades agrarias, evidentemente sabe que dende o Partido Socialista de Galicia ten todo o apoio que pode ter para intentar conseguir o acordo mellor dentro desa redistribución que se faga a nivel de todo o Estado.

E logo, con respecto aos fondos Next Generation, non temos nada absolutamente, sabe que nós non temos nada en contra de ningunha especie forestal. É interesante pechar ciclos, Galicia ten un déficit de pechar ciclos, pero tamén é certo que non sabemos como vai ser este proxecto, non sabemos que tipo de especie vai tratar, non sabemos como se vai poñer en funcionamento, non sabemos que intereses hai detrás e non sabemos absolutamente nada. O que si tamén é certo é que hai unha empresa como Ence que está nunha situación complexa e que podería ser tamén unha oportunidade isto dos fondos Next Generation para intentar cerrar ciclos en Galicia, e incluso, ¿por que non?, como o levan pedindo —e pedíao tamén no seu día o señor Feijóo— sacar a produción da ría de Pontevedra. Podería ser unha das cuestións que puidera estar encima da mesa.

Si temos máis reticencias con respecto a ese proxecto de centro de impulso da economía circular con iso de utilizar os puríns para facer biogás, porque son experiencias que fracasaron en boa parte de Europa, que están fracasando en Asturias, e que ademais dá a sensación cando falamos de economía circular que neste caso parece que é circular a merda por Galicia. Refírome: ¿a economía circular é mover o purín e todo o que significa en canto a transportes, consumos, contaminación e estas cousas para xerar biogás e logo volvelo mover para facer fertilizante? Eu creo que debemos darlle unha volta a esta cuestión...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Debe ir terminando, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: ...—si, acabo xa— para ver se é a máis oportuna.

De todas as formas, toda a colaboración deste grupo e terá tamén toda a crítica que nós creamos oportuna, tendo en conta ademais que vostede fai aí tamén unha autocrítica importante en moitas cuestións que nós fixemos, pois dende a formación ata os centros de investigación, de como se atopan certas cuestións que creo que vostede mesmo... pois foi co caso das SOFOR

e das concentracións parcelarias fixo unha autocrítica que é de agradecer, pero que pon en evidencia, evidentemente, que estes 12 anos anteriores de goberno foron bastante malos para o rural.

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Seco.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a quenda de réplica, polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: ...que non me explicara ben. O que lle dicía da muxidura —da mungidora, como se diría na miña terra— é o mesmo que está a acontecer agora. Daquela Portodemouros estaba, e segue estando, a escasos 20 quilómetros, a 15 en liña recta, e a luz que tiñamos era un verme; e agora con tanto eólico, tanta produción eléctrica, seguimos tendo as nosas industrias coa luz máis cara do Estado. E síntoo moito, pero segue sendo un tratamento colonial e era ao que me quería referir con ese exemplo.

Señor conselleiro, o seu discurso ten moitas carencias da situación actual. E voulle dicir algunhas cousas, voulle preguntar se van sacar as axudas a novas incorporacións e aos plans de mellora, ¿ou ese diñeiro vai ser utilizado para outra cousa? A estratexia láctea de apoio ás transformacións ¿vai seguir dando millóns en subvencións ao leite en po? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, ou a industrias, Oviganic levou 3 millóns de euros e procesa, a totalidade do leite que procesa é leite de cabra e ovella que vén da comunidade de Castela-León, e transforman leite en po e en manteiga. Isto é a realidade das axudas e eu non quixera que nun futuro esa fose a idea do valor engadido.

¿Cando van apoiar en serio a gandaría extensiva, pagando en tempo e en forma os danos que fai o lobo? Xa sei que é de medio ambiente, pero ten que ver co noso. O mesmo acontece co porco bravo, está facendo estragos xa; nestes momentos, os cultivos que están nacente estaos fozando e está desfazendo todo. É así.

O do asesoramento, as oficinas agrarias comarcais: ¿van para diante ou non van? ¿Van participar na Lei de recuperación ou non van? ¿Van ser dotadas ou non van ser dotadas?

Nada nos dixo das eleccións agrarias pendentes desde case principios deste século, pendentes e ademais que hai unha vulneración flagrante da legalidade no Consello Agrario, na formación do Consello Agrario.

Por certo, nesta lexislatura van acabar, polo menos, a metade das concentracións parcelarias que están... Xa sei que teñen dificultades, porque o proceso é tan garantista que é engorroso e hai que reformalo dunha vez, hai que facelo áxil, porque é que, se non, o que non pode ser é que á velocidade coa que camiña a sociedade e as transformacións na cuestión agraria neste tempo de agora non é o tempo de hai 40 anos. Hai 40 anos si porque 20 anos eran todo un mundo. Hoxe un ano é un mundo evolutivo, é unha evolución bestial.

A ver, señor conselleiro e, sobre todo, señora Candia, a fábrica de fibras ten un custo medioambiental moi alto, moi alto. E sobre todo coas substancias químicas que se utilizan, non é só a auga, as substancias químicas que se utilizan e que son tela marinera. Canto máis longa é a fibra, máis substancias químicas para cortala. E, ben, ¿cantas celulosas máis? Vólle colocar a pregunta. ¿E vanse finalizar aquí os procesos? Eu dubído.

Nada nos dixo da investigación, nada nos dixo dos progresos no desmantelamento do sistema público de investigación agraria. Na RPT da Agacal suprimen postos para persoal investigador, só no CIAM restan 4 investigadores, 7 postos de persoal de campo e un de apoio ao funcionario. Un aforro evidentemente de 400.000 euros, que van utilizar en crear postos de xestión nos servizos centrais da Agacal, deixando a investigación ao pairo. Total, non ten importancia, 11 investigadores están nun limbo administrativo e así seguimos. Claro que disque a recuperación da investigación deberá ser o alicerce do impulso transformador da recuperación económica... Palabras, parola, parola, parola, e así debería ser, pero leva camiño de non selo en Galicia.

A estratexia do sector lácteo, incremento da base territorial, claro. Leite de Pastoreo, claro. Dígame vostede ¿como se sacan a pastorear 150 vacas nunha explotación intensiva? ¿Quen ten superficie dabondo simplemente para que acaneen o rabo todas a un mesmo tempo?

Claro, este é o gran problema, o gran problema é que estamos agora, como din os portugueses, *nun beco sen saída*, é dicir, estamos nunha rúa que non ten saída, hai que recuar, ou dotar de base territorial en serio e procurar que as políticas futuras non primen as macrograxas, non primen as macroexplotacións e si primen as explotacións xenuínas dos galegos e das galegas que son as...

Transformación, participación gandeira, valor engadido. Totalmente de acordo, pero póñanse de acordo, seguimos producindo o 60 % do leite líquido e algo haberá que facer.

Carne. ¿Cando os matadoiros comarcais? ¿Cando os centros comarcais de apoio a esa artesanía, a ese despezamento de pezas de carne de todo tipo, artesás? ¿Cando para a fabricación de? ¿Cando con máquinas de —ía dicir de frío—, con máquinas de vacío homologadas? ¿Cando? ¿Cando esa proliferación no rural de vida, de vida transformadora?

O problema dos alugueiros. Hai que ter en conta iso, os alugueiros de terras. Na actualidade, nestes momentos hai empresas de horta integrada e de horta ecolóxica que teñen terra alugada e non figura en ningún contrato. ¿Por que? Porque eses alugueiros, ese diñeiro, se figura nalgún contrato, prima sobre aquela xente que cobra 600 euros da agraria e que non pode exporse a que lle detraian máis diñeiro.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que ir terminando, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Por último... E non é xusto que haxa tan pouco tempo para tanta cousa, ¿non?

Por último, os Next Generation, señor conselleiro, teñen que ser chuvia fina. Póñolle un exemplo. O problema dos puríns, do exceso de puríns nalgunhas zonas non se trata con biodixestión, trátase

con redimensionar as fosas de puríns. É dicir, vostede sabe que a maior parte dos gandeiros, e os gandeiros de intensivo necesitan tirar o purín nalgún sitio porque teñen as terras ocupadas e non é posible co millo deste alto botar o purín ou coa herba deste alto. E, por tanto, necesitan lugar para almacenamento. Non teríamos problema co Real decreto dos xurros co que nos ameaza...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: ...o Goberno central, xa nos ameazou Tejerina, jeh! E era ministra de vostedes, daquela vostedes non dicían nada. Non é posible desa maneira.

Os fondos Next Generation teñen que vir de abaixo para arriba, xa llelo dixemos varias veces, teñen que ser como a chuvia fina que penetra suavemente e produce riqueza.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Rivas.

(Pausa.) Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a quenda de réplica, polo Partido Popular, ten a palabra a señora Candia López.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta e boa tarde outra vez.

Señor Seco, a mellor maneira de estimular os aplausos é con bos argumentos. De todas as maneiras, gústame que bote de menos o señor Dani Vega, recordareillo nas comisións. Gústame sen dúbida rematar a tarde... *(Risos.) (Aplausos.)* ...rematar a tarde... Os compañeiros da comisión saben a que me refiro. Pero gústame máis este ton, creo que máis que nunca os cidadáns e, dende logo, o noso agro nos reclama esa política útil que se escoitou esta tarde e síntome moi afortunada de formar parte desta.

O señor Rivas fíxolle moitas preguntas, señor conselleiro, pero non lle contestou ás poucas que lle fixo vostede. Iso que lle insistiu en que viña escoitar.

Eu poño en valor o de vir escoitar porque certamente asistín a moitas reunións onde os voceiros dos grupos políticos podían falar sobre unha mesa e facer aportacións en positivo porque, insistimos, poñemos na axenda do consenso e na axenda do diálogo o noso sector primario.

Creo que quedou perfectamente claro e identificado cales son os problemas, cales son as áreas onde se pode traballar. Agradezo ese apoio explícito do Partido Socialista, eu mesma llo demandei como tamén o conselleiro en repetidas ocasións, e hoxe tivo aquí ademais ocasión de facelo explícito, e creo que esa sen dúbida é a maneira. Creo que ademais os cidadáns neste momento, créame de verdade que non nos perdoarían outro enfoque ou outra actitude, nun momento tan importante.

E, ademais, se temos unha consellería, se temos un Goberno galego que leva demostrado —permítame que insista porque me parece importantísimo— chegar a acordos con comu-

nidades autónomas de distinta cor política, chegar a acordos onte mesmo, e dicíallo o conselleiro, nun proxecto interesantísimo en Verín, o proxecto Interlumes, que incluso non só poñía varias institucións sobre a mesa asinando, senón incluso chegando ao país veciño de Portugal. Porque todos sabemos, e os compañeiros de Ourense sábeno ben, que os lumes non entenden de fronteiras nin de nacionalidades.

Eu sei que en breve, señor conselleiro, vai estar na miña provincia, esta vez no Valadouro, entregando os títulos de concentración parcelaria. Insisto e reclamo nese instrumento tan importante para ampliar as bases territoriais e que siga con ese plan articulado, con cinco eixos perfectamente definidos que vostede explicou hoxe aquí: a promoción, a comercialización, a internacionalización dos nosos produtos, apostar pola sostenibilidade económica dese sector agrogandeiro e forestal.

Señor Rivas, queremos unha Galicia ordenada, onde collan os nosos agricultores, onde collan os nosos gandeiros, e dígollo alto e claro porque veño da Mariña, onde colla o noso sector forestal. De maneira ordenada ten que coller todo. Crean moitos postos de traballo e non debemos criminalizar, por suposto, un sector importantísimo que tamén foi esencial durante toda esta pandemia e seguiu traballando.

Non nos esquezamos, o noso reto é fixar poboación no medio rural, niso coincidimos todos e énchesenos a boca. Pero a mellor maneira de fixar poboación é sen dúbida que haxa oportunidades laborais. O territorio rural é resiliente, demostrouno ao longo da historia e vaino demostrar agora adaptándose a esta europeización.

A formación permitíranos ser competitivos e, sobre todo, ese reto, señor conselleiro, que tamén sei que está na súa axenda, que é esa simplificación e flexibilización administrativa.

O rural necesita grandes consensos e, probablemente, poucas veces tivo a ocasión de ter enriba da mesa instrumentos tan válidos, tan necesarios e tan valentes. Creo que temos que seguir traballando, mañá mesmo temos unha nova reunión da ponencia, e agardamos que o vindeiro mes poidamos chegar polo menos a non ter votos en contra, eu creo que sería dende logo o mellor exemplo de política útil que se nos demanda nun momento económico tan complicado. Por esforzos e, dende logo, por traballo na parte que me representa, xunto co resto de señorías do meu grupo, estamos á disposición. E, por suposto, remato como empecei, agradecendo todo o traballo da consellería, grandes profesionais que, apartando calquera tipo de ideoloxía, cun ben común, que traballando polos nosos gandeiros e polos nosos agricultores están demostrando unhas xornadas absolutamente maratonianas e, dende logo, unha capacidade de diálogo e de consenso da que, na parte que me toca, me sinto profundamente orgullosa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Candia.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a quenda de dúplica, ten a palabra o señor conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señora presidenta.

Prego por anticipado desculpas se me estendo un pouquiño máis do que pensaba, pero como me fixo moitas preguntas ao final o señor Rivas non me gustaría nesta comparecencia dende logo non contestar.

Comezando polas axudas de incorporación, si van saír as axudas de incorporación, por suposto, está a orde próxima a publicarse. Nas ordes de mellora téñolle que dicir que nestes momentos estamos aínda rematando coas peticións do ano pasado, que se ampliou o prazo por mor da Covid e ademais vaise dotar orzamentariamente para que ningunha petición quede fóra da orde. Estamos falando da orde de 700 proxectos de mellora de explotacións que imos atender.

Falou tamén desas axudas que son para industrias agroalimentarias, e é certo que aí Oviganic ten unha axuda e tamén lle teño que dicir que Oviganic comprometeu e vai firmar un convenio coa Consellería de Medio Rural para que todo o leite que haxa en Galicia de ovella e de cabra a compra cun prezo que defende perfectamente o sector. O problema é que non temos esa ganaría aquí, pero podemos traballar cunha empresa destas características que ten unha capacidade de comercialización brutal no mercado asiático e ademais de moito valor engadido, para poder fomentar un sector que para nós é moi importante e que, dende logo, imos apoiar.

Pero é que ademais Oviganic xa puxo de manifesto o seu compromiso co sector gandeiro galego, porque acaba de firmar con Leite Noso ese acordo no que Leite Noso, non podo dicir a porcentaxe, pero colle unha porcentaxe de participación na queixaría. Polo tanto, é algo que nós defendemos.

Nós dicimos que os gandeiros poden perfectamente facer o leite e mais participar nos negocios de transformación, e así o imos asumir, e no próximo período da PAC, no FEADER unha das liñas será que nós apoiaremos o investimento en capital na industria de transformación dos nosos gandeiros, ben sexa a través de asociacións ou a través de cooperativas. Polo tanto, penso que estamos nunha liña importante.

En canto ás organizacións agrarias, eu tamén, estamos falando con todo o Parlamento de Galicia, pero recordarlle ou remitirlle á miña intervención na comparecencia de orzamentos deste ano, nos que claramente están orzados cartos para as oficinas agrarias comarcais. Pero é que tomei eu a decisión tamén de non vir falar de cousas de que non estean feitas ou a punto de facerse. Proximamente verá como empezamos os investimentos nas oficinas agrarias comarcais.

Este tema das eleccións agrarias pendentes é unha cuestión histórica, non hai dúbida de que teremos que abordar nalgún momento. Penso que as concentracións parcelarias xa lle contestei antes.

Substancias químicas na produción de fibra. Vamos ver, eu dixen as mellores prácticas no que se refire á madeira que ten que proceder, ten que ser sostible e, polo tanto, certificada e con biodiversidade e tamén nos procedementos. E aclárolle que non só é menor consumo de auga, senón que os procesos teñen que ser en circuíto cerrado precisamente por iso que estamos a falar. Non pode haber fibra do carácter do lyocell ou do modal que non sexa sostible, porque, se non, non a pagan ao que a están pagando. E dígolle que ademais é cara no mercado mundial.

No que se refire aos centros de investigación, eu xa asumín antes que non me gusta como están e remítolle tamén ao orzamento deste ano.

Cando fala de leite de pastoreo e de 150 vacas, pois vote a favor da Lei de recuperación, porque a Lei de recuperación leva a ordenación de usos e leva as permutas de especial interese agrario para sacar os enclavados, entre outros, de plantacións forestais cerca das instalacións gandeiras, precisamente para darlles esa base territorial arredor das instalacións. Claro que teñen que saír e facer pastoreo. E, por certo, vano ver, está moi falado co sector, o mecanismo que está desenvolvendo a Xunta de Galicia é espectacular en canto ao leite de pastoreo e ao control dese pastoreo, que saben que nos interesa moito, porque ademais lle dá moito valor ao noso leite.

Falaba tamén da carne, para cando os matadoiros comarcais. Tamén, non me gustaba e tiñamos moitas cousas que falar, está xa orzado e están en desenvolvemento neste momento os traballos do matadoiro móbil, imos ter matadoiro móbil neste 2021 e imos ser a primeira comunidade autónoma de España.

Repito, gústame traer cousas a este Parlamento por respecto a todos vostedes cando, efectivamente, xa se está desenvolvendo, para que non se critique que anunciamos cousas que despois tardan moito, que moitas veces ao que máis lle doe precisamente esa tardanza é a min. Pero no caso do matadoiro móbil xa está nos orzamentos deste ano e as noticias que teño, que aínda o preguntei agora, é que imos telo neste ano operativo.

Cando fala das explotacións xenuínas galegas, non hai ningunha dúbida, señor Rivas. Nós estamos a favor das pequenas e medianas explotacións, sen ningunha dúbida, porque son as nosas e porque é o que nos interesa, seguir apoiándoas. Agora poderíamos falar, e aquí seguro que hai opinións diverxentes porque todos sabemos un pouco do tema, que son macrogranxas. Galicia ten nestes momentos de media de vacas en muxidura —remítoo aos datos da Estratexia do sector lácteo— 42 vacas. Claro, seguramente para vostede sexan moitas, pero para o que é a rendibilidade do sector probablemente teña que crecer un pouco máis. É o procedemento que se está producindo e que se critica; e eu acepto as críticas de que desaparece o sector gandeiro e non sei que..., pero o que se está producindo é precisamente esa concentración natural que vai levar a que subiremos seguramente o número de vacas medias, pero aquí en ningún caso haberá macrogranxas. Interésanos moito que haxa ese grupo —se son 7.000 practicamente—, interésanos moito que haxa ese grupo de familias galegas que teñen uns ingresos moi importantes do leite e ademais dun xeito totalmente profesional. E eu, mais que lle doia a calquera, dígolle sempre o mesmo: son empresarios e agora ímoslles dar esa formación. E imos traballar coa aplicación informática de custos de

produción precisamente para que teñan unha ferramenta para defenderse fronte á industria na negociación.

Temos encargado un ditame que garanta que esa ferramenta, se se meten ben os datos, acredita o custo de produción para que poidan defendelo fronte aos contratos. O que lle pedimos ao Goberno central —xa llo pedimos— é que agora regule ben na Lei da cadea alimentaria que precisamente, se se acreditan os custos de produción cunha ferramenta que está validada pola Administración autonómica, que iso se vai poder respectar na negociación. Porque entón teríamos moito andado no que se refire a acadar ese obxectivo que todos, estou seguro, desexamos, que é que ningún produtor cobre por debaixo do custo de produción. E eu sempre engado: custo de produción máis marxe de beneficio, porque non hai ningún empresario que traballe solo polo custo, polo tanto ten que ter tamén esa marxe de beneficio.

Señor Seco, igual non me expliquei eu, seguro, pero cando falei dos fondos Next Generation falei de tratar isto como un proxecto singular, encapsular esas 18.000 hectáreas e 200 aldeas modelo, e poñer enriba da mesa que, se conseguimos investimento privado, que veñan eses fondos Next Generation especificamente para este proxecto. Pero tamén lle digo, e vaise ver na Comisión de Seguimento do FEADER, que xa estamos tamén articulando o FEADER para dotar orzameiyo7iyo7iyo7ntariamente a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Totalmente a favor nos termos que pacten co Grupo Parlamentario Popular de calquera emenda que garanta o funcionamento e o desenvolvemento da lei. E totalmente a favor de render contas dese funcionamento da lei. Porque ademais iso si é unha boa postura da oposición. Entenden que é unha lei boa para o rural galego, aproban esa lei, non digo que voten a favor, fagan o que vostedes consideren, pero dixeramos que traballamos para melloralala e, a partir de aí, se non se pon en funcionamento quen ten que facer crítica é o máis interesado en que se poña en funcionamento, que neste caso son eu.

Entendo tamén o que dixo vostede do ministro, el fala sempre dun sudoku. É certo, ten que poñer de acordo moitos intereses que están contrapostos, pero aquí, señor Seco, señor Rivas, eu mesmo, aquí defendemos os galegos. Podémonos asociar cos da cornixa cantábrica, porque teñen agricultura e gandaría parecida á nosa, pero imos todos da man. E eu, como digo, vou tratar de que teñamos esa comparecencia se é posible precisamente para reforzar; se non, buscaremos algún xeito de conseguir ese apoio para poder ir negociar.

Simplemente unha mención respecto, señorías, do Centro de Impulso da Economía Circular, porque o Centro de Impulso da Economía Circular pretende —e é unha cuestión máis de Medio Ambiente, da Consellería de Medio Ambiente, pero tamén do conxunto do traballo—, pretende dar un tratamento integral aos residuos. E esa, señor Seco, é unha das primeiras cuestións que probablemente levaron ao fracaso da xeración de biogás de puríns, que só se contara cos puríns, porque os puríns teñen pouca capacidade enerxética para facer iso. Pero, se estamos pensando dun xeito integral, dixeramos que a materia prima para facer o biogás pode ser unha parte de purín e pode ser outra parte doutros residuos.

E, fíxense, coincidimos totalmente en dúas cousas que dixeran vostedes. Eu voulle dar o posicionamento da Consellería do Medio Rural en relación coa posibilidade de que se faga biogás cos puríns. Dous requisitos imprescindibles.

Garantir a sostibilidade económica das nosas explotacións, é dicir, isto de que se lles pode cobrar polos puríns cando é ouro para os gandeiros e que van aínda por encima arruinalos, nin de broma, nós non imos admitir ningún canon ou ningunha cuestión que poña en perigo a sostibilidade económica dos gandeiros. Se aquí hai un problema medioambiental, teremos que abordalo, a súa remuneración, doutro xeito, pero non pagando os nosos gandeiros.

E sempre que se utilice o purín que sobra, e aí vén o que dixo o señor Rivas, que é certo que hai momentos do ano no que non temos fosas suficientes en Galicia para todo o purín que se xera. Por iso tamén, contestando á súa crítica, señor Seco, que tamén a comparto, de que non se pode andar transportando purín por toda Galicia, o proxecto plantexa instalacións de almacenamento repartidas polo territorio. Non lle podo neste momento precisar o número porque estamos traballando. Pero ademais fai outra cousa nesas instalacións de almacenamento, fai a separación líquido-sólido e, polo tanto, as plantas, que non sería só unha, senón que tamén buscaríamos precisamente para evitar ese transporte máis dunha, iría xa a parte sólida, que, como saben, é unha parte moi pequena dos puríns.

E ao mesmo tempo estamos traballando pola viabilidade técnica, e eu penso que isto sería decisivo, de que esas instalacións de almacenamento nos permitan en momentos do ano que o requiren os gandeiros dispor dese purín para os gandeiros. Porque, se lle quitamos algo de líquido, a súa aplicación no territorio é moito menos contaminante e, polo tanto, estaríamos xa falando dun mecanismo que podería solventar moitos problemas medioambientais dos puríns, que como saben é unha preocupación evidente. Falaba o señor Rivas do Decreto dos puríns, que se lle chama así, e tamén das cuestións que a todos nos afectan.

Polo tanto, nós aí estamos traballando penso que con bastante criterio e quero trasladar unha mensaxe de tranquilidade ao sector, no sentido de que, dende logo, non imos en ningún caso permitir que isto supoña unha repercusión económica para os nosos gandeiros, e tampouco imos permitir que se tire de purín ou de xurros que fan falta para o abonado das súas fincas. Porque ademais, se estamos apostando pola recuperación da terra agraria de Galicia, tamén estamos apostando por unha maior necesidade dese purín.

Vou rematando xa, pero gustaríame referirme a un tema simplemente para que crean un pouquiño no traballo que estamos a facer, que son as aldeas modelo, que xa sei que se falou moito de escaparate e de diferentes cuestións respecto delas, darlle os datos do que temos a día de hoxe e tamén propoñerlle na Comisión 7.^a, en canto nolo permita a Covid-19, que se poida facer unha visita a unha delas. En concreto a unha que ten unha explotación de porco celta en extensivo e en ecolóxico, que xa está funcionando e ademais xa ten unha marca comercial na que está vendendo os seus embutidos.

Este concepto, que foi a primeira proba da lei que agora temos bastante desenvolvido na Lei de recuperación, teño que dicir que hai algunha emenda que imos mirar con moito interese porque nos deu algunha idea importante, fundamentalmente procedente do PSdeG, a ver como podemos articular aí esa utilización das aldeas modelo como fórmula para que a xente se anime a incorporarse ao rural e lle poidamos dar un certo apoio durante o tempo que estean probando se lle interesa ou non o rural. Pero aquí o que buscamos é recuperar a actividade económica e social dos núcleos, señorías, partindo dunha premisa: que non pode

haber recuperación de ningunha aldea se non se pon a funcionar a terra que está ao seu redor. Ninguén se vai ir vivir a unha aldea que teña toda a terra abandonada ao redor.

Polo tanto, nós dicimos: comeceamos a actuación polos cimentos, ¿e cal é o cemento? Recuperar 30 ou 40 hectáreas ao redor das aldeas. ¿Con que? Con explotación agrogandeira tradicional.

Temos nestes momentos 3, a primeira de Galicia porco celta en ecolóxico e extensivo, e temos outras dúas de vacún de razas autóctonas tamén en extensivo. Polo tanto, aí xa temos garantido que zonas totalmente abandonadas e que estaban cheas de maleza e que podían arder con perigo incluso para as persoas están desenvolvendo esa actividade agrogandeira.

E agora imos afrontar a recuperación tamén das aldeas, da parte urbana. A lei, xa o viron vostedes, leva uns plans de dinamización das aldeas modelo. Tamén por iso pedimos os fondos Next Generation para poder facer eses 200 proxectos de aldeas modelo que conlevarían tamén a recuperación das aldeas, cun criterio por suposto de respecto á arquitectura tradicional, de bioeconomía, de sostibilidade enerxética e de acceso ás redes e todo o que ten que ver coa conectividade. Porque hoxe non se pode contemplar unha aldea que sexa modelo se non ten estas características.

Temos nestes momentos licitados —animo a todos vostedes a que lle propoñan a calquera que queira coller eses proxectos— 11 aldeas modelo, digo 3 están en funcionamento e outras 8 teñen os proxectos de ordenación produtiva publicados no DOG neste mesmo mes. Agora imos abrir a concorrència competitiva. Pero hai outro dato. Falaba tamén, creo que o señor Seco, da necesidade de colaboración municipal. As aldeas modelo tramítanas sempre os concellos. Por certo, temos neste momento máis de 60 solicitudes de concellos de todas as cores políticas, tanto dos que están neste Parlamento como dos de fóra, traballando con todos sen ningún tipo de distinción. A nós con que nos traian o apoio do 70 % dos propietarios que teñen que arrendar para facer as aldeas modelo, nós poñemos en marcha esas aldeas.

Neste momento temos analizadas, dentro desas 60, 25 aldeas modelo, ademais das 11 que xa están en marcha, que van supoñer a posta en valor de máis de 1.000 hectáreas repartidas —tomen o dato porque é importante— en case que 18.000 hectáreas duns 4.500 propietarios. É dicir, un proxecto que xa empeza a coller forma e xa empezamos a falar de tamaño.

Logo teremos que falar tamén de como comercializamos e axudamos a comercializar eses produtos, por certo, dunha calidade extraordinaria.

Pero, miren, mentres estamos decidindo quen vén dentro da concorrència competitiva, estamos metendo rabaños de ovellas e cabras a limpar as aldeas, non deixamos que volva crecer a maleza. Fixemos a primeira limpeza con medios mecánicos e agora temos rabaños de cabras ou ovellas en Boborás, no Penedo, chámase aldea; en Quintela de Leirado, onde, por certo, colleu a aldea e é pastor un rapaz que vén da emigración, un venezolano; en Infesta, en Monterrei, que temos un rabaño de cabras; e vai entrar proximamente en Muimenta, en Carballeda de Avia, na que tamén imos meter 300 cabras dun rapaz que veu precisamente a incorporarse á actividade agraria como consecuencia deste proxecto.

Polo tanto, loitamos contra os incendios forestais, facemos prevención pola vía do que sabemos facer como Partido Popular, de implantar a actividade económica que, neste caso, creo que é a actividade económica que podemos apoiar calquera de nós, porque estamos falando de gandería en extensivo, con razas autóctonas; e tamén lle teño que dicir que, de inicio, nós declaramos todas as aldeas modelo en produción ecolóxica, porque ao estar en abandono dixeramos que xa se admite o requirimento para que poida estar en produción ecolóxica. Logo depende do produtor, pero nós primamos, dende logo, que haxa esa produción ecolóxica para cumprir, por outra banda, o que nos pide a estratexia «da granxa á mesa», que xa saben vostedes que pide que se incremente a superficie agraria dedicada á produción en ecolóxico.

Eu vou rematando esta última intervención como comezaba a primeira. Eu quero, de verdade, agradecer, porque na primeira aínda non sabía o que ía pasar, pero a consideración polo tempo investido hoxe aquí, pola postura dos grupos da oposición e polo proveito e utilidade que tivo polo menos para min.

E quero incidir de novo e de certo na pretensión deste Goberno, da Consellería do Medio Rural de acadar acordos de lexislatura efectivos nas cuestións tan importantes que marcamos aquí, para avanzar nesas liñas de actuación. Eu, como as sei e traballamos nelas, estou seguro de que todos coincidimos na recuperación, na prevención e na calidade. Liñas que van pensadas, como lles expliquei, con visión de conxunto, acollen medidas específicas, ferramentas deseñadas para reverter no rural, un beneficio directo e ademais orzadas. E así, e por rematar, a futura Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, dentro da prevención, todo o que estamos traballando, e o Plan Forestal de Galicia, no que os animo de novo a que poidamos falar e calquera cuestión que poidamos mellorar e facelo. No que se refire á calidade tanto Galicia Calidade Agroalimentaria como a futura Lei de calidade alimentaria de Galicia, eixos todos eles pensados para que Galicia medre dende o interior, para que o rural de hoxe sexa mellor que o rural de onte.

E remato xa, pero reitero que estas liñas que presenteí hoxe, e xa presenteí nalgunha ocasión anterior, son as liñas que nos levarán ao rural do futuro. Para min, para todos ten que ser un rural dinámico, sementeiro de oportunidades para os que xa o habitaban e para os que queiran vivir nel e tamén del. Un rural revitalizado, seguro e de calidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos ao punto 5 da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e D^a María González Albert, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia coa finalidade do recoñecemento do Bierzo como provincia

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular esta proposición non de lei, ten a palabra a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Obrigada, señor presidente.

Moi boa tarde, tarde noite xa, a todas e a todos.

Quixera antes de nada dar a benvida ao Parlamento de Galiza aos representantes de Coalición polo Bierzo, que nos acompañan para asistir ao debate desta PNL, entre os que se atopan o seu secretario xeral, Iván Alonso, e mais o seu presidente, José Álvarez.

Neste ben entrado xa ano 2021 conmemórase o bicentenario da provincia do Bierzo, unha efeméride que coincide no tempo, ademais, coa celebración do trixésimo aniversario da creación e do funcionamento do Consello Comarcal do Bierzo. E precisamente aproveitando esta dupla conmemoración, que o Partido de Coalición polo Bierzo principiou unha campaña, a nosa comarca limítrofe, co fin de tentar vehicular unha realidade social e política, o debate sobre a identidade da comarca do Bierzo e o seu mellor encaixe dentro da estrutura autonómica do Estado español.

Este debate recorrente en terras bercianas está este ano máis vivo que nunca e maniféstase principalmente en tres posíbeis solucións que ademais teñen tido reflexo en distintas administracións e corporacións bercianas. Dunha banda, a posibilidade da creación dunha provincia do Bierzo dentro da propia Comunidade de Castela-León; doutra banda, a creación dunha nova comunidade autónoma de León que incluíse o Bierzo; ou a inclusión dunha nova provincia do Bierzo dentro de Galiza, sendo esta última a que semella ter máis apoios entre a poboación berciana.

Neste contexto, os compañeiros e compañeiras de Coalición polo Bierzo fan a petición ao Bloque Nacionalista Galego de traer aquí este mesmo debate, xa que a ninguén lle escapa —ou a ninguén lle debería escapar— que aquela perdida provincia do Bierzo incluía no seu territorio, dentro do que hoxe pertence á Comunidade Autónoma de Galiza. O obxectivo ¿cal é polo tanto? É que Galiza non fiquen allea ao debate que se está a producir na comarca veciña que nos atinxe directamente; e ademais é que historicamente Galiza nunca ficou allea a este debate.

E hoxe falouse aquí de Castelao —agora non está a señora Candia—, e foron distintos compañeiros de Castelao e outros persoeiros chave deste país —como Bóveda, como Lugo, como Manuel Iglesias, entre outros— os que constituíron no ano 36 a comisión encargada de redactar o Estatuto de autonomía de Galiza na Segunda República, un estatuto que xa seu no título preliminar, no seu artigo 2, rezaba: «poderá agregarse a Galiza calquera territorio limítrofe coas características históricas, culturais, económicas e xeográficas análogas». Polo tanto —repito—, este debate non naceu hoxe e chegou naquel momento un golpe de Estado que trincou absolutamente todo e, entre outras cousas, esta cuestión.

Así logo, presentamos esta iniciativa, que ten por obxectivo abrir un proceso de diálogo que explore as opcións de encaixe territorial do Bierzo, partindo principalmente do seu recoñecemento. E, por poñelo tamén un pouco en contexto, dicir que no ano 1821, aló polo mes de setembro, decidiuse a constitución da provincia do Bierzo; e á falta de definir a súa capitali-

dade, que ficou definida finalmente o 14 de outubro dese mesmo ano como Vilafranca do Bierzo. O 16 de outubro, só dous días despois, publicouse en *La Gaceta* de Madrid co nome de provincia del Bierzo, capital Villafranca. E o 27 de xaneiro de 1822 publícase o Decreto polo que o Bierzo se converte definitivamente en provincia e exerce naquel momento xurisdición sobre os partidos xudiciais de Vilafranca, de Ponferrada, de Toreno e do Barco de Valdeorras.

A supresión da provincia non foi tomada en principio como algo definitivo, senón como un castigo ante a defensa da opción constitucional do Bierzo ao remate daquel trienio liberal. E, de feito, seguíuse citando nos documentos oficiais locais a extinta provincia como se seguisse vixente. En 1834 créanse os partidos xudiciais de Ponferrada e de Vilafranca do Bierzo, pero, desde a desaparición formal desta provincia, houbo ao longo de todos estes 200 anos distintos intentos de recuperar a institución; e finalmente, rematada a ditadura franquista e coa Constitución de 1978, organizáronse distintos movementos políticos e culturais no Bierzo neste sentido. Un punto de inflexión importante veu determinado pola irrupción de Coalición polo Bierzo no Consello Comarcal do Bierzo, logrando ademais varias alcaldías e o Goberno de coalición en Ponferrada, e no ano 2015 no propio Consello Comarcal.

Existen, como digo, numerosos movementos sociais e culturais no Bierzo, entre outros, a Feira do Bierzo, As Médulas; máis recentemente o movemento cidadán A Quinta, que avoga directamente pola creación da provincia berciana e a súa inclusión na comunidade galega. Todos estes e outros movementos sempre loitaron —e isto é unha cousa común a todos eles— polo dereito provincial do pobo berciano, así como polo desenvolvemento da única institución que os representa como tales a día de hoxe, que é o Consello Comarcal do Bierzo, creado pola Comunidade Autónoma de Castela-León en 1991.

Neste contexto, existen a día de hoxe numerosos estudos e enquisas que versan sobre a intención moi favorábel das bercianas e bercianos de recuperar a súa institución provincial. E, por mencionar só o máis recente, en xaneiro do ano pasado un estudo demoscópico revelou que, en caso de ter que escoller unha nova configuración autonómica, os bercianos e as bercianas elixirían como fórmula prioritaria a unión do Bierzo a Galiza, preferibelmente como quinta provincia antes de unirse a unha hipotética nova comunidade autónoma de León.

Nestes últimos anos teñen sido ademais varios os concellos e parroquias bercianas que solicitaron a súa integración en Galiza, como Fonte da Oliva, recentemente, unha parroquia de Balboa. Unha opción ademais vista con simpatía polo propio presidente da Xunta de Galiza, don Alberto Núñez Feixóo, que fixo unhas declaracións públicas en novembro sinalando que non lle parecería mal en absoluto que Fonte da Oliva pertencera a Galiza. Pero non só foi este caso, a Vega de Valcarce, Oenvia, Barxas, Balboa, concellos que en distintos momentos e situacións reclamaron a súa inclusión en territorio galego.

Feito este mapa xeral, no BNG e en Coalición polo Bierzo entendemos que é preciso o diálogo entre as distintas administracións que a día de hoxe teñen responsabilidades sobre o territorio que naquel momento compuña a antiga provincia de Villafranca do Bierzo. E, con todo, fóra dos devires históricos de alteracións nos lindes administrativos da Galiza, o marco legal vixente reconece expresamente a existencia de vínculos entre Galiza e O Bierzo. A Lei de normalización lingüística, por exemplo, establece a necesidade de que o Goberno galego

protexa a lingua falada en territorios limítrofes coa nosa comunidade autónoma. Tamén o Plan xeral de normalización da lingua galega, que define até 12 medidas concretas de colaboración co Bierzo nesta materia. O propio Estatuto de autonomía de Galiza, que no seu artigo 35 habilita a nosa comunidade autónoma para o establecemento de acordos de cooperación e convenios con outras comunidades autónomas. E a propia Constitución española, que no seu artigo 141.1 admite a posibilidade de modificar os límites provinciais se esa variación é aprobada polas Cortes Xerais mediante lei orgánica.

Mais, máis aló de cuestións históricas, estamos a falar sobre todo de vontade cidadá. A realidade determina que as comarcas do Bierzo e de Valdeorras principalmente, mais tamén as zonas limítrofes coa provincia de Lugo, mantemos a día de hoxe unhas interrelacións e problemáticas comúns a moitísimos niveis: a nivel de infraestruturas, a nivel de comunicacións ou incomunicacións, a nivel de invasión eólica, demografía, turismo, camiños de Santiago, lingua, emprego —con especial atención ao mundo da lousa—, sanidade —con intercambio de profesionais—, convenios para probas diagnósticas nunha e noutra comunidade, a atención primaria na comunidade autónoma contigua, etc.; organización territorial, defensa contra os lumes, emerxencias... e podería seguir así. Que moitas veces son resoltas con moita ineficacia —teño que dicilo— por pertenceren como pertencemos a dúas comunidades autónomas diferentes. E un caso claro, un exemplo claro é a coordinación ou descoordinación en materia de lumes a pesar de que existe un convenio que a regula.

Por todo isto, esta proposición non de lei que se presenta ten catro puntos de acordo:

O primeiro deles consiste en recoñecer o dereito do Bierzo a se poderen converter nunha provincia na que os bercianos e bercianas decidan o seu encaixe territorial a través dunha consulta popular, opción que, como sinalei, recoñece ademais a lexislación vixente no Estado.

Un segundo punto, que vai no sentido de que Galiza non peche as portas no caso de que a vontade libre das xentes do Bierzo sexa incorporarse á nosa comunidade autónoma. E neste sentido o que se pide é que o Goberno galego adopte as medidas legais precisas, sempre de acordo coa Junta de Castilla y León e nas canles regradas establecidas no Congreso dos Deputados co fin de verificar no plano institucional esa aspiración.

En terceiro lugar, en calquera caso pretendemos que se abra un diálogo coa Junta de Castilla y León e o Consello Comarcal do Bierzo co fin de establecer pautas de colaboración institucional en ámbitos diversos —como dixen antes: económico, social, lingüístico, sanitario, educativo— mais non só, e de interese recíproco. Como apuntei antes, xa existen a día de hoxe varios convenios entre as comunidades neste sentido, así como un protocolo de colaboración que leva moitos anos funcionando, polo que só se trataría de continuar e profundar nesta senda. Ademais demándase que se formalice un foro estábel e permanente de coordinación e diálogo sobre asuntos que atinxan ao Bierzo, Valdeorras e a franxa oriental de Lugo ao amparo do artigo 35 do noso Estatuto de autonomía. E neste sentido nós entendemos que a realidade social e a realidade económica destas zonas raianas entre comunidades non está a ser en absoluto ben cuberta cos acordos a día de hoxe vixentes. E, de feito, este ano Covid que levamos deu mostra de até que punto hai moito que mellorar e avanzar neste camiño, porque a día de hoxe —13 de abril de 2021— aínda estamos illados, Valdeorras e o Bierzo, unha comarca da outra.

En cuarto lugar, colaborar coa Junta de Castilla y León e o Consello Comarcal nos actos de celebración deste segundo centenario da creación da provincia do Bierzo, ou a provincia de Vilafranca do Bierzo. En resumo, recoñecer que o Bierzo existe e quere que o que ten que dicir se escoite tamén en Galiza, que se escoite tamén no noso país.

Como dixen antes, o protocolo de colaboración actual contempla cuestións varias, como as demográficas, o Camiño de Santiago, as emerxencias, a lingua, a sanidade; e, polo tanto, os gobernos das dúas comunidades recoñecen e coñecen esta realidade, polo cal entendemos que esta iniciativa ten todo o sentido do mundo neste Parlamento.

É unha iniciativa que —remato xa— pretende buscar e atopar o consenso nesta Cámara, e entendemos que este ano polas onomásticas que se conmemoran é o acaído para que o Parlamento de Galiza se abra a iniciar vías neste sentido e por iso transmitimos esta demanda de coalición polo Bierzo.

Polo de agora, máis nada. E moito obrigada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías do BNG, a súa PNL propón recoñecer o dereito do Bierzo a se poder converter nunha provincia. Permítanme que lles diga de raíz que parece francamente raro que o Parlamento de Galicia se posicione sobre un territorio que está fóra de Galicia, por moitos vínculos sentimentais, lingüísticos, xeográficos ou de calquera tipo que poidan existir. *(Aplausos.)* E vaia por diante que eu lle teño especial cariño ao Bierzo, que é un lugar, na miña opinión, francamente estimulante e edificante. Pero tan rara é a súa proposta que, se emprendemos ese camiño, poderíamos rematar pedindo desde Galiza que se recoñeza o dereito a decidir de Cornualles, Gales ou Bretaña, que hai quen pensa que manteñen vínculos históricos ou case diríamos que prehistóricos con Galicia. E a verdade é que eu mesmo desfruto moito pensando que son medio celta ou incluso tres cuartos de celta, pero parece —digo— moi raro e, como parece moi raro, penso se non será que sen dicilo queren vostedes sentar un precedente para recoñecer ese perigoso e nocivo invento chamado dereito a decidir, que non existe nin debería —na miña opinión— chegar a existir nunca, porque sería fonte de conflito eterno. Conflito eterno. E xustamente a mellor política busca evitar o conflito e xustamente o que menos necesita o mundo son máis conflitos que os que xa ten, que son bastantes.

Porque de xeito simplificado teño que dicir que en política se pode estar para tender pontes ou para dinamitalas. Dito doutra forma, pódese estar en política para sumar ou para restar e dividir, consciente ou inconscientemente, porque moitas das desfeitas que ocorren no mundo teñen máis que ver coa ignorancia que coa maldade. E os grandes políticos foron capaces de sumar, incluso de multiplicar, pero sempre foron capaces de tender pontes entre o

pasado e o presente, entre o presente e o futuro, entre a paisaxe e a paisanaxe, entre xentes que pensaban diferente, que naceran en sitios distintos ou que tiñan distintas cores da pel.

E haberá incluso quen pense que unha forma de tender pontes é tenderllas ao Bierzo desde Galicia, claro que si, de xeito que unha eventual provincia do Bierzo puidese sumarse a Galicia como quinta provincia, pero o problema é que, para sumar territorio a Galicia, habería que quitarllo a León, e o problema é que os enfrontamentos políticos que poden ir asociados a unha decisión dese tipo e calado poderían xerar todo tipo de conflitos, disputas, inestabilidades, desorde, caos (*Murmurios.*) Tampouco me quero poñer tremendo, pero en fin..., miren vostedes a historia, porque, en fin (*Aplausos.*), na historia hai multitude de exemplos, multitude de exemplos. E digo desorde, caos, sinaladamente, se teño que dicirlles a verdade, especialmente dentro do Bierzo, porque segundo unha enquisa do ano pasado, que parece que citou a súa representante anteriormente, nunha enquisa..., en fin pode haber moitas enquisas, pero, bueno, hai unha e dicía que a maioría da poboación do Bierzo sería partidaria de ser unha provincia, pero parte desa maioría preferiría que esa provincia estivese dentro de Galicia, outra parte, que estivese dentro de Castela e León, e outra parte defende que sexa unha provincia dun futuro hipotético tamén León independente.

¡Menudo lío! É dicir, menudo lío cando resulta que, entre os bercianos que prefiren que o Bierzo sexa unha provincia, hai tres visións diferentes e mutuamente excluíntes, porque son mutuamente excluíntes, chocan entre elas. Sen contar os que non queren a provincia, que supoño que tamén chocarán cos outros grupos.

Se os señores e señoras do PP din que non podemos falar de corrupción, estaría mal —mentres esteamos na pandemia, claro como din— que eu aplicase o mesmo argumento; pero é que non é o mesmo falar de corrupción que debater dunha hipotética quinta provincia de Galicia coa que está caendo. E a que está caendo é unha crise sanitaria e económica sen precedentes, e a maior caída da economía desde a Guerra Civil, unha caída do PIB o ano pasado do 11 % que supera a que se acumulou durante toda a gran recesión en España entre os anos 2008 e 2013. Durante un só ano máis que en toda a gran recesión en cinco anos.

E logo poderíamos, ¡claro que si!, falar de historia, pero a historia está para aprender non para fabular, e a provincia do Bierzo existiu no trienio liberal, é dicir, hai 200 anos. E está ben, se nos poñemos tremendos, poderán vostedes dicirme que na época de Caracalla, a provincia romana de Gallaecia ocupaba o actual León, e tamén Asturias e tamén o norte de Portugal. Ou podemos falar do reino suevo, que a min é unha cousa que me resulta fascinante. Ou de Xelmírez, que, tratando de crear un reino galego, acabou creando un reino portugués, porque as aventuras históricas sábese como comezan pero dificilmente como rematan, o cal aconsella cingirse a aquel estupendo principio en forma de frase atribuída a Eugenio D'Ors, aquilo que dicía que «*los experimentos, con gaseosa*».

Trasladado ao presente, os experimentos pódense facer con moitas cousas, pero desde logo non coas fronteiras, porque no momento no que comezamos a xogar cos fronteiras e as bandeiras sempre hai mortos, e non poucos mortos, (*Murmurios.*) porque a historia da conformación das fronteiras de Europa, e non me quero poñer tremendo, eh, pero é unha reflexión que deixo aí ao chou (*Aplausos.*), a historia da conformación das fronteiras de Europa é unha historia feita con

sangue, señores do BNG, sinto dicírllelo, pero isto é así, analicen a historia, as fronteiras están feitas con sangue, e as bandeiras en excesivas ocasións levan ao derramamento de sangue.

E falan vostedes de recoñecer o dereito do Bierzo a se poder converter nunha provincia. Lémbranos en exceso ao dereito a decidir, e o dereito a decidir é un concepto enganoso e reaccionario. O hipotético dereito a decidir é un concepto enganoso e reaccionario porque o problema de Cataluña, por poñer o exemplo principal neste país, como podería ser o de Euskadi ou outros, non é que teñan pouco autogoberno, senón que co autogoberno que teñen, que é máis que o que teñan as partes da maioría dos estados federais, están incorrendo desde hai unha década no disparate e no máis absoluto delirio, entre outros motivos porque os converxentes cataláns quixeron facer unha fuxida cara a adiante da súa corrupción no seu momento embarcándose na aventura da independencia e da confrontación co Estado cos resultados que todos sabemos, e que non son bos; igual vostedes pensan que son bos, pero non son bos. Porque para xentes como o señor Puigdemont a patria parece que comeza no seu bolsillo, e o problema do hipotético recoñecemento dun hipotético dereito a decidir é que significa abrir a porta a todo tipo de disparates.

Por non falar xa de consideracións xurídicas, non me quero poñer xurídico, pero saben vostedes o que implica alterar os límites provinciais en España, non teño nin que explicárllelo, ¿verdade? Abrir a porta, ese dereito a decidir a que, seguindo co exemplo catalán, os descontentos cunha hipotética nación catalá e independente reivindicasen o seu dereito a crear a comunidade autónoma de Tabarnia, que estaría unida a España e separada desa Cataluña independente. Ou que dunha hipotética nación galega independente se segregasen as repúblicas independentes da Coruña e de Vigo, que son máis ricas que o resto de Galicia e poderían dicir que non están interesadas en ter vinculación co resto de Galicia máis pobre. Non se lles ocorre pensar iso, iso é imposible... claro. Bueno, a vostede parécelles imposible, a min paréceme perfectamente posible.

Ou a república independente de Avión, que podería querer asociarse con México, ou a república independente de Salvaterra do Miño, que podería querer asociarse co norte de Portugal, tendo en conta que, como sabemos, o norte de Portugal ultimamente dámos sopas con onda.

Porque, por outra banda, como dixo o Tribunal Supremo, reflexionou o Tribunal Supremo canadense no seu momento, se ás partes de Canadá —falando dun exemplo paradigmático do suposto dereito a decidir— se lles recoñece o dereito a separarse do conxunto, ás partes das partes tamén habería que recoñecerlles ese dereito respecto da parte separada, o cal en última instancia leva ao disparate político e xeopolítico, a que cadaquén se constitúa, en última instancia e como digo, na república independente da súa casa, que, en lugar de ser unha publicidade moi simpática, pasaría a ser unha realidade política e xeopolítica francamente nociva para un mundo que, en lugar de avanzar no recoñecemento de ficticias interdependencias, ten que aprender a xestionar a interdependencia.

Para rematar, reitero, os experimentos, con gasosa, iso si máximo cariño, máximo respecto, máxima vinculación e máxima cooperación de Galicia co Bierzo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arangüena.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señora Albert, señora Albert..., debo confesar que, despois de escoitar o señor Arangüena, durante uns breves instantes estiven a punto de simpatizar coa súa iniciativa, téño-lo que confesar, pero permítame que volva a recuperar un pouco o pensamento que me cruzaba anteriormente e que comece a miña intervención pedindo sinceras desculpas ás galegas e aos galegos, que no medio dunha pandemia que acabou coa vida de máis de 100.000 cidadáns españois, que con miles de españois e galegos en ERTE, que con autónomos e pequenos empresarios ocupados e preocupados na viabilidade dos seus comercios e empresas, coa perspectiva dunha crise económica e social por diante da que aínda descoñecemos as proporcións, que a prioridade do BNG neste Pleno sexa debater a creación dunha nova provincia en Castela e León francamente paréceme unha auténtica frivolidade. *(Aplausos.)*

Creo que poucas ocasións teremos de evidenciar a súa falla de contacto coa realidade social que os rodea, e dígo-lo sinceramente; por suposto, como xa coñece o Regulamento, ten vos-tede todo o dereito a presentar as iniciativas que consideren oportunas, pero creo que tamén teño eu o dereito a valoralas, ¿verdade?

O caso é que basean vostedes a súa proposta na existencia de, e cito literalmente: «numerosos estudos e enquisas que evidencian a actitude favorable dos bercianos» ao plantexamento que hoxe expuxeron. Citan vostedes eses estudos e enquisas. Un estudo ou enquisa da UNED do ano 1995, 850 entrevistas no concello de Ponferrada. Supoño que un estudo feito por un estudante da UNED, lexítimo e respectable, pero... Segundo dos numerosos estudos e enquisas. Unha enquisa de Huaris CC, CC Huaris Call Center, que seguro que é unha empresa moi solvente, pero nin sequera se dedica especificamente ao ámbito da demoscopia, de 600 entrevistas realizadas en 5 concellos. E ata aquí os numerosos estudos que cita o BNG na súa iniciativa.

É certo que nunha iniciativa semellante, que Coalición polo Bierzo presentou no Bierzo, citaba outro estudo, o dunha páxina web, Electomanía, estes vostedes non o citan. Non o cita, porque é un estudo de case 5.000 preguntas, 5.000 enquisados, e, claro, aínda que vostede di que a maior prevalencia é a da provincia galega, o certo é que, das distintas opcións que se ofrecen, o 30,3% dos consultados apostan por algún tipo de vínculo con Galicia e o 60,6% en sentido contrario.

E este é o fundamento da súa iniciativa. E con estas bases e neste contexto plantexan vostedes unhas iniciativas que suporían a aprobación dunha ou dúas leis orgánicas, a modificación de dous estatutos de autonomía, e incluso a creación dun terceiro, a creación dunha nova deputación provincial, a creación dunha subdelegación ou dunha delegación do Goberno, a adaptación do Bierzo á lexislación galega, a oficialidade do galego no Bierzo. Supoño

que lles explicarían aos bercianos que é a obrigaón de coñecemento para que teñan opcións ou acceso á Administración galega e supoño que tamén non sei se a eliminación da protección ao idioma leonés ou á súa incorporación ao Estatuto de Galicia. Esta é a súa pretensión.

Para abordar este complexo proceso, o BNG alude á vontade libre da sociedade do Bierzo, que ata onde sabemos nós se manifestaba de maneira regular a través de eleccións libres e democráticas. Neses procesos electorais, a sociedade berciana escolleu os seus representantes nas distintas institucións outorgando a Coalición polo Bierzo 2 representantes no Consello Comarcal do Bierzo, 2 de 27; ningún deputado provincial e ningún deputado autonómico. Na miña opinión, señorías, están levando vostedes demasiado lonxe o concepto de maioría social.

Miren, vostedes ignoran conscientemente a vontade popular dos bercianos e pasan por enriba das súas institucións e do autogoberno de Castela e León. ¿Onde está o respecto polas institucións lexítimas doutros territorios? ¿Por que non se someteu esta proposición non de lei á consideración do Consello Comarcal do Bierzo? ¿Por que esta falla de respecto ao Bierzo? Non o entendo, non sei que lles fixeron a vostedes os bercianos para quereiros mal, pero deben de quereiros moi mal para incluso desexarilles que se poñan baixo o Goberno de Alberto Núñez Feijóo. ¡Mire que iso é maltratalos por parte do BNG! Pois non se cortan e pídeno explicitamente (*Murmurios.*) ¡Do pérfido Feijóo! É unha cousa tremenda. (*Aplausos.*) Tremenda, tremenda, nunca pensei que foran vostedes tan malévolos.

Miren, o certo é que a Xunta de Galicia e o Parlamento de Galicia, namentres o Partido Popular de Galicia teña a confianza maioritaria dos galegos, vai ser escrupulosamente leal coas institucións do nosos veciños e amigos de Castilla y León e do Bierzo. Se o Concello Comarcal do Bierzo ou a Junta de Castilla y León requiren da valoración do Goberno galego para atender os problemas reais de xente desta comarca amiga ou para estreitar os lazos culturais ou de amizade que nos vinculan, pois atoparán en nós a máxima colaboración, así o levamos facendo dende a Xunta de Galicia dende hai anos, como amosa a colaboración na divulgación e promoción do galego no Bierzo. Acordo de cooperación para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e de Castela e León, firmado no 2001, que foi reforzado posteriormente co protocolo xeral de colaboración para a promoción do galego no Bierzo e Sanabria no 2006. E, mercé a iso, neste mesmo ano pois hai 904 alumnos estudando galego en 14 centros de infantil e primaria, outros 140 alumnos en 4 centros de secundaria e bacharelato, 38 alumnos na Escola Oficial de Idiomas, colabórase nas xornadas Sarmiento para a potenciación do galego na comarca, e apóiase o Premio Morales, para a promoción do galego no Bierzo. Todo isto parece razoable. E o que sexa busca conxunta de solucións a problemas reais que poidan ter os bercianos parece razoable. Ao que non se vai prestar nin o Goberno galego nin este grupo e, mentres o poidamos impedir, o Parlamento galego é a que se instrumentalice os bercianos e as súas institucións como moeda de cambio para os delirios pseudoimperialistas do Bloque Nacionalista Galego. (*Risos.*) Porque isto si que non. Si, si, digo o de pseudodelirios porque, efectivamente, non o podemos tomar en serio, polo menos non o suficiente como para chamarlle delirio.

E, en definitiva, señorías, que vostedes queiran aproveitar a celebración dunha efeméride —por certo, non dunha onomástica, a onomástica é a celebración do santo—, dunha efe-

méride destacada para facer un labor de difusión cultural parécenos razoable e, se realmente hai unha petición polas canles oficiais de colaboración, estou seguro de que a Xunta está disposta a atendela. Se o que pretenden vostedes é arrimar a ascua á súa sardiña para traer aquí un discurso que francamente creo que non esperta ningún tipo de interese no conxunto da sociedade galega, pois non deben contar con nós.

Como teño uns breves instantes, aproveito para facer unha aclaración en relación a unha cuestión que se me plantexou anteriormente polo descoñecemento do caso Menguele. Aclárollo. A investigación polo xuíz Garzón sobre o uso de indixentes como conejillos de indias para valorar o uso do pentotal como ferramenta na guerra sucia contra o terrorismo. (*Murmurios.*) Si, si, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) se o coñezo; o que non o coñecía era vostede... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E cando hai descoñecemento creo que debería ter unha certa prudencia para facer chanzas cun dos casos máis bochornosos e sórdidos das cloacas do Estado... (*Murmurios.*) que a prudencia debería... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Iso xa foi debatido, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Paréceme moi interesante que lle cause... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, á cuestión do Bierzo.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...hilaridade un asunto...

O señor PRESIDENTE: Si, si...

O señor PAZOS COUÑAGO: ...que acabou coa vida dun indixente.

O señor PRESIDENTE: ¿Como que non? Á cuestión do Bierzo.

Señor Pazos, ese tema xa está debatido.

O señor PAZOS COUÑAGO: Si, si, se me permite, presidente.

O señor PRESIDENTE: Xa está.

O señor PAZOS COUÑAGO: A cuestión do Bierzo, como lles dixeran...

O señor PRESIDENTE: Agora vamos á cuestión do Bierzo.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...é que, por suposto, lle ofreceremos a esa comarca amiga toda a colaboración no ámbito das solucións reais dos problemas que teña a xente real nun territorio real. E non imos formar parte desta pequena pantomima que hoxe acordaron vostedes aquí pasando por riba, o cal é increíble nunha formación política que se considera nacionalista, dos dereitos históricos e do autogoberno dunha comunidade autónoma veciña e amiga. Lamento moitísimo que hoxe perderamos o tempo en debater esta cuestión que tan pouco lle interesa á sociedade galega.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo autor da proposición non de lei, señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Obrigada, señor presidente.

Hoxe é o primeiro día —e penso que non vai ser o último— que sinto vergonza neste hemisiciclo. (*Aplausos.*)

Eu vou facer antes de nada..., pensei que ía que ter que contestarlle moito ao Partido Popular, pero a verdade é que vou centrar máis a miña réplica no PSOE, porque quedei realmente anonadada.

Eu vou facer primeiro miñas as últimas palabras do portavoz do Partido Popular, que ademais non tivo nin a decencia de ocupar o tempo de debate desta PNL ao tema que se trataba, dedicouse a falar doutras cousas. Pero si que lle tomo a frase que dixo de que cando hai descoñecemento hai que ter máis prudencia. (*Aplausos.*) Porque vostedes demostraron aquí un descoñecemento absoluto non só da realidade do Bierzo, senón da realidade común do Bierzo e do oriente do noso país. Entendo que para o Partido Popular os dereitos sempre son secundarios e que lle parece extemporáneo porque para vostedes os dereitos sempre son secundarios, para o BNG desde logo non o son.

E nós respectamos, entre outras cousas, vou facer un pequeno apuntamento porque vostede falou dos dereitos lingüísticos das xentes do Bierzo. Nós respectamos e respectaremos sempre os dereitos lingüísticos, sei que non é costume aquí moitas veces respectar os dereitos lingüísticos das persoas, (*Aplausos.*) pero, desde logo, o BNG tamén os respecta. E esta iniciativa si que se presentou no Consello Comarcal do Bierzo, tres destes catro puntos, e ademais alí o Partido Socialista votou a favor e o PP abstívose. Dígoo só como comentario á marxe para que vexamos onde están os partidos nunha comunidade autónoma e onde están no noso país.

E ademais o presidente do Consello Comarcal do Bierzo, o señor Álvarez Courel, saíu hoxe mesmo na prensa manifestando o seu interese absoluto por este debate que se daba hoxe aquí para saber o que pensabamos dende o Parlamento de Galiza, xa que hai unha boa parte da poboación berciana que se sente identificada co noso país. Declaracións de hoxe do presidente do Consello Comarcal, membro do Partido Socialista Obreiro Español.

E eu penso que caricaturizar, de verdade, é o recurso de quen non ten nada, nada, nada que argumentar; que é o que lle pasou ao portavoz do Partido Socialista. Eu sei que falar de cuestións territoriais lles dá sarpullidos a algúns, pero que lles dea sarpullido falar da organización provincial do Estado español, a verdade é que eu hai veces que me parece alucinante, paréceme unha falta de respecto a esta Cámara e ao conxunto da cidadanía. Falar aquí de

mortos cando estamos a falar dun debate sobre a organización territorial dentro do sistema autonómico do Estado español e que, repito, a Constitución española reconece no seu artigo 141; unha lei orgánica, non é cambiar a Constitución, é unha lei orgánica que se aproba no Congreso dos Deputados sen problema ningún cando hai vontade de facelo. Paréceme, de verdade, lamentable, ¡veu aquí falar dos romanos! Os romanos non tiñan Constitución, a provincia do Bierzo aprobouse coa Constitución de 1831, e agora temos outra Constitución que volve reconecer o dereito a modificar a organización provincial do Estado español. Non se acaba o universo por cambiar unha provincia de comunidade autónoma. De verdade que as provincias non naceron nin cos romanos nin con Atapuerca... (*Aplausos.*) Non o sei, é que quedo... de verdade, non sei... (*Aplausos.*)

E o dereito a decidir é un dereito democrático reconecido. Vostede falou do suposto dereito de autodeterminación, dos problemas que traía; é un dereito reconecido polo Pacto de dereitos civís e políticos e tamén polo Pacto de dereitos sociais e económicos. E non estamos a falar de autodeterminación, estamos a falar de organización... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —eu escoiteino— (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —eu escoiteino— (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Arangüena, vostede xa interveu. Agora correspóndelle á señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Repito que é un dereito absolutamente reconecido a nivel internacional e sei que no noso Estado moitas veces, non sei, supón un problema para moitas persoas.

Valdeorras e O Bierzo vivimos as dúas comarcas na periferia das nosas respectivas comunidades e país, no que ten a ver con Valdeorras. E hoxe boto en falta aquí os exdeputados do PSOE Maco Acuña e do Partido Popular Moisés Blanco, que polo menos saberían do que estamos a falar e non farían gala deste descoñecemento tan absoluto e deste desprezo, de verdade, a unha iniciativa que, repito, como dixen varias veces na miña intervención, non nace do Bloque Nacionalista Galego, senón que é a transmisión dunha vontade dun partido político que representa unha parte da cidadanía berciana. Iso supoño que non mo negará.

E existe —repito— unha realidade social que hai que xestionar. E gobernar, no que ten a ver coa Xunta de Galiza neste caso, ten que ser algo máis que xestionar. Pero nós estamos... eu polo menos —eu falo por min— estou en política para poder mudar as cousas, na medida das miñas posibilidades, e poder mellorar as condicións de vida da xente; e este —para min— ten que ser o obxectivo final de calquera Goberno que teña vocación de servizo; vostedes hoxe reconeceron aquí que non teñen en absoluto ese interese. Non se trata en ningún momento de marcarlle ás xentes do Bierzo o camiño que deben andar, o único que pretendía esta PNL é que Galiza non peche as portas, como non as pechou nunca, nunca as pechou. Pero, como imos para atrás en moitas cousas, nisto tamén estamos a ir para atrás.

Tratábase de non pecharse en banda ante unha realidade que se está a abrir paso. Vostede falou de distintos estudos, mencionou tres —hai máis—, pero é que ademais o que demostran eses estudos é unha evolución ao longo do tempo que avanza no sentido de interesarse

por incorporarse á Comunidade Autónoma de Galiza. En todo caso, sempre será unha decisión do pobo do Bierzo, non vai ser unha decisión que veña, desde logo, do noso país.

E, non sei, non estamos a falar —repito— de tomar a palabra para furtarlle á veciñanza do Bierzo, senón que se trataba de amosarlles que Galiza non é terra hostil e non é unha terra impermeábel ás súas realidades. Desde logo, vostedes demostraron non só ser hostís e impermeábeis, senón absolutamente descoñecedores e faltóns, é que non sei xa nin como chamarlles. *(Aplausos.)*


O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

(Aplausos.)

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e sete minutos da noite.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25